




A PROCURA DA EQUIDADE.

As mulleres galegas no limiar de
2020

Capítulo 1 MARCO NORMATIVO E CONTEXTO SOCIAL.....	8
1.1 O marco legal da non discriminación por razón de xénero.....	9
1.2. Da conciliación da vida privada, familiar e laboral á corresponsabilidade: a atención a menores e familiares.	13
1.3. Igualdade e convivencia no eido laboral: a prohibición do acoso por razón de xénero	18
1.4. A socialización da violencia sobre as mulleres: a protección da vítima de violencia de xénero.....	20
1.5. A incidencia do marco normativo laboral no emprego.....	23
Capítulo 2 . CONTEXTO DEMOGRÁFICO	28
2.1 Poboación e estrutura	29
2.2 Evolución recente da poboación (2007-2018).....	33
2.3 Pirámide e proxeccións de poboación (2017-2033).....	35
2.4 Movemento natural da poboación	39
2.5 Movementos migratorios.....	45
2.5.1 Movementos migratorios ao estranxeiro	52
2.6 Outros indicadores demográficos: Índices de dependencia e envellecemento da poboación	57
2.7 Mulleres e a sustentabilidade social do entorno rural.....	60
2.7.1 Poboación no entorno rural.....	62
2.7.2 Migracións.....	68
2.8 Conclusións do Capítulo 2.....	73
Capítulo 3 EDUCACIÓN E FORMACIÓN	75
3.1. Educación e igualdade.....	76
3.2. A situación das mulleres na educación obrigatoria e post-obrigatoria....	79
3.3. As mulleres no alumnado universitario.....	85
3.4. As mulleres na Universidade e na investigación	88
3.5. Conclusións do Capítulo 3.....	94
Capítulo 4 EMPREGO, MERCADO E CONDICIÓN DE TRABALLO.....	96
4.1 Características xerais do emprego das mulleres.....	97
4.1.1 Evolución xeral	97
4.1.2 Características persoais: idade e formación	99
4.1.3 Distribución por sector económico e ocupación	102
4.1.4 Tipo de xornada	105

4.2. As traballadoras por conta allea	107
4.2.1 Evolución xeral	107
4.2.2 Características persoais: idade	109
4.2.3 Distribución por sector económico, ocupación e tipo de sector (público / privado).....	110
4.2.4 Tipo de xornada e tipo de contrato	116
4.3 Acceso ao emprego: a contratación das traballadoras galegas.....	119
4.4 Mobilidade xeográfica.....	124
4.5. O emprego feminino por conta propia	125
4.5.1 Evolución xeral	125
4.5.2 Características persoais: idade	126
4.5.3 Distribución por sector económico e situación profesional.....	126
4.5.4 Tipo de xornada	129
4.6 As traballadoras en alta laboral	130
4.6.1 Distribución por organismo.....	130
4.6.2 Distribución por réxime de cotización.....	132
4.7. As condicións de traballo das mulleres	133
4.7.1 Clasificación profesional	133
4.7.2 Tempo de traballo.....	134
4.7.3 Subemprego	137
4.7.4 Xornada laboral.....	139
4. 8. A remuneración do traballo asalariado feminino	142
4.8.1 Salario bruto	142
4.8.2 Ganancia por hora normal traballada	145
4.9. Conclusións do capítulo 4.....	146
Capítulo 5 . PROTECCIÓN DO SISTEMA DE PENSIÓNS DA SEGURIDADE SOCIAL: Unha perspectiva de xénero	149
5.1 Introducción.....	150
5.2 A Cobertura do sistema: persoas beneficiarias e pensións	151
5.3 Tipoloxía e réximes das pensións	161
5.4 A contía económica das pensións.....	171
5.5 Outras prestacións.....	184
5.5.1 Prestacións non contributivas	184
5.6. Outras prestacións públicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero.....	189
5.6.1. Análise e magnitude da violencia de xénero.....	190

5.6.2. Medidas de apoio de carácter económico.....	195
5.6.3. Axudas económicas específicas na CC. AA. galega.....	198
5.7 Conclusións do capítulo 5.....	200
Capítulo 6 DESEMPREGO E PROTECCIÓN SOCIAL.....	202
6.1. O desemprego en Galicia.....	203
6.2 Desemprego e ocupación.....	210
6.3 Desemprego e duración das demandas	213
6.4. A cobertura do desemprego e o sistema de protección social.....	215
6.5 Prestacións por categoría.....	221
6.5.1 Prestacións contributivas.....	225
6.5.2 Prestacións non contributivas.....	227
6.5.3 Renda Activa de Inserción	232
6.5.4 Programa de Activación para o Emprego.....	238
6.5.5 Cobertura do sistema.....	239
6.6 Prestacións por cese de actividade de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas.....	240
6.7 Conclusións do capítulo 6.....	243
Capítulo 7 UNHA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN TRANSFORMADA NUNHA SOCIEDADE DO COÑECEMENTO	250
7.1 Uso das TIC pola poboación	252
7.2 Análise por tipo de tecnoloxía utilizada	255
7.3 Uso das TIC segundo o tipo de traballo	257
7.3.1 Análise segundo o nivel de ingresos nos fogares	259
7.3.2 Análise segundo a idade dos membros dos fogares.....	261
7.3.3 Análise segundo a formación dos membros dos fogares	263
7.4 O acceso a banda ancha e a tenencia de ordenador nos fogares	264
7.5 TIC e sector empresarial.....	268
7.5.1 Datos xerais no ámbito estatal e en Galicia	268
7.5.2 As mulleres no sector TIC	276
7.6 Prestacións de servizos en novas tecnoloxías.....	277
7.7 Conclusións do capítulo 7.....	281
Capítulo 8 . AS MULLERES NA TOMA DE DECISIÓNS	285
8.1 A muller nos poderes do Estado e na Autonomía. Poder executivo, lexislativo e xudicial	286
8.2 As mulleres na Administración Xeral da Comunidade Autónoma.	293
8.3 As mulleres no sector empresarial.....	295

8.4 As mulleres en postos de dirección	298
8.5 As mulleres nos Consellos de Administración	301
8.6 A percepción da empresa galega sobre a igualdade de oportunidades	302
8.7 As mulleres na Economía Social. O cooperativismo.	306
8.8 Conclusións.....	311
Capítulo 9 CONCLUSIÓNS FINAIS E RECOMENDACIÓNS.....	313
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E FONTES ESTATÍSTICAS.....	321
INDICE DE TÁBOAS.....	323
INDICE DE GRÁFICOS.....	327

No limiar do ano 2020, a piques de comezar a terceira década do século XXI, seguimos a falar da necesidade de procurar igualdade.

Nos últimos anos, gobernos e institucións veñen de aumentar a súa preocupación pola procura e consolidación da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, principio xurídico de orde ético e moral que non engade máis que visibilización ao que, en última instancia, é a instrumentalización dun dos dereitos básicos máis evidentes: o dereito a igualdade en todas as súas dimensións. Este labor de gobernantes e representantes supón coller o pulo dunha demanda arraigada na cidadanía, consciente de que os desequilibrios persisten, e cada vez máis activa na reclamación dos dereitos das mulleres a desenvolverse plenamente nos eidos persoais, profesionais e, en definitiva, vitais.

Porén, a dicotomía entre igualdade legal e igualdade real está amplamente recoñecida. Baixo esta asunción sitúase subxacente o recoñecemento da coexistencia de dúas realidades paralelas: unha, enchida de normas lexislativas dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades; a outra, unha realidade desequilibrada situada no intervalo chan pegañento-teito de cristal. Esta segunda dimensión, que é coa que conviven as mulleres de xeito cotiá, ilustra que a igualdade real está lonxe de ser acadada.

Ninguén pode negar os avances recentes, como o recoñecemento do papel que as mulleres desenvolven na sociedade e na economía. Pero tampouco ninguén podería negar que son insuficientes. Como proba evidente, a Axenda 2030 da Organización das Nacións Unidas, coñecida por recoller o compromiso co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) fixa entre estes de forma explícita a Igualdade e o empoderamento feminino (ODS5), concatenando décadas de declaracións, axendas e obxectivos que inclúen este mesmo reto.

Na nosa opinión, o camiño cara a igualdade pasa antes polo convencemento que pola imposición. E para que ese convencemento signifique acción, é necesaria unha concienciación e un compromiso. A confrontación co marco real é un primeiro paso para facer xurdir dito compromiso, partindo da base que o coñecemento da realidade próxima esperta as consciencias, prende o motor da inxustiza, e impulsa a acción. Por elo, este traballo pretende aportar unha visión xenérica, analizando distintas dimensións da realidade socioeconómica que confrontan día a día as mulleres en Galicia. O noso obxectivo é axudar a identificar as barreiras que persisten, que permitan concluír nalgunhas recomendacións que aceleren o camiño cara a igualdade.

Con este fin, comezamos o noso traballo introducindo brevemente o marco legal que guía o seu ulterior desenvolvemento, revisando as normas que determinan a necesidade de procurar e favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e, moi concretamente, as que atinxen as oportunidades de progreso profesional no eido laboral. Neste sentido, débuxase tamén o marco de acción establecido para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e profesional, básica para o establecemento dun marco real de igualdade onde as mulleres non sexan penalizadas pola asimétrica asunción de responsabilidades en relación cos seus compañeiros varóns. Neste apartado do informe préstase especial atención a dous aspectos que

nos parecen fundamentais para favorecer o progreso cara a igualdade de oportunidades das mulleres: por unha banda, os regulamentos orientados a eliminar todo tipo de discriminación por razón de sexo, así como as súas máis recentes extensións a outras discriminacións impropias dunha sociedade avanzada que garanta o respecto dos dereitos humanos máis elementais. Por outra, revisamos as medidas dirixidas as vítimas de violencia machista, unha lacra insostible da nosa actualidade coa que nos vemos obrigados a convivir pero que nunca rexeitaremos combater. Precisamente por isto, porque creemos firmemente que loitar contra esta realidade é obriga e compromiso de toda a sociedade, as vítimas de violencia machista ocupan un lugar individualizado neste traballo, que se reflicte na súa referencia explícita en todos os apartados onde é posible.

O segundo capítulo céntrase na análise demográfica da comunidade galega, básico para entender non só o perfil das mulleres que dan contido o noso traballo senón as perspectivas a medio prazo da súa evolución. A través destas páxinas, os riscos demográficos para a nosa sustentabilidade aparecen en toda a súa crueza: envellecemento, illamento, polarización da poboación, etc; características que, en todo ou parte, agudízanse ou empeoran no caso das mulleres. Poñemos o foco na estimación do atractivo da comunidade galega cara a potenciais inmigrantes, como medida óptima que puidera contribuír a reverter algunha das deseconomías da nosa demografía actual. Igualmente, visibilizamos o papel das mulleres no rural, sector principalmente afectado polo illamento e a despoboación.

Unha das características máis relevantes de cara a sentar as bases dun progreso profesional é o nivel educativo da poboación, tamén evidente para a configuración da capacidade competitiva do contexto socio demográfico no que a dita poboación se asenta. Así, o terceiro capítulo aborda a situación das mulleres galegas en canto ao seu nivel educativo, establecendo comparacións coas súas homólogas no contexto estatal. Igualmente, analizamos as características do profesorado universitario, pola súa particular incidencia no desenvolvemento futuro do alumnado ao seu cargo.

De seguido, pasamos a centrarnos no eido laboral, unha das fontes máis intensas de xeración de desigualdades entre homes e mulleres. Para determinar ata que punto o mercado de traballo é equitativo, faremos unha revisión completa das condicións de desenvolvemento da actividade laboral das mulleres, sexa por conta propia ou allea. Abordaremos as condicións de acceso (contratación e inscricións na Seguridade Social), desenvolvemento (xornada, tipo de contratación) e a existencia de certas ocupacións ou sectores de actividade particularmente feminizados. A última parte deste capítulo aborda, como non pode ser doutro xeito, a desigual retribución do traballo por razón de sexo.

O capítulo quinto analiza a situación natural de remate da vida laboral, isto é, a xubilación. As diferenzas de prestacións, xustificadas ou non polo réxime no que se encadran, pode determinar importantes asimetrías nas condicións de vida e o desenvolvemento persoal nesta fase vital. A tradicional adscrición das mulleres a réximes extintos (agrario ou fogar, por exemplo) poden fornecer as ditas diferenzas, polo que a evolución destas nos diferentes réximes será obxecto de tratamento específico. A través desta análise poderán visibilizarse as distintas contías

económicas percibidas por mulleres e homes, determinantes da súa capacidade adquisitiva e moitas veces indicativa da súa posibilidade de desenvolver unha vida independente. Igualmente, contempláranse as axudas de carácter non contributivo destinadas aos sectores máis vulnerables da poboación, poñendo especial fincapé na participación das mulleres neste sector de risco particular. Finalmente, dedícase un apartado especial á análise da situación das vítimas de violencia machista, nun intento de valorar as axudas coas que contan para favorecer as posibilidades de saída da súa dramática situación.

O seguinte capítulo, o sexto, céntrase no estudo da situación de quen remata a súa relación laboral non coma consecuencia dunha evolución natural, senón pola perda do emprego. Neste sentido, revísanse as condicións e causas de desemprego, focalizando a particular situación das mulleres neste grupo de poboación. Porén, a segunda parte do capítulo aborda o sistema de cobertura deseñado para minorar as desvantaxes que sofren as persoas que non atopan traballo, tanto na súa modalidade contributiva coma na asistencial, estimando a feminización destas prestacións e visibilizando aqueles casos particulares nos que elas quedan en particular risco de vulnerabilidade ou, incluso, pobreza.

Plenamente conscientes das transformacións tecnolóxicas e dixitais do contexto actual, pasamos a ocuparnos no capítulo sete do papel que desenvolven as mulleres neste eido, analizando a súa capacitación e uso diferencial na busca de patróns de comportamento que puideran actuar como freos para o seu progreso na era da dixitalización. Paralelamente, revisamos tamén o seu posicionamento nas empresas intensivas en tecnoloxía, determinante para a carreira profesional actual.

Finalmente, que non en último lugar, ocupámonos do avance das mulleres nos eidos sociais e económicos, introducindo o progreso -tan recente como insuficiente- nos círculos de toma de decisións. Neste apartado queremos facer referencia explícita ao papel das mulleres nas cooperativas galegas, a miúdo desestimado, que pode suxerir algunha traza de como acelerar o camiño cara a igualdade de oportunidades a través dun modelo empresarial que interioriza de seu o dito principio.

En definitiva, o coñecemento rigoroso dos puntos febles é prerequisite para proceder a súa corrección, e o noso traballo pretende identificar as desigualdades persistentes que deben sentar as bases da folla de ruta a seguir. Neste camiño non esquecemos os indicadores positivos, como exemplo de prácticas e iniciativas con resultados probados que guiarán as nosas conclusións e recomendacións finais.

No limiar do ano 2020, a piques de comezar a terceira década do século XXI, seguimos a falar da necesidade de procurar a igualdade. A nosa análise amosa que seguiremos falando disto.

Capítulo 1 MARCO NORMATIVO E CONTEXTO SOCIAL

1.1 O marco legal da non discriminación por razón de xénero

Dende que fora enunciado na Declaración de Dereitos de Virxinia (1776) e na Declaración dos Dereitos do home e do cidadán (1798), o principio de igualdade evolucionou dunha concepción formal a outra material¹. En virtude da primeira edificouse, sobre as ruínas da sociedade estamental propia do Antigo Réxime, outra inspirada nunha igualdade entre cidadáns que os poderes públicos debían respectar, evitando deparar un tratamento diferenciado sen que o sustentara unha xustificación obxectiva e razoable. Foi preciso agardar ata ben entrado o s. XX para descubrir a súa vertente material, pola cal os Estados adquiriron un rol activo, adoptando medidas destinadas a garantir unha igualdade de oportunidades imposible de acadar, cando o acceso ás mesmas depende da capacidade económica da persoa. Deste novo constitucionalismo, herdeiro da Constitución Política dos Estados Unidos Mexicanos (1917), e, no ámbito europeo, da propia da República de Weimar (1919), tamén é debedora a española de 1978. Así se desprende do mandato que o seu art. 9 dirixe aos poderes públicos, emprazándoos a promover as condicións que permitan que a igualdade do individuo e mailos grupos nos que se integra sexa “real e efectiva”. Esta expresión reflicte o tránsito dunha concepción monista do dereito-liberdade, que se conforma cunha abstención por parte do Estado, a outra dualista, que integra un contido prestacional a fornecer polos poderes públicos, erixidos en garantes da efectividade do mandato constitucional.

Ámbalas dúas vertentes do principio de igualdade conflúen na prohibición de todo trato discriminatorio. Porén, se no s. XVIII preocupaba o que puidera depararse en función do nacemento, o paso do tempo e as transformacións sociais permitiron identificar outros motivos que dificilmente poderían amparar un tratamento distinto. En concreto, interesa atender ás diferencias derivadas do xénero. En tanto condición persoal, non é mencionado no art. 14 da Constitución española de 1978 —en adiante, “CE”—, que si fai alusión ao sexo. Ao igual que a normativa internacional onde se inspira, esta disposición pertence a unha etapa na cal a discriminación derivada dos estereotipos femininos vinculábase ao factor biolóxico. Baste atender ao art. 2 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) ou ao art. 1 do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais (1950), para constar que empregan idéntica terminoloxía. O mesmo acontece co Dereito da Unión Europea, detonante por excelencia da promulgación do Dereito antidiscriminatorio patrio.

Non en van, a meirande parte do acervo comunitario na materia aborda a protección da traballadora, en tanto suxeito vulnerable por tres razóns fundamentais. A primeira, é *económica*, xa que constitúe a parte contratante débil dunha relación xurídica caracterizada por un notable desequilibrio económico, que lle impide negociar unhas condicións contractuais predispostas polo empresariado ás que só lle resta adherirse. A segunda, é de índole *xurídica*, posto que está sometida aos poderes que o Dereito do Traballo confire ao *empresariado* a fin de organizar os

¹ Sobre esta evolución, consúltase VALDÉS DAL-RE, F., “Del principio de igualdad formal al derecho material de no discriminación”, en QUINTANILLA NAVARRO, B. (dir.) y VALDÉS DAL-RE, F., (dir.), *Igualdad de género y relaciones laborales*, Ministerio de Trabajo e Inmigración (Madrid, 2008), pp. 19 y ss.

seus recursos humanos. E, a terceira, deriva dos prexuízos cos que aínda se valora a súa aptitude para integrarse nalgunhas profesións en pé de igualdade cos traballadores masculinos.

Co propósito de remover os principais obstáculos que impiden ou adían o desenvolvemento profesional das mulleres traballadoras, promulgouse un elenco de Directivas que fixaron os obxectivos a acadar polos Estados membros. Sen ánimo de elaborar unha listaxe exhaustiva, procede sinalar as seguintes:

- Directiva 75/117/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1975, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados Membros que se refiren á aplicación do principio de igualdade de retribución entre os traballadores masculinos e femininos.
- Directiva 76/207/CEE do Consello, do 9 de febreiro de 1976, sobre o principio de igualdade entre homes e mulleres no acceso ao emprego, á formación e á promoción profesional.
- Directiva 86/378/CEE do Consello, do 24 de xullo de 1986, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres nos réximes profesionais de Seguridade Social, na cal se distingue a discriminación directa da indirecta.
- Directiva 92/85/CEE do Consello, do 19 de outubro de 1992, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguridade e da saúde no traballo da traballadora embarazada, que dese a luz ou en período de lactación, onde se configurou a maternidade como unha manifestación da discriminación da traballadora.
- Directiva 97/80/CE do Consello, do 15 de decembro de 1997, relativa á inversión do *onus probandi* nos casos de discriminación por razón de sexo.
- Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e na ocupación. A súa importancia estriba en ser a primeira que cualificou o acoso como un tipo de discriminación.
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de setembro de 2002, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres en materia de acceso ó emprego, á formación, á promoción profesional, e ás condicións de traballo. A súa importancia estriba en ser a primeira que distinguiu entre “acoso” –aínda se empregar a expresión completa de “acoso por razón de sexo”- e “acoso sexual”, ao tempo que cualificou ámbolos dous como un tipo de discriminación.
- Directiva 2004/113/CE do Consello, do 13 de decembro de 2004, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso aos bens e servizos e o seu fornecemento
- Directiva 2006/54/CE do Parlamento e do Consello, do 26 de xullo de 2006, relativa á aplicación do principio de igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres

en materia de emprego e traballo. Esta Directiva derogou as Directivas 75/117/CEE, 76/207/CEE, 86/378/CEE, 97/80/CE e 2002/73/CE.

- Directiva 2010/18/UE do Consello, do 8 marzo 2010, relativa á aplicación do acordo marco revisado sobre o permiso parental concluído por BUSINESSEUROPE, UEAPME, CEEP y CES
- Directiva 2010/41/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2010, sobre a aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres que exercen unha actividade autónoma.

Da transposición destas directivas xurdiron as principais reformas en materia antidiscriminatoria incorporadas ao Estatuto dos Traballadores, agora contido no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro —en adiante, “ET”—; e tamén a norma que desenvolve o dereito a non ser discriminado por razón de sexo en España, isto é, Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes —en adiante, “LOI”—. En este marco normativo xeral da comezo a segunda fase da evolución do principio de igualdade por razón de sexo, evidenciando a súa abordaxe dende unha perspectiva material. Mais, ao tempo, a Comunidade Autónoma de Galicia engadiu un marco normativo específico coa publicación temperán das Leis 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, as cales, xunta con outras de menor transcendencia no ámbito da igualdade, integraron o vixente Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia na materia de igualdade². Comprende este un amplo elenco de medidas que melloran e completan o disposto na lexislación estatal e que inciden exclusivamente no eido do emprego e das condicións de traballo dos empregados públicos do sector público de Galicia por mor das competencias que ela ten atribuídas.

Sen embargo, o lexislador nacional non se conformou con adaptar o Dereito interno aos imperativos das institucións da Unión Europea. Foi máis aló, superando con creces esta encomenda, mediante a promulgación da pioneira Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero —en adiante, “LOVX”—. Afonda esta nunha lacra social que agroma no ámbito privado, pero que irroga consecuencias na vida profesional da traballadora e escolle a regulación das medidas contra a violencia sexista dun xeito transversal. A Comunidade Autónoma de Galicia tomou a testemuña coa presentación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, logo modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, que, consonte a distribución de competencias co Estado, completan as medidas da normas estatais nos eidos do emprego e do sector público

² O Decreto legislativo derogou as Leis 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes; 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; e 7/2010, de 15 de outubro, pola que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

de Galicia. De calquera xeito, o peculiar tratamento xurídico desta realidade merece un epígrafe especial, co que concluirá este capítulo.

Procede, en fin, facer mención á terceira etapa evolutiva, na cal se acolle o xénero como factor de discriminación. Este concepto abrangue aquela motivada polo sexo, pero tamén a derivada da orientación sexual ou da identidade de xénero da vítima, factores non enunciados expresamente no art. 14 CE. Esta carencia foi en parte suplida polo Tribunal Constitucional que, na súa sentenza 176/2008, do 22 de decembro de 2008, considerou que a diferenza de trato inxustificada deparada a unha persoa transexual estaba prohibida polo dito art. 14 CE, cando sancionaba a discriminación baseada en “calquera outra condición ou circunstancia persoal”. Ao igual que as persoas pertencentes ao sexo feminino, aquelas que presentan unha orientación distinta da heterosexual, ou manifestan unha identidade de xénero diversa da que correspondería ao seu sexo biolóxico, afrontan os prexuízos arraigados nunha sociedade reticente a renunciar aos estereotipos de xénero admitidos.

Consciente de que a diferenza de trato baseada na orientación sexual ou na identidade de xénero constitúe unha faceta máis da discriminación derivada dun reparto de roles a superar, o lexislador autonómico adiantouse ao estatal, facendo uso das súas competencias para ampliar o concepto de discriminación por razón de sexo. Mostra desta tendencia é a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Non obstante, a atribución ao Estado da competencia exclusiva en materia de lexislación laboral (art. 149.1.7ª CE) permite botar en falta un desenvolvemento normativo que comprenda todas aquelas manifestacións da discriminación por mor de orientación sexual e de identidade de xénero, carentes dun tratamento xurídico específico. Esta terceira etapa evolutiva do principio de igualdade de trato tamén está a avanzar da man da negociación colectiva e da labor normativa de certas institucións que decidiron atallar algunhas variantes deste trato discriminatorio no seu ámbito. Tal acontece coa adopción de protocolos en materia de acoso que comprenden o motivado pola identidade de xénero ou a orientación sexual da vítima³. Trátase dunha incipiente recepción dos Principios Yogyakarta⁴ e, en concreto, do duodécimo, segundo o cal toda persoa ten dereito a un traballo digno executado en condicións equitativas e á protección por desemprego, sen ser vítima de discriminación por motivos de orientación sexual ou identidade de xénero. Malia carecer de natureza normativa, a incidencia destes principios na transformación do Dereito antidiscriminatorio resulta innegable.

³ Véxase, a tal efecto, o Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno na sesión ordinaria de 29 de xullo de 2016 e modificado polo mesmo órgano nas sesións ordinarias do 27 de outubro de 2016 e do 14 de novembro de 2017.

⁴ Alude esa expresión ao “Principios sobre a aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos con relación á orientación sexual e a identidade de xénero” (2007), que son un elenco de principios orientados á aplicación da lexislación internacional de dereitos humanos ao eido da orientación sexual e de identidade de xénero. Redactados por Michael O’Flaherty, proporcionan e ratifican una serie de estándares internacionais vinculantes acompañados dunhas recomendación que desexan adoptes os Estados pertencentes a ONU.

Consúltase en: http://yogyakartaprinciples.org/wp-content/uploads/2016/08/principles_sp.pdf

Namentres esta fase non cristaliza coa promulgación dunha normativa específica de ámbito nacional, coa que se vele pola vixencia formal e material do principio de igualdade de trato por razón de xénero, acoillendo as circunstancias propias dos colectivos LGTBIQ+, procede dedicar os epígrafes seguintes á descrición das tres fronteiras polas que a día de hoxe se desprega a protección da traballadora fronte á discriminación por razón de sexo. A primeira, persegue evitar que a asunción de responsabilidades familiares constitúa a traba que tradicionalmente impediu a integración das mulleres no mercado laboral en condicións comparables ás desfrutadas polo varón. A segunda, protexer á traballadora da violencia exercida sobre ela polo mero feito de ser muller no traballo. E a terceira, posibilitar a conservación do posto de traballo cando é vítima de violencia a mans do seu cónxuxe ou parella.

1.2. Da conciliación da vida privada, familiar e laboral á corresponsabilidade: a atención a menores e familiares.

A conciliación da vida privada, familiar e laboral é un obxectivo a conseguir por un Dereito do Traballo que permita compatibilizar o cumprimento da prestación laboral coa atención das responsabilidades familiares e o desfrute da vida privada das persoas traballadoras. Posto que a lei deseña algunhas medidas de conciliación sen ánimo exhaustivo, e a negociación colectiva pode e debe encargarse de amplialas e melloralas, renúnciase a elaborar unha análise polo miúdo de cada unha delas. No canto dun estudio descritivo, aportarase unha reflexión sobre os condicionantes que lastraron o seu desenvolvemento. O primeiro, é a súa concepción en atención á traballadora, suxeito que tradicionalmente desempeñou o rol de coidador. O segundo, estriba na súa finalidade esencialmente reprodutiva.

Xustificar a primeira apreciación esixe remontarse aos albores da lexislación obreira para descubrir unhas medidas destinadas á protección da maternidade. Dende que a Lei de 13 de marzo de 1900⁵ recoñeceu as mulleres un período de descanso de tres semanas posteriores ao parto, así como unha sorte de permiso por lactación dunha hora ao día, divisible en dous períodos de trinta minutos, a vinculación do período de descanso por maternidade a un feito biolóxico que atinxe en exclusiva ás mulleres persistiu no tempo. Posteriormente inspirou a dispar duración dos permisos por maternidade e paternidade, malia que a superior duración do primeiro xa non obedecera en exclusiva á recuperación tras o parto. Dende que a extensión do período de descanso por maternidade ata as dezaseis semanas actuais (dezaioito en caso de parto múltiple ou discapacidade) responde á construción de lazos afectivos entre a nai e o neonato, resultaba difícil lexitimar a menor duración do permiso por paternidade. Esta disfunción foi corrixida trala entrada en vigor do Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e na ocupación, polo que se pretende equiparar a duración de ambos de xeito progresivo, ata acadala por

⁵ Gaceta de Madrid de 14 de marzo de 1900.

completo no ano 2021⁶. Desta forma, xa non será obrigado para a nai renunciar a parte do seu período de descanso en favor do outro proxenitor, co fin de acadar unha distribución equitativa desta responsabilidade.

A reforma constitúe un fito lexislativo, necesario para o tránsito da conciliación á corresponsabilidade como obxectivo a acadar, desvinculando claramente as labores de crianza do sexo da persoa proxenitora. Porén, existen condicionantes sociais que retardan a consecución desta meta: por unha banda, a distribución de roles familiares acorde cos estereotipos que lle atribúen ás mulleres a asunción das labores de coidado; e, pola outra, a precariedade do emprego feminino. Os dous dan pé a unha desigual solicitude dos permisos, suspensións e excedencias. Se as iniciativas para reverter o primeiro deben instrumentalizarse primordialmente a través da educación, a supresión do segundo debe acometerse dende o propio Dereito do Traballo. A redución da temporalidade e da parcialidade na contratación feminina ou a eliminación da fenda retributiva son presupostos de cuxa concorrencia depende a corresponsabilidade real e formal. Mentres estes presupostos non se acaden, seguírase na era da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de esixir, como moito, o desfrute equitativo das medidas de conciliación, pois subsistirá a idea de que a muller, permanentemente cun emprego de menor calidade, será o membro da parella destinado a suspender o seu contrato, coa repercusión negativa que esta decisión poda ocasionar na súa carreira profesional.

Reitérase, pois, que se está a asistir unha reformulación das medidas de conciliación encamiñada á consecución da corresponsabilidade, obxectivo que sen dúbida esixe a erradicación de toda discriminación directa ou indirecta –en alusión esta última a calquera norma sobre o contrato de traballo a tempo parcial que, sendo aparentemente neutra, concita o seu uso masivo polas mulleres- e require a revisión de dous elementos da relación laboral: o tempo e o lugar de traballo. Do primeiro, fíxose cargo o Real Decreto-lei 6/2019 no punto de introducir o dereito das persoas traballadoras a “solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo (...) para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida familiar e laboral” (art. 34.8 ET). É certo que o groso desta reforma non radica no que tivo máis repercusión nos medios de comunicación –particularmente o rexistro da xornada e o rexistro retributivo-, senón na flexibilidade para organizar o tempo de traballo, na súa conformación como un dereito da persoa traballadora. Tamén é certo que o citado Real Decreto-lei non foi quen de empregar a expresión “corresponsabilidade” nos artigos que mudou do Estatuto dos Traballadores, todos eles pegados aínda a tradicional “conciliación”, máis si a incorporou na LXSS – por exemplo, coa creación da prestación de “corresponsabilidade no coidado do lactante”-, e máis na LOI –sendo o caso de delimitar o contido do diagnóstico do plan de igualdade, onde esixe a materia relativa ao “exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral”-. Sen ambaxes, en Galicia o Decreto Lexislativo 2/2015 emprega a palabra para denominar o seu Título IV, “Apoio á conciliación e á corresponsabilidade”.

⁶ Actualmente ascende a oito semanas, das cales as dúas primeiras deberán desfrutarse de xeito ininterrompido.

Composto por dezanove artigos, o Título ten a tacha de mesturar ambos conceptos, o que non enfarna a corrección técnica de introducir a “corresponsabilidade”.

No que atinxe ao elemento da relación laboral referido ao lugar de traballo, tenta de permitir o tránsito do *work-life balance* ao *work-life blending*, ou integración da esfera laboral e persoal. De iso encárgase tamén o Real Decreto-lei 6/2019 no intre de considerar un dereito da persoa traballadora o de elixir “a forma da prestación, incluída a prestación do seu traballo a distancia, para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida familiar e laboral”. Non se trata dunha novidade; do que se trata é de afrontar legalmente a realidade do uso intensivo das novas tecnoloxías da información e da comunicación, do que hai tempo constitúe o seu buque insignia a implantación do teletraballo nas Administracións Públicas, e de facer efectiva a actual necesidade, conforme aos tempos hodiernos, da extensión da banda ancha no territorio autonómico.

Na defensa do teletraballo, cabe aducir a súa idoneidade para posibilitar a atención das responsabilidades familiares sen pasar pola outrora inevitable interrupción da prestación de traballo. Tamén o incremento da capacidade de auto organización dunha persoa traballadora, que gañará en flexibilidade. E no seu detrimento, debe ponderarse o risco de auto explotación que comporta, desde que o cumprimento da prestación depende en boa medida da consecución duns obxectivos que deben ser razoables e obxectivamente apreciables. O control de xornada, que atinxe tamén ás persoas tele traballadoras, neutralizarao en boa medida. Persisten, non obstante, as dificultades inherentes á prevención de riscos laborais, na cal xogará un papel fundamental a formación deparada á persoa traballadora chamada a colaborar na súa aplicación⁷. E subsiste tamén o risco de illamento, especialmente nocivo cando recae en alguén sobre quen se cinguen prexuízos tendentes a excluílo ou excluíla da vida profesional, como acontece coas mulleres. Ademais dos riscos psicosociais que poidan emerxer desta situación⁸, tamén se debe combater a falta de información que podería repercutir negativamente no exercicio dos dereitos. Malia que a información a deparar de xeito individual se verá reforzada pola transposición da Directiva (UE) 2019/1152 do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, relativa a unhas condicións laborais transparentes e previsibles na Unión Europea⁹, as canles polas que debe discorrer a negociación colectiva están por trazarse. Mentres as relacións colectivas de traballo non veñan a mitigar, se cadra dende o uso das novas tecnoloxías, a soidade na que se atopan a día de hoxe moitas persoas tele traballadoras, resulta imposible avogar por estas medidas sen temor á máis grave das consecuencias: o regreso das

⁷ Véxase MELLA MÉNDEZ, L., “La seguridad y salud en el trabajo”, en MELLA MÉNDEZ, L., (ed.) y VILLALBA SÁNCHEZ, A. (coord.), *Trabajo a distancia y teletrabajo. Estudios sobre su régimen jurídico en el Derecho español y comparado*, Thomson-Reuters Aranzadi (Cizur Menor, 2015), pp. 199 y ss.

⁸ Véxase ALEMÁN PÁEZ, F., “Especialidades de las facultades de control en el trabajo a distancia. Aspectos materiales, institucionales y valorativos”, *Temas laborales* (en prensa), p. 18.

⁹ DOUE de 11 de xullo de 2019.

mulleres ao ámbito doméstico no que ansiaba confinala a normativa franquista pero, desta vez, da man dunha implantación inadecuada de instrumentos tecnolóxicos de última xeración¹⁰.

Resulta, pois, evidente que a negociación colectiva ten de cubrir as lagoas que de xeito tácito o expreso deixa a lei. Por iso, é o seu rol, no caso de que as persoas traballadoras exerzan o seu dereito de adaptación dos elementos do tempo e do lugar de traballo ao exercicio da corresponsabilidade familiar, especificar como e garantir que esa adaptación resulte “razoable e proporcionada á luz das necesidades organizativas da empresa e (...)” delas mesmas, evitando calquera discriminación por razón de sexo (art. 34.8, pfo. 3º ET). En tanto os e as interlocutores sociais non desenvolvan o contido deste dereito, o seu desfrute dependerá da negociación directa coa empresa que, nun período máximo de trinta días, deberá comunicar á persoa solicitante a aceptación da proposta, unha contraproposta alternativa, ou unha negativa fundada en razóns obxectivas que, de non considerarse razoable, poderá ser impugnada polo procedemento establecido no art. 139 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social —en adiante, “LRXS”—. Procede engadir que esta medida se configura como temporal, conservando quen a solicite o dereito a retornar á anterior modalidade de prestación de servizos (art. 34.8 ET).

Advertidos os obstáculos por remover no vieiro que conduce á corresponsabilidade na asunción das tarefas de coidado, resta explicar a segunda eiva do sistema vixente que se adiantaba ao inicio dese epígrafe. Trátase da finalidade reprodutiva que parece impregnar o deseño dunhas medidas que atenden preferentemente ao coidado da descendencia, esquecendo a miúdo deparar a mesma protección ás persoas traballadoras que asumen tamén labores de coidado con outros familiares maiores ou dependentes¹¹. Sirva como exemplo a configuración da excedencia prevista no art. 46.3 ET. Cando obedece ao coidado dos fillos ou das fillas, a súa duración ascende a tres anos, mentres que se se utiliza para atender a familiares ata o segundo grado por consanguinidade ou afinidade que, por razón de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade, non poidan valerse por si mesmos e non desempeñen actividade retribuída algunha, limitárase a dous anos. Por se isto non bastase, a protección social paralela, consistente na consideración dunha porción deste período de excedencia como efectivamente cotizado a fin de lucrar futuras prestacións, abrangue os tres anos, no primeiro suposto, e se limita a un, no segundo (art. 237 do Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social -en adiante, LXSS-).

Por máis que as medidas de conciliación teñan servido como instrumento a través do cal se dinamiza a natalidade, cómpre advertir que a resolución dun problema que ameaza o futuro da nosa sociedade non debe distraer da abordaxe doutro, consistente no envellecemento, non sempre en condicións dignas, padecido por boa parte da poboación actual. Mentres esta

¹⁰ Lémbrese a intención, confesada no Preámbulo do *Fuero del Trabajo* de 1938 (BOE nº 505, de 10 de marzo de 1938), de liberar á muller casada do taller e da fábrica.

¹¹ Sobre este extremo, véxase VILLALBA SÁNCHEZ, A., “Los derechos de los trabajadores con personas de edad avanzada a su cargo. Una aproximación al cuidado de las personas de edad avanzada desde el Derecho del Trabajo español”, *Nueva Revista Española de Derecho del Trabajo*, nº 195, 2017, pp. 95-137.

diferencia de trato, de difícil xustificación, non sexa atallada, quen se verá condenado a extinguir o seu contrato unha vez esgotada a duración da excedencia será o membro da familia cuxas condicións laborais sexan máis precarias. Se liñas atrás se lembraba que a traballadora era habitualmente obxecto dunha contratación de menor calidade que o varón, sobra especificar quen presentará unha maior propensión a perder un emprego en aras á atención destes familiares, máxime cando os estereotipos a superar lle atribúen a devandita responsabilidade á muller.

Isto liga con a vontade feita explícita na exposición de motivos da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, a cuxo tenor: “resulta por tanto necesario configurar un sistema integrado que aborde dende a perspectiva de globalidade o fenómeno da dependencia (...) a situación actual da súa cobertura, os retos previstos e as posibles alternativas para a súa protección”. Situación de dependencia na que incorren cada vez máis persoas polo alargamento da esperanza de vida e a vellez. Creouse así o Sistema de Atención á Dependencia, financeiramente alimentado polo Estado, en exercicio da súa competencia exclusiva de “regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais” [art. 149.1.1ª) CE]; e polas Comunidades Autónomas sobre a súa competencia exclusiva en materia de asistencia social, recollida no noso caso no art. 27.23 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia –en adiante, Estatuto de Autonomía-.

Non obstante, as eivas do propio Sistema de Atención á Dependencia deixan as veces fora da súa protección a persoas que sofren necesidades, e tamén ás que as coidan. Existe o que a propia OIT chamou “economía de coidados” no seu informe “O traballo de coidados e os traballadores de coidado para un futuro con traballo decente” (2018), ben derivada da dependencia recoñecida legalmente, ben á marxe dela e relacionada cos problemas da demografía e da falla de cohesión territorial; ou xurdida das actividades de coidado directo das persoas, ou de coidado indirecto (*verbi gratia*, cociñar e limpar).

Neste ámbito, pode que exista un retroceso nas expectativas do lexislador si se recorda a Lei 24/1997, do 15 de xullo, de Consolidación e racionalización do Sistema de Seguridade Social, cuxa disposición adicional primeira ordenaba a que o Goberno, nun prazo de oito meses a contar dende a súa entrada en vigor, “presentará, ante a Comisión de Política Social e Emprego do Congreso dos Deputados, un estudo técnico e económico sobre (...) a posible [no Réxime Especial de Traballadores Autónomos] dos que traballan coidando o seu propio fogar e non estean amparados por outras prestacións contributivas”. Pouco disto foi cumprido –agás a prestación económica para coidados na contorna familiar e apoio aos coidadores profesionais (art. 18 Lei 39/2006)- e, máis de vinte anos despois da publicación da devandita Lei 24/1997, afróntase este sector da actividade nas circunstancias descritas polo informe da OIT, pois unha grande parte carece de recoñecemento político e social e, mesmo, de transcendencia

económica. En efecto, asumido este traballo por bastantes máis mulleres que homes, habitualmente pertencentes a grupos sociais desfavorecidos, as veces por persoas migrantes, cando carece de remuneración constitúe, en palabras da OIT, “un factor clave para determinar se as mulleres acceden ao emprego e permanecen en el, así como a calidade dos traballos que desenvolven”; e, no suposto de ter retribución, pode supoñer “un alto grado de penalidade [que] obstaculiza as oportunidades económicas (...) e menoscaba o goce xeral dos dereitos humanos”. Neste punto concreto, no deseño dos sectores económicos do Estado deberíase dar un valor ao traballo de coidados e, tras iso, fomentar a redistribución da responsabilidades sobre o coidado para superar o seu carácter feminizado.

Por todo o anterior, a corresponsabilidade que ansían acadar as recentes reformas das medidas de conciliación só poderá lograrse mediante unha reformulación global do Dereito do Traballo e, en parte, da actividade económica, que deberá levarse a cabo aproveitando as vantaxes e neutralizando os perigos que deron lugar á xa coñecida como Cuarta Revolución Industrial en curso. Pero tamén atendendo a un ámbito máis amplo das labores de coidado, non restrinxido ás que recaen sobre a descendencia, senón tamén as referidas as persoas maiores ou dependentes que precisan da atención, pero tamén da compañía dos seus.

1.3. Igualdade e convivencia no eido laboral: a prohibición do acoso por razón de xénero

Se no epígrafe anterior se considerou pertinente abordar as medidas tendentes a posibilitar a conservación do posto de traballo de quen deba compatibilizar o cumprimento da prestación e a atención de responsabilidades familiares, por tratarse dunha circunstancia tradicionalmente concernente ás traballadoras, cómpre agora abordar un perigo susceptible de provocar a súa auto exclusión do mercado laboral. Trátase dun tipo de violencia, que emerxe no ámbito laboral, polo cal se pretende crear un entorno laboral insoportable para unha vítima que, con frecuencia, pertence ao sexo feminino.

Alúdese así ao acoso como risco laboral a enervar por parte da empresa. Como xa se sinalou, foi o lexislador da Unión Europea o que procedeu a tipificar certas condutas violentas que, cometidas en función dalgunhas condicións persoais da vítima, evidenciaban un trato discriminatorio. Coa promulgación da citada Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de setembro de 2002, que modifica a Directiva 76/207/CEE do Consello relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no que se refire ao acceso ao emprego, á formación e á promoción profesionais, e ás condicións de traballo, relacionouse expresamente o acoso e o sexo da vítima e distinguiu dúas modalidades. Por unha banda, e facendo gala dunha escasa precisión terminolóxica, alúdese ao “acoso” como aquela “situación na que se produce un comportamento non desexado relacionado co sexo dunha persoa co propósito ou o efecto de atentar contra (a súa) dignidade (...) e de crear un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo”. E pola outra, dun xeito máis correcto en termos xurídicos, tipifícase o “acoso sexual” que pasa a ser definido como aquela “situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual co

propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea unha contorna intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo” (art. 1.2).

Cómpre aclarar, non obstante, que a alusión xenérica ao “acoso” non pode entenderse referida á violencia psicolóxica cometida no eido laboral, estea ou non relacionada cun móbil discriminatorio. Da definición que lle segue dedúcese que só aquel relacionado co sexo da vítima constitúe o obxecto das medidas a desenvolver polos Estados membros, conclusión á que conduce tamén o disposto no art. 1.3 da norma, cando precisa que “o acoso e o acoso sexual no sentido da presente Directiva consideraranse discriminación por razón de sexo”. Advírtese, ademais, que o uso do substantivo “comportamento” para describir a situación de calquera das dúas modalidades de acoso, denota unha reiteración de actos singulares, sen que a comisión illada dalgún deles poida reputarse constitutiva do mesmo. Se esixe, en fin, que o acoso sexa froito dun comportamento negligente ou doloa, tendo en conta a intención de ferir de quen o executa¹². Isto é así xa que por máis que pareza admitido que este comportamento ten o só “efecto de atentar contra a dignidade da persoa e de crear un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo”, a existencia na Directiva 2002/73/CE de que non sexa “desexado” obriga a atender irremediamente á intención do causante.

Con este panorama, as devanditas Directivas constituíron o punto de partida para a construción dos mecanismos nacionais de tutela fronte ao acoso, dando lugar á tipificación legal da especie —acoso discriminatorio— con anterioridade ao xénero —acoso laboral—. Definido pola doutrina como un comportamento reiterado, grave, de amplo contido¹³ executado coa intención de crear unha contorna hostil, degradante ou ofensivo, revelouse capaz de facer a súa aparición en calquera organización dotada de recursos humanos. Da súa frecuencia dan boa conta os pronunciamentos xudiciais que foron bosquegando un concepto de acoso onde concorren como notas comúns os tres elementos que se acaban de mencionar¹⁴.

A descrición do acoso discriminatorio por razón de sexo foi levada a cabo mediante a LOI, cuxo art. 7.2 recolle as definicións de acoso sexual e por razón de sexo deseñada polo lexislador comunitario, malia que elude requirir que o comportamento sexa de carácter “non desexado”. A interpretación literal da norma suxire que, unha vez detectado o comportamento descrito, resultará indiferente a vontade da vítima. Engádese tamén, como subespecie do acoso de orixe discriminatoria motivado polo sexo da vítima, a chantaxe sexual, consistente no condicionamento “dun dereito ou dunha expectativa de dereito á aceptación dunha situación constitutiva de acoso sexual ou de acoso por razón de sexo” (art. 7.4 LOI)¹⁵.

¹² FERREIRO REGUEIRO, C., “Le harcèlement sexual. Droit italien, droit anglais, droit espagnol”, *Revue de droit du travail*, nº 5, 2013, p. 363.

¹³ MELLA MÉNDEZ, L., “El acoso moral en España y su impugnación por el proceso especial de tutela de los derechos fundamentales: algunos puntos de interés”, *Revista Internacional y Comparada de Relaciones Laborales y Derecho del Empleo*, nº 4, 2013, p. 2.

¹⁴ STSJ Galicia de 12 setembro 2002 (rec. nº 3806/2002).

¹⁵ Existe, porén, una definición do acoso laboral contida no derogado art. 8.13 da antiga Lei de Infraccións e sancións da Orde Social (GARCÍA-PERROTE ESCARTÍN, I., “Acoso sexual, acoso por razón de sexo y acoso en la Ley de Igualdad de mujeres y hombres”, *Relaciones Laborales, Revista crítica de teoría y práctica*, nº 4, 2008, p. 256 y ss.).

Exposto o deseño conceptual do acoso por razón de sexo en España, é preciso destinar unhas liñas á estratexia coa que se pretende previr e erradicar. Ben é certo que, en tanto xénero, o acoso constitúe un risco cuxa prevención se debe estruturar en torno ao deber xeral de protección, de conformidade co art. 14 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais —en adiante, “LPRL”—, que recoñece o dereito de todo traballador “a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo”.

Sen embargo, cando esta protección atinxe ao acoso discriminatorio por razón de sexo, o lexislador engadiu un mandato específico, cuxo contido difire en función da persoa destinataria. Cando é unha empresa privada, este confórmase con obrigala a promover unhas condicións de traballo que impidan a comisión de conductas constitutivas de acoso sexual e de acoso por razón de sexo, así como a dispoñer de procedementos específicos para a súa prevención e para dar tramite ás denuncias e reclamacións que puideran formular quen fora vítima do mesmo (art. 48 LOI). Cando o mandato se dirixe ás Administracións Públicas, o nivel de esixencia endurecese, no senso de esixirlles a negociación dun protocolo (art. 62 LOI).

É de agardar, porén, que a menor protección brindada ás traballadoras no eido privado sexa en parte superada por mor da entrada en vigor do anteriormente citado Real Decreto-lei 6/2019. Esta norma amplía a obriga de negociar un plan de igualdade coas representacións dos traballadores e traballadoras ata comprender a empresas con máis de cento cincuenta traballadores, afectando, a partir do ano 2021 a aquelas de máis de cen e, desde o 2022, ás que posúan máis de cincuenta. Plan que, polo demais, debe abordar, entre outras materias, a prevención do acoso sexual e por razón de sexo.

Aparte de incrementar a seguridade xurídica, detallando o procedemento a seguir para investigar as conductas constitutivas de acoso, os protocolos obran tamén un efecto expansivo da tutela abrangendo outros tipos de acoso discriminatorio por razón de xénero, e non exclusivamente de sexo. Baste lembrar o adoptado pola Universidade de Santiago de Compostela, aplicable tamén ó motivado pola identidade de xénero ou a orientación sexual da vítima. Ábrese así, da man dos protocolos adaptados á realidade propia de cada institución, a derradeira etapa evolutiva da prevención e tutela fronte ao acoso orixinado por razón de xénero.

1.4. A socialización da violencia sobre as mulleres: a protección da vítima de violencia de xénero

O acoso discriminatorio por razón de xénero constitúe un risco a previr polo empresario que, de obrar negligentemente, pode afrontar diversos tipos de responsabilidade. Existe, sen embargo, outro tipo de violencia de índole claramente discriminatoria padecida polas traballadoras, que tamén pode conducir á perda do posto de traballo. Porén, a súa orixe extra laboral impide que a empresa estea en condicións de exercer labor preventiva algunha, o cal non quita que a súa existencia produza certos efectos na relación laboral.

Trátase da “violencia de xénero”, definida pola LOV como aquela que, sendo unha “manifestación da discriminación, da situación de desigualdade e das relacións de poder dos homes sobre as

mulleres”, se exerce sobre elas por parte de quen sexa ou fora o seu cónxuxe, ou de quen estivera vinculado a ela por unha relación análoga de afectividade, sen necesidade de que mediara convivencia (art. 1 LOVX). Os caracteres definitorios deste concepto permiten distinguila da violencia machista ou da violencia doméstica.

Así, a violencia machista comprende, pola súa orixe, a violencia de xénero, xa que ámbalas dúas dan testemuño das relacións de poder que persisten entre homes e mulleres na sociedade. Sen embargo, a violencia de xénero alude só á que se da entre membros dunha parella, deixando fóra a dun home sobre unha muller entre os cales non exista análogo vencello afectivo. Exclúe, por tanto, a padecida a mans dun agresor descoñecido, dun coñecido co que non exista ese vencello afectivo, ou aqueloutra amparada no comercio de servizos sexuais, relegada a unha cuestionable situación de alegalidade polo lexislador.

Sen embargo, non toda violencia sufrida dentro da parella será violencia de xénero, senón só aquela exercida polo varón sobre a muller. Queda á marxe a que puidera provir da muller, así como a que tivera lugar entre membros pertencentes ao mesmo sexo. Este matiz tamén permite diferenciala da violencia doméstica, que comprende toda aquela cometida nun ámbito extra laboral, entre membros da familia. Este último foi o acollido polo lexislador portugués na *Lei nº 112/2009 de 16 de Setembro, establece o regime juridico aplicável à prevenção da violência doméstica, à protecção e à assistência das suas vítimas*, que tamén destaca por outorgar dereitos laborais á vítima. É preciso engadir que algún convenio colectivo acudiu a un concepto similar a fin de recoñecer uns dereitos que se engaden aos que a LOVX confire á vítima de violencia de xénero¹⁶, e cuxo contido prestacional ha de correr a cargo da propia empresa, xa que a protección dispensada polo sistema de Seguridade Social se circunscribe aos dereitos legalmente recoñecidos na LOVX.

Delimitado o seu ámbito de aplicación, interesa aludir ás medidas nela previstas, destinadas a fornecer unha protección integral “cuxa finalidade é previr, sancionar e erradicar esta violencia”, así como “prestar asistencia ás mulleres, aos seus fillos menores e aos menores suxeitos a tutela, garda e custodia, vítimas desa violencia”. Co propósito de socializar un problema outrora considerado alleo á comunidade e relegado ao ámbito doméstico, esta norma comprende medidas de natureza educativa, sanitaria, xurídica, penal, pero tamén laboral. Xustamente, as medidas laborais dótana dun enfoque certamente innovador, posto que introduce na relación laboral un conxunto de dereitos a exercer fronte á empresa, pero en cuxa orixe non participa aquela nin ningún outra persoa sometida á súa potestade organizativa. Atribúeselle así á empresa a obriga de adaptar o encargo da traballadora a fin de que poida afrontar a situación que padece sen arriscarse a perder o seu posto de traballo, consecuencia que agravaría a súa vulnerabilidade, acentuando a dependencia económica que eventualmente a liga ao seu agresor.

¹⁶ Véxase, a tal efecto, o art. 18 do XII Convenio colectivo de Repsol Petróleo, SA., cando alude ás vítimas da violencia exercida no entorno familiar, calquera que fose o grado de parentesco que une á vítima co agresor.

Enumerándoas de menor a maior intensidade, procede comezar facendo referencia á reorganización do tempo de traballo. O art. 37.8 ET permítelle á vítima, ben reordenar o seu tempo de traballo, mediante calquera fórmula utilizada na empresa; ben reducir a súa xornada, coa correspondente minoración do seu salario. Sobra apuntar o maior interese que reviste a primeira opción, ao non comportar unha perda retributiva. Non obstante, a súa viabilidade dependerá das circunstancias organizativas propias de cada empresa, que a miúdo impiden acollerse a ela. Por iso, a negociación colectiva está chamada para desenvolver un rol esencial: cubrir as lagoas da lei e mellorar o disposto nela. De non facelo así, os termos de acceso e uso destes dereitos derivarán dun acordo acadado entre a empresa e a vítima que, en caso de discrepancia, se resolverá ante o órgano xurisdiccional competente, a resultados do procedemento establecido no art. 139 LRXS.

Mais a vítima disporá doutros dereitos. En concreto, o art. 40.4 ET outórgalle á traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo na localidade onde viña prestando servizos para facer efectiva a súa protección o dereito preferente a ocupar outro posto que a empresa teña vacante noutro centro de traballo. Non se limita a área xeográfica, sendo tan ampla como extensa sexa a actividade da propia empresa. Si se advirte, non obstante, que o posto de traballo debe pertencer ao mesmo grupo profesional ou a unha categoría equivalente, para que o exercicio deste dereito non encubra unha mobilidade funcional descendente, en prexuízo da traballadora. Cómpre salientar que esta medida se concibe como una solución conxuntural. Desta guisa, concédese cunha duración inicial de seis meses, durante os cales a empresa está obrigada a reservar o posto de traballo de orixe. Superado este período, a traballadora pode retornar a el ou consolidar o traslado, desaparecendo, en tal caso, o dereito de reserva do posto anterior, agás as previsións da negociación colectiva mellorando este réxime xurídico.

Procede subliñar, primeiramente, que esta medida só se poderá desfrutar na cando exista un posto de traballo dispoñible, sen que sexa deber da empresa crear un para a traballadora, aínda que estea obrigada a comunicar calquera vacante apta para este obxectivo. En segundo termo, que non se fai depender do abandono do fogar familiar, o cal suporía agravar a situación na que se atopa a vítima. E, en terceiro lugar, que non existe a posibilidade de substituíla pola prestación de traballo a distancia, como se recoñece cando se trata de facer efectivo o dereito á conciliación da vida familiar e laboral, grazas á reforma introducida polo art. 8 do Real Decreto-lei 6/2019, aproveitando así as oportunidades que a día de hoxe ofrece as novas tecnoloxías á hora de flexibilizar o cumprimento da prestación laboral.

Prevese tamén no art. 45.1.n) ET a suspensión do contrato de traballo, cunha duración máxima de seis meses, prorrogable por períodos de tres hasta un máximo de dezaioito. Durante ela, a vítima poderá percibir unha prestación, xa que se concibe como unha situación legal de desemprego protexida polo art. 267.1.b) 2º LXSS, sempre e cando se reúnan os requisitos dos que depende o seu recoñecemento, como o período de cotización previo. De innegable utilidade cando as anteriores non se adecúan á situación vivida pola vítima, esta medida comporta tamén

o seu illamento, polo que devén recomendable explorar outras vías que, na medida do posible, permitan conservar a súa participación activa no mercado laboral.

Para rematar esta relación de medidas ofrecidas á vítima de violencia de xénero, atópase a da extinción *sui generis* do contrato de traballo pola súa vontade, segundo o art. 49.1.m) ET. A referida vontade poderá estar viciada polo sufrimento derivado da violencia, motivo que leva ao lexislador a cualificar tal extinción como unha situación legal de desemprego [art. 267.1.a) 5º LXSS]. Compre matizar en pro dunha mellor comprensión do exposto que a protección fronte ao desemprego atinxe só ás persoas que querendo traballar, non poden, e non a inversa. O lexislador considera entón que a extinción contractual por decisión persoal da vítima non ten como causa o feito de non querer traballar, senón de estar obrigada a non facelo pola situación de violencia que sofre, pola necesidade dunha protección que a continuidade da relación laboral podería poñer en perigo.

Lonxe de tratarse dunha apreciación persoal, que o cese da traballadora vítima de violencia sexa unha consecuencia indesexable déixase sentir na tutela que, de xeito paralelo, esta recibe fronte ao despedimento acordado pola empresa. Así, os arts. 53.4.b) y 55.5.b) ET sancionan coa nulidade o despedimento das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio do seu dereito á tutela xudicial efectiva ou de calquera outro recoñecido no Estatuto dos Traballadores co propósito de permitirlle facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral. Pero incluso o art. 52.d) ET impide ter en conta as faltas de asistencia da traballadora motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero, a efectos de sustentar o seu despedimento por ausencias xustificadas ao traballo, que si permiten, p. ex., prescindir dun traballador cuxo absentismo deriva dunha enfermidade, como confirmou recentemente o Tribunal Constitucional¹⁷.

En definitiva, este elenco de medidas destínase á conservación do vínculo que une á vítima de violencia de xénero coa empresa, a fin de garantirlle uns ingresos necesarios para gozar de independencia económica con relación ao seu agresor, pero tamén para proporcionarlle un contacto continuo coa sociedade, rompendo co illamento que a miúdo a rodea.

1.5. A incidencia do marco normativo laboral no emprego

Dende un exclusivo punto de vista xurídico, a diferenza da lexislación laboral, creadora do Dereito do Traballo e cuxa competencia corresponde en exclusiva ao Estado, o emprego é unha materia a que a Constitución deixou orfa pois non a vencellou a un único ou principal poder, alén de que carece dunha natureza necesariamente xurídica. Así o manifestan os dous preceptos de dita Constitución referidos a ela. O art. 40.1 atribúe aos poderes públicos a realización dunha “política orientada ao pleno emprego”; mentres que o art. 41 obriga a eses poderes a manter un réxime público de Seguridade Social “especialmente en caso de desemprego”. Malia que un trata do emprego e das políticas activas de emprego, e o outro do desemprego e das políticas pasivas de emprego, apuntan os dous a un mesmo obxectivo: o mercado de traballo. De feito, ámbolos

¹⁷ Véxase STC 118/2019, de 16 de outubro.

dous pertencen tamén ao capítulo III, “Dos principios reitores da política social e económica”, do Título I, “Dos dereitos e deberes fundamentais”, que xunto co Título VII, “Economía e Facenda”, integran o núcleo das regras constitucionais sobre política e actividade económica.

Non obstante, esa orfandade que se lle imputa facilitou e facilita a formulación de conflitos de competencia entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Incorporado o emprego polo Tribunal Constitucional entre as materias que compoñen a “planificación xeral da actividade económica”, da que o Estado retén a competencia sobre as “bases e a coordinación” (art. 149.1.13ª), non só se confirma así a súa natureza económica, máis tamén permite un amplo marxe de actuación as referidas Comunidades Autónomas (vid. sentenza 156/2017, do 21 de decembro). O poder central e os poderes autonómicos poden legislar en materia de emprego e, de xeito decidido, en políticas de dinamización, creación e distribución do emprego, equitativas, igualitarias e xustas.

A este modelo responde o Sistema Nacional de Emprego, composto polo Servizo Público de Emprego Estatal e, na nosa Comunidade Autónoma, o Servizo Público de Emprego de Galicia, segundo o describe o art. 6 do Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego –en adiante, Lei de Emprego-. Eles teñen en común intermediar no mercado para a conexión entre ofertas e demandas de traballo, o fornecemento da orientación e formación profesional, e o asesoramento para o emprendemento. Máis o Servizo Público de Emprego Estatal percibe axudas dos fondos europeos para o co financiamento das políticas de emprego. E, xustamente, na xestión destas axudas xorden algúns dos problemas de competencia entres os poderes aos que se aludiu. Dende a sentenza do Tribunal Constitucional 95/2002, do 25 de abril, se sentou a doutrina de que a mobilización de recursos financeiros destinados a regular o mercado laboral e o pleno emprego concirne a ámbitos non limitados a aquilo que se entende como réxime ou materia laboral, antes se trata de “medidas que inciden no mercado de traballo globalmente considerado, dando cumprimento a pauta contida no art. 40.1 *in fine* CE, e que conta detrás co apoio competencial do art. 149.1.13ª CE” (f.j. 11).

En particular, a Comunidade Autónoma de Galicia, respectando “as bases e a actuación da ordenación económica xeral” do Estado, ostenta a competencia exclusiva no “fomento e planificación da actividade económica en Galicia” (art. 30.uno, 1º Estatuto de Autonomía), da que, segundo o visto, forma parte o emprego e as súas políticas –as políticas pasivas dunha forma restrinxida xa que a xestión das prestacións por desemprego son competencia do Estado por integrar o sistema de protección da Seguridade Social-. E, por iso, deseña, regula e executa políticas activas de emprego, co financiadas ou non cos fondos europeos, coordinadas algunhas co Servizo Público de Emprego Estatal, propias ou singulares das súas Consellerías con competencias, tales como a Axenda 20 para o Emprego e os programas específicos entre os que destaca os “Programas integrados de emprego” (PIE) que se dirixen a mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral das persoas desempregadas, ou os “Programas de medidas para activación do emprego para parados de longa duración”, onde prevense algunhas como a

formación dual ou esporear a contratación por conta allea. Todo o cal non empece a actuación do Estado mediante a Estratexia Española de Activación para o Emprego 2017-2020 e as medidas que unicamente el pode adoptar no ámbito das cotizacións sociais e as prestacións por desemprego da Seguridade Social.

Pois ben, do marco normativo laboral estudado, cinco criterios deberían garantir a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato por razón de xénero no mercado de traballo e nas políticas de emprego. Fálase así de:

- 1º) A sanción da lexitimación das accións positivas, amparada na delimitación da súa duración tempo en tanto non estean plenamente logrados os obxectivos de igualdade de oportunidades e equilibrada distribución das obrigas e responsabilidades; e na súa cualificación de non discriminatorias xa que van dirixidas a acelerar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen que xeren na práctica o mantemento de regulación separadas e distintas.
- 2º) A corresponsabilidade, definida como o reparto entre mulleres e homes nas obrigas familiares, nas tarefas domésticas e o coidado de persoas mediante a individualización dos dereitos e o fomento da súa asunción por parte dos homes.
- 3º) A función social da maternidade, para a cal deberá elevarse o limiar de comprensión e evitar os efectos negativos sobre os dereitos da muller e a súa carreira profesional
- 4º) O recoñecemento do valor do traballo de coidados, dos menores e das persoas dependentes, a redistribución das obrigas e responsabilidades do traballo de coidados e a redución das penalidades deste tipo de traballo.
- 5º) A erradicación da violencia no traballo e os respaldo a través do traballo ás vítimas da violencia de xénero.

Pois ben, o reflexo das políticas de emprego vese nos estudos cuantitativos do Instituto Nacional de Estadísticas (INE), do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Servizo Público de Emprego Estatal, do Ministerio de Ciencias e Innovación (na súa denominación administrativa correspondente ao ano de estudo), ou da Rede Europea da Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (*European Anti poverty Net Work*).

Pero ese reflexo, mesmo que cada vez máis completo con unha realidade asemade cada vez máis complexa, non permite aprehender eses cinco criterios cos que se debería garantir a aplicación real e efectiva do principio de igualdade de trato por razón de xénero. Unha causa é que as políticas de emprego non se deseñan sobre os indicados cinco criterios, máis poden concorrer outras aínda que menores. Refírese, por exemplo, a unha certa discordancia entre a linguaxe e as institucións da normativa xurídica e os tópicos empregados nas enquisas que

redundan en imprecisión particularmente prexudicial nos temas de educación y formación na corresponsabilidade.

A modo de exemplo, no informe “Mulleres e homes en España” do INE se continúa empregando o tópico “Conciliación traballo e familia”, onde figuran datos tales como a extensión da xornada o número de horas que se desexaría traballar, os horarios atípicos ou a compatibilidade do horario de traballo cos compromisos sociais; e non consta a expresión máis apropiada, corresponsabilidade, nin se alude a tódalas medidas legais ou convencionais previstas. Froito do anterior, algúns datos referidos a corresponsabilidade, como os relativos ás excedencias por coidado de fillos e fillas, se recollen en outra parte da enquisa dedicada ao “Emprego”. Tamén se inxiren simples datos sobre “Delito e Violencia”, apuntando ao número de persoas condenadas, así como a de vítimas mortais, con ausencia de todo o relativo a incidencia desta lacra na relación laboral e no mercado de traballo.

Alén diso, se o mercado de traballo está a sufrir unha profunda transformación -se di que poderían aparecer 133 millóns de novas funcións no mundo e modificar as de 75 millóns de traballadores e traballadoras baixo a sombra da Cuarta Revolución Industrial-, se necesita como instrumento de estudo unha enquisa que amose os traballos desenvolvidos no sector das novas tecnoloxías e por elas, así como os traballos desenvolvidos tamén por novas tecnoloxías en sectores de produción de bens e servizos tradicionais. Polo de agora, a enquisa de “Mulleres e homes en España” referida á “Ciencia e tecnoloxía, sociedade da información” fornece datos que se refiren aos recursos humanos en ciencia e tecnoloxía (graduados/as, doutores/as, etc.), a ocupación en sectores de alta e media-alta tecnoloxía segregado por sexos, as porcentaxes de mulleres investigadoras por sectores de execución ou o uso do internet nos fogares e a fenda dixital; interesante pero lonxe do que se desexaría ter.

Así as cousas, asemella que o máis acaído estudo da muller no mercado de traballo, do exercicio dos dereitos de corresponsabilidade, do risco de pobreza e de exclusión social, procede da análise dos datos do Servizo Público de Emprego Estatal na súa función de xestionar as prestacións por desemprego do nivel contributivo, os subsidios de paro do nivel asistencial e os subsidios do “Programa de renda activa de inserción” e o “Programa de activación para o emprego”. Achea, pola súa banda, o Instituto Galego de Estatística algúns deses datos disgregados por provincias en Galicia. Imprescindible é a ferramenta fornecida polo INE, máis a causa da ruptura da relación laboral ou do termo dunha prestación de servizos explica cal era o tipo de contrato de traballo ou o tipo de actividade a desenvolver, a estrutura familiar, a distribución das cargas e a asunción dos roles e, incluso, os limiares da pobreza, que se completa co informe anual “AROPE”.

Capítulo 2 . CONTEXTO DEMOGRÁFICO


2.1 Poboación e estrutura

A poboación, e máis concretamente a súa recente evolución, ven constituíndo unha preocupación constante nos últimos tempos, de cara a seu potencial risco en relación coa sustentabilidade futura do sistema tal e como hoxe o entendemos. Esta evolución, non exclusiva da comunidade galega, é actualmente obxecto de debate e análise nun intento de identificar medidas e accións que puideran frear as tendencias de redución e envellecemento fortemente arraigadas no seo da Unión Europea (UE). Como proba, en 2016 se crea en Galicia o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, co obxectivo de proporcionar coñecemento sobre a realidade demográfica galega. Este organismo conta, ademais, entre os seus fins un que resulta pioneiro no deseño das políticas públicas, o asesoramento para a inclusión da perspectiva demográfica nunha fase inicial. Igualmente, supón a constitución dun foro de diálogo entre a Administración e a sociedade civil, sobre a base de que o cambio demográfico é un problema que nos atangue a todos e todas.

Nesta sección, analízanse os principais datos relativos á poboación de Galicia, procedendo a unha comparación cos correspondentes ao conxunto do Estado, diferenciados por sexo. Nos primeiros gráficos recóllese a evolución das poboacións en Galicia e en España, incluíndo un período de tempo máis amplo do utilizado como marco de análise no resto do estudo, co obxectivo de poder proporcionar unha maior perspectiva da que se realiza no estudo para as outras variables analizadas no traballo.

Iniciamos esa revisión proporcionando un gráfico que reflicte a dita información, representando a evolución do número de habitantes en Galicia e España entre 1996 e 2018 segundo os datos recollidos no Padrón Municipal do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Gráfico 2.1. Evolución da poboación en Galicia. 1996-2018




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal do INE.

Nas últimas dúas décadas, Galicia perde preto de 41.000 habitantes, un 1,5 % da súa poboación total. Na análise deste período pódese observar dúas etapas diferenciadas. En primeiro lugar, a poboación crece un 2 % entre 1996 e 2010; en segundo, nese ano se reflicte un cambio de tendencia, perdendo ata 2018 un 3,4 % de habitantes. A poboación masculina e feminina en Galicia reflicte unha evolución similar entre os anos 1996 e 2018, cun crecemento moderado entre 1998 e 2010, para empezar a decrecer, a un ritmo maior, a partir dese ano. En termos absolutos, a poboación masculina pasa dos 1.320.347 persoas do ano 1996 as 1.300.609 de 2018, o que supón unha perda total de 19.738 homes. No caso da poboación feminina, Galicia pasa de ter 1.422.275 mulleres no inicio do período a 1.401.134 no último ano analizado, cunha perda absoluta lixeiramente superior que no caso dos homes, de 21.141 mulleres. En termos relativos, a perda de poboación se sitúa no 1,5 % para ambos sexos. A estrutura por sexos mantense, cunha presenza lixeiramente superior das mulleres en todo o período (51,9 %).

A evolución no conxunto do Estado presenta notables diferencias co acaecido na comunidade galega. No período de análise España rexistra un incremento superior aos 7 millóns de habitantes, aumentando nun 17,8 % a súa base de poboación. Porén, tamén se poden identificar dúas etapas: unha claramente ascendente, que se mantén neste caso ata 2012, onde a poboación aumenta a un ritmo medio do 1,1 % anual, alcanzando un incremento total de preto de 7,6 millóns de habitantes (un 19,1 %); e outra que se inicia a partir dese ano, onde a poboación descende ata 2017, onde se inicia unha leve recuperación.

Gráfico 2.2. Evolución da poboación en España. 1996-2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal do INE


Neste contexto estatal, a evolución da poboación masculina e feminina tamén coincide na súa evolución, crecendo ata o ano 2012, sufrindo unha diminución entre os anos 2013 e 2016, e volvendo a medrar a partir do ano 2017. A poboación masculina pasa dos 19.399.549 habitantes no inicio do período aos 22.896.602 do último ano analizado, polo que, en termos absolutos,

prodúcese un aumento deste segmento de poboación de 3.497.053 homes (18 %). O caso das mulleres é similar, xa que partindo dunha poboación de 20.269.845 en 1996, aumenta ata as 23.826.378 mulleres rexistradas en 2018, o que supón un incremento de 3.556.533 persoas (17,5 %). Ao igual que no caso galego, a proporción de mulleres é lixeiramente superior a dos homes no total de habitantes, un 51 % (preto dun punto porcentual menos que na comunidade galega).

Pese a aparente coincidencia na forma das gráficas, convén sinalar que os movementos en contexto estatal son moito máis rotundos que os acaecidos na comunidade galega. A modo de exemplo, e por insistir nesta comparación, apuntar que na etapa común de crecemento en ambos contextos (1996-2010) o aumento da poboación galega foi o anteriormente referido 2 %, mentres que no ámbito estatal dita expansión acada o 18,5 %.

Nos seguintes gráficos recóllese a evolución das taxa de variacións anuais da poboación galega e española, primeiro en cómputo global e despois desagregado por sexo. As variacións na comunidade galega reflicten maior moderación, como corresponde a o seu menor volume de poboación. Porén, a alternancia de períodos de crecemento e decrecemento é similar en ambos contextos. A diferenza máis salientable, en concordancia co anteriormente comentado, se relacionan coa existencia dunha etapa de claro crecemento da poboación española, con valores próximos ao 2 % de crecemento anual medio acumulado, mentres que na comunidade galega o aumento é moito menos acusado (non supera en ningún caso o 0,5 %). A lixeira mellora iniciada a partir de 2015 non chega, no caso de Galicia, para acadar valores positivos, posto que a inversión da gráfica non se relaciona cun movemento de crecemento, senón cun menor decrecemento.

Gráfico 2.3. *Taxas de variación interanual da poboación. Galicia-España (1996-2018)*




Fonte: *Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal do INE*

A evolución da poboación desagregada por sexo reproduce as tendencias antes apuntadas. Como se pode constatar no gráfico seguinte, o cambio de tendencia antes apuntado en torno a o ano 2010 coincide coa desaceleración da evolución da poboación masculina: entre 1999 e

2010, as taxas de variación dos homes son superiores as taxas de variación da poboación feminina, situación que cambia a partir dese ano. De igual forma, a recuperación é máis notable na poboación feminina¹⁸. Esta descrición é válida tanto para a comunidade galega coma no conxunto estatal.


Gráfico 2.4. Taxas de variación interanual da poboación desagregada por sexo. Galicia-España (1996-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal do INE

A análise dos movementos en valor medio dos diferentes grupos de poboación serve de base para estudar as diferencias entre a evolución da poboación española e galega entre 1996 e 2018.

Gráfico 2.5. Taxas de crecemento anual (TCA) da poboación desagregada por sexo. Galicia-España (1996-2018)



¹⁸ De feito, a poboación feminina en España crece a partir de 2016.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal do INE

O gráfico anterior reflicte esta información, amosando a variación global do período de análise (en azul no gráfico), e os dous períodos sinalados en torno ao punto de inflexión, que por razóns de homoxeneidade¹⁹ se sitúa no ano 2010: 1996-2010 (en laranxa) e 2011-2018 (en gris). A información se presenta, ademais, desagregada por sexo.

Neste contexto, cabe sinalar o seguinte:

- No conxunto do período (en azul no gráfico), a poboación española crece a un ritmo medio dun 0,75 % anual, fronte ao decrecemento da poboación galega (0,07 %).
- Na primeira etapa (en laranxa), se observa que o crecemento no contexto estatal (1,22 %) ten maior ritmo que o experimentado na comunidade galega (0,14 %).
- Porén, no segundo período de análise (en gris), o ritmo de decrecemento da poboación galega triplica o estatal (0,49 % e 0,14 % respectivamente).

Como se observa no gráfico, non existen grandes diferenzas nestes movementos en función do sexo da poboación, agás no período 2011-2018, onde a caída da poboación masculina é notablemente superior á redución da feminina. Esta diferenza é máis notoria no caso estatal, onde o ritmo medio de diminución dos homes (0,24 % anual) é moi superior ao rexistrado para o caso das mulleres (0,05 %).

2.2 Evolución recente da poboación (2007-2018)

Neste apartado analízase a evolución máis recente da poboación masculina e feminina en Galicia por tramos de idade, limitando o período de análise ao intervalo entre os anos 2007 e 2018. A poboación total, tanto de homes coma de mulleres, decreceu na nosa comunidade a unha taxa media anual do 0,1 % entre os anos 2007 e 2018. Con todo, a evolución desta poboación por tramos de idade non é homoxénea, alternándose uns que experimentan decrecemento con outros segmentos onde a poboación crece, con maior ou menor intensidade.

- Entre os primeiros, a maior caída da poboación atópase no tramo comprendido entre os 25 e 34 anos, con variacións medias de decrecemento anuais do entorno do 4 % para ambos sexos, seguida da comprendida entre os 15 e 24 anos, cunha taxa media anual decrecente no entorno do 2,5 %.
- Entre os segmentos que reflicten un crecemento do número total de persoas se atopa o de poboación entre 0 e 14 anos, que medra un 0,3 % de media anual, variación similar á que se produce no tramo de 35 e 44 anos. Entre os 45 e os 84 anos, a poboación masculina medra a taxas medias anuais do 1 %, e a feminina a un ritmo similar entre os 45 e os 64, reducindo o seu crecemento nos dous seguintes tramos. Os varóns maiores de 85 anos medran un 5,2 % en media anual mentres que, as mulleres, presentan una variación máis moderada, do 3,7 %. Este dato reviste particular interese,

¹⁹ Lémbrese que, realmente, en España a poboación crece ata 2012.

posto que a poboación galega con máis de 85 anos medra preto dun 60 % na última década. En concreto, o número de homes en dito segmento de idade en 2018 supera nun 75 % os existentes en 2007; no caso das mulleres, o crecemento acada un 50 %. Destes datos cabe inferir unha mellora da esperanza de vida da cidadanía galega, dato particularmente importante tendo en conta que a nosa comunidade figura historicamente a cabeza neste indicador.

Estes cambios non se repercuten na estrutura xeral da poboación, onde o segmento predominante continúa a ser o das persoas que teñen máis de 65 anos de idade. Sen embargo, se estas persoas constituían o 21,5 % da poboación en 2007, once anos despois pasan a ser case un 26 %, un aumento de máis de catro puntos porcentuais. Isto nos sitúa nun panorama de envellecemento case repentino, onde as mulleres teñen un rol protagonista se ben pasan de constituír o 58,6 % ao 57,3 % das persoas de máis de 65 anos. Abundando nesta progresiva feminización, cabe destacar que o aumento da diferenza na supervivencia en relación ao sexo é unha característica da transición demográfica. Os datos da táboa seguinte permiten observar que en 2018 a poboación masculina supera a feminina ata a franxa de idade entre os 39 e os 44 anos, para invertirse a partir dos 45 e ir aumentando a relativa feminización progresivamente conforme aumenta a idade.

Táboa 2.1. Poboación galega por tramos de idade e xénero: 2007 e 2018

	Número de persoas				Porcentaxes sobre o total				T.C.A. (%)	
	HOMES		MULLERES		HOMES		MULLERES		HOMES	MULLERES
	2007	2018	2007	2018	2007	2018	2007	2018	2018/2007	
TOTAL	1.320.433	1.305.378	1.420.654	1.397.772	100	100	100	100	-0,1	-0,1
0-14	161.263	167.310	151.822	156.227	12,2	12,8	10,7	11,2	0,3	0,3
15-24	146.816	111.467	140.845	105.309	11,1	8,5	9,9	7,5	-2,5	-2,6
25-34	217.436	139.644	214.521	137.194	16,5	10,7	15,1	9,8	-3,9	-4,0
35-44	203.787	213.457	206.729	212.353	15,4	16,4	14,6	15,2	0,4	0,2
45-54	184.826	205.909	188.523	211.365	14,0	15,8	13,3	15,1	1,0	1,0
55-64	162.015	179.942	171.834	190.106	12,3	13,8	12,1	13,6	1,0	0,9
65-74	132.993	150.245	160.235	169.874	10,1	11,5	11,3	12,2	1,1	0,5
75-84	88.086	96.654	132.062	134.451	6,7	7,4	9,3	9,6	0,8	0,2
85 e máis	23.211	40.750	54.082	80.893	1,8	3,1	3,8	5,8	5,2	3,7
Máis de 65	244.290	287.649	346.379	385.218	18,5	22,0	24,4	27,6	1,5	1,0


Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Cifras poboacionais de referencia

Na análise do resto de segmentos, se observa un lixeiro desprazamento da participación relativa dos grupos de idade. Así, se en 2007 o segundo grupo con maior presenza era o de persoas comprendidas entre 25 e 34 anos (15,76 % da poboación total), en 2018 esta posición corresponde cos que teñen entre os 35 e 44 anos (14,87 %). Este relativo desprazamento dáse tanto no caso dos homes coma na poboación feminina.

Sumando estes fenómenos (caída de poboación de menor idade, crecemento de poboación de máis de 85 anos, incremento da participación relativa dos maiores de 65 anos) pode inferirse un

incremento da idade media dos habitantes de Galicia nos últimos once anos. Abundando nesta idea, o gráfico seguinte permite obter unha visión resumida destas transformacións, reflectindo a variación relativa experimentada en tres grandes grupos de idade. Tal e como se desprende dos datos anteriores, obsérvase unha notable diminución da poboación máis nova, próxima ao 21 %. Isto supón que o dito grupo de idade ven diminuíndo a un ritmo medio superior ao 2 % anual. Pola contra, as persoas maiores de 65 anos experimentan un crecemento claramente superior que as que teñen entre 35 e 64 anos. En concreto, no caso particular da poboación masculina duplica este aumento.

Gráfico 2.6. Variación relativa da poboación desagregada por sexo. Galicia (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Cifras poboacionais de referencia


2.3 Pirámide e proxeccións de poboación (2017-2033)

As transformacións reflectidas no apartado anterior, coincidentes en boa parte coas acaecidas no contexto estatal e en boa parte das economías desenvolvidas, converxen nunha serie de cambios que se observan no perfil actual da pirámide de poboación. Así, na representación piramidal galega en 2018 pódense destacar dúas grandes características:

- O equilibrio entre homes e mulleres, 49 % no primeiro caso e 51 % no segundo.
- O engrosamento da pirámide. En condicións normais, esta debería ter unha base ampla e ir descendendo progresivamente, consonte aumentan os tramos de idade. Porén, na actualidade a base é moi estreita, vaise ensanchando nos tramos intermedios de idade e se contrae outra vez nos tramos superiores. Isto supón a representación gráfica de tres grandes características: a redución da natalidade, o aumento da esperanza de vida, e a consolidación da idade media da poboación en torno aos 40-44 anos. Igualmente, reflíctese a relativa feminización da vellez, manifestada na maior amplitude dos segmentos da parte superior dereita da pirámide.

Estas características resumen os desequilibrios demográficos galegos, feito non exclusivo da nosa comunidade, con dous eixos claros: pouca poboación nas idades máis baixas, e moita en idade alta, síntese de outra das características salientables da dinámica de poboación da Galicia: o incremento da esperanza de vida, que se duplicou no pasado século ao pasar dos 40,9 anos de media en 1900 aos 82,65 de 2016 segundo os últimos datos do IGE (79,45 anos para os homes e de 85,84 para as mulleres). O alongamento da esperanza de vida é un dato notablemente positivo, que debe ser interpretado coma un logro conxunto. Porén, deben tomarse medidas (entre outras, aquelas que fomenten a natalidade) para ter unha base ampla de idades menores, que sirva de sustento e sustentabilidade a estes segmentos e maior idade. Neste contexto, as políticas de dinamización da natalidade e mellora da capacidade da atracción de nova poboación se tornan imprescindibles para poder reconducir a situación actual.


Gráfico 2.7. Pirámide da poboación galega desagregada por sexo (2018)



Fonte: IGE. Cifras de poboación de referencia

As proxeccións de poboación a curto prazo realizadas polo IGE non introducen optimismo nesta situación. Nunha primeira aproximación global, as ditas proxeccións contemplan un incremento da poboación española do 5,3 % ata 2033, e unha contracción equivalente da poboación galega. En concreto, estímase que en 2033 a comunidade galega terá preto de 145.000 habitantes menos que na actualidade. En consecuencia, estímase unha perda progresiva de representatividade da poboación galega no conxunto estatal: na actualidade, Galicia aporta aproximadamente un 5,8 % do total de habitantes de España. De verificarse estas estimacións, en 2033 esta participación será do 5,2 %.


Gráfico 2.8. Proxeccións da poboación a curto prazo: Galicia e España (2017-2033)



Fonte: Elaboración propia a partir da proxección de poboación do IGE

Nun resume elocuente, o escenario esperado contempla que a poboación española creza a un ritmo do 0,33 % anual, mentres que a galega diminúa coa mesma carencia. Por outra banda, as taxas de decrecemento estimadas irán sendo menores a medida que pasen os anos, variable máis notable no caso galego, xa de por si máis moderado. Como se comproba no seguinte gráfico, se espera que a diminución da poboación galega leve un ritmo máis suave que a esperada para a poboación española.


Gráfico 2.9. Proxeccións da poboación: taxa de variación interanual. Galicia e España (2017-2033)



Fonte: Elaboración propia a partir da proxección de poboación do IGE

A análise destas proxeccións a curto prazo non difiren entre as catro provincias galegas. Neste contexto, cabe sinalar que a distribución da poboación reflicte unha clara polarización nas provincias atlánticas, onde residen sete de cada dez galegos. A curto prazo se espera que a dita situación se consolide, perdendo incluso Ourense un punto porcentual de presenza no total de poboación galega a favor da provincia coruñesa.


Gráfico 2.10. Participación relativa nas provincias na poboación galega (2017-2033)



Fonte: Elaboración propia a partir da proxección de poboación do IGE

As proxeccións prevén tamén un decrecemento da poboación nas catro provincias galegas. A provincia con peor expectativa é Ourense, que verá reducida a súa poboación nun 9,7 %, seguida de Lugo (8,8 %). A continuación, a provincia coruñesa perderá un total de 48.000 habitantes (4,3 %), mentres que a pontevedresa é a que presenta menor redución relativa prevista (4 %). O ritmo esperado do decrecemento anual nas provincias occidentais (0,2 %) triplicase para as orientais (0,6 %).

Gráfico 2.11. Proxeccións da poboación a curto prazo nas provincias galegas (2017-2033)



Fonte: Elaboración propia a partir da proxección de poboación do IGE.

Na análise desagregada por sexo, se observa que a caída esperada de poboación é lixeiramente superior para os homes, cunha taxa media de variación anual acumulada do 0,4 % (fronte ao 0,3 % das mulleres) e unha caída absoluta de 78.194 habitantes, preto de 11.500 persoas máis que a redución esperada para as mulleres galegas.

Táboa 2.2. Proxeccións da poboación galega a curto prazo desgregada por sexo (2017-2033)

	Número de persoas		TVA (%)	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2017	1.309.447	1.400.681		
2018	1.305.480	1.397.811	-0,30	-0,20
2019	1.301.615	1.394.680	-0,30	-0,22
2020	1.297.703	1.391.581	-0,30	-0,22
2021	1.293.709	1.388.429	-0,31	-0,23
2022	1.289.529	1.385.095	-0,32	-0,24
2023	1.285.143	1.381.527	-0,34	-0,26
2024	1.280.518	1.377.685	-0,36	-0,28
2025	1.275.690	1.373.605	-0,38	-0,30
2026	1.270.656	1.369.273	-0,39	-0,32
2027	1.265.453	1.364.728	-0,41	-0,33
2028	1.260.085	1.359.983	-0,42	-0,35
2029	1.254.582	1.355.075	-0,44	-0,36
2030	1.248.948	1.350.012	-0,45	-0,37
2031	1.243.179	1.344.791	-0,46	-0,39
2032	1.237.274	1.339.427	-0,47	-0,40
2033	1.231.253	1.333.941	-0,49	-0,41
Var 2017-2033	-78.194	-66.740		
T.C.A. 2017-2033	-0,38	-0,30		


Fonte: Elaboración propia a partir da proxección de poboación do IGE

2.4 Movemento natural da poboación

A análise dos movementos de poboación resulta de particular interese para explicar a evolución descrita na sección anterior, así como as previsións neste marco de transformación. Neste contexto, se procede nesta sección a estudar os movementos naturais da poboación Galicia e en España. Así, analizaranse os datos do número de nacementos, defuncións e saldo vexetativo resultante. O outro fenómeno que cómpre analizar en relación co movemento da poboación, as migracións, recollerase na seguinte sección deste traballo.

O gráfico seguinte reflicte a evolución do número de nacementos en Galicia e España dende 2007 ata a actualidade. Como se pode observar, se produce unha caída deste número en ambos contextos territoriais: nos últimos once anos o número de nacementos en Galicia reduciuse en 3.307, cunha taxa media de variación negativa anual do 1,6 % levemente inferior á caída media estatal (2,2 % en media anual). A interpretación deste gráfico non pode illar o efecto da crise económica: pese a que o período de análise límtase a 2007, pode observarse que a tendencia precedente era crecente, inverténdose abruptamente a partir de dito ano (coincidindo precisamente co inicio da etapa de crise).


Gráfico 2.12. Evolución do número de nacementos en Galicia e España (2007-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

A evolución anual do número de nacementos presenta un comportamento levemente mellor na comunidade galega en relación coa media estatal, aínda que no marco xeral de decrecemento antes sinalado.

Gráfico 2.13. Variación interanual do número de nacementos en Galicia e España (2007-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

A táboa seguinte, pola súa banda, recolle o número de nacementos en Galicia no período analizado diferenciando por xénero. Como se observa, ao longo de todo o período naceron máis nenos que nenas.

Táboa 2.3. Número de nacementos en Galicia por sexo e taxas de variación (2007-2017)


		Nacementos		Taxas de variacións anuais		% de mulleres
		Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
	2007	11.216	10.536			48,4
	2008	11.981	11.194	6,5	6,2	48,3
	2009	11.572	10.965	-2,8	-2,0	48,7
	2010	11.500	10.547	-2,2	-3,8	47,8
	2011	11.256	10.338	-2,1	-2,0	47,9
	2012	10.990	10.099	-2,3	-2,3	47,9
	2013	10.084	9.643	-6,5	-4,5	48,9
	2014	10.262	9.368	-0,5	-2,9	47,7
	2015	10.032	9.395	-1,0	0,3	48,4
	2016	9.773	9.289	-1,9	-1,1	48,7
	2017	9.471	8.974	-3,2	-3,4	48,7
	Var 2007-2017	-1.745	-1.562			
	T.C.A.2007-2017	-1,7	-1,6			

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

Porén, o nacementos de nenos en Galicia, estase a reducir cunha taxa de variación negativa do 1,7 % de media anual dende 2007, o que supuxo unha caída absoluta de 1.745. No caso das nenas galegas o ritmo de diminución é lixeiramente inferior, do 1,6 % de media anual, e a caída absoluta foi de 1.562 nacementos.

Por outra banda, o número de defuncións en España, pasou de 385.361 do ano 2007 a 424.523 en 2017, o que supuxo un aumento de 39.162. Cunha tendencia desigual ao longo da serie, a taxa de variación media anual situouse no 1 %. Galicia reflicte unha evolución similar, aumentando das 30.159 defuncións no inicio do período a 31.962 no último ano, o que supón unha variación media anual do 0,6 % lixeiramente inferior á media española.

Gráfico 2.14. Número de defuncións en Galicia e España: 2007-2017



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

A análise diferenciada por sexo reflicte un maior aumento relativo das defuncións entre as mulleres galegas, cunha taxa de variación anual do 0,9 %, fronte ao 0,3 % das rexistradas para os homes. Así, no primeiro caso dos 14.724 defuncións do ano 2007 pasouse a 16.105 do ano 2017, un incremento de 1.381. Este número triplica o rexistrado para as defuncións dos varóns, que aumentan en 422 no mesmo período de tempo. Neste contexto, parece obvio que a maior presenza relativa do número de mulleres nos tramos máis altos de idade pode estar detrás deste aumento diferencial.

Táboa 2.4. Número de defuncións en Galicia por sexo e taxas de variación (2007-2017)

	Número de defuncións		Taxas de variacións anuais		% de mulleres
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
2007	15.435	14.724			48,8
2008	14.996	14.633	-2,8	-0,6	49,4
2009	15.241	14.939	1,6	2,1	49,5
2010	14.986	14.763	-1,7	-1,2	49,6
2011	15.085	14.794	0,7	0,2	49,5
2012	15.395	15.476	2,1	4,6	50,1
2013	15.230	15.203	-1,1	-1,8	50,0
2014	15.054	14.875	-1,2	-2,2	49,7
2015	15.792	15.896	4,9	6,9	50,2
2016	15.940	15.817	0,9	-0,5	49,8
2017	15.857	16.105	-0,5	1,8	50,4
Var 2007-2017	422	1.381	2,7	9,4	
T.C.A. 2007-2017	0,27	0,90			

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

A conxunción do incremento do número de defuncións e a diminución constante do número de nacementos deriva nun saldo vexetativo negativo en Galicia, que ademais apunta unha tendencia crecente nos últimos anos. Así, o crecemento do déficit entre as defuncións e nacementos aumenta a un ritmo medio anual próximo ao 5 % dende 2007. España, pola súa banda, presenta unha evolución máis favorable entre os anos 2007 e 2014, onde o número de nacementos compensa ás defuncións, e o saldo vexetativo foi positivo. Porén, esta diferenza positiva é cada vez menor, ata o punto de que mingua preto dun 16 % cada ano. De feito, o superávit de nacementos se interrompe abruptamente no ano 2015, co inicio do saldo vexetativo negativo tamén en contexto estatal.


Táboa 2.5. Saldo vexetativo en Galicia e España (2007-2017)

	España	Galicia
2007	107.166	-8.407
2008	133.455	-6.454
2009	110.064	-7.643
2010	104.528	-7.702
2011	84.088	-8.285
2012	51.698	-9.782
2013	35.296	-10.706
2014	31.765	-10.299
2015	-2.278	-12.261
2016	-28	-12.695
2017	-31.342	-13.517

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

O gráfico seguinte apunta a tendencia na evolución deste saldo vexetativo negativo. Como se pode observar, nos últimos anos o comportamento é máis estable na comunidade galega, que presenta un saldo vexetativo negativo sen grandes alteracións anuais. Pola contra, en concordancia co anteriormente exposto se percibe unha clara aceleración no ritmo de perda de poboación en España, sobre todo a partir de 2014.

Gráfico 2.15. Evolución do saldo vexetativo. Galicia e España (2007-2017)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

O maior nacemento de nenos nos últimos anos, xunto cunha maior participación das mulleres no total de defuncións acaecidas en Galicia conducen a unha progresiva feminización do saldo

vexetativo, máis negativo para o caso feminino. Así, se en 2007 a aportación das galegas ao saldo vexetativo era do 49,8 %, en 2017 pasa a ser do 52,8 %.


Gráfico 2.16. Saldo vexetativo desagregado por sexo. Galicia (2007-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

Como consecuencia da situación descrita, o número de nacementos non compensan o de defuncións na comunidade galega. Como se pode constatar no gráfico seguinte, a taxa de reposición en Galicia se mantén por debaixo de 1 en todo o período de análise. Porén, debe sinalarse que pasa de 0,7 en 2007 a estar por debaixo de 0,6 en 2017. En España se advirte a mesma tendencia de diminución, entrando en valores negativos en 2017. Con todo, a taxa de reposición media estatal nese ano (0,93) supera en case catro décimas a galega.

Gráfico 2.17. Taxa de reposición da poboación. Galicia-España (2007-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Movemento natural da poboación, INE e IGE

2.5 Movements migratorios

Neste apartado analizaranse os datos comparativos entre Galicia e España para o período 2008-2018 das emigracións, inmigracións e saldo migratorio, así como a taxa bruta de emigración exterior. Neste apartado, en concreto, se engade unha comparativa con outras CC.AA.. A fonte utilizada é a Estatística de Migracións do INE, que se elabora a partir da Estatística de Variacións Residenciais obtida a partir dos datos do Padrón Municipal, que só reflicte os movementos migratorios cara ao estranxeiro, que non coinciden cos recollidos na de variacións residenciais, xa que teñen un tratamento estatístico adicional.

A táboa seguinte inclúe o total de movementos rexistrados en Galicia e España co estranxeiro. As emigracións en España e en Galicia seguen unha traxectoria similar: unha primeira etapa claramente crecente (2008-2013), que culmina en 2013 co maior valor da serie en ambos contextos; seguida dunha etapa cun comportamento máis irregular, nun marco xeral de tendencia ao decrecemento. Na análise global do período, as emigracións pasan de 288.432 persoas en 2008 ás 309.365 de 2018, o que supón un aumento de 20.933 persoas emigrantes (un 7,3 %, cun ritmo de crecemento medio anual do 0,88 %). Na comunidade galega se rexistra un volume de emigración notablemente superior, en concreto un incremento do 27,6 % de variación no período de análise, cunha media de crecemento anual do 3,1 %.

Táboa 2.6. Movementos migratorios en Galicia e España, con relación ao estranxeiro (2008-2018)

	España			Galicia		
	Emigracións	Inmigracións	Saldo migratorio	Emigracións	Inmigracións	Saldo migratorio
2008	288.432	599.074	310.642	7.347	19.330	11.983
2009	380.118	392.963	12.845	9.397	13.065	3.668
2010	403.379	360.704	-42.675	9.622	11.825	2.203
2011	409.034	371.335	-37.699	9.936	12.359	2.423
2012	446.606	304.054	-142.552	10.130	9.199	-931
2013	532.303	280.772	-251.531	12.300	8.414	-3.886
2014	400.430	305.454	-94.976	9.139	8.820	-319
2015	343.875	342.114	-1.761	10.140	10.181	41
2016	327.325	414.746	87.421	8.909	13.210	4.301
2017	368.860	532.132	163.272	10.840	17.672	6.832
2018	309.365	643.037	333.672	9.376	22.260	12.884
Var 2008-2018	20.933	43.963	23.030	2.029	2.930	901
T.C.A. 2008-2018	0,88	0,89	0,90	3,10	1,78	0,91


Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística de Migracións do INE

No que se refire as inmigracións, a tendencia é a contraria. O volume de persoas que chegan a Galicia e España foi diminuindo entre os anos 2008 e 2013, con excepción dun pequeno incremento en ambos contextos rexistrado en 2011. As inmigracións acadan o seu mínimo no ano 2013, a partir do cal volven a aumentar o número de inmigracións ata chegar, xa en 2018, ao seu valor máximo, tanto na comunidade galega coma na media estatal. Na análise total do

período, España recibe en 2018 un 7,3 % de inmigracións máis que en 2008, mentres que o incremento de inmigracións recibidas en Galicia duplica esta cifra (15,2 % máis das recibidas en 2008).

O saldo migratorio resultante destes movementos está fortemente condicionado polo ciclo económico. Así, ata 2010 España recibe máis persoas das que emigran, polo que ten un saldo migratorio positivo, aínda que decrecente. A partir de es ano, e ata 2016 -coincidindo coa época de peor incidencia da crise económica-, o saldo se mantén en valores negativos, a resultas da maior incidencia da emigración. Só a partir de 2016 torna valores positivos outra vez, ao ser superior o volume de inmigrantes. Na comunidade galega a evolución é similar, aínda que con lixeiras variantes. Así, se retarda o saldo negativo dous anos (2012), e se anticipa un ano o retorno a valores positivos (2015). A variación media do saldo foi similar en Galicia e España, en torno ao 0,9 %.


Gráfico 2.18. Saldo migratorio. Galicia-España (2007-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística de Migracións do INE

A taxa bruta de emigración ao estranxeiro, cociente que mide o número de emigracións por cada 1.000 habitantes, permite facer unha comparativa directa entre Galicia e España. Como se observa no gráfico, a taxa bruta de emigración ao estranxeiro en Galicia é sensiblemente inferior á media española (uns 5 puntos de media ao longo do período de análise), tendo unha evolución similar. En concreto, en 2018 toma un valor 3,1 emigracións por cada 1.000 habitantes na comunidade galega, mentres que a media española duplica este valor (6,6 %).


Gráfico 2.19. Taxa bruta de emigración ao estranxeiro. Galicia-España (2008-2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Indicadores de migracións exteriores

Ampliando o marco de análise ao conxunto das Comunidades Autónomas, Galicia está comprendida entre as rexións con menor taxa bruta de emigración en 2018, ocupando a terceira posición, con tan só dúas CCAA con menor taxa (Extremadura e Castela e León).


Gráfico 2.20. Taxa bruta de emigración ao estranxeiro por CCAA (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Indicadores de migracións exteriores

A taxa bruta de inmigración procedente do exterior (número de inmigracións desta categoría por cada 1.000 habitantes) presenta a mesma evolución que o valor absoluto do conxunto das inmigracións previamente comentado, sendo a tendencia coincidente en Galicia e España.


Gráfico 2.21. Taxa bruta de inmigración procedente do estranxeiro. Galicia-España. (2008-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Indicadores de migracións exteriores

A comunidade galega, ao igual que no caso das inmigracións totais, presenta un menor valor de inmigrantes procedentes do estranxeiro, en termos relativos, que o conxunto de España. No período de análise, esta diferenza acada un valor medio de 4,4 inmigrantes por cada mil habitantes menos que na media estatal. En 2018 en Galicia o número de inmigracións exteriores foi de 8,3 por cada mil habitantes acadando a media do Estado un valor próximo 14. Na comparativa co resto das CC.AA no ano 2018, Galicia acadaría o sexto lugar, sendo as comunidades que ocupan os menores valores de este indicador Extremadura, Asturias, Castela e León e a cidade autónoma de Ceuta.

Gráfico 2.22. Taxa bruta de inmigración procedente do estranxeiro. CC.AA. (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Indicadores de migracións exteriores

Nas seguintes táboas recóllense os movementos migratorios desagregados por sexo, para Galicia, a partir da información proporcionada polo IGE das Estatísticas de Variacións Residenciais. Estas estatísticas recollen o total de movementos, altas e baixas no padrón municipal, definindo ás migracións co exterior como todas as que se producen fora da CC.AA., polo que son a suma das que se realizan con outra Comunidade e co estranxeiro.

Táboa 2.7. Emigracións en Galicia segundo sexo (2007-2017)

	Homes									
	Número				TVA (%)			% sobre o total		
	Total	Ao exterior	A outra CCAA	Ao estranxeiro	Ao exterior	A outra CCAA	Ao estranxeiro	Ao exterior	A outra CCAA	Ao estranxeiro
2007	46.031	14.302	11.490	2.812				31,1	25,0	6,1
2008	43.182	13.760	9.830	3.930	-3,8	-14,4	39,8	31,9	22,8	9,1
2009	45.899	14.574	9.579	4.995	5,9	-2,6	27,1	31,8	20,9	10,9
2010	48.101	15.162	10.212	4.950	4,0	6,6	-0,9	31,5	21,2	10,3
2011	47.965	15.544	10.608	4.936	2,5	3,9	-0,3	32,4	22,1	10,3
2012	45.487	15.337	9.930	5.407	-1,3	-6,4	9,5	33,7	21,8	11,9
2013	45.783	16.058	9.678	6.380	4,7	-2,5	18,0	35,1	21,1	13,9
2014	45.907	15.956	10.244	5.712	-0,6	5,8	-10,5	34,8	22,3	12,4
2015	46.137	15.980	10.200	5.780	0,2	-0,4	1,2	34,6	22,1	12,5
2016	44.103	15.315	9.536	5.779	-4,2	-6,5	0,0	34,7	21,6	13,1
2017	43.732	15.937	9.342	6.595	4,1	-2,0	14,1	36,4	21,4	15,1
2018	47.107	15.744	9.905	5.839	-1,2	6,0	-11,5	33,4	21,0	12,4
	Mulleres									
	Número				TVA (%)			% sobre o total		
	Total	Ao exterior	A outra CCAA	Ao estranxeiro	Ao exterior	A outra CCAA	Ao estranxeiro	Ao exterior	A outra CCAA	Ao estranxeiro
2007	47.381	13.887	11.232	2.655				29,3	23,7	5,6
2008	43.925	13.156	9.651	3.505	-5,3	-14,1	32,0	30,0	22,0	8,0
2009	45.852	13.517	9.137	4.380	2,7	-5,3	25,0	29,5	19,9	9,6
2010	47.287	13.680	9.460	4.220	1,2	3,5	-3,7	28,9	20,0	8,9
2011	47.662	14.336	9.955	4.381	4,8	5,2	3,8	30,1	20,9	9,2
2012	44.994	14.104	9.621	4.483	-1,6	-3,4	2,3	31,3	21,4	10,0
2013	44.962	14.651	9.292	5.359	3,9	-3,4	19,5	32,6	20,7	11,9
2014	44.768	14.198	9.618	4.580	-3,1	3,5	-14,5	31,7	21,5	10,2
2015	45.943	14.727	9.793	4.934	3,7	1,8	7,7	32,1	21,3	10,7
2016	44.139	14.217	9.209	5.008	-3,5	-6,0	1,5	32,2	20,9	11,3
2017	43.325	14.312	9.038	5.274	0,7	-1,9	5,3	33,0	20,9	12,2
2018	47.621	14.622	9.293	5.329	2,2	2,8	1,0	30,7	19,5	11,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE

En canto a desagregación dos parámetros migratorios por sexo, as emigracións de mulleres galegas é inferior á dos homes en toda a serie salvo tres anos: o inicio e o final do período, e o ano 2016. Na última década emigraron como media 45.655 mulleres cada ano, fronte a 45.786 homes de media anual (131 máis). Como consecuencia, as emigracións femininas pasaron de 47.381 en 2007 a 47.621 en 2018, un incremento de 240 (0,5 %) a un ritmo de crecemento medio

anual do 0,05 %. As emigracións de homes, pola súa banda, aumentan en 1.076, pasando de 46.031 a 47.107 entre 2007 e 2018, un incremento do 2,3 % a un crecemento medio anual do 0,21 %. En canto as variacións anuais, non se detecta unha tendencia clara ao longo do período analizado, alternándose os períodos de crecemento e diminución nos sucesivos anos en ambos sexos.

A análise dos movementos migratorios revela que estamos ante un movemento fundamentalmente interior, é dicir, que se produce no seo da propia comunidade autónoma cara outros concellos ou provincias. Dende 2007, case sete de cada dez movementos inclúense nesta categoría, algo superior para o caso das mulleres (69 % da emigración feminina en media destes anos, dous puntos porcentuais sobre os homes). A emigración exterior, sexa cara outras comunidades autónomas ou cara o estranxeiro, presenta en consecuencia unha porcentaxe notablemente inferior. Neste caso, cabe subliñar que a porcentaxe de persoas que emigran ao exterior ven incrementándose dende 2007, ata acadar o seu valor máximo no ano 2017 (15 % do total de emigracións masculinas e 12,2 % para o caso das mulleres. Poñendo o foco nesta emigración cara o estranxeiro, o reparto entre homes e mulleres é bastante equilibrado, aínda que cabe sinalar que a porcentaxe de participación feminina descende dende o 48,6 % en 2007 ata pouco máis do 47 % en 2018. No cómputo total de movementos migratorios, o reparto entre homes e mulleres se mantén relativamente estable e igualado, en torno ao 50 %.

A táboa seguinte reflicte os datos correspondentes as inmigracións. Destes datos pódese obter as seguintes conclusións:

- Detéctase unha evolución descendente das inmigracións, similar no caso de homes e das mulleres, ata o ano 2013. Este ano sitúa un punto de inflexión, a partir do cal comeza un leve crecemento.
- A taxa de decrecemento medio anual da inmigración feminina (0,2 % de diminución media anual) é máis moderada que a masculina (0,7 %).
- As persoas que inmigran dende outras CCAA ou o estranxeiro, en conxunto, achegan en termo medio menos dun 37 % do total da inmigración a Galicia no período de análise. En consecuencia, en tendencia similar a destacada para o caso da emigración, o maior volume de movementos de inmigración xérase no interior da propia comunidade galega, entre municipios e provincias. Esta tendencia é lixeiramente superior no caso das mulleres (64,7 % de inmigración interna feminina fronte a 62,6 % no caso dos varóns, en media anual no período de análise).
- No último bienio, a tendencia anteriormente reflectida cambia lixeiramente para o caso das mulleres: neste período, a inmigración feminina dende o estranxeiro aumenta nun 0,2 %. Porén, no caso masculino, se reforza, ao diminuír a dita inmigración do estranxeiro nun 1,7 %.
- No relacionado coa inmigración procedente doutras comunidades, a redución rexistrada entre a inmigración feminina (1,1 % de diminución anual) é levemente inferior a masculina (1,5 % de redución media anual no período).

- Os aumentos de inmigrantes rexistrados a partir de 2013 non chegan para compensar a redución producida na primeira parte do período, atendendo aos distintos ciclos anteriormente referidos. Neste contexto, a inmigración feminina procedente do estranxeiro é unha excepción, sendo o único caso onde se observa un incremento en valor absoluto do número de inmigrantes entre 2007 e 2018.

Táboa 2.8. Inmigracións en Galicia a outras CC.AA e ao estranxeiro en Galicia segundo sexo (2007-2017)

	Homes						
	Número			TVA (%)		% sobre o total	
	Total	Doutra CCAA	Do estranxeiro	Doutra CCAA	Do estranxeiro	Doutra CCAA	Do estranxeiro
2007	57.011	11.153	14.129			19,6	24,8
2008	52.720	11.878	11.420	6,5	-19,2	22,5	21,7
2009	51.637	12.556	7.756	5,7	-32,1	24,3	15,0
2010	51.321	11.446	6.936	-8,8	-10,6	22,3	13,5
2011	50.635	11.143	7.071	-2,6	1,9	22,0	14,0
2012	45.951	10.610	5.191	-4,8	-26,6	23,1	11,3
2013	44.058	9.661	4.672	-8,9	-10,0	21,9	10,6
2014	44.280	9.048	5.281	-6,3	13,0	20,4	11,9
2015	45.398	9.202	6.039	1,7	14,4	20,3	13,3
2016	45.210	8.611	7.811	-6,4	29,3	19,0	17,3
2017	46.083	9.031	9.257	4,9	18,5	19,6	20,1
2018	52.590	9.501	11.726	5,2	26,7	18,1	22,3
	Mulleres						
	Número			TVA (%)		% sobre o total	
	Total	Doutra CCAA	Do estranxeiro	Doutra CCAA	Do estranxeiro	Doutra CCAA	Do estranxeiro
2007	55.984	10.233	12.257			18,3	21,9
2008	52.197	10.683	10.745	4,4	-12,3	20,5	20,6
2009	50.812	11.098	7.379	3,9	-31,3	21,8	14,5
2010	50.714	10.165	6.942	-8,4	-5,9	20,0	13,7
2011	49.800	9.698	6.776	-4,6	-2,4	19,5	13,6
2012	45.776	9.755	5.131	0,6	-24,3	21,3	11,2
2013	43.854	8.947	4.596	-8,3	-10,4	20,4	10,5
2014	44.116	8.450	5.096	-5,6	10,9	19,2	11,6
2015	45.908	8.637	6.055	2,2	18,8	18,8	13,2
2016	46.057	8.210	7.925	-4,9	30,9	17,8	17,2
2017	47.657	8.823	9.821	7,5	23,9	18,5	20,6
2018	54.529	9.073	12.457	2,8	26,8	16,6	22,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE.

O saldo migratorio resultante dos movementos anteriormente comentados (limitado neste caso aos movementos de intercambio co exterior de Galicia) reflicte oscilacións no período de análise, alternando períodos de crecemento e decrecemento. Nunha valoración global, en 2018 se rexistran case 37.000 homes e 39.5450 mulleres máis a resultas da combinación de inmigrantes procedentes doutras comunidades autónomas e do estranxeiro.

Táboa 2.9. Saldo migratorio en Galicia, con outras CC.AA e co estranxeiro, segundo sexo (2007-2018)

	Homes			Mulleres		
	Total	Coas outras CCAA	Co estranxeiro	Total	Coas outras CCAA	Co estranxeiro
2007	10.980	-337	11.317	8.603	-999	9.602
2008	9.538	2.048	7.490	8.272	1.032	7.240
2009	5.738	2.977	2.761	4.960	1.961	2.999
2010	3.220	1.234	1.986	3.427	705	2.722
2011	2.670	535	2.135	2.138	-257	2.395
2012	464	680	-216	782	134	648
2013	-1.725	-17	-1.708	-1.108	-345	-763
2014	-1.627	-1.196	-431	-652	-1.168	516
2015	-739	-998	259	-35	-1.156	1.121
2016	1.107	-925	2.032	1.918	-999	2.917
2017	2.351	-311	2.662	4.332	-215	4.547
2018	5.483	-404	5.887	6.908	-220	7.128

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE.

2.5.1 Movementos migratorios ao estranxeiro

Como complemento da información do epígrafe precedente, inclúese unha análise das migracións ao estranxeiro segundo a súa nacionalidade e idade, diferenciando por sexo. Poñendo o foco no primeiro aspecto, a nacionalidade das persoas que emigran ao estranxeiro, en 2007 emigraron 1.262 homes de nacionalidade española dende Galicia, o que representa o 44,9 % das saídas. Nese mesmo ano, o fixeron 1.192 mulleres de nacionalidade española, cunha representación sobre o total de emigrantes practicamente igual que no caso masculino. Ao longo do período, estas porcentaxes foron mudando, acadándose o maior peso da emigración galega ao estranxeiro de persoas con nacionalidade española no caso dos homes no ano 2015 (50,4 %) e no ano 2016 no caso das mulleres (50,3 %).

En termos absolutos, a emigración cara o estranxeiro dos homes nacionalizados españois pasou dos 1.262 no ano 2007 aos 2.147 no ano 2018, o que supuxo un aumento absoluto de 885 e unha taxa de crecemento media anual do 4,9 %. Os datos para o caso das mulleres nacionalizadas españolas que emigraron no ano 2018 dende Galicia cara o estranxeiro son

bastante similares, cun incremento de 813 no período de análise e unha taxa de variación anual media do 4,8 %.

O maior aumento da emigración cara o estranxeiro prodúcese, tanto en homes como en mulleres, nas persoas con nacionalidades do estranxeiro. Esta emigración foi de 3.692 no caso dos homes no ano 2018, o que supón un aumento de 2.142 con relación a 2007 e unha variación media anual do 8,2 %. No caso das mulleres, tamén se produciu un aumento, pero menor que no caso masculino. Así, no ano 2018 emigraron dende Galicia 3.326 mulleres nacionalizadas no estranxeiro, cun aumento absoluto de 1.861 con relación ao ano 2007 e un crecemento medio anual do 7,7 %.

Táboa 2.10. Emigracións ao estranxeiro segundo nacionalidade e sexo (2007-2018)

	Homes			Mulleres		
	España	Estranxeiro	% España	España	Estranxeira	% España
2007	1.262	1.550	44,9	1.190	1.465	44,8
2008	1.547	2.383	39,4	1.424	2.081	40,6
2009	1.562	3.433	31,3	1.522	2.858	34,7
2010	1.642	3.308	33,2	1.480	2.740	35,1
2011	2.279	2.657	46,2	2.044	2.337	46,7
2012	2.178	3.229	40,3	1.802	2.681	40,2
2013	2.658	3.722	41,7	2.143	3.216	40,0
2014	2.425	3.287	42,5	2.117	2.463	46,2
2015	2.915	2.865	50,4	2.420	2.514	49,0
2016	2.722	3.057	47,1	2.518	2.490	50,3
2017	2.386	4.209	36,2	2.140	3.134	40,6
2018	2.147	3.692	36,8	2.003	3.326	37,6
Var. Abs	885	2.142		813	1.861	
T.C.A. (%)	4,9	8,2		4,8	7,7	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE.

No caso das inmigracións, se detectan certas diferencias entre os perfís masculinos e femininos. Así, no caso de inmigrantes varóns se observa un crecemento constante dos que posúen nacionalidade española, que pasan a ser maioría a partir de 2014. A participación máxima dos inmigrantes españois en Galicia correspóndese co ano 2015 (59,5 %). A partir de ese ano van perdendo peso relativo e, de feito, en 2018 volven a ser predominantes os inmigrantes con nacionalidade estranxeira. Para o caso das mulleres, sen embargo, a participación maioritaria corresponde precisamente con este grupo, manténdose a inmigración de mulleres con nacionalidade española con menores valores relativos en todo o período. Porén, a situación máis equilibrada atópase en 2015, onde as mulleres inmigrantes nacionais practicamente igualan as que teñen nacionalidade estranxeira (49,8 % e 51,2 % respectivamente).

Na análise global do período se observa unha tendencia ao aumento de inmigrantes con nacionalidade española, levemente superior no caso das mulleres (crecemento medio do 1,7 % anual fronte o 1 % dos varóns) e paralelamente un decrecemento das persoas inmigrantes con

nacionalidade do estranxeiro, máis presente entre os homes (-2,6 % de redución media anual) que nas mulleres (-0.4 %).

Táboa 2.11. Inmigracións segundo nacionalidade e sexo. Galicia (2007-2018)

	Homes			Mulleres		
	España	Estranxeiro	% España	España	Estranxeira	% España
2007	3.049	11.080	27,5	2.740	9.517	28,8
2008	2.155	9.265	23,3	1.932	8.813	21,9
2009	1.715	6.041	28,4	1.517	5.862	25,9
2010	1.756	5.180	33,9	1.542	5.400	28,6
2011	1.969	5.102	38,6	1.739	5.037	34,5
2012	1.618	3.573	45,3	1.447	3.684	39,3
2013	1.537	3.135	49,0	1.381	3.215	43,0
2014	1.820	3.461	52,6	1.605	3.491	46,0
2015	2.253	3.786	59,5	2.013	4.042	49,8
2016	2.766	5.045	54,8	2.359	5.566	42,4
2017	3.237	6.020	53,8	2.965	6.856	43,2
2018	3.400	8.326	40,8	3.305	9.152	36,1
Var. Abs	351	-2.754		565	-365	
T.C.A. (%)	1,0	-2,6		1,7	-0,4	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE.

O saldo migratorio co exterior, atendendo á nacionalidade das persoas que entran e saen de Galicia, presenta tamén alternancia entre períodos de expansión e contracción. Para o caso dos varóns, a avaliación global é positiva (entran máis homes dos que emigran), salvo o caso do ano 2013. Se observa unha maior participación dos fluxos de persoas con nacionalidade do estranxeiro. Para o caso feminino, o saldo tamén é positivo, coa excepción xa sinalada do 2013. Identicamente, tamén teñen mais presenza os fluxos de persoas non nacionais.

Táboa 2.12. Saldo migratorio co estranxeiro segundo nacionalidade. Galicia (2007-2018)

	Homes		Mulleres	
	España	Estranxeiros	España	Estranxeiras
2007	1.787	9.530	1.550	8.052
2008	608	6.882	508	6.732
2009	153	2.608	-5	3.004
2010	114	1.872	62	2.660
2011	-310	2.445	-305	2.700
2012	-560	344	-355	1.003
2013	-1.121	-587	-762	-1
2014	-605	174	-512	1.028
2015	-662	921	-407	1.528
2016	44	1.988	-159	3.076
2017	851	1.811	825	3.722
2018	1.253	4.634	1.302	5.826


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE.

A continuación, recóllese a estrutura das emigracións e inmigracións cara e dende o estranxeiro, por tramos de idade, de homes e mulleres, para os anos 2007 e 2018.


Gráfico 2.23. Emigracións cara o estranxeiro segundo idade e sexo: 2007 e 2018

ANO 2007



HOMES



MULLERES



ANO 2018




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE.

Como se pode comprobar, no relacionado coas emigracións se detecta un leve incremento da participación dos homes máis novos na emigración, que descende para o caso das mulleres (salvo as do primeiro tramo de idade, as comprendidas entre os 16 e os 24 anos). Como dato de particular interese, a porcentaxe de emigración de persoas entre 25 e 34 anos cae en ambos

casos. Nunha análise global, non se detectan diferencias significativas en función do sexo das persoas emigrantes.

Gráfico 2.24. Inmigracións segundo idade e sexo: 2007 e 2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE. Datos tratados a partir da Estatística de Variacións Residenciais do INE.

Como se constata nos gráficos, os perfís de idade das persoas que entran na comunidade galega non presentan diferencias significativas en función do sexo dos inmigrantes, e coinciden practicamente nos dous períodos fixados para análise. Así, a maior participación atópase nas persoas de ambos sexos situadas no tramo de idade de 25 a 34 anos, se ben esta proporción redúcese en relación coa estrutura de 2007 (algo máis no caso dos homes que das mulleres).


Neste tramo a emigración de homes, sobre o total, é case 3 puntos inferior, xa que con relación ao primeiro ano da análise, a redución da porcentaxe sobre o total foi maior, de 5,6 puntos.

2.6 Outros indicadores demográficos: Índices de dependencia e envellecemento da poboación

Neste apartado analízanse unha serie de indicadores complementarios que reflicten con maior precisión algunha das tendencias previamente apuntadas. En concreto, ponse o foco no grao de envellecemento da poboación e nas taxas e índices de dependencia das persoas de maior idade, en tanto que, son fundamentais á hora de marcar obxectivos de cobertura das pensións ou gasto sanitario.

En primeiro lugar, analízase a taxa de dependencia da poboación maior de 64 anos que o INE calcula como o cociente entre a poboación maior de 64 anos e a comprendida entre os 16 e os 64 anos.

Gráfico 2.25. Evolución da taxa de dependencia da poboación maior de 64 anos en Galicia e España (2007-2018)




Fonte: Indicadores da Estrutura da Poboación. INE

No gráfico anterior pódese observar como a taxa de dependencia dos maiores en Galicia é maior que a española en todo o período de análise, e ademais cunha clara tendencia a aumentar a dita diferenza. Así, España pasa dunha taxa de 24,36 no ano 2007 a 26,61 no ano 2018, un incremento de 5,25 puntos porcentuais. En Galicia pasouse de 32,57 a 39,92 cun incremento de 7,35 puntos. Este dato é particularmente preocupante, pois significa que en Galicia hai case 40 persoas maiores de 64 anos por cada mozo ou moza de menos de 16; un dato notoriamente superior a media estatal (27 maiores por cada persoa nova). A fenda entre a situación galega en relación coa española aumenta a un ritmo medio do 2,1 % anual.

Na análise comparativa por CC. AA. en 2018, conséntase que a comunidade galega se atopa entre as tres comunidades con maior taxa de dependencia, xunto con Asturias e Castela e León.

Estas comunidades presentan unha taxa catro puntos superior á seguinte na clasificación, País Vasco. No outro extremo, as cidades autónomas de Ceuta e Melilla presentan a situación menos desfavorable. No marco autonómico, dita posición pertence ás comunidades insulares, cunha taxa sensiblemente inferior á media estatal (26,6 en 2018).

Gráfico 2.26. Taxa de dependencia da poboación maior de 64 anos por CCAA (2018)



Fonte: Indicadores da Estrutura da Poboación. INE

No marco desta análise de dependencia cobra importancia particular a porcentaxe de persoas maiores de 64 anos posta en relación coas que están en idade potencialmente activa (entre 15 e 64 anos), en función dos datos proporcionados polo IGE.

Táboa 2.13. Índice de dependencia senil en Galicia por sexo (2007-2018)

	Homes		Mulleres	
	Número	Taxa variación	Número	Taxa variación
2007	26,7		37,6	
2008	26,8	0,4	37,7	0,5
2009	27,3	1,8	38,2	1,4
2010	27,9	2,1	38,9	1,6
2011	28,7	2,8	39,7	2,1
2012	29,4	2,5	40,5	2,1
2013	30,0	2,0	41,1	1,5
2014	30,9	3,1	42,1	2,4
2015	31,8	2,8	43,1	2,3
2016	32,5	2,2	43,7	1,6
2017	33,1	1,8	44,3	1,3
2018	33,8	2,3	45,0	1,5
Var 2007-2018	7,1		7,4	
T.C.A. 2007-2018	2,2		1,7	

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

Este valor ascendeu notablemente dende 2007, pasando de 37,6 en 2007 a 45 en 2018 no caso das mulleres e de 26,7 a 33,8 no dos homes. O maior crecemento relativo do índice para as mulleres fai que a fenda por sexo aumente dende os 10,9 puntos iniciais aos 11,2 do último ano, se ben debe notarse que nos últimos 5 anos esta diferenza permanece constante. Igualmente,

cabe sinalar que o ritmo de crecemento deste valor no caso dos homes é superior ao das mulleres (2,2 % e 1,7 % respectivamente).

Outros indicadores que calcula o IGE para poder analizar a evolución demográfica galega son o índice de envellecemento e o índice de sobreenvellecemento. O primeiro calcúlase como a porcentaxe entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos. No segundo caso, a porcentaxe entre a poboación maior de 84 anos e a maior de 64.

Táboa 2.14. Índice de envellecemento e sobreenvellecemento en Galicia por sexo (2007-2018)

	ENVELLECIMENTO		SOBRE ENVELLECIMENTO	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2007	107,8	162,1	9,5	15,6
2008	109,0	163,5	10,0	16,3
2009	110,8	165,3	10,4	16,7
2010	112,9	167,5	10,7	17,2
2011	115,3	170,2	11,0	17,5
2012	117,3	172,9	11,4	17,9
2013	119,2	174,8	11,8	18,3
2014	122,3	178,3	12,2	18,8
2015	124,6	181,2	12,6	19,3
2016	126,4	182,7	13,1	19,9
2017	127,6	183,9	13,6	20,4
2018	129,3	185,3	14,2	21,0


Fonte: IGE. Indicadores demográficos

O número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 pasou, no caso das mulleres, de 162,1 a 185,3 cun aumento absoluto de 23,5 puntos porcentuais. No caso dos homes, estes índices son sensiblemente inferiores, tomando un valor de 107,8 no inicio do período ao 129,3 ao final, cun aumento de 21,5 puntos (inferior do experimentado polas galegas). De este xeito, aumenta a fenda entre mulleres e homes, dos 54,2 puntos aos 55,99.

No que se refire aos índices de sobreenvellecemento mostran que, no caso das galegas, pasouse dun 15,6 % de mulleres con 85 ou máis anos ao 21 % (cun aumento de 5,4 puntos porcentuais). No caso dos homes, este índice pasou de 9,5 a 14,2, cunha variación absoluta de 14,2 puntos. Neste caso, aínda que seguen a manterse, e aumentando o diferencial entre mulleres e homes, esta diferenza vaise reducindo, pasando dos 6,1 puntos no ano 2007 aos 6,8 no 2018.

A análise conxunta das fendas entre mulleres e homes nestes tres últimos indicadores amosa un marco de relativa estabilidade nas diferenzas, pese a o cal se destaca o incremento da fenda no índice de sobreenvellecemento do 3,4 % entre 2007 e 2018. Próximo a este valor, o incremento da diferenza no índice de envellecemento é do 3,3 %, mentres a fenda no índice de dependencia senil é a que rexistra un menor crecemento (2,9 %).

Gráfico 2.27. Indicadores demográficos. Galicia (2018)



Fonte: IGE. Indicadores demográficos

2.7 Mulleres e a sustentabilidade social do entorno rural.

O desenvolvemento do entorno rural está condicionado por unha serie de problemas, moitos dos cales supoñen un empeoramento das características xa destacadas para os urbanos²⁰: maior envellecemento da poboación, maior masculinización, e éxodo rural coa conseguinte dispersión da poboación e abandono de amplas zonas.

Para poder facer a análise destes fenómenos, o primeiro que se precisa é facer unha delimitación do entorno rural, o que permitirá agrupar os datos segundo o seu grao de urbanización que serán obxecto de análise neste apartado. A este respecto, o artigo 3 da Lei 45/2007 de 13 de decembro para o desenvolvemento sostible do medio rural (LDSMR), fai as seguintes diferenciacións:

- Medio rural: refírese a o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes, que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes/km².
- Zoa rural: é o ámbito de aplicación das medidas derivadas do Programa de Desenvolvemento Rural Sostible regulado por esta Lei, de amplitude comarcal ou subprovincial, delimitado e cualificado pola Comunidade Autónoma correspondente.
- Municipio rural de pequeno tamaño: considérase así aquel medio que posúa unha poboación residente inferior aos 5.000 habitantes e que estea integrado no medio rural.

En Galicia, o IGE publicou en xaneiro de 2017 unha actualización do grao de urbanización dos concellos galegos, establecendo tres categorías: Zonas densamente poboadas (ZDP), Zonas intermedias (ZIP) e Zonas pouco poboadas (ZPP). Esta clasificación vai máis aló do concepto

²⁰ Fademur. Datos situación de las mujeres rurales. Mediorural 2012.
http://www.fademur.es/documentos/Fademur_Datos-Mujeres-Rurales_MEDIORURAL2012.pdf

rural, e segue a caracterización que fixa Eurostat ao establecer tres niveis segundo o seu grao de urbanización: Grandes cidades, Cidades e suburbios e Áreas rurais.

- As ZDP son o conxunto contiguo de áreas locais de densidade superior a 500 habitantes/Km² e cunha poboación total para a zona de polo menos 50.000 habitantes. Correspóndense cos concellos das sete grandes cidades galegas.
- As ZIP son o conxunto de áreas locais que non pertencen a unha zona densamente poboada, contando cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 habitantes/Km² e onde se cumpre unha destas dúas características: a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a una zona poboada densamente (ZDP).
- As ZPP son os grupos de áreas locais que non pertencen as categorías anteriores, zonas densamente poboadas ou zonas intermedias. Esta definición pódese encadrar na proposta pola LDSMR para medio rural, ao ser zoas cunha densidade de poboación inferior a 100 habitantes/ Km².

A análise dos datos que se desenvolve nos seguintes apartados, está baseada nesta clasificación. A conseguinte distribución dos municipios nas Zoas Densamente Poboadas (ZDP) e as Zoas Intermedias (ZIP) recóllese na seguinte táboa.

Táboa 2.15. Zonas demográficas por poboación. Galicia (2019)

ZOAS DENSAMENTE POBOADAS		
15030 Coruña, A	27028 Lugo	36038 Pontevedra
15036 Ferrol	32054 Ourense	36057 Vigo
15078 Santiago de Compostela		
ZOAS INTERMEDIAS		
15002 Ames	15072 Rianxo	36022 Grove, O
15005 Arteixo	15073 Ribeira	36023 Guarda, A
15009 Betanzos	15075 Sada	36024 Lalín
15011 Boiro	15082 Teo	36026 Marín
15015 Cabanas	27016 Chantada	36027 Meaño
15017 Cambre	27019 Foz	36029 Moaña
15019 Carballo	27031 Monforte de Lemos	36033 Mos
15022 Cedeira	27051 Ribadeo	36035 Nigrán
15023 Cee	27057 Sarria	36039 Porriño, O
15028 Corcubión	27066 Viveiro	36041 Poio
15031 Culleredo	27902 Burela	36042 Pontearreas
15035 Fene	32008 Barbadás	36044 Pontecesures
15046 Melide	32009 Barco de Valdeorras, O	36045 Redondela
15051 Mugardos	32019 Carballiño, O	36046 Ribadumia
15054 Narón	32032 Xinzo de Limia	36049 Salceda de Caselas
15055 Neda	32085 Verín	36051 Sanxenxo
15057 Noia	36003 Baiona	36053 Soutomaior
15058 Oleiros	36004 Bueu	36055 Tui
15065 Padrón	36005 Caldas de Reis	36056 Valga
15067 Pobra do Caramiñal, A	36006 Cambados	36058 Vilaboa
15069 Pontedeume	36008 Cangas	36060 Vilagarcía de Arousa
15070 As Pontes de García Rodríguez	36021 Gondomar	36061 Vilanova de Arousa

Fonte: Elaboración propia a partir da clasificación realizada polo IGE

En función desta clasificación, dos 313 concellos da comunidade galega se identifican 7 (2,2 % do total) que corresponden ás grandes cidades e conforman a Zoa Densamente Poboada (ZDP), e 66 que conforman a Zoa Intermedia (ZIP) (21 % dos concellos). Os restantes 240 concellos atópanse na Zoa Pouco Poboada (ZPP), que supoñe a meirande parte dos municipios, un 76,8 % da totalidade.

2.7.1 Poboación no entorno rural

No ano 2018 había 364.530 mulleres e 355.005 homes nas zoas menos poboadas da comunidade. En consecuencia, a pesar do elevado peso dos concellos das ZPP no conxunto destas entidades na comunidade autónoma (76,8 %), en termos de poboación só representan o 26 % das mulleres e o 29,1 % dos homes de Galicia en 2018. Ademais, estas porcentaxes veñen descendendo dende o ano 2007, sobre todo no caso das mulleres (algo máis de 3 puntos porcentuais, fronte ao 2,6 % do descenso dos homes).

Táboa 2.16. Distribución da poboación por zoas e sexo. Galicia (2007-2018)

	2007		2018	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
TOT ZDP	464.954	524.340	461.299	526.729
TOT ZIP	472.183	493.879	484.305	509.875
TOT ZPP	400.022	417.155	355.005	364.530
GALICIA	1.337.159	1.435.374	1.300.609	1.401.134
Porcentaxes				
TOT ZDP	34,8	36,5	35,5	37,6
TOT ZIP	35,3	34,4	37,2	36,4
TOT ZPP	29,9	29,1	27,3	26,0
GALICIA	100,0	100,0	100,0	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

Tal e como se referiu con anterioridade, en Galicia pérdense 36.550 habitantes varóns e 34.240 mulleres dende 2007, con variacións medias de decrecemento anuais de 0,25 % e 0,22 %, respectivamente. Esta perda de poboación non é homoxénea segundo a zoa de residencia. Así, nas zoas intermedias a poboación medra, tanto a masculina como a feminina, con variacións medias anuais do 0,23 % e 0,29 %, gañando 12.122 habitantes homes e 15.996 mulleres. Nas zoas densamente poboadas prodúcense variacións máis leves, aínda que con diferente signo: as mulleres medran lixeiramente (0,04 % de media anual, 2.389) pero o número de homes cae, cunha perda total de 3.655 habitantes, o sexa, a un ritmo medio anual do 0,07 %.


Táboa 2.17. Variación da poboación por zoas e sexo. Galicia (2007-2018)

	Variación absoluta		Taxa Var. Media anual (%)	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
TOT ZDP	-3.655	2.389	-0,07	0,04
TOT ZIP	12.122	15.996	0,23	0,29
TOT ZPP	-45.017	-52.625	-1,08	-1,22
GALICIA	-36.550	-34.240	-0,25	-0,22

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

Por tanto, a meirande perda de poboación se corresponde co descenso de habitantes en zonas escasamente poboadas. O gráfico seguinte dá unha idea da magnitude do problema de despoboación que sofren as áreas rurais, que supoñen un agravamento nestas áreas da tendencia xeral destacada para a demografía galega. De feito, o resultado total da perda de poboación galega no período de análise se debe á combinación dun leve aumento nas ZIP (28.118 habitantes) e o abrupto descenso nas ZDP e ZPP. Do total desta diminución, próximo a 99.000 persoas, un 98,7 % se refire a poboación en ZPP. En tan só once anos, as ZPP perderon un 12 % da súa poboación total, sendo máis afectadas nesta diminución as mulleres.

Gráfico 2.28. Variación relativa de poboación por zoas e sexo (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

Outra característica destacada na demografía da comunidade galega é a dispersión crecente da súa poboación ou, dito noutras palabras, a perda de densidade demográfica. No período de análise, Galicia pasa dos 97 habitantes por km² do ano 2007 aos 94 de 2018. A maior caída prodúcese nas zoas pouco poboadas (pasan de 34 a 30 habitantes por km²) é só gañan densidade as zoas intermedias, pasando de 220 a 226 habitantes por km². En calquera caso,

segue habendo unha elevada diferenza coa densidade das ZDP, que no ano 2018 acadan os 1.006 habitantes por km², 780 puntos máis con relación as ZIP e máis de 970 sobre ás ZPP.


Táboa 2.18. Variación da densidade de poboación por zoas. Galicia (2007-2018)

	2007	2018
TOT ZDP	1.007	1.006
TOT ZIP	220	226
TOT ZPP	34	30
GALICIA	97	94

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

Ao igual que no caso da evolución do número de habitantes, o devalar da densidade de poboación supón un agravamento na ZPP da tendencia xeral da comunidade galega. Nestes once anos, as ZPP aumentaron a dispersión da poboación nun 12 %.

Gráfico 2.29. Evolución da densidade de poboación por zoas (2007-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

Outra consecuencia destas transformacións demográficas é a diminución da feminización da poboación nas ZPP, en favor das ZDP e as ZIP. Unha das vías para calcular a feminización relativa da poboación é a análise do número de mulleres empadroadas por cada cen homes. Tomando coma referencia este indicador, en Galicia en 2018 había empadroadas case 108 mulleres por cada 100 homes, unha media fortemente lastrada pola elevada concentración relativa de mulleres nas zoas densamente poboadas (114,2 mulleres empadroadas por cada cen homes). Por debaixo deste valor, aínda que con maioría feminina, están as ZIP (105,3 mulleres por cada 100 homes) e aínda máis baixo nas rurais (102,7). Con relación ao ano 2007, dada a evolución da poboación por sexo analizada anteriormente, o índice aumenta sobre todo nas máis densamente poboadas (1,4 puntos) e a metade nas intermedias (0,7). Na liña dos cambios

previamente comentados, nas zoas pouco poboadas o índice retrocede en 1,6 puntos. En coherencia con estes datos, o gráfico seguinte amosa a porcentaxe de poboación feminina nas distintas zoas, diferenciando a rexistrada en 2007 e en 2018. Tal e como se acaba de expoñer, a presenza feminina aumenta nas ZDP e nas ZIP, a costa dunha diminución nas ZPP.

Gráfico 2.30. Índice de feminización da poboación por zoas (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

Tal e como se vén reiterando, unha clara característica da demografía da comunidade galega é o progresivo envellecemento da poboación. A táboa seguinte reflicte a distribución dos habitantes por idades, clasificada segundo zoas de poboación. Unha primeira análise desta distribución amosa un claro envellecemento nas ZPP galegas, que concentran o 36,7 % da poboación maior de 64 anos de Galicia. Esta circunstancia pode agravarse nos próximos anos, pois só o 25 % dos galegos comprendidos entre os 16 e os 64 anos residen nestas zoas. No extremo contrario, as zoas intermedias e as densamente poboadas concentran en torno a un 80 % da poboación galega de menos de 16 anos, cun reparto equilibrado entre elas.

A análise individualizada de cada unha das zoas reafirma esta tendencia ao envellecemento nas ZPP. Así, o 34,6 % da poboación residente nestas áreas ten máis de 64 anos, mentres unicamente o 11,6 % ten unha idade inferior a 16 anos. Esta situación afecta particularmente as mulleres, xa que o 36 % das mulleres e o 28,8 % dos homes están nesta franxa de idade. As outras zonas amosan unha distribución menos envellecida, aínda que non menos preocupante. Nas ZDP, a porcentaxe de persoas maiores de 64 anos é do 23,5 %, e algo inferior nas ZIP (21,9 %). En ambos casos, as porcentaxes de mulleres son superiores aos dos homes con esta idade. Porén, a evolución máis recente da poboación, comentada ao principio deste capítulo, fai que os homes teñan una representación máis elevada nos segmentos de menor idade. Estas zoas non están exentas da tendencia á redución e envellecemento progresivo da poboación: só unha de cada dez persoas ten menos de 16 anos


Táboa 2.19. Distribución de poboación por zoas, sexo e idades. Galicia (2007-2018)

Homes	2007				2018			
	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64
ZDP	464.954	65.632	326.253	73.069	461.299	68.588	300.475	92.236
ZIP	472.183	69.414	330.291	72.478	484.305	72.796	319.790	91.719
ZPP	400.022	38.990	258.869	102.163	355.005	35.731	216.916	102.358
GALICIA	1.337.159	174.036	915.413	247.710	1.300.609	177.115	837.181	286.313
Mulleres	2007				2018			
	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64
ZDP	524.340	61.821	351.761	110.758	526.729	64.973	325.922	135.834
ZIP	493.879	65.387	327.888	100.604	509.875	68.751	321.456	119.668
ZPP	417.155	36.085	241.859	139.211	364.530	33.331	200.084	131.115
GALICIA	1.435.374	163.293	921.508	350.573	1.401.134	167.055	847.462	386.617
Porcentaxes								
Homes	2007				2018			
	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64
ZDP	100,0	14,1	70,2	15,7	100,0	14,9	65,1	20,0
ZIP	100,0	14,7	69,9	15,3	100,0	15,0	66,0	18,9
ZPP	100,0	9,7	64,7	25,5	100,0	10,1	61,1	28,8
GALICIA	100,0	13,0	68,5	18,5	100,0	13,6	64,4	22,0
Mulleres	2007				2018			
	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64
ZDP	100,0	11,8	67,1	21,1	100,0	12,3	61,9	25,8
ZIP	100,0	13,2	66,4	20,4	100,0	13,5	63,0	23,5
ZPP	100,0	8,7	58,0	33,4	100,0	9,1	54,9	36,0
GALICIA	100,0	11,4	64,2	24,4	100,0	11,9	60,5	27,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

De feito, a análise da evolución relativa de cada segmento de idade por áreas de poboación amosa que as maiores variacións relativas se rexistran, precisamente, nas ZIP e ZDP, e na poboación da máis de 64 anos.

Gráfico 2.31. Variación relativa da poboación. Galicia (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

A porcentaxe relativa que ten a poboación de maior idade en cada zona aumentou oito puntos porcentuais dende 2007 nas ZPP, e cinco nas outras (incrementos similares en homes e mulleres). Porén, a tendencia á despoboación destas zoas orixina que esta poboación aumente a maior ritmo nas ZIP e ZDP, moi por riba da media galega.


Táboa 2.20. Variacións de poboación por zoas, sexo e idades. Galicia (2007-2018)

Homes	VARIACIONES ABSOLUTAS (NÚMERO DE PERSOAS)				TAXAS DE VARIACIÓN MEAS ANUAIS (%)			
	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64
ZDP	-3.655	2.956	-25.778	19.167	-0,07	0,40	-0,75	2,14
ZIP	12.122	3.382	-10.501	19.241	0,23	0,43	-0,29	2,16
ZPP	-45.017	-3.259	-41.953	195	-1,08	-0,79	-1,59	0,02
GALICIA	-36.550	3.079	-78.232	38.603	-0,25	0,16	-0,81	1,33
Mulleres	VARIACIONES ABSOLUTAS (NÚMERO DE PERSOAS)				TAXAS DE VARIACIÓN MEAS ANUAIS (%)			
	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64	Total	Menos de 16	16-64	Máis de 64
ZDP	2.389	3.152	-25.839	25.076	0,04	0,45	-0,69	1,87
ZIP	15.996	3.364	-6.432	19.064	0,29	0,46	-0,18	1,59
ZPP	-52.625	-2.754	-41.775	-8.096	-1,22	-0,72	-1,71	-0,54
GALICIA	-34.240	3.762	-74.046	36.044	-0,22	0,21	-0,76	0,89

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

En canto ao índice de feminización -medido segundo o número de mulleres empadroadas por cada cen homes-, o valor máis baixo obsérvase na poboación menor de 16 anos, con independencia da zoas analizada, sendo lixeiramente menor no caso da ZPP, onde hai 93,3 mulleres por cada 100 homes. Nesta zoa localízase a menor presenza feminina, en todos os tramos de idade, sendo a menor a que se presenta no tramo de idade comprendido entre os 16 e os 64 anos (92 %). O segmento de máis de 64 anos, con 128 mulleres por cada 100 homes, é o único tramo de idade claramente feminizado. Na ZDP a porcentaxe de mulleres no tramo de maior idade acada un valor de 147 %, sendo estas zoas onde se produce a maior feminización da poboación maior.

Gráfico 2.32. Variación relativa da poboación por estrato de idades (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Padrón Municipal de habitantes do IGE

2.7.2 Migracións

Nesta sección analízanse os principais datos estatísticos relativos aos movementos da poboación para as tres zoas definidas en 2018: emigracións, inmigracións e saldo migratorio. Tamén se recolle a evolución das emigracións ao estranxeiro para o período 2007-2018.

Táboa 2.21. Variacións de poboación por zoas, sexo e idades. Galicia (2018)

Emigracións 2018					
Homes	Total	Interna	Externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
ZDP	17.127	9.614	7.513	4.446	3.067
ZIP	17.974	12.614	5.360	3.526	1.834
ZPP	12.006	9.135	2.871	1.933	938
GALICIA	47.107	31.363	15.744	9.905	5.839
Mulleres	Total	Interna	Externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
ZDP	17.237	10.138	7.099	4.153	2.946
ZIP	17.837	12.865	4.972	3.317	1.655
ZPP	12.547	9.996	2.551	1.823	728
GALICIA	47.621	32.999	14.622	9.293	5.329
Inmigracións 2018					
Homes	Total	Interna	Externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
ZDP	18.723	9.299	9.424	4.103	5.321
ZIP	19.887	12.589	7.298	3.280	4.018
ZPP	13.980	9.475	4.505	2.118	2.387
GALICIA	52.590	31.363	21.227	9.501	11.726
Mulleres	Total	Interna	Externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
ZDP	20.419	10.353	10.066	4.048	6.018
ZIP	20.498	13.100	7.398	3.218	4.180
ZPP	13.612	9.546	4.066	1.807	2.259
GALICIA	54.529	32.999	21.530	9.073	12.457
Saldo migratorio 2018					
Homes	Total	Interna	Externa	Con outras CCAA	Co estranxeiro
ZDP	1.596	-315	1.911	-343	2.254
ZIP	1.913	-25	1.938	-246	2.184
ZPP	1.974	340	1.634	185	1.449
GALICIA	5.483	0	5.483	-404	5.887
Mulleres	Total	Interna	Externa	Con outras CCAA	Co estranxeiro
ZDP	3.182	215	2.967	-105	3.072
ZIP	2.661	235	2.426	-99	2.525
ZPP	1.065	-450	1.515	-16	1.531
GALICIA	6.908	0	6.908	-220	7.128

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Datos elaborados a partir da Estatística de variacións residenciais do INE.

Da análise destes datos poden extraerse diferentes características:

- As ZIP son as zoas que rexistran maior emigración, sendo responsables do 38 % dos movementos rexistrados no ano 2018. As ZPP, polo contrario, son as zoas con menor número de movementos neste sentido (26 % do total de emigracións).
- A maior parte dos movementos migratorios en Galicia nese ano son de carácter interno (68 %). Esta predominancia da emigración interna está presente en todas as zoas, acadando o 80 % das emigracións nas ZPP. Pola contra, 4 de cada dez emigracións nas ZDP son ao exterior.
- A emigración externa é, basicamente, de cara a outra comunidade autónoma. En concreto, o 63,2 % das emigracións externas producidas en Galicia responden a esta tipoloxía. Esta característica se manifesta en todas as zoas, aínda que cabe destacar que suman sete de cada dez emigracións externas nas ZPP. Porén, catro de cada dez emigracións externas nas ZDP teñen coma destino o estranxeiro.
- Os porcentaxes de persoas que emigran se reparten de forma bastante equilibrada entre homes (49,7 % do total) e mulleres (50,3 %). A muller emigrante destaca nas ZPP, onde representan o 51,1 % do total das emigracións.
- Tanto homes como mulleres teñen como destino preferente das súas emigracións as internas, e dentro das externas, as que se producen a outras CCAA.
- No apartado de inmigracións, as internas constitúen seis de cada dez movementos deste tipo producidos en Galicia en 2018. A distribución máis equilibrada atópase nas ZDP, onde as inmigracións externas (49,8 %) igualan practicamente as internas (50,2 %). Pola contra, sete de cada dez inmigracións cara as ZPP son internas.
- Só dous de cada dez persoas que inmigran dende o exterior elixen como destino unha ZPP, mentres case 5 elixen unha ZDP. En canto aos movementos internos, catro de cada dez se dirixen a unha ZIP.
- A proporción de mulleres inmigrantes é lixeiramente superior á dos homes (50,9 %). A muller está lixeiramente sobre representada na inmigración interna (51,3 % das inmigracións deste tipo).
- A distribución das mulleres na inmigración responde ao mesmo patrón de equilibrio previamente comentado para o caso das emigracións, tendo unha presenza lixeiramente superior nas ZDP (52,2 %).
- Os saldos migratorios son, en todos os casos, positivos, en canto entran máis persoas que saen de Galicia, e en todas as zoas consideradas no ano 2018. Só atopamos un saldo negativo, no caso das mulleres, se se analiza a migración interna (dentro de Galicia) nas zoas pouco poboadas (que perden 450 habitantes). Se se analiza o saldo no caso dos varóns, a situación muda por completo. Seguen a ser as migracións internas as que arrojan resultados negativos, pero nos casos das que se producen nas zoas densamente poboadas e nas intermedias, mentres que nas zoas pouco poboadas o saldo é positivo.

Táboa 2.22. Distribución porcentual das migracións por destino en cada zoa. Galicia (2018)

Emigracións					
Homes	Total	Interna	Externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
ZDP	100,0	56,1	43,9	59,2	40,8
ZIP	100,0	70,2	29,8	65,8	34,2
ZPP	100,0	76,1	23,9	67,3	32,7
GALICIA	100,0	66,6	33,4	62,9	37,1
Mulleres	Total	Interna	Externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
ZDP	100,0	58,8	41,2	58,5	41,5
ZIP	100,0	72,1	27,9	66,7	33,3
ZPP	100,0	79,7	20,3	71,5	28,5
GALICIA	100,0	69,3	30,7	63,6	36,4
Inmigracións					
Homes	Total	Interna	Externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
ZDP	100,0	49,7	50,3	43,5	56,5
ZIP	100,0	63,3	36,7	44,9	55,1
ZPP	100,0	67,8	32,2	47,0	53,0
GALICIA	100,0	59,6	40,4	44,8	55,2
Mulleres	Total	Interna	Externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
ZDP	100,0	50,7	49,3	40,2	59,8
ZIP	100,0	63,9	36,1	43,5	56,5
ZPP	100,0	70,1	29,9	44,4	55,6
GALICIA	100,0	60,5	39,5	42,1	57,9

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Datos elaborados a partir da Estatística de variacións residenciais do INE.

Abundando na perspectiva de xénero, como se anticipou as mulleres protagonizan a maior parte das emigracións en todas as zoas, salvo nas zoas intermedias pero con unha diferenza moi pequena (décimas). Son maioría en todas as emigracións internas, dentro da CC.AA., superando en todas as zoas o 50 %. Dentro de estas, as emigracións de mulleres dende as zoas pouco poboadas adquieren un rol protagonista, co 52,3 % do total, mentres que a maioría das que se producen ao exterior son mulleres que habitan en zoas densamente poboadas e representan o 48,6 % do total destas migracións. En calquera caso, as mulleres, por termo medio, representan o 48,2 % das emigracións externas, polo que hai unha maior tendencia de moverse cara a zoas máis próximas no caso das mulleres.

En canto aos movementos de inmigración, a todas as zoas chegan máis mulleres de outras zoas da CC.AA. que do exterior, sendo a menor porcentaxe as que o fan cara as zoas pouco poboadas. A maior porcentaxe de mulleres que inmigran dende o estranxeiro o fan cara as zoas densamente poboadas, sendo esta, a porcentaxe que máis difire entre zoas.

Táboa 2.23. Porcentaxe de mulleres nos movementos migratorios. Galicia (2018)

	Emigración				
	Total	Interna	Externa	A outra CCAA	Ao estranxeiro
ZDP	50,2	51,3	48,6	48,3	49,0
ZIP	49,8	50,5	48,1	48,5	47,4
ZPP	51,1	52,3	47,0	48,5	43,7
GALICIA	50,3	51,3	48,2	48,4	47,7
	Inmigración				
	Total	Interna	Externa	Doutra CCAA	Do estranxeiro
ZDP	52,2	52,7	51,6	49,7	53,1
ZIP	50,8	51,0	50,3	49,5	51,0
ZPP	49,3	50,2	47,4	46,0	48,6
GALICIA	50,9	51,3	50,4	48,8	51,5

Fonte: *Elaboración propia a partir de IGE. Datos elaborados a partir da Estatística de variacións residenciais do INE.*


A maior parte das emigracións ao estranxeiro prodúcense dende as zoas densamente poboadas, que presentan unha evolución crecente no tempo, salvo entre os anos 2010 e 2011 e no 2014, tanto no caso dos homes como das mulleres. No período analizado, as emigración dende esta zoa ao estranxeiro aumentou en 2.484 homes e 1.790 mulleres, o que mostra a maior emigración cara ao estranxeiro no caso dos varóns.

Nas áreas pouco poboadas, esta emigración presenta unha tendencia máis moderada e os períodos nos que cae, non coinciden cos da ZDP. Así, medra en toda a serie coa excepción dos anos 2010, 2012, 2014 e 2017 no caso dos homes. Nas mulleres esta emigración tamén cae nos anos 2010, 2012, 2014 e 2017. No conxunto do período esta emigración aumenta en 499 homes e 311 mulleres.

Da análise da evolución da emigración ao estranxeiro na última década é posible inferir algunha tendencia. Así, obsérvase que o volume de mulleres nesta categoría é menor que o dos homes en toda a serie. A maior parte das emigracións ao estranxeiro prodúcense dende as zoas densamente poboadas, que presentan unha evolución crecente no tempo, salvo entre os anos 2010 e 2011 e no 2014, tanto no caso dos homes como das mulleres. No período analizado, as emigración dende esta zoa ao estranxeiro aumentou en 2.484 homes e 1.790 mulleres, o que mostra a maior emigración cara ao estranxeiro no caso dos varóns.

Nas áreas pouco poboadas, esta emigración presenta unha tendencia máis moderada e os períodos nos que cae, non coinciden cos da ZDP. Así, medra en toda a serie coa excepción dos anos 2010, 2012, 2014 e 2017 no caso dos homes. Nas mulleres esta emigración tamén cae nos anos 2010, 2012, 2014 e 2017. No conxunto do período esta emigración aumenta en 499 homes e 311 mulleres.


Gráfico 2.33. Emigración ao estranxeiro por sexo (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Datos elaborados a partir da Estatística de variacións residenciais do INE.

No relacionado coas inmigracións procedente do estranxeiro, a tendencia é común en todas as áreas e coincide coa xa analizada para o conxunto galego, ao presentar unha clara vinculación ao ciclo económico: cae ata 2013 e amosa unha tendencia crecente a partir do ano 2014.

Gráfico 2.34. Inmigración ao estranxeiro por sexo (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Datos elaborados a partir da Estatística de variacións residenciais do INE.

2.8 Conclusións do Capítulo 2

As características máis salientables da poboación galega nas últimas décadas son as seguintes:

1. Redución progresiva e constante. Dende 1996, a comunidade galega perdeu preto de 41.000 habitantes (un 1,5 %), a un ritmo medio do 0,5 % anual. Esta situación afecta por igual a homes e mulleres, aínda que máis recentemente (dende 2011) a diminución afecta máis a poboación masculina.
2. Envellecemento. Na última década se observa unha notable diminución da poboación menor de 35 anos, que se contrae preto dun 21 %. Isto supón un ritmo medio de caída superior ao 2 % anual. Pola contra, as persoas maiores de 65 anos experimentan un crecemento medio do 14 %, claramente superior que as que teñen entre 35 e 64 anos (8,9 %). As mulleres teñen presenza maioritaria neste grupo de idade, aportando o 57,3 % das persoas de máis de 65 anos.
3. Consolidación das tendencias. As proxeccións realizadas a curto prazo reflicten que as características anteriores se manteñen no tempo, cunha caída esperada do 5,3 % dos seus habitantes ata 2033. Esta contracción afecta lixeiramente máis á poboación masculina (0,4 % de caída, unha décima máis que a esperada para as mulleres).
4. Polarización. Sete de cada dez galegos e galegas residen nas provincias atlánticas, situación que se mantén nas proxeccións esperadas a curto prazo. Porén, o marco xeral de diminución de habitantes afecta a curto prazo ás catro provincias galegas, aínda que de forma máis acusada a Ourense e Lugo.
5. Crecemento vexetativo negativo. O número de nacementos cae na última década a un ritmo medio do 1,6 % anual, inferior á media estatal (2,2 %). Pola súa banda, o número de defuncións aumenta en maior proporción (6,0 %) no mesmo período. En consecuencia, a comunidade galega inxírese nunha senda de crecemento vexetativo negativo.
6. Maior presenza da muller no decrecemento da poboación. Na última década naceron menos nenas, e as defuncións de mulleres creceron proporcionalmente máis que as acaecidas entre os homes. En consecuencia, o saldo vexetativo feminino é menos favorable que o masculino.
7. A taxa de reposición da poboación en Galicia mantense en valores inferiores a 1 dende 2007. Ademais, este valor ten unha tendencia decrecente, situándose en 2017 en 0,58 nacementos por cada defunción.
8. A comunidade galega atópase entre as tres comunidades con maior taxa de dependencia, xunto con Asturias e Castela e León. O valor desta taxa en 2018 para Galicia (39,9 maiores por cada persoa menor de 16 anos) é notablemente superior á media estatal, inferior a 27 puntos.
9. As mulleres galegas presentan un maior índice de envellecemento, sobreenvellecemento e dependencia senil que os homes.

10. Mesma tendencia na evolución de poboación no rural pero con maior forza. A poboación perde máis peso nas zoas pouco poboadas que nas densamente poboadas ou as intermedias, cun ritmo do -1,1% no caso dos homes e, lixeiramente en maior proporción, no caso das mulleres (-1,2%). Isto mostra o problema de despoboación que sofren as áreas rurais.
11. Perda de densidade demográfica: nas zoas pouco poboadas a densidade de poboación, xa baixa no ano 2007, descende aos 30 habitantes por km².
12. Lixeira diminución da feminización relativa da poboación nas áreas rurais. Así, pasa do 51 % no ano 2007 ao 50,7 % no 2018, mentres que, nas outras áreas definidas, a tendencia é a inversa. Pero se analizamos o número de mulleres por cada 100 homes para a poboación menor de 16 anos, só hai 93 mulleres por cada 100 homes, sendo a zoa onde localízase a menor presenza feminina neste tramo de idade.
13. Maior envellecemento da poboación no rural. Nestas zoas concéntrase o 36,7 % da poboación maior de 64 anos de Galicia. Situación que pode agravarse nos próximos anos, xa que só o 25 % dos galegos entre 16 e 64 anos residen nestas zoas.
14. No rural acentúase a emigración interna, dentro da Comunidade Autónoma, sobre todo no caso das mulleres. O 76% dos homes e, en maior medida, no caso das mulleres (case o 80%) emigran cara outro concello ou provincia. Dentro das emigracións externas, dende as zoas pouco poboadas, o destino preferido é cara outra CC.AA. (67% no caso dos homes e case o 72% no caso das mulleres). Hai unha maior tendencia das mulleres galegas a moverse ás zoas máis próximas.
15. No que respecta a inmigración de mulleres é maior a que procede doutras CC.AA. que as que proceden do estranxeiro.
16. Ciclo económico e inmigración. No caso do rural, confírmase a mesma tendencia presentada no caso galego: a maior inmigración estranxeira prodúcese nas fases de recuperación do ciclo económico.

Capítulo 3 EDUCACIÓN E FORMACIÓN

A educación é un dos piares básicos para mellorar a vida e o desenvolvemento persoal e profesional. Non en van, a consecución dunha educación de calidade é un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU. En concreto, a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible contempla, entre os seus obxectivos, garantir unha educación inclusiva e equitativa, de calidade, e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todas as persoas. A educación é crave para que os países poidan acadar un equilibrio intelixente, polo que a igualdade de oportunidades neste tema é vital para as persoas pero, tamén, para os propios países.


Neste capítulo analizaranse a principal información sobre os datos educativos, nos distintos niveis de ensino, así como as posibles diferenzas entre homes e mulleres. Tamén se analizará a evolución do profesorado universitario e os datos do persoal de I+D, co obxectivo de estudar o peso da muller na ciencia.

3.1. Educación e igualdade

Nesta sección preséntanse os principais indicadores do sistema educativo non universitario: o número total de estudantes e a súa evolución dende o curso 2007-08, as taxas de abandono temperán e o nivel formativo da poboación nova.


A evolución do alumnado non universitario en España amosa unha tendencia crecente dende o curso 2007-2008. Neste período, o número de nenos supera o de nenas en toda a serie, cunha leve tendencia á estabilización da diferenza a partir do curso 2014-2015. Con todo, no curso 2017-2018 hai 533.375 nenos no sistema de ensinanzas máis que no curso 2007-2008 (un 14,5 % máis), mentres que o incremento do número de nenas é do 11,41 %.

Gráfico 3.1. Evolución do alumnado de ensinanzas de Réxime Xeral por sexo: España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Gráfico 3.2. Evolución do alumnado de ensinanzas de Réxime Xeral por sexo: Galicia (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional.


A evolución da escolarización non universitaria en Galicia segue unha tendencia similar. Así, obsérvase unha senda crecente ata o curso 2014-15, a partir do cal, empeza a estabilizarse lentamente. No conxunto do período analizado, o número de nenas estudando pasou de 180.646 a 194.262, o que supuxo un incremento de 13.616, un 7,5 % que resulta inferior á variación experimentada polos nenos galegos (11,4 %) e á variación antes referida no conxunto do Estado. A fenda entre nenos e nenas na escolarización é similar á media estatal, constituíndo as nenas en torno ao 48,3 % da matrícula total no curso 2017-2018 en ambos casos.

Na análise do substrato educativo dun territorio, un dato de particular interese é o estudo do abandono educativo temperán, entendido como a porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos (ambos inclusive) que non completou o nivel de educación secundaria (segunda etapa) e non segue ningún tipo de formación (regrada ou non regrada). As categorías incluídas no cálculo do indicador son: persoas analfabetas, educación primaria, formación e inserción laboral que non precisa título de primeira etapa de secundaria, primeira etapa de educación secundaria, formación e inserción laboral que precisa título de primeira etapa de secundaria e garantía social/iniciación profesional.

A análise deste indicador amosa unha situación menos desfavorable na comunidade galega, onde a taxa de abandono educativo temperán acadou un valor en 2018 de 11,4 % para as nenas e 17 % para os nenos, inferior en ambos casos á media do conxunto do Estado (21,7 % e 14 % para nenos e nenas, respectivamente). A evolución deste indicador dende o curso 2007-2008 constata unha forte redución na comunidade galega, e en particular no caso dos nenos, onde a taxa se reduciu practicamente á metade. A diminución no caso das nenas é inferior, próxima ao

18 %. No conxunto do Estado tamén se reduce de xeito a dita taxa, sobre todo no caso das nenas (43,3 %).


Gráfico 3.3. Abandono educativo temperán: Galicia-España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos polo IGE da Estatística das Ensinanzas non Universitarias (MECD) e do INE, Estimacións da poboación actual

Outro indicador de particular interese é o nivel formativo da poboación nova, que defínese como a porcentaxe de poboación de 20 a 24 anos que completou polo menos a educación secundaria segunda etapa. As mulleres galegas lideran claramente este indicador, cunha porcentaxe do 80,1 % no ano 2018 que supera en 2,2 puntos porcentuais o dato das mulleres españolas e en máis de 11 puntos aos homes galegos.

Gráfico 3.4. Nivel formativo da poboación nova: Galicia-España (2007-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos polo IGE da Estatística das Ensinanzas non Universitarias (MECD) e do INE, Estimacións da poboación actual

Obsérvase un mellor nivel formativo en xeral na poboación galega en relación coa media estatal. Porén, o importante esforzo realizado neste eido no conxunto do Estado reduciu notablemente a dita diferenza. A evolución no contexto galego, vinculada á redución do abandono temperán, tamén é positiva, sobre todo no caso dos homes (dez puntos porcentuais), o que vai diminuindo progresivamente a fenda formativa entre homes e mulleres na comunidade galega.

3.2. A situación das mulleres na educación obrigatoria e post-obrigatoria

Neste apartado analízanse os datos do estudantado matriculado nos distintos niveis superiores da educación non universitaria en España: ESO, bacharelato e FP, xunto con outros indicadores de rendemento como as taxas brutas de alumnado que se gradúa na ESO ou Bacharelato.

Gráfico 3.5. Alumnado matriculado na ESO: Galicia-España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional.


O número de alumnado matriculado na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) en Galicia diminuíu en máis de 3.500 alumnos entre os cursos 2007-2008 e o 2017-2018, sendo a taxa media anual de decrecemento case igual para nenos e nenas, dun -0,4 %. O peso das nenas no conxunto de alumnado matriculado, tamén permanece constante, 49%, sendo moi lixeiramente superior que o da media española (48,7 %). En España, está a medrar o número de estudantes matriculados nesta etapa formativa, manténdose constante as diferenzas entre nenos e nenas.

A taxa bruta de alumnado que se gradúa na ESO defínese como a relación entre o alumnado que remata os estudos de ESO, independentemente da súa idade, coa poboación total da idade teórica de comezo do último curso do ensino. As nenas galegas son as que presentan a maior taxa bruta de gradación na ESO, que no ano 2018 acadou o 83,3 %, superando as nenas españolas en 2,4 puntos e en 12 puntos porcentuais aos nenos galegos.

A evolución deste indicador é positiva en todos os casos, acadando melloras de 8 puntos para o conxunto de nenos do Estado, case 5 puntos para as nenas, 4 puntos nos nenos galegos e 2 puntos nas nenas galegas. Neste caso en concreto, debe terse en conta que o dato de partida

das nenas galegas era notablemente maior, 81,3 % en 2007, superando en máis de 14 puntos porcentuais o dato medio de gradación dos nenos.

Gráfico 3.6. Taxa Bruta de alumnado que se gradúa en ESO: Galicia-España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos polo IGE da Estatística das Ensinanzas non Universitarias (MECD) e do INE, Estimacións da poboación actual

As mulleres teñen unha presenza maioritaria nas aulas de Bacharelato. O número de mozas matriculadas no curso 2017-2018 neste nivel de formación en Galicia ascendeu a 18.970, representando o 52,5 % do total de alumnado. Esta participación é lixeiramente inferior a media española (53,1 % de mulleres). En ambos casos, detéctase unha diminución da presenza feminina nas aulas dende o 2007-2008.


Táboa 3.1. Alumnado matriculado en Bacharelato: Galicia-España (2007-2018)

	España			Galicia		
	Homes	Mulleres	% Mulleres	Homes	Mulleres	% Mulleres
2007-08	282.569	339.564	54,6	17.136	21.411	55,5
2008-09	287.937	341.310	54,2	17.176	21.092	55,1
2009-10	301.831	348.732	53,6	17.533	21.108	54,6
2010-11	316.334	355.879	52,9	18.297	21.013	53,5
2011-12	324.303	359.873	52,6	18.619	20.771	52,7
2012-13	329.572	362.526	52,4	18.608	20.501	52,4
2013-14	331.331	365.317	52,4	18.389	20.291	52,5
2014-15	329.035	361.703	52,4	18.253	19.961	52,2
2015-16	330.702	364.855	52,5	18.321	19.902	52,1
2016-17	324.437	363.158	52,8	17.713	19.518	52,4
2017-18	317.298	359.260	53,1	17.155	18.970	52,5
Var. Abs 2007-2018	34.729	19.696		19	-2.441	
T.C.A. 2007-2018	1,06	0,51		0,01	-1,09	

Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

A matrícula nestes estudos ven diminuindo constantemente nos últimos cursos, coa excepción do 2015-2016 que, con todo, non chega para compensar as caídas precedentes. Porén, pese a que cada ano ingresan en Bacharelato menos persoas (fenómeno ligado á caída de poboación), a avaliación global no período é menos pesimista. Para Galicia, o decrecemento no conxunto do período se cifra en -2.441 mozas, cunha variación do 11,4 % que contrasta co leve incremento acaecido nos mozos galegos (0,01 %). No caso de España, medra tanto o número de mozos matriculados (12,3 %) como o de mozas (5,8 %).

Gráfico 3.7. Alumnado en Bacharelato. Taxa de variación interanual: Galicia-España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos polo IGE da Estatística das Ensinanzas non Universitarias (MECD) e do INE, Estimacións da poboación actual

No relacionado coas modalidades cursadas por este alumnado, as mulleres galegas son ampla maioría en 2018 no Bacharelato de Artes (70 %), e unha maioría menos rotunda en Ciencias Sociais (58,4 %); porén, son minoría nos estudos de Ciencia e Tecnoloxía (46 %), sendo, esta, unha característica común coa media española. A participación das mozas galegas en estes estudos é lixeiramente inferior á que teñen as mozas na media do conxunto do Estado (-1,1 puntos), e optan máis pola opción de arte (1,9 puntos por riba da media das mozas españolas). Ademais, esta preferencia das mozas galegas pola opción de artes vai aumentando dende o ano 2007, onde representaban o 63,7 % do total do alumnado matriculado nesta opción. O incremento relativo acaecido en Galicia (7 puntos porcentuais) é sensiblemente superior ao rexistrado na media do Estado, onde o crecemento non chega a 4 puntos. En paralelo, descende a matrícula en Ciencias Sociais e Humanidades entre as mozas galegas (case 6 puntos en relación á participación de 2007), cun maior decrecemento que a media estatal (-3,9 puntos). A opción de Ciencia e Tecnoloxía, pola súa banda, é a que presenta un comportamento máis estable. Non obstante, a caída de mozas galegas nesta matrícula (1,7 puntos porcentuais) contrasta co incremento de presenza no conxunto do Estado (0,8).


Táboa 3.2. Alumnado matriculado en Bacharelato por modalidade: Galicia-España (2007-2018)

Curso 2007-2008	España		Galicia		España	Galicia
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	% de mulleres	
Total	264.351	320.342	16.132	20.323	54,8	55,7
Ciencias e Tecnoloxía	143.199	123.098	9.747	8.876	46,2	47,7
Humanidades e Ciencias Sociais	112.052	181.542	5.942	10.669	61,8	64,2
Artes	7.732	14.247	443	778	64,8	63,7
Non distribuido por modalidade	1.368	1.455	0	0		
Curso 2017-2018	España		Galicia		España	Galicia
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	% de mulleres	
Total	294.144	337.549	15.270	17.138	53,4	52,9
Ciencias e Tecnoloxía	154.822	137.385	8.553	7.275	47,0	46,0
Humanidades e Ciencias Sociais	128.572	176.856	6.251	8.759	57,9	58,4
Artes	10.750	23.308	466	1.104	68,4	70,3
Variación absoluta 2018-2007	España		Galicia			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres		
Ciencias e Tecnoloxía	11.623	14.287	-1.194	-1.601		
Humanidades e Ciencias Sociais	16.520	-4.686	309	-1.910		
Artes	3.018	9.061	23	326		
Taxa de Variación Anual Media (%) 2018/2007	España		Galicia			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres		
Ciencias e Tecnoloxía	0,7	1,0	-1,2	-1,8		
Humanidades e Ciencias Sociais	1,3	-0,2	0,5	-1,8		
Artes	3,0	4,6	0,5	3,2		

Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non Universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

A continuación, analizaranse os datos da taxa bruta de alumnado que se gradúa en Bacharelato, que se define como a relación entre o alumnado que remata os estudos de bacharelato, independentemente da súa idade, coa poboación total da idade teórica de comezo do último curso do ensino. As taxas galegas son superiores a media do Estado en 2018, tanto no relacionado cos homes (5 puntos superior) coma no caso das mulleres (7 puntos). Na análise da evolución dende o curso 2007-2008 se detecta unha mellora de todos os indicadores, particularmente notable para os mozos galegos, que pasan dun valor de 45,1 a 53,6 na década de análise. A mellora media en España é superior, aínda que debe facerse notar que os valores de partida son sensiblemente inferiores.


Gráfico 3.8. Taxa Bruta de alumnado que se gradúa en Bacharelato: Galicia-España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos polo IGE da Estatística das Ensinanzas non Universitarias (MECD) e do INE, Estimacións da poboación actual

En canto ao alumnado de Ciclos Formativos de FP básica, o número de mulleres e homes descende significativamente con relación aos datos de estudos de Bacharelato. Así, en Galicia en 2018 hai 8 alumnos e alumnas en Bacharelato por cada persoa matriculada en FP básica. En España, a desproporción é, aínda, maior: 9 en Bacharelato por cada matrícula en FPB. A análise desagregada por sexo revela que as diferenzas atópanse, sobre todo, no caso das mulleres. En Galicia a relación FPB-Bacharelato para as mulleres é de 15 alumnas de Bacharelato por cada matriculada en FPB e en España esta diferenza é, aínda, maior (17). Para o caso dos homes, a proporción de estudantes de Bacharelato por cada estudante de FPB é de 9 en España e de 5 en Galicia.

Gráfico 3.9. Alumnado de Ciclos Formativos de FP básica: Galicia-España (2014-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non Universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

Outra característica destes estudos é que a proporción de mulleres na matrícula total é moi inferior que á detectada para os estudantes de Bacharelato. As mozas que cursan estes estudos en Galicia só representan o 28 % do total no curso 2017-18, unha porcentaxe similar á existente no curso 2014-15 (27,5 %). Porén, no marco de análise, obsérvase que das 573 mulleres que cursaban estes estudos no curso 2014-2017 pásase a 1.270 no curso 2017-2018, un aumento de 697 estudantes, cunha taxa de crecemento medio anual do 22 %, sendo esta superior á dos varóns (20,8 %). Estes datos amosan un incremento destes estudos superiores en Galicia superior á media estatal (cuns valores de 16,5 % e 15,6 % de media de crecemento anual para mulleres e homes, respectivamente).

Fronte a esta tendencia positiva da matrícula nos primeiros ciclos formativos da FP, no tramo medio obsérvase unha tendencia decrecente. Esta redución é máis notable na comunidade galega, onde a matrícula descende o triplo que no conxunto do Estado (12,5 % e 4,4 %). Ademais, mentres en España a diminución afecta por igual a homes e mulleres (4,2 % e 4,8 %), en Galicia é máis clara no caso dos homes (14 % fronte ao 10,3 % das mulleres).

A proporción de mulleres nestes ciclos formativos é do 42 % do total do alumnado no curso 2017-18 (ao igual que acontece en España).


Gráfico 3.10. Alumnado de Ciclos Formativos de FP Grao Medio: Galicia-España (2014-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non Universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

Finalmente, nos Ciclos Formativos de FP Grao Superior é onde se atopa unha maior presenza da muller na matrícula, algo superior ao 45 %, tanto en Galicia como en España, no curso 2017-18. A diferenza do acaecido en España, onde estes estudos gañan preto dun 9 % de presenza dende 2014-2015, en Galicia baixa un 2 % a matrícula nestes catro cursos. A práctica totalidade desta diminución se relaciona co decrecemento da matrícula entre as mulleres galegas, próxima a un 4,5 % a un ritmo medio do 1,1 % anual.

Gráfico 3.11. Alumnado de Ciclos Formativos de FP Grao Medio: Galicia-España (2014-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir da Estatística das Ensinanzas non Universitarias. Subdirección Xeral de Estatística e Estudos do Ministerio de Educación e Formación Profesional

3.3. As mulleres no alumnado universitario

En relación coa evolución demográfica da poboación moza, a matrícula nos estudos universitarios descende de xeito constante dende o curso 2008-2009. O decrecemento na comunidade galega (22,4 %) é moi superior á media do Estado (6,4 %).

As mulleres son maioría na matrícula de estudos universitarios, representando o 55,5 % en Galicia no curso académico 2017-2018 (idéntica porcentaxe que no marco estatal). A diminución na matrícula universitaria afecta máis as mulleres galegas que aos homes, presentando unha diminución no período de análise do 25,1 %, claramente superior a redución experimentada polos homes (18,8 %). En consecuencia, as mulleres galegas baixan en 2 puntos a súa representación no estudantado universitario galego, mentres que na media española as mulleres aumentan en 0,7 puntos porcentuais a súa representación.

Gráfico 3.12. Alumnado en estudos de Grao e Licenciatura: Galicia-España (2008-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Por grandes áreas, a maior representación feminina atópase en Ciencias da Saúde (73,5 %), seguida de Artes e Humanidades (68,3 %) e Ciencias Sociais e Xurídicas (60,1 %). Pola contra, na rama de Enxeñería e Arquitectura só hai un 27,4 % de mulleres matriculadas. A presenza das mulleres nos estudos de grao en Galicia está por encima da media do Estado en todas as ramas.

Táboa 3.3. Alumnado matriculado por ramas de coñecemento: Galicia-España (2008-2018)

	2008-2009			2017-2018		
	Homes	Mulleres	% Mulleres	Homes	Mulleres	% Mulleres
Total España	629.042	750.684	54,4	579.729	711.415	55,1
Ciencias Sociais e Xurídicas	264.214	438.772	62,4	243.238	361.938	59,8
Enxeñería e Arquitectura	246.633	91.376	27,0	173.577	57.758	25,0
Artes y Humanidades	47.676	76.711	61,7	50.227	80.574	61,6
Ciencias da Saúde	33.784	93.125	73,4	72.761	169.615	70,0
Ciencias	36.735	50.700	58,0	39.926	41.530	51,0
Total Galicia	27.885	37.676	57,5	22.655	28.202	55,5
Ciencias Sociais e Xurídicas	10.806	20.292	65,3	8.806	13.238	60,1
Enxeñería e Arquitectura	12.096	5.566	31,5	8.051	3.032	27,4
Artes y Humanidades	1.490	3.289	68,8	1.432	3.081	68,3
Ciencias da Saúde	1.746	5.727	76,6	2.429	6.730	73,5
Ciencias	1.747	2.802	61,6	1.937	2.121	52,3

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Estes estudos de Enxeñería e Arquitectura son, precisamente, os máis afectados pola caída da matrícula universitaria feminina (-5,9 % de caída media anual), seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (-4,2 %) e Ciencias (-2,7 %). Como se pode comprobar na táboa seguinte, estas mesmas tendencias se traducen no contexto do Estado, aínda que neste caso as variacións medias anuais son menores. Pola súa banda, rexístrase un incremento de matrícula na rama de Ciencias da Saúde, cunha variación media anual do 1,6 % no caso das mulleres galegas e do 3,4 % na dos homes.

Táboa 3.4. Variacións nas matriculacións por gran rama de coñecemento: Galicia-España (2008-2018)

	Variación absoluta		T.C.A. (%)	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total España	-49.313	-39.269	-0,8	-0,5
Ciencias Sociais e Xurídicas	-20.976	-76.834	-0,8	-1,9
Enxeñería e Arquitectura	-73.056	-33.618	-3,5	-4,5
Artes y Humanidades	2.551	3.863	0,5	0,5
Ciencias da Saúde	38.977	76.490	8,0	6,2
Ciencias	3.191	-9.170	0,8	-2,0
Total Galicia	-5.230	-9.474	-2,1	-2,9
Ciencias Sociais e Xurídicas	-2.000	-7.054	-2,0	-4,2
Enxeñería e Arquitectura	-4.045	-2.534	-4,0	-5,9
Artes y Humanidades	-58	-208	-0,4	-0,7
Ciencias da Saúde	683	1.003	3,4	1,6
Ciencias	190	-681	1,0	-2,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

O número de egresados por rama de coñecemento constata o maior rendemento da muller na Universidade. No caso galego, case 6 de cada dez persoas que rematan estudos universitarios no curso 2016-2017 son mulleres (sendo esta porcentaxe lixeiramente superior ca media española, 58,4 %). Na desagregación por áreas destaca a porcentaxe de egresadas en Ciencias da Saúde (74,2 %), Artes e Humanidades (69,1 %) e Ciencias Sociais e Xurídicas (67 %). Na rama de Enxeñería e Arquitectura a porcentaxe de mulleres egresadas é do 30,8 %. En todos os casos, estas porcentaxes superan a media das mulleres en España.

Táboa 3.5. Egresados por gran rama de coñecemento: Galicia-España (2008-2018)

	2008-09			2016-17		
	Homes	Mulleres	% Mulleres	Homes	Mulleres	% Mulleres
Total España	76.052	116.562	60,5	82.672	115.896	58,4
Ciencias Sociais e Xurídicas	31.861	68.524	68,3	33.808	61.684	64,6
Enxeñería e Arquitectura	30.204	12.905	29,9	27.110	10.645	28,2
Artes y Humanidades	4.656	9.209	66,4	5.599	10.620	65,5
Ciencias da Saúde	5.195	17.983	77,6	11.236	26.708	70,4
Ciencias	4.136	7.941	65,8	4.919	6.239	55,9
Total Galicia	3.598	5.917	62,2	3.414	5.066	59,7
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.191	3.063	72,0	1.226	2.493	67,0
Enxeñería e Arquitectura	1.787	964	35,0	1.354	603	30,8
Artes y Humanidades	170	414	70,9	196	439	69,1
Ciencias da Saúde	259	1.066	80,5	424	1.222	74,2
Ciencias	191	410	68,2	214	309	59,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

A análise da variación de egresados por ramas de coñecemento dende o curso 2008-2009 está na liña previamente comentada con relación a evolución da matrícula universitaria, cun descenso encabezado polos egresados en Enxeñería e Arquitectura.

Táboa 3.6. Variacións no número de egresados por gran rama de coñecemento: Galicia-España (2008-2018)

	Variación absoluta		Taxa variación media anual (%)	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total España	6.620	-666	0,9	-0,1
Ciencias Sociais e Xurídicas	1.947	-6.840	0,7	-1,2
Enxeñería e Arquitectura	-3.094	-2.260	-1,2	-2,1
Artes y Humanidades	943	1.411	2,1	1,6
Ciencias da Saúde	6.041	8.725	8,9	4,5
Ciencias	783	-1.702	1,9	-2,6
Total Galicia	-184	-851	-0,6	-1,7
Ciencias Sociais e Xurídicas	35	-570	0,3	-2,3
Enxeñería e Arquitectura	-433	-361	-3,0	-5,1
Artes y Humanidades	26	25	1,6	0,7
Ciencias da Saúde	165	156	5,6	1,5
Ciencias	23	-101	1,3	-3,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

3.4. As mulleres na Universidade e na investigación

Para rematar este apartado de Educación, procédese á análise do papel das mulleres na docencia e investigación na Universidade. Nos últimos anos, en España, o profesorado universitario aumentou nun 1,8 %. Esta situación contrasta coa redución experimentada na comunidade galega, que acada o 5,2 %.

As variacións non afectan por igual a homes e mulleres. Tanto en España como en Galicia o profesorado masculino se reduciu, duplicando na comunidade galega a diminución (12,6 %) en relación coa observada na media estatal (6,3 %). Pola contra, aumenta o número de docentes femininas. Igualmente, o incremento medio estatal (16,2 %) duplica o galego (7,9 %).

Táboa 3.7. Profesorado nas Universidades Públicas: Galicia-España (2007-2018)

	2007-08					
	España			Galicia		
	Homes	Mulleres	%M	Homes	Mulleres	%M
Total	61.777	34.685	36,0	3.298	1.842	35,8
Corpos docentes universitarios	33.867	17.395	33,9	2.039	1.117	35,4
Catedráticos de Universidade	7.711	1.364	15,0	463	82	15,0
Titulares de Universidade	17.929	10.580	37,1	1.104	776	41,3
Contratados	27.910	17.290	38,3	1.259	725	36,5
Contratados Doutores	2.311	2.223	49,0	145	160	52,5
	2017-2018					
	España			Galicia		
	Homes	Mulleres	%M	Homes	Mulleres	%M
Total	57.877	40.296	41,0	2.884	1.988	40,8
Corpos docentes universitarios	27.428	15.391	35,9	1.688	1.011	37,5
Catedráticos de Universidade	8.356	2.426	22,5	455	123	21,3
Titulares de Universidade	16.272	11.199	40,8	1.044	778	42,7
Contratados	29.901	24.713	45,3	1.184	974	45,1
Contratados Doutores	5.708	5.584	49,5	372	399	51,8

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Persoal nas universidades. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

A presenza feminina nas aulas aumenta, en Galicia, dende o 35,8 % no curso 2007-2008 ao 40,8 % no curso 2017-2018, unha evolución similar á rexistrada no conxunto do Estado. As mulleres galegas aumentan a súa participación en todos os corpos universitarios, coa excepción do persoal Contratado Doutor, no que se reduce a presenza feminina, pasando de representar, ao inicio do período, o 52,5 % do total do profesorado, ao 51,8 % no curso 2017-2018 (xa que o número de profesores contratados doutores de homes aumentou máis co feminino).

Como se anticipou, fronte a redución do profesorado masculino (414 docentes menos), en Galicia hai 146 profesoras máis no curso 2017-18 que no 2007-2008, o que supuxo un aumento do 0,7 % de media anual que é inferior á media do Estado (1,4 %). Este aumento ven da man do aumento das contratacións de profesorado na categoría de contratado doutor feminino, que

crece a un ritmo do 8,7 % de media anual en ambos contextos (aínda que no caso galego, o aumento da contratación masculina, nesta figura, foi superior). Igualmente significativo resulta o incremento rexistrado nas cátedras de Universidade, onde as mulleres destacan especialmente fronte á caída dos catedráticos varóns. En termos relativos, as cátedras de mulleres en Galicia aumentan a un ritmo medio anual do 3,8 % anual, e aínda máis en España (5,4 %). Neste senso, parece que as políticas de promoción que establecen a convocatoria preferente de cátedras nas áreas con menor proporción de mulleres empezan a dar os seus froitos. Aínda así, a media de catedráticas, en Galicia e en España, é do 15 % do total de efectivos do corpo, polo que aínda son pouco representativas sobre todo en proporción coa súa presenza nas aulas.

Táboa 3.8. Variacións no Profesorado das Universidades Públicas: Galicia-España (2007-2018)

	Variación absoluta (número)			
	España		Galicia	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Total	-3.900	5.611	-414	146
Corpos docentes universitarios	-6.439	-2.004	-351	-106
Catedráticos de Universidade	645	1.062	-8	41
Titulares de Universidade	-1.657	619	-60	2
Contratados	1.991	7.423	-75	249
Contratados Doutores	3.397	3.361	227	239
	Taxas de Variación Media anual (%)			
Total	-0,6	1,4	-1,2	0,7
Corpos docentes universitarios	-1,9	-1,1	-1,7	-0,9
Catedráticos de Universidade	0,7	5,4	-0,2	3,8
Titulares de Universidade	-0,9	0,5	-0,5	0,0
Contratados	0,6	3,3	-0,6	2,7
Contratados Doutores	8,6	8,7	8,9	8,7

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Persoal nas universidades. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

Na análise do profesorado desagregado por áreas de coñecemento, obsérvase que o profesorado feminino en Galicia é menor que o masculino. En concreto, hai unha fenda do 31,1 % que, aínda sendo similar á existente na media estatal (30,4 %) non se corresponde coa presenza da muller no alumnado universitario. A maior parte destas docentes atópase nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas (37,2 % do total de mulleres docentes), das cales só o 42 % son funcionarias. Esta característica é extrapolable ao resto das áreas de coñecemento. En todos os casos, as porcentaxes de persoal funcionario sobre o total de docentes é superior para os homes, o que suxire certo desequilibrio no acceso aos corpos de funcionariado para homes e mulleres.

Táboa 3.9. Profesorado das Universidades Públicas por rama de coñecemento: Galicia-España (2018)

	Curso 2017/2018					
	Mulleres			Homes		
	Total	Funcionarias	Contratadas	Total	Funcionarios	Contratados
España						
Total	40.296	15.391	24.713	57.877	27.428	29.901
Ciencias Sociais e Xurídicas	14.653	5.369	9.229	17.053	7.093	9.822
Enxeñería e Arquitectura	4.585	2.115	2.467	14.995	7.792	7.142
Artes e Humanidades	5.636	2.650	2.922	5.991	3.393	2.469
Ciencias da Saúde	9.042	1.819	7.194	9.907	2.669	7.159
Ciencias	5.354	3.429	1.885	8.875	6.458	2.286
Rama non especificada	1.026	9	1.016	1.056	23	1.023
Galicia						
Total	1.988	1.011	974	2.884	1.688	1.184
Ciencias Sociais e Xurídicas	739	313	425	843	434	408
Enxeñería e Arquitectura	225	106	119	786	414	368
Artes e Humanidades	289	183	104	285	212	71
Ciencias da Saúde	367	138	229	425	177	248
Ciencias	366	271	95	542	451	86
Rama non especificada	2	.	2	3	.	3

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Persoal nas universidades. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte


A maior participación do profesorado feminino en relación co profesorado total, tanto en Galicia como en España, atópase nas áreas de Artes e Humanidades (50,3 % e 48,5 % para Galicia e España, respectivamente, no curso 2017-18); seguido de Ciencias da Saúde (en torno ao 46 % en ambos casos). Pola contra, ten unha presenza claramente inferior nas áreas de Enxeñería e Arquitectura.

Táboa 3.10. Profesorado das Universidades Públicas por rama de coñecemento: Galicia-España (2018)



	Porcentaxe mulleres		
	Total	Funcionariado	P. Contratado
España			
Total	41,0	35,9	45,3
Ciencias Sociais e Xurídicas	46,2	43,1	48,4
Enxeñería e Arquitectura	23,4	21,3	25,7
Artes e Humanidades	48,5	43,9	54,2
Ciencias da Saúde	47,7	40,5	50,1
Ciencias	37,6	34,7	45,2
Galicia			
Total	40,8	37,5	45,1
Ciencias Sociais e Xurídicas	46,7	41,9	51,0
Enxeñería e Arquitectura	22,3	20,4	24,4
Artes e Humanidades	50,3	46,3	59,4
Ciencias da Saúde	46,3	43,8	48,0
Ciencias	40,3	37,5	52,5

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Persoal nas universidades. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte



Gráfico 3.13. Distribución das Cátedras Universitarias entre homes e mulleres: Galicia-España (2018)





ARTE E HUMANIDADES



CIENCIAS DA SAÚDE



CIENCIAS



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Persoal nas universidades. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

A análise desagregada por sexo na categoría superior de profesorado na Universidade (cátedra) por ramas de coñecemento ofrece resultados, se cabe, máis reveladores. Así, do total de profesoras galegas no curso 2017-18, unicamente 123 son catedráticas de universidade, fronte

aos 455 profesores catedráticos, o que supón o 21,3 % das cátedras para mulleres. No conxunto do Estado esta porcentaxe sobe, pero moi lixeiramente, ata o 22,5 %.

Como se pode constatar, a situación menos desfavorable para as mulleres atópase na área de Ciencias da Saúde, pero o dato é ilustrativo do desequilibrio: 24 catedráticas (30 %). Pola súa banda, na área de Ciencias Sociais e Xurídicas -que foi destacada coma a que acapara a maior presenza docente feminina- as 27 catedráticas en activo, só representan o 19 % do total de cátedras na área.

Para finalizar, complétase a análise de muller na ciencia cos datos relativos ao persoal en I+D que incorpora non só ao profesorado doutor das universidades, senón a outro tipo de persoal contratado para realizar tarefas de investigación nas universidades, centros de investigación ou empresas privadas.

Táboa 3.11. Persoal en I+D: Galicia-España (2018)

	España			Galicia		
	Total	Mulleres	% M	Total	Mulleres	% M
2007	201.108	78.169	38,9	8.659	3.472	40,1
2008	215.676	84.400	39,1	9.681	4.089	42,2
2009	220.777	88.247	40,0	9.972	4.175	41,9
2010	222.022	88.870	40,0	10.809	4.541	42,0
2011	215.079	86.305	40,1	10.146	4.168	41,1
2012	208.831	83.682	40,1	9.509	3.968	41,7
2013	203.302	81.661	40,2	9.386	3.886	41,4
2014	200.233	79.932	39,9	9.405	3.831	40,7
2015	200.866	81.297	40,5	9.038	3.792	42,0
2016	205.873	83.113	40,4	9.367	3.806	40,6
2017	215.745	86.354	40,0	10.266	4.105	40,0
Var Absol	14.637	8.185	1,2	1.607	633	-0,1
T.C.A. (%)	0,7	1,0		1,7	1,7	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE, baseados en estatísticas do INE: *Estatísticas sobre a actividade de I+D, CRE, CNE, cifras de poboación, EPA*. Nota: EDP é a equivalencia a dedicación plena ou xornada completa

En Galicia, no ano 2017, había 4.105 mulleres, equivalente a xornada completa traballando en tarefas de investigación, o que supoñen o 40 % do total do emprego na I+D, sendo esta representación similar a media española. Con relación ao ano 2007 hai un aumento de 633 mulleres, cun crecemento do 1,7 % de media anual (xa que no período hai diversos tramos de aumento e diminución do persoal na I+D, tanto feminino como masculino), que é superior ao experimentado na media do Estado, cun incremento do 1 %. Esta presenza feminina, é similar á que presentan no cadro do Persoal Docente e Investigador das Universidades que acabamos de analizar.

3.5. Conclusións do Capítulo 3

As características máis salientables co relación á educación e a presenza das mulleres na Universidade e na investigación, son as seguintes:

1. Estabilización na escolarización non universitaria. Despois da tendencia crecente da matrícula ata o curso 2014-15 apréciase unha estabilización da mesma. No conxunto do período analizado hai un maior crecemento no número de nenos escolarizados (11,4%) que de nenas (7,5%).
2. A fenda entre nenos e nenas na escolarización é similar á media estatal, constituíndo as nenas galegas en torno ao 48,3 % do total no curso 2017-2018 en ambos casos.
3. Menor taxa de abandono educativo temperán que no conxunto do Estado. En Galicia toma un valor en 2018 de 11,4 % para as nenas e 17 % para os nenos, inferior en ambos casos á media do conxunto do Estado (21,7 % e 14 % para nenos e nenas, respectivamente).
4. Redución da taxa de abandono educativo temperán. A evolución deste indicador dende o curso 2007-2008 constata unha forte redución na comunidade galega, e en particular no caso dos nenos, onde a taxa se reduciu practicamente á metade. A redución no caso das nenas foi inferior xa que partía de mellores valores.
5. Redución do número de alumnado matriculado na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) en Galicia. Máis de 3.500 alumnos entre os cursos 2007-2008 e o 2017-2018, sendo a taxa media anual de decrecemento case igual para nenos e nenas, dun -0,4 %. O peso das nenas no conxunto de alumnado matriculado, tamén permanece constante, 49%, sendo tres décimas superior que na media estatal (48,7 %).
6. A mellor taxa de gradación na ESO a presentan as nenas. No ano 2018 acada o 83,3 %, superando as nenas españolas en 2,4 puntos e en 12 puntos porcentuais aos nenos galegos.
7. Presenza maioritaria das mulleres nas aulas de Bacharelato. O número de mozas matriculadas no curso 2017-2018 neste nivel de formación en Galicia ascendeu a 18.970, representando o 52,5 % do total de alumnado . Esta participación é lixeiramente inferior a media española (53,1 % de mulleres). En ambos casos, detéctase unha diminución da presenza feminina nas aulas dende o 2007-2008.
8. Maioría feminina no Bacharelato de Artes. As mulleres representan o 70 % da matrícula nesta modalidade tendo unha maioría menos rotunda en Ciencias Sociais (58,4 %); porén, son minoría nos estudos de Ciencia e Tecnoloxía (46 %), sendo, esta, unha característica común coa media española.
9. Mellores resultados na gradación en Bacharelato. As taxas galegas son superiores a media do Estado en 2018, tanto no relacionado cos homes (5 puntos superior) coma no caso das mulleres (7 puntos).
10. Menor matrícula nos Ciclos Formativos de FP básica. En Galicia en 2018 hai 8 alumnos e alumnas en Bacharelato por cada persoa matriculada en FP básica debido, sobre todo, a unha menor presenza feminina. Así, en Galicia a relación FPB-Bacharelato para as mulleres é de 15 alumnas de Bacharelato por cada matriculada en FPB.

11. Menor presenza feminina na FPB pero cunha tendencia crecente. As mozas que cursan estes estudos en Galicia só representan o 28 % do total no curso 2017-18. Porén, no marco de análise se observa que das 573 mulleres que cursaban estes estudos no curso 2014-2017 se pasa a 1.270 en 2017-2018, un aumento de 697 cunha taxa de crecemento medio anual do 22 % superior á dos varóns (20,8 %).
12. Tendencia decrecente na matrícula no tramo medio da FP. Esta redución é máis notable na comunidade galega, onde a matrícula descende o triplo que no conxunto do Estado (12,5 % e 4,4 %). Ademais, mentres en España a diminución afecta por igual a homes e mulleres (4,2 % e 4,8 %), en Galicia é máis clara no caso dos homes (14 % fronte ao 10,3 % das mulleres). Dita diminución na comunidade galega (22,4 %) é moi superior á media do Estado (6,4 %).
13. Maioría de alumnas nas aulas universitarias. Representaron o 55,5 % no curso 2017-18, aínda que reducen a súa presenza 2 puntos con relación ao curso 2008-09.
14. Ciencias da Saúde, a opción preferida polas alumnas galegas. A maior representación feminina atópase en Ciencias da Saúde (73,5 %), seguida de Artes e Humanidades (68,3 %) e Ciencias Sociais e Xurídicas (60,1 %). Pola contra, na rama de Enxeñería e Arquitectura só hai un 27,4 % de mulleres matriculadas.
15. Maior rendemento académico tamén na Universidade. Case 6 de cada dez persoas que rematan estudos universitarios no curso 2016-2017 son mulleres (sendo esta porcentaxe lixeiramente superior da media española, 58,4 %).
16. Redución do profesorado masculino universitario en Galicia: un 5,2 % dende o curso 2007-08 fronte o aumento do 1,8 % que se produciu no conxunto do Estado. Porén, aumenta o profesorado feminino, aumentando a presenza feminina nas aulas ata o 40,8 % do curso 2017-18.
17. Aumenta o número de catedráticas aínda que a súa representación segue a ser inferior ao que correspondería segundo o seu peso no conxunto do profesorado. En termos relativos, as cátedras de mulleres en Galicia aumentan a un ritmo medio anual do 3,8 % anual, e aínda máis en España (5,4 %). A media de catedráticas, en Galicia e en España, é do 15 % do total de efectivos do corpo.
18. A menor presenza de docentes nas áreas de Enxeñería e Arquitectura. Porén, a maior participación do profesorado feminino en relación co profesorado total, tanto en Galicia como en España, se atopa nas áreas de Artes e Humanidades (50,3 % e 48,5 % para Galicia e España, respectivamente, no curso 2017-18) seguido de Ciencias da Saúde (en torno ao 46 % en ambos casos).
19. Aumenta a presenza feminina na investigación. As mulleres representan o 40 % do total do emprego na I+D no ano 2017, aumentando dende o 2007 a un ritmo medio anual do 1,7 %.


Capítulo 4 EMPREGO, MERCADO E CONDICIÓNS DE TRABALO

4.1 Características xerais do emprego das mulleres

4.1.1 Evolución xeral

Segundo a Enquisa de Poboación Activa (EPA) había 515.000 mulleres ocupadas en Galicia en 2018, un 2,7 % máis que no ano anterior. As ocupadas encadearon catro anos consecutivos de crecemento, cun incremento acumulado do 8,7 % desde o mínimo do ano 2014. Con todo, a cifra de 2018 aínda se mantén por baixo dos valores rexistrados antes da crise económica, e é un 2,6 % inferior ao máximo alcanzado en 2008.

Gráfico 4.1. Poboación ocupada por sexo. Galicia (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo INE

A evolución do emprego feminino desde 2007 foi moito mellor que a do masculino. As mulleres ocupadas caeron un 10,4 % entre o máximo de 2008 e o mínimo de 2014, e aumentaron un 8,7 % entre 2014 e 2018; o saldo neto é a caída do 2,6 % xa mencionada. Nos homes o máximo observouse en 2007; a partir dese ano os ocupados varóns comezaron a diminuír e chegaron ao mínimo en 2014, cunha caída acumulada durante a crise do 22,5 %. Na recuperación o crecemento foi algo menor que o das mulleres, situándose no 7,3 %, de modo que a caída entre 2007 e 2018 foi do 16,8 %. Noutras palabras, en 2018 desaparecera un de cada seis postos de traballo ocupados por varóns no ano 2007.

As mulleres achegaron en 2018 o 47,8 % da poboación ocupada galega. O índice de feminización creceu 4,5 puntos desde 2007, tal e como era de esperar vistas as diferentes dinámicas do emprego de mulleres e de homes. Case todo ese crecemento produciuse nos últimos anos da expansión e durante a crise, xa que o índice pasou do 43,3 % en 2007 ao 47,5 % en 2014.

Asistimos a un lixeiro retroceso en 2015 e 2016, seguido dun novo aumento nos anos 2017 e 2018 ata chegar ao devandito 47,8 % neste último ano.

A taxa de emprego feminina foi do 42,3 % se tomamos como referencia toda a poboación de 16 e máis anos. Esta taxa tocou teito en 2008 co 42,2 %, e alcanzou o mínimo en 2013 cun 38,3 %. O valor de 2018 é moi similar ao de 2008, de modo que foron necesarios dez anos para volver á situación previa á crise.

Táboa 4.1. Taxa de emprego (%). Galicia (2007-2018)

	Poboación de 16 e máis anos			Poboación de 16 a 64 anos		
	Mulleres	Homes	Fenda de xénero	Mulleres	Homes	Fenda de xénero
2007	41,4	59,2	-17,8	56,3	74,1	-17,7
2008	42,2	58,5	-16,3	57,5	73,5	-16,0
2009	41,8	54,7	-12,9	57,0	69,0	-12,0
2010	40,0	52,3	-12,3	54,9	66,4	-11,5
2011	40,2	50,9	-10,8	55,4	65,1	-9,7
2012	39,5	48,3	-8,8	54,7	62,0	-7,3
2013	38,3	46,5	-8,2	53,5	59,9	-6,4
2014	38,4	46,2	-7,8	54,0	60,1	-6,1
2015	39,0	47,7	-8,7	55,0	62,4	-7,4
2016	40,1	48,8	-8,7	56,9	64,2	-7,3
2017	41,1	49,2	-8,1	58,4	64,9	-6,5
2018	42,3	50,4	-8,1	60,4	66,8	-6,4

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo INE

Agora ben, estas cifras son enganosas, xa que non teñen en conta o peso crecente das anciás na poboación de 16 e máis anos. Segundo o Padrón Municipal de Habitantes en 2008 había 266.072 mulleres galegas con 71 ou máis anos, e dez anos despois chegabamos ás 283.817 mulleres nese rango de idades. É evidente que esas persoas non se van a incorporar ao mercado de traballo, de modo que este aumento das mulleres de máis idade está a incrementar de maneira ficticia a poboación de referencia, e por tanto está a nesgar a taxa de emprego á baixa. Así, se medimos a taxa de emprego tomando a poboación de 16 a 64 anos como referencia vemos que o máximo local de 2008 foi igual a 57,5 %, e que o mínimo de 2013 situouse no 53,5 %. Agora o máximo previo á crise xa se superou en 2017 e o 60,4 % rexistrado en 2018 está case tres puntos por enriba do dato do ano 2008, de modo que con este indicador a valoración sobre a dinámica da incorporación das mulleres ao mercado de traballo é bastante máis positiva. Non é necesario insistir en que o aumento da taxa de emprego feminina é un obxectivo primordial nun contexto de envellecemento xeneralizado, xa que a caída a curto e medio prazo da poboación en idade de traballar deberá compensarse cunha maior achega das mulleres á actividade produtiva.

Hai marxe de mellora, xa que a taxa de emprego feminina é menor que a masculina. En 2018 a fenda de xénero cuantificouse en 8,1 puntos para a poboación de 16 e máis anos, e en 6,4 puntos para a poboación de 16 a 64. Avanzouse no sentido de que a fenda é moito menor na actualidade


que dez anos atrás, pois en 2008 a diferenza entre as taxas de emprego das mulleres e dos homes estaba ao redor dos 16 puntos nos dous indicadores. O aspecto menos positivo desta evolución é que gran parte da redución da diferenza das taxas de emprego materializouse nos anos da crise, e as fendas de xénero apenas se reduciron desde o ano 2013.

4.1.2 Características persoais: idade e formación

Idade

É dabondo coñecido que un dos principais problemas da forza de traballo galega é o envellecemento. No ano 2018 o 32,9 % das ocupadas galegas, case unha de cada tres, tiña 50 anos ou máis. No outro extremo, apenas o 11,1 % estaba por baixo dos 30 anos, e só o 35,7 % tiña menos de 40 anos. Segundo as nosas estimacións, a idade media das ocupadas galegas era de 43,9 anos.

Gráfico 4.2. Distribución relativa das mulleres ocupadas por grupos de idade. Galicia (2010-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

Pero esta fotografía do pasado máis inmediato non permite apreciar o problema en toda a súa magnitude. Se comparamos os datos de 2018 cos de 2010 vemos que ao principio da década as ocupadas de 50 ou máis anos eran o 25,7 % do total, de modo que en oito anos pasaron de ser unha de cada catro ocupadas, a supoñer unha de cada tres. As de menos de corenta anos, pola súa banda, eran o 46,8 % do total, co que o seu peso relativo no conxunto diminuíu en 11,1 puntos no que levamos da década. Ademais a idade media das traballadoras creceu en 2,7 anos, ao pasar dos 41,2 anos estimados en 2010 aos xa mencionados 43,9 anos de 2018.

A taxa de emprego crece coa idade ata alcanzar o seu máximo para as mulleres de 35 a 39 anos, e a partir de aí comeza a caer a medida que a idade segue aumentando. Con todo, en 2018

mantívose por encima do 65 % en todos os tramos de 25 a 54 anos, por encima do 55 % no tramo de 55 a 59 anos, e case alcanzou o 40 % no tramo de 60 a 64 anos.

Gráfico 4.3. Taxa de emprego por sexo e grupos de idade (%). Galicia (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

A fenda de xénero é favorable aos homes en todos os grupos de idade e en conxunto tende a aumentar coa idade entre os 30 e os 59 anos, aínda que os valores concretos para os grupos de idade quinquenais mostran bastantes oscilacións ao redor desa tendencia xeral. É seguro que a participación laboral feminina está moi influenciada pola maternidade, o coidado dos fillos e fillas cando son cativos e a atención a familiares maiores, pero nos datos da taxa de emprego non se observa que o probable abandono temporal do mercado de traballo para atender a estas obrigacións estea asociado a grupos de idade específicos. Isto era de esperar, xa que en última instancia o grao de abandono temporal da actividade laboral depende do custo de oportunidade de deixar o posto de traballo, e este á súa vez está moi influído por outras características persoais da traballadora, entre as que destaca o seu nivel de formación.

Formación

En 2018 case a metade da poboación ocupada feminina (48,1 %) alcanzou o nivel de formación de educación superior, outro 23,1 % tiña estudos secundarios de segunda etapa, o 24,9 % estudos secundarios de primeira etapa, e o 3,9 % restante tiña estudos primarios ou eran analfabetas. A comparación coa situación a principios da década está distorcida por un cambio metodolóxico na Clasificación Nacional de Educación que fai que os datos de 2014 en diante non sexan estritamente comparables cos de anos anteriores. A pesar diso, a mellora na formación

das ocupadas galegas é evidente máis aló das cuestións técnicas que poidan afectar á comparación no tempo das estatísticas que se manexa.

Táboa 4.2. Ocupadas galegas por nivel de formación (%). Galicia (2018)

Nivel da CNED-2014	Miles de traballadoras	Peso no total (%)	Índice de feminización (%)	Taxa de emprego (%)	
				Taxa feminina	Fenda de xénero
Analfabetos	0,5	0,1	62,5	2,7	-1,3
Estudios primarios	19,7	3,8	43,7	6,4	-5,1
Educación secundaria. Primeira etapa	128,1	24,9	40,1	39,2	-11,5
Educación secundaria. Segunda etapa	119,0	23,1	47,5	53,1	-6,7
Educación superior	247,8	48,1	53,7	73,0	-0,9
Total	515,0	100,0	47,8	42,3	-8,1

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

Tampouco hai dúbidas de que o nivel de formación das mulleres é maior que o dos homes. En 2018 só o 38,1 % dos ocupados varóns completara estudos superiores; o 23,4 % tiña educación secundaria de segunda etapa, o 34 % secundaria de primeira etapa, e o 4,6 % estudos primarios ou eran analfabetos.

Estas diferenzas reflíctense nos índices de feminización desagregados por niveis de formación. Para toda a poboación ocupada galega o índice era igual ao 47,8 %, un valor similar ao dos ocupados con educación secundaria de segunda etapa (47,5 %). As mulleres aparecen sobrerrepresentadas nos ocupados con educación superior, xa que en 2018 supuñan o 53,7 % das persoas traballadoras con ese nivel de formación. Este maior peso compénsase cunha menor participación feminina nos ocupados con estudos secundarios de primeira etapa, nos que o peso das mulleres foi do 40,1 %, e nos ocupados con estudos primarios, cun índice de feminización do 43,7 %.

A importancia do nivel de formación tamén maniféstase en que a taxa de emprego das persoas con educación superior foi case a mesma en mulleres (73 %) e en homes (73,9 %), de modo que a fenda de xénero que se observa na taxa de emprego para o conxunto da poboación ocupada orixínase nas persoas traballadoras con menos formación. A fenda foi de 6,7 puntos nos traballadores que tiñan estudos secundarios de segunda etapa (con taxas de emprego do 59,8 % en homes e 53,1 % en mulleres), 11,5 puntos en estudos secundarios de primeira etapa (50,7 % e 39,2 %, respectivamente), e 5,1 puntos en estudos primarios (11,5 % fronte a 6,4 %).

O nivel educativo é a característica persoal que mellor explica a participación laboral feminina. Por unha banda as mulleres incorpóranse ao mercado de traballo máis tarde que os homes porque estudan máis anos. Pola outra, o custo de oportunidade de abandonar o posto de traballo, aínda que sexa temporalmente, é moito maior para as mulleres que completaron estudos superiores que para as que teñen un menor nivel de formación, e por iso as primeiras manteñen a súa actividade laboral incluso cando teñen que atender aos fillos e fillas pequenas.

4.1.3 Distribución por sector económico e ocupación

Sector económico

O emprego feminino galego está cada vez máis concentrado nos servizos. Entre 2010 e 2018 o peso relativo deste sector aumentou 3,4 puntos, pasando de supor o 81,7 % do total a comezos da década ao 85,1 % no último ano para o que se dispón de datos completos. En 2018 a industria achegou un 9 %, a agricultura o 4,4 %, a construción o 0,9 % e a pesca o 0,7 %. Con isto non é de estrañar que en 2018 as mulleres representasen o 56,7 % de todo o emprego do sector servizos, fronte ao 43,2 % do emprego agrícola, o 27,3 % na industria, o 22,9 % na pesca e o 6,7 % na construción.

Táboa 4.3. Ocupadas galegas por sector económico e rama de actividade. Galicia (2018)

Sector económico e rama de actividade	Miles de traballadoras	Peso no total (%)	Índice de feminización (%)
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	22,6	4,4	43,2
Pesca e acuicultura	3,6	0,7	22,9
Industria	46,2	9,0	27,3
Industrias extractivas	0,5	0,1	10,4
Industria manufactureira	44,4	8,6	28,8
Energía, subministro de auga e xestión de residuos	1,3	0,3	13,3
Construción	4,5	0,9	6,7
Servizos	438,2	85,1	56,7
Comercio por xunto e ao retalho; rep. veh. motor e mot.	93,7	18,2	52,0
Transporte e almacenamento	9,9	1,9	19,9
Hostalaría	49,0	9,5	61,1
Actividades de información, financ., inmob. e prof.	73,7	14,3	50,4
Adm. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	34,2	6,6	44,5
Educación	44,2	8,6	66,2
Actividades sanitarias e de servizos sociais	77,3	15,0	79,0
Resto de servizos	56,3	10,9	74,7
Total	515,0	100,0	47,8

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

A rama de actividade que máis mulleres emprega en Galicia é o comercio por xunto e ao retalho e reparación de vehículos de motor e motocicletas, co 18,2 % do emprego total en 2018; séguenlle as actividades sanitarias e de servizos sociais, co 15 %, e as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, co 14,3 %. Para recalcar a importancia destas ramas basta dicir que entre as tres case concentraron á metade das traballadoras galegas en 2018, concretamente o 47,5 %.

Pero isto non necesariamente implica que as mulleres sexan moi maioritarias nestas ramas. Así, o índice de feminización do comercio por xunto e ao retalho e reparación de vehículos de motor e motocicletas foi do 52 %, apenas 4,2 puntos superior ao índice global. Se queremos identificar as ramas realmente feminizadas, é dicir, as ramas nas que hai un predominio das mulleres tanto

en termos absolutos como en termos relativos, debe buscarse aquelas que teñan un peso relativamente alto no emprego feminino total, poñamos un mínimo do 8 %, e á vez mostren un índice de feminización claramente superior ao do conxunto da economía, por exemplo polo menos un 8 % maior.

Hai catro ramas que cumpren estes dous requisitos, e entre elas destacan de maneira especial as actividades sanitarias e de servizos sociais: en 2018 achegou o 15 % do emprego feminino de Galicia e ademais o 79 % de todo o emprego da rama estaba ocupado por mulleres, co que o índice de feminización superou ao do conxunto da economía en 31,2 puntos. As outras tres ramas cunha presenza feminina destacada son resto de servizos (10,9 % do emprego feminino total e un índice de feminización do 74,7 %), hostalaría (9,5 % e 61,1 %, respectivamente), e educación (8,6 % e 66,2 %).

Esta sobrerrepresentación nas ramas feminizadas compénsase cunha presenza reducida nas tres ramas máis masculinizadas: a industria manufactureira, a construción, e o transporte e almacenamento. En conxunto as tres apenas achegaron o 11,4 % do emprego feminino fronte ao 37,8 % do emprego masculino, e os seus índices de feminización oscilaron entre o 6,7 % da construción e o 28,8 % da industria manufactureira.

Os datos confirman a segregación do emprego feminino por sectores de actividade, xa que o emprego masculino total está máis repartido entre os catro grandes sectores.

Ocupación

O emprego feminino está especialmente concentrado en catro grandes grupos da Clasificación Nacional de Ocupacións de 2011 (en diante CNO-2011):

- Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores, co 31,9 % do emprego feminino total e un índice de feminización do 66,3 %.
- Técnicos e profesionais científicos e intelectuais: 20,7 % das ocupadas totais e índice de feminización do 58 %.
- Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina: 13,5 % do emprego das mulleres e 65,8 % de índice de feminización.
- Ocupacións elementais, co 12,9 % e o 62 %, respectivamente.

Estes catro grupos reunían en 2018 a case catro de cada cinco ocupadas (79 %), pero ademais os tres primeiros reunían a dúas de cada tres ocupadas (66,1 %), e os dous primeiros a máis da metade das traballadoras de Galicia (52,6 %). A diferenza cos varóns é patente, pois nos homes os dous grandes grupos maioritarios soamente representaban o 36,5 % do emprego total masculino, e o tres primeiros sumaban o 50,2 %.

Tamén resulta evidente a segregación por razón de xénero, xa que os catro grandes grupos maioritarios entre as mulleres presentan un índice de feminización que supera ao índice global para o conxunto da poboación ocupada en dez puntos polo menos. Eses catro grupos non só reúnen unha gran porcentaxe das traballadoras galegas, senón que ademais as mulleres son unha ampla maioría nesas ocupacións.

Táboa 4.4. Ocupadas galegas por ocupación. Galicia (2018)

Gran grupo da CNO-2011	Miles de traballadoras	Peso no total (%)	Índice de feminización (%)
Directores e xerentes	12,0	2,3	31,3
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	106,5	20,7	58,0
Técnicos; profesionais de apoio	43,3	8,4	39,1
Empregados contables, administrativos e outros emp. de oficina	69,4	13,5	65,8
Traballadores servizos rest., persoais, prot. e vendedores	164,4	31,9	66,3
Traballadores cualifi. no sector agr, gand., for. e pesqueiro	23,4	4,5	43,3
Artesáns e trab. cual. ind. manuf. e const. (salvo op. inst. e maq.)	15,0	2,9	11,0
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	14,2	2,8	16,0
Ocupacións elementais	66,3	12,9	62,0
Ocupacións militares	0,6	0,1	11,8
Total	515,0	100,0	47,8

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

A desagregación das traballadoras galegas por ocupacións tamén revela que o emprego feminino está máis polarizado que o masculino no que se refire ao nivel de competencias dos postos de traballo. Así, cada gran grupo da CNO-2011 ten asociado un nivel de competencias que mide o grao de cualificación ou control sobre o traballo que realizan, e que varía de 1 a 4 en orde crecente de competencias. O grupo co máximo nivel de competencias é o de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, no que todos os postos de traballo teñen asignados un nivel 4; e o grupo co nivel de competencias mínimo é o de ocupacións elementais, onde todos os traballadores teñen asignados un nivel de competencias igual a 1. Pois ben, en 2018 o grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais achegou o 20,7 % do emprego feminino e o 13,7 % do emprego masculino, en tanto que o grupo de ocupacións elementais supuxo o 12,9 % do emprego das mulleres e o 7,2 % do emprego dos varóns. Temos así que esas dúas categorías extremas en canto ao seu nivel de competencias reuniron en 2018 ao 33,1 % das mulleres ocupadas, fronte a só o 20,9 % dos homes.

Unha das maneiras de medir o grao de sobrecualificación dos traballadores é a través do número de persoas que teñen estudos superiores que traballan en ocupacións para as que só se requiren estudos básicos. Aínda que a información estatística dispoñible non permite entrar en detalle nesta cuestión, si permite apuntar algún primeiro resultado sobre a relación entre xénero e sobrecualificación.

Hai tres grandes grupos da CNO-2011 que teñen asociado un nivel de competencias 3 ou 4: directores e xerentes; técnicos e profesionais científicos e intelectuais; e técnicos e profesionais de apoio. En 2018 estes tres grupos reuniron ao 31,4 % das ocupadas de Galicia, pero nese mesmo ano o 48,1 % das ocupadas tiñan estudos superiores, de modo que un 16,7 % das traballadoras galegas -86.000 mulleres en total- estaba a traballar en ocupacións que requirían estudos por baixo do seu nivel de formación. No outro extremo había 66.300 mulleres no único grupo de ocupacións que ten asociado un nivel de competencias igual a 1, o de ocupacións

elementais, pero só había 20.200 ocupadas galegas con estudos básicos ou que eran analfabetas. O resto, 46.100 mulleres que equivalían ao 9 % das ocupadas de Galicia, eran persoas que desempeñaban unha ocupación para a que estaban sobrecualificadas.

A sobrecualificación é maior nas mulleres que nos homes. Hai un 30,4 % de homes que traballan en ocupacións cun nivel de competencias 3 ou 4, fronte ao 38,1 % de ocupados que teñen estudos superiores. A diferenza é de 7,7 puntos, menos da metade dos 16,7 puntos que observamos nas mulleres. En canto ás ocupacións menos cualificadas, no grupo de ocupacións elementais atopamos ao 7,2 % dos traballadores homes por un 4,6 % de varóns que teñen estudos intermedios ou son analfabetos: tamén aquí a fenda do 2,6 % é moi inferior aos 9 puntos que obtivemos ao analizar a sobrecualificación feminina.

4.1.4 Tipo de xornada

A xornada a tempo parcial é un dos trazos máis distintivos da relación das mulleres co mercado de traballo, ata o punto de que pódese afirmar sen ningún xénero de dúbidas que existe unha segregación por sexo no tipo de xornada.

Táboa 4.5. Ocupados por sexo e tipo de xornada. Galicia (2007-2018)

	Miles de traballadores				Taxa de parcialidade (%)		Índice de feminización (%)	
	Mulleres		Homes		Mulleres	Homes	Completa	Parcial
	Completa	Parcial	Completa	Parcial				
Valores								
2007	428,1	89,2	649,7	26,4	17,2	3,9	39,7	77,2
2013	365,8	110,0	495,4	35,2	23,1	6,6	42,5	75,8
2018	402,3	112,7	529,6	33,0	21,9	5,9	43,2	77,4
Variación								
2007-2013	-62,3	20,8	-154,3	8,8	5,9	2,7	2,8	-1,4
2013-2018	36,5	2,7	34,2	-2,2	-1,2	-0,8	0,7	1,6
2007-2018	-25,8	23,6	-120,1	6,6	4,6	2,0	3,5	0,2

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo INE

No ano 2018 había 402.300 ocupadas que traballaban a xornada completa e 112.700 que o facían a tempo parcial. Nese ano a taxa de parcialidade feminina foi do 21,9 %, fronte ao 5,9 % dos ocupados varóns: as mulleres achegaron o 77,4 % de todos os ocupados a xornada parcial, e o 43,2 % dos que traballaron a xornada completa.

Pero a importancia do tipo de xornada vai máis aló destas cifras, xa que axuda a entender as dinámicas moi dispares do emprego feminino e masculino nos últimos anos. Se analizamos a situación no ano 2007 vemos que parécese á de 2018 en que a taxa de parcialidade das mulleres (17,2 %) era moito maior que a dos homes (3,9 %); e diferénciase en que ambas as taxas de parcialidade eran menores que as actuais, de modo que a xornada a tempo parcial gañou importancia no último decenio.

Vexamos esta evolución con máis detalle. En 2018 había case o mesmo número de ocupadas que en 2007, pois a diferenza de pouco máis de dúas mil mulleres apenas representa o 0,4 % da cifra de partida. Agora ben, se descompoñemos o emprego feminino por tipo de xornada vemos que as ocupadas a tempo completo caeron en 25.800 persoas, compensadas na súa case totalidade cun incremento de 23.600 ocupadas a tempo parcial. Temos así que o aumento da taxa de parcialidade feminina entre 2007 e 2018 é o resultado da substitución de emprego a tempo completo por emprego a tempo parcial, cun total de ocupadas que é case o mesmo que na situación de partida.

Este proceso de substitución dun tipo de xornada por outro foi especialmente intenso nos anos da crise. En 2013 as ocupadas a tempo completo diminuíron en 62.300 mulleres respecto de 2007 e as que estaban a tempo parcial aumentaron en 20.800, o que levou a que nese ano o 23,1 % das ocupadas galegas, case unha de cada catro, estivese a traballar con xornada parcial. O período de recuperación económica, anos 2014 a 2018, caracterizouse por un aumento do emprego a tempo completo (36.500 ocupadas máis en 2018 que en 2013) e o mantemento do emprego con xornada parcial (cun incremento de soamente 2.700 traballadoras neste catro anos), o que reduciu a taxa de parcialidade en algo máis dun punto.

Dito de forma máis breve, detrás do incremento da taxa de parcialidade feminina entre 2007 e 2018 temos unha substitución de emprego a tempo completo por emprego con xornada parcial, sen que apenas variase o número total de ocupadas. O aumento das ocupadas a tempo parcial materializouse fundamentalmente nos anos da crise, en tanto que nos anos posteriores o emprego creado foi na súa maioría de ocupadas a xornada completa.

Todo isto parece corroborar a tese de que o aumento das ocupadas con xornada parcial observado no último decenio explícase pola maneira en que o tempo de traballo feminino axustouse aos requirimentos das empresas. Durante a crise a necesidade de flexibilizar a xornada laboral provocou unha destrución de emprego a tempo completo que substituíuse en parte con emprego a tempo parcial, moi probablemente pola súa maior capacidade de adaptarse ás demandas de cada momento. A recuperación económica creou novo emprego a tempo completo pero non converteu emprego a tempo parcial xa existente en postos de traballo con xornada completa, o que fai que gran parte das traballadoras a tempo parcial estean nesa situación en contra da súa vontade, como veremos máis adiante.

Pasemos agora aos homes. Entre 2007 e 2018 o emprego masculino total diminuíu en 113.500 persoas, que é o saldo dunha caída de 120.100 varóns a tempo completo e un aumento de 6.600 a tempo parcial. Aquí non hai substitución dun tipo de xornada por outro, só destrución de emprego a xornada completa. Neste caso o aumento do peso relativo da xornada parcial no total prodúcese pola caída do denominador, e non por un crecemento significativo do numerador.

A análise por separado da crise e da posterior recuperación apenas cambia esta valoración debido á escasa importancia do emprego parcial masculino en números absolutos. Entre 2007 e 2013 creáronse 8.800 empregos masculinos a xornada parcial, unha cifra irrisoria en comparación coa desaparición de 154.300 ocupados con xornada completa. Pola súa banda, entre 2013 e 2018 os ocupados a tempo completo aumentaron en 34.200 e os que estaban a

tempo parcial diminuíron en 2.200. Como consecuencia a taxa de parcialidade masculina mostra a mesma evolución temporal de V invertida -primeiro crecente e despois decrecente- que a feminina, pero o que subxace na evolución dos homes é completamente diferente do que ocorreu coas mulleres.

Chegados a este punto é natural preguntar polas razóns que fan que unha persoa traballe a tempo parcial. A EPA considera unha serie de posibles motivos que de momento imos agrupar en tres grandes grupos: non poder atopar un traballo de xornada completa; non querer un traballo de xornada completa; e unha terceira categoría á que chamaremos outras obrigacións, na que reunimos todo tipo de situacións que limitan a liberdade de elección do tipo de xornada. Para simplificar a exposición incluímos nesta terceira categoría ás persoas que responden que non saben o motivo polo que teñen xornada parcial, que en todo caso representan unha porcentaxe pequena do total.

A maioría das mulleres manifestaron que tiñan unha ocupación parcial porque non puideron atopar un traballo de xornada completa (55,9 %); outro 8 % dixo que non quería un traballo a xornada completa; e houbo un 36,1 % de respostas que se agregaron noutras obrigacións. Con isto podemos descompoñer a taxa de parcialidade feminina observada en 2018, igual ao 21,9 %, en tres compoñentes segundo as razóns alegadas: dese 21,9 %, o 12,2 % corresponde a mulleres que queren traballar a tempo completo, pero non atopan un traballo con esa xornada; o 7,9 %, a mulleres que non pretenden traballar a tempo completo porque teñen que atender diversas obrigacións de carácter non laboral; e só o 1,7 % é parcialidade voluntaria, é dicir, asóciase a mulleres que realmente queren ter un traballo a tempo parcial.


A primeira vista non se aprecian diferenzas de xénero cando comparamos a porcentaxe de mulleres que aduciron outras obrigacións para traballar a tempo parcial (36,1 %) coa dos homes (34,5 %). Con todo, a repartición desigual das responsabilidades domésticas faise patente cando desagregamos as respostas que agrupamos nesa categoría doutras obrigacións. En 2018 había un 16,5 % de ocupadas a tempo parcial que estaban nesa situación porque encargábanse do coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores, ás que engadíase outro 6 % que alegaban outras obrigacións familiares ou persoais. Os homes, pola contra, sinalaban maioritariamente ter unha xornada parcial por outras razóns (15,2 %) ou por seguir cursos de ensinanza ou formación (11,5 %).

4.2. As traballadoras por conta allea

4.2.1 Evolución xeral

En 2018 rexistrouse o máximo histórico das asalariadas en Galicia, con 426.500 mulleres traballando por conta allea. O emprego asalariado feminino crece de maneira ininterrompida desde 2014, cun 11,4 % de incremento acumulado no último quinquenio que equivale a 43.800 persoas. Nesta evolución destaca o ano 2018, cun aumento das asalariadas do 4,3 % respecto do ano anterior.

Gráfico 4.4. Poboación asalariada por sexo. Galicia (2007-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo INE

As mulleres supuxeron en 2018 o 49,5 % do total de traballadores por conta allea en Galicia, un incremento de case seis puntos respecto ao 43,7 % do ano 2007. O índice de feminización creceu rapidamente nos últimos anos da pasada década e durante a crise, superando o 49 % por primeira vez en 2013 e alcanzando o 49,8 % en 2014. Nos últimos anos mantívose estable na banda 49 %-49,5 %, pero todo apunta a que en poucos anos a poboación asalariada feminina superará á masculina.

A taxa de asalarización feminina, definida como o cociente entre as mulleres asalariadas e as ocupadas, situouse no 82,8 %, cinco puntos máis que en 2007. A taxa mostra unha tendencia crecente no período analizado, con caídas puntuais en 2011-2012 e 2016-2017, de xeito que o dato de 2018 é o máximo da serie histórica. A fenda de xénero da taxa de asalarización creceu ininterrompidamente desde o 1,1 % de 2007 ao 7,2 % de 2014, pero desde 2015 está a caer e en 2018 foi do 5,3 %.

Gráfico 4.5. Taxa de asalarización por sexo (%). Galicia (2007-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo INE

4.2.2 Características persoais: idade

En 2018 o 12,5 % das asalariadas tiña entre 16 e 29 anos, o 57,3 % entre 30 e 49 anos, o 23,6 % entre 50 e 59 anos e o 6,6 % restante contaba con 60 ou máis anos. En 2010 a idade media das asalariadas estimábase en 39,9 anos, e o 21,4 % tiña 50 ou máis anos; en 2018 a idade media foi de 43 anos, e as asalariadas de 50 ou máis anos representaron o 30,2 % do total.


Gráfico 4.6. Distribución relativa das mulleres asalariadas por grupos de idade (%). Galicia (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

A taxa de asalarización está inversamente relacionada coa idade. Cando se compara a taxa de asalarización de cada tramo de idade coa do conxunto da poboación ocupada feminina obsérvase que a diferenza é positiva en todos os tramos ata os 39 anos, e negativa a partir dos 50 anos.

Gráfico 4.7. Taxa de asalarización feminina por grupos de idade (%). Galicia (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

4.2.3 Distribución por sector económico, ocupación e tipo de sector (público / privado)

Sector económico

O emprego asalariado feminino está fortemente concentrado no sector servizos, que en 2018 reunía ao 88,3 % das asalariadas. En contraste, o sector primario apenas reuniu ao 1,1 % das traballadoras galegas por conta allea, a industria ao 9,8 % e a construción ao 0,7 %.

Se se compara esta distribución coa distribución das ocupadas obsérvase que o maior peso relativo dos servizos compénsase cunha menor importancia do sector primario, xa que a gran maioría do emprego feminino na agricultura consiste en mulleres que traballan por conta propia nas explotacións familiares.

Tres ramas de actividade achegaron case a metade das traballadoras galegas por conta allea: actividades sanitarias e de servizos sociais (17,4 %); comercio por xunto e ao retallo e reparación de vehículos de motor e motocicletas (16,7 %); e actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (14,3 %).

Se analizamos a importancia do emprego feminino atendendo ao peso relativo das mulleres sobre os asalariados totais vemos que o índice de feminización supera o 80 % na rama de actividades sanitarias e de servizos sociais (80,8 %). Outras ramas de actividade cun índice de feminización claramente superior ao do conxunto da economía son resto de servizos (76,8 %), educación (66,4 %) e hostalaría (64,2 %).

Táboa 4.6. Asalariadas por sector económico e rama de actividade. Galicia (2018)

Sector económico e rama de actividade	Miles de traballadoras	Peso no total (%)	Índice de feminización (%)	Taxa de asalarización	
				Valor (%)	Fenda de xénero
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	3,9	0,9	25,8	17,3	-20,5
Pesca e acuicultura	0,9	0,2	9,2	25,0	-48,0
Industria	41,9	9,8	27,4	90,7	0,2
Industrias extractivas	0,5	0,1	10,6	100,0	4,7
Industria manufactureira	40,2	9,4	28,9	90,5	0,5
Energía, subministro de auga e xestión de residuos	1,2	0,3	12,9	92,3	-1,9
Construción	3,1	0,7	6,9	68,9	2,2
Servizos	376,6	88,3	58,9	85,9	7,5
Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	71,3	16,7	54,4	76,1	6,8
Transporte e almacenamento	9,1	2,1	21,6	91,9	9,0
Hostalaría	36,8	8,6	64,2	75,1	9,6
Actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	60,9	14,3	53,3	82,6	9,0
Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria	34,2	8,0	44,5	100,0	0,0
Educación	41,3	9,7	66,4	93,4	1,0
Actividades sanitarias e de servizos sociais	74,0	17,4	80,8	95,7	10,3
Resto de servizos	49,0	11,5	76,8	87,0	10,1
Total	426,5	100,0	49,5	82,8	5,3

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

A taxa de asalarización depende moito das características específicas do proceso produtivo de cada rama, de modo que para identificar as ramas de actividade con máis presenza feminina calculamos a diferenza entre as taxas de asalarización feminina e masculina. No ano 2018 esta diferenza roldou o 10 % en cinco ramas: actividades sanitarias e de servizos sociais (10,3 %); resto de servizos (10,1 %); hostalaría (9,6 %); actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (9 %); e transporte e almacenamento (9 %). Iso significa que máis aló de que polas súas características concretas os traballadores por conta allea teñan máis ou menos peso no emprego total de cada rama, en todos os casos mencionados as mulleres teñen unha maior propensión a traballar por conta allea que os homes.

De todo o anterior dedúcese que se atendemos aos traballadores asalariados a rama máis feminizada da economía galega é a de actividades sanitarias e de servizos sociais, que sobresaen en todos os aspectos estudados: polo peso das súas traballadoras no total de asalariadas de Galicia; polo peso das mulleres no total de asalariados da rama; e por unha taxa de asalarización feminina que supera con moito á masculina. Tamén obsérvase unha presenza maioritaria da muller nas ramas de resto de servizos e hostalaría, con índices de feminización moi superiores á media e unha fenda de xénero nas taxas de asalarización moi favorable ás mulleres.

A fenda de xénero nas taxas de asalarización tamén revela a escasa presenza do traballo por conta allea feminino nas dúas ramas do sector primario: agricultura, gandería, caza e silvicultura; e pesca e acuicultura. En 2018 a taxa de asalarización feminina estaba 20,5 puntos por baixo da masculina na primeira rama e 48 puntos por baixo na segunda, o que pon de manifesto a forte concentración do emprego feminino por conta propia en ambos os casos.

Ocupación

As asalariadas están máis concentradas por grandes grupos da CNO-2011 que as ocupadas. Os catro grandes grupos que identificamos ao estudar o total de traballadoras (traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores; técnicos e profesionais científicos e intelectuais; empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina; e ocupacións elementais) reuniron en 2018 ao 83,1% das asalariadas galegas (79% das ocupadas).

Táboa 4.7. Asalariadas por ocupación. Galicia (2018)

Gran grupo da CNO-2011	Miles de traballadoras	Peso no total (%)	Índice de feminización (%)	Taxa de asalarización	
				Valor (%)	Fenda de xénero
Directores e xerentes	5,4	1,3	31,8	45,0	1,1
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	93,2	21,9	60,8	87,5	9,4
Técnicos; profesionais de apoio	38,2	9,0	40,3	88,2	4,2
Empregados contables, administrativos e outros emp. de oficina	65,9	15,5	65,4	95,0	-1,7
Traballadores servizos rest., persoais, prot. e vendedores	130,7	30,6	68,4	79,5	7,1
Traballadores cualifi. no sector agr, gand., for. e pesqueiro	3,0	0,7	22,4	12,8	-21,2
Artesáns e trab. cual. ind. manuf. e const. (salvo op. inst. e maq.)	11,5	2,7	11,1	76,7	1,2
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	13,3	3,1	16,7	93,7	4,4
Ocupacións elementais	64,7	15,2	62,5	97,6	2,3
Ocupacións militares	0,6	0,1	11,8	100,0	0,0
Total	426,5	100,0	49,5	82,8	5,3

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

A segregación por xénero tamén está presente, xa que estes catro grupos teñen índices de feminización moi superiores ao do conxunto da poboación asalariada. En 2018 as diferenzas entre o índice de cada ocupación e o índice para o total de persoas asalariadas oscilaron entre o 11,3 % para técnicos e profesionais científicos e intelectuais, e o 18,9 % das persoas traballadoras en servizos de restauración, persoais, protección e vendedores.

Volvemos atopar aquí a polarización do emprego feminino por nivel de competencias que detectamos ao falar das ocupadas. Nun extremo, hai que destacar o forte peso das mulleres no grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais: o 21,9 % das asalariadas galegas pertencía a este grupo, e as mulleres representaban o 60,8 % dos asalariados galegos con esta ocupación. No outro, o grupo de ocupacións elementais reunía ao 15,2 % do total de asalariadas, e o 62,5 % dos traballadores deste grupo eran mulleres. Temos así que as mulleres son maioritarias nos dous grupos extremos asociados coas competencias, tanto nas ocupacións que requiren ao persoal mellor formado como naquelas para as que só precísase unha cualificación elemental.

A EPA non publica a desagregación das asalariadas por nivel de formación, pero con estas cifras non parece aventurado afirmar que as asalariadas galegas tamén presentan clara evidencia de sobrecualificación, no sentido de que os postos de traballo que desempeñan requiren competencias inferiores ás que adquiriron na súa etapa formativa.

As mulleres están infrarrepresentadas nos postos de mando, xa que en 2018 achegaban o 49,5 % de todo o emprego asalariado galego pero só o 31,8 % dos asalariados clasificados como directivos e xerentes. O índice de feminización deste grupo oscilou bastante ao longo da década, pero a medio prazo mantense estable e non se observa que a fenda de xénero tenda a reducirse.

Tipo de sector (público / privado)

En 2018 rexistráronse 316.500 traballadoras por conta allea no sector privado e 110.000 no sector público, que representaron respectivamente o 74,2% e o 25,8% do total de asalariadas en Galicia.

Táboa 4.8. Persoas asalariadas por sexo e tipo de sector (público / privado). Galicia (2010-2018)

	Miles de traballadores				Peso do sector público (%)		Índice de feminización (%)	
	Mulleres		Homes		Mulleres	Homes	Sector privado	Sector público
	Sector privado	Sector público	Sector privado	Sector público				
2010	292,4	111,3	374,1	87,6	27,6	19,0	43,9	56,0
2011	292,5	111,4	358,2	90,2	27,6	20,1	45,0	55,2
2012	288,9	104,3	329,2	87,8	26,5	21,1	46,7	54,3
2013	286,2	96,5	312,4	80,2	25,2	20,4	47,8	54,6
2014	285,9	102,0	310,9	80,7	26,3	20,6	47,9	55,8
2015	293,7	100,6	325,5	80,4	25,5	19,8	47,4	55,6
2016	298,0	103,3	337,0	79,6	25,7	19,1	46,9	56,5
2017	303,3	105,5	342,3	76,2	25,8	18,2	47,0	58,1
2018	316,5	110,0	355,1	80,8	25,8	18,5	47,1	57,7

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

Unha das principais características do emprego por conta allea feminino galego é o forte peso do sector público, que mantívose por encima do 25 % durante toda a década. Con todo a cifra de 2018 está por baixo das 111.400 mulleres rexistradas no ano 2011, que supuxeron o 27,6 % das asalariadas totais. As asalariadas do sector privado mostran un forte dinamismo desde o ano 2015, cun crecemento acumulado do 10,7 % entre 2014 e 2018, e un aumento de case dous puntos do peso do sector privado no emprego total entre o principio da década e o ano 2018.

Agora ben, para entender a importancia do sector público no emprego feminino é necesario, como en case todo o que ten que ver co mercado de traballo galego, profundar no diferente comportamento de mulleres e homes nos últimos anos. Entre 2011 e 2018 o emprego público total contraeuse en 10.800 persoas, das cales 1.400 eran mulleres e 9.400 homes. Pola súa banda o emprego no sector privado aumentou en 20.900 persoas, que desagreganse nun crecemento de 24.000 mulleres e unha caída de 3.100 homes. Por tanto a perda de peso relativo do sector público no emprego feminino é a resultante dunha lixeira caída no emprego público e un importante aumento das asalariadas do sector privado. Nos homes tamén cae o peso do sector público no emprego total, pero neste caso a caída débese a unha destrución do emprego nese sector maior que a que se rexistrou no sector privado.

En 2018 o índice de feminización foi do 57,7 % no sector público e do 47,1 % no privado, de modo que o peso relativo das mulleres no emprego total de cada sector era 10,6 puntos superior no sector público. Ademais, e como consecuencia da diferente dinámica do emprego público en mulleres e homes, o 57,7 % de 2018 é o segundo valor máis alto do índice de feminización do sector público de toda a década, superado só polo 58,1 % de 2017.

As causas desa preferencia das mulleres polo sector público son ben coñecidas. Entre as máis importantes podemos destacar o nesgo de xénero, xa que o sector público é maioritario no tipo de traballos que tradicionalmente foron desempeñados por mulleres, como educación, sanidade ou servizos sociais; a maior estabilidade laboral, a pesar da crecente temporalidade que analizaremos con detalle máis adiante; contar con modalidades de acceso ao posto de traballo máis obxectivas; maiores posibilidades de promoción; etc.

Agora ben, a preferencia feminina polo sector público non maniféstase só en que a porcentaxe de asalariadas que traballan nese sector é maior que a dos homes, senón que tamén inflúe nas características das traballadoras e dos postos de traballo que ocupan. Vexamos isto con máis detalle comparando a desagregación por idades e por ocupacións das asalariadas de cada tipo de sector.

En 2010 o 42,2 % das traballadoras do sector privado tiña 34 anos ou menos, e o 28,8 % 45 anos ou máis. Pois ben, en 2018 esa diferenza positiva de 13,4 puntos transformouse nunha diferenza negativa de 12,5 puntos: as menores de 35 anos apenas representaban o 27,3 % do total de asalariadas do sector privado, mentres que as de 45 ou máis anos eran case o 40 % do total (39,8 %).

Táboa 4.9. Asalariadas por tipo de sector (público / privado) e grupo de idade. Galicia (2010-2018)

Grupo de idade	Sector privado				Sector público			
	Peso no total (%)		Índice de feminización (%)		Peso no total (%)		Índice de feminización (%)	
	2010	2018	2010	2018	2010	2018	2010	2018
De 16 a 24 anos	7,8	5,2	45,6	46,6	1,3	0,4	32,6	28,6
De 25 a 34 anos	34,4	22,1	47,9	46,0	18,5	11,4	56,7	69,4
De 35 a 44 anos	29,0	32,8	42,8	47,8	32,3	27,7	59,4	58,3
De 45 a 54 anos	20,5	27,0	41,9	47,5	29,9	32,6	52,9	56,1
De 55 e máis anos	8,2	12,8	37,2	46,7	18,0	28,0	57,6	55,9
Total	100,0	100,0	43,9	47,1	100,0	100,0	56,0	57,7

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

O envellecemento tamén é patente no índice de feminización. En 2010 o índice foi igual ao 43,9 % para o total de asalariados do sector privado, 41,9 % para o grupo de idade 45 a 54 anos, e 37,2 % para os de 55 e máis anos. Nótese que as cifras dos dous tramos de máis idade son menores que a cifra global, de modo que nesas idades as mulleres estaban infrarrepresentadas respecto do seu peso no total de asalariados do sector privado. En 2018 o índice de feminización total aumentou ao 47,1 % e as mulleres representaban o 47,5 % dos asalariados de 45 e 54 anos e o 46,7 % dos que tiñan 55 ou máis anos, co que xa non cabía falar de infrarrepresentación nos grupos de máis idade.

No sector público atopámonos con algo similar. En 2010 o 19,9 % tiñan 34 anos ou menos e o 47,9 % 45 anos ou máis: compárese co 42,2 % e 28,8 %, respectivamente, do sector privado. En 2018 as traballadoras con 34 anos ou menos caeran ao 11,7 % do total, e as de 45 anos ou máis xa representaban o 60,6 %. É de destacar que as mulleres de 55 ou máis anos supuñan o 28 % do total, coa ameaza que isto supón para o bo funcionamento dos servizos públicos a medida que estas persoas alcancen a idade de xubilación.

A situación non parece tan alarmante se analizamos o índice de feminización. En 2018 o índice para o total de traballadores do sector público foi do 57,7 %, mentres que no tramo de idades de 45 a 54 anos quedou no 56,1 % e no tramo de 55 ou máis anos foi do 55,9 %. Agora ben, o que está detrás destas cifras é que o envellecemento dos traballadores varóns do sector público é máis acusado que o das mulleres: se antes dicíamos que as traballadoras de 45 ou máis anos representaban o 60,6 % de todas as traballadoras do sector público, entre os homes os asalariados nese tramo de idade eran o 64,9 % do total.

Obsérvanse grandes diferenzas entre os sectores privado e público cando se comparan as distribucións por ocupacións. O único gran grupo da CNO-2011 con certo peso no total que se comporta da mesma maneira nos dous sectores é o de empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina, que en 2018 achegou aproximadamente o 15 % do emprego feminino en cada sector, e cuxo índice de feminización situouse en torno ao 65 % en ambos os casos.

Táboa 4.10. Asalariadas por tipo de sector (público / privado) e ocupación. Galicia (2018)

Gran grupo da CNO-2011	Sector privado		Sector público	
	Peso no total (%)	Índice de feminización (%)	Peso no total (%)	Índice de feminización (%)
Directores e xerentes	1,3	30,2	1,1	38,7
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	11,5	54,9	51,7	65,2
Técnicos; profesionais de apoio	8,6	34,9	10,0	64,7
Empregados contables, administrativos e outros emp. de oficina	15,6	66,4	14,9	62,6
Traballadores servizos rest., persoais, prot. e vendedores	35,6	72,1	16,4	51,6
Traballadores cualifi. no sector agr, gand., for. e pesqueiro	0,9	21,6	0,3	33,3
Artesáns e trab. cual. ind. manif. e const. (salvo op. inst. e maq.)	3,6	11,3	0,2	5,6
Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	4,1	16,8	0,4	15,4
Ocupacións elementais	18,9	63,9	4,5	50,0
Ocupacións militares	0,0	–	0,5	11,8
Total	100,0	47,1	100,0	57,7

Fonte: Elaboración propia a partir da Enquisa de Poboación Activa publicada polo IGE

A primeira gran diferenza entre sectores detéctase no grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais, co 11,5 % do emprego asalariado feminino no sector privado e o 51,7% no sector público. Hai que resaltar o feito de que en 2018 máis da metade das traballadoras do sector público pertencían a este grupo, que xunto co grupo de directores e xerentes reúne aos traballadores con maior cualificación e capacidade de decisión no posto de traballo. Os índices de feminización do grupo de técnicos e profesionais científicos e intelectuais superaron o 50 % nos dous sectores, pero mentres que no sector privado as mulleres representaron o 54,9 % de todos os traballadores dese grupo, no sector público supuxeron case dous de cada tres asalariados con esa ocupación (65,2 %).

Pódese argumentar que o sector público emprega máis técnicos que o sector privado porque unha parte importante destes técnicos dedícanse ao ensino ou a sanidade, dúas das profesións que tradicionalmente asociáronse ás mulleres. En calquera caso, os datos deixan patente que as mulleres que traballan nas ocupacións máis cualificadas tenden a facelo no sector público máis que no sector privado.

No outro extremo o peso do grupo de ocupacións elementais é moito menor no sector público que no sector privado. No sector privado case una de cada cinco asalariadas pertencía a este grupo (18,9 %), mentres que no sector público só supuñan unha de cada vinte (4,5 %). O peso das mulleres no total de traballadores con esta ocupación tamén foi menor no sector público, xa que o índice de feminización situouse no 63,9 % no sector privado, en tanto que no sector público quedou no 50 %.

Táboa 5.4. Evolución do número de pensionistas e pensións. Galicia (provincias, 2005-2018)

Ano	Nº PENSIONISTAS				PENSIONISTAS 2005=100				Nº PENSIONÍAS			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2005	231.384	102.310	94.760	180.091	100,0	100,0	100,0	100,0	256.612	122.080	109.485	201.568
2006	234.056	102.229	94.688	182.608	101,2	99,9	99,9	101,4	260.256	122.267	109.531	205.444
2007	236.455	101.915	94.431	184.942	102,2	99,6	99,7	102,7	263.032	121.961	109.261	208.191
2008	239.604	101.546	94.216	187.485	103,5	99,3	99,4	104,1	266.666	121.635	109.016	211.222
2009	242.795	101.085	94.381	190.396	104,8	98,8	99,6	105,6	270.228	121.116	109.084	214.494
2010	245.744	100.675	94.504	193.390	106,1	98,4	99,7	107,2	273.418	120.690	109.113	217.770
2011	248.824	100.520	94.613	196.561	107,3	98,2	99,8	108,8	276.696	120.482	109.133	221.241
2012	251.577	100.034	94.562	199.218	108,4	97,8	99,8	110,2	279.809	119.822	108.911	224.175
2013	254.788	100.032	94.722	202.039	109,7	97,8	100,0	111,6	283.282	119.700	108.932	227.200
2014	257.811	100.010	95.160	205.148	110,9	97,7	100,4	113,1	286.603	119.553	109.308	230.567
2015	260.229	99.720	95.223	207.661	111,8	97,4	100,5	114,3	289.275	118.995	109.191	233.266
2016	262.648	99.299	95.297	209.766	112,7	97,0	100,6	115,4	291.929	118.313	109.096	235.533
2017	264.728	98.814	95.318	211.974	113,5	96,5	100,6	116,4	294.307	117.516	108.946	237.939
2018	266.474	98.623	95.163	213.905	114,2	96,3	100,4	117,3	296.378	116.989	108.629	239.966

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

O gráfico seguinte resume a información da táboa, reflectindo a variación relativa no número de pensións e pensionistas, para cada unha das provincias de Galicia, entre 2005 e 2018. Neste gráfico pódese ver con claridade a diferenza de comportamento entre as provincias atlánticas, con aumentos nas dúas variables analizadas (algo máis para as pensións) e as provincias orientais, caracterizadas por un decrecemento que resulta máis evidente para o caso de Lugo. Outra diferenza nestas provincias é que o comportamento do número de pensións é menos favorable que o do número de pensionistas.


Gráfico 5.3. Variación do número de pensionistas e pensións do sistema. Galicia-Provincias (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Pola súa banda, as gráficas que recolleemos a continuación amosan os índices de feminización dos pensionistas e do número de pensións, entendidos como a porcentaxe que as mulleres representan do total destes valores. A información se presenta desagregada por provincias, rexistrándose tamén a media galega. Neste contexto, centrándose na primeira das variables (número de pensionistas), cabe sinalar que o índice indica unha tendencia á converxencia entre mulleres e homes, partindo de unha situación relativamente feminizada en 2005. A provincia de Lugo era a que presentaba unha maior porcentaxe de feminización neste ano de inicio da análise e, a súa vez, unha maior diminución da participación das mulleres no número total de pensionistas. As provincias atlánticas, pola súa banda, presentan o menor índice de feminización ao longo de toda a serie, ata o punto de que nos anos máis recentes o número de pensionistas homes supera o das mulleres.


Gráfico 5.4. Índice de feminización do número de pensionistas. Galicia-Provincias (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

As pensións percibidas amosan un comportamento máis estable, sendo destinatarias as mulleres en clara maioría en todo o período de análise. Os valores iniciais presentan unha maior participación relativa das mulleres na percepción de pensións que a observada para o caso do número de pensionistas, pondo de manifesto un escenario máis feminizado. En concordancia co anteriormente comentado para o número de pensionistas, a provincia lucense é a que presenta unha maior participación das pensións percibidas polas mulleres no total de pensións da provincia, como unha maior redución no período de análise. Neste caso, non se aprecia a tendencia tan clara cara a converxencia coma a comentada previamente, e incluso nalgún caso a feminización do número de pensións é crecente. En concreto, isto acontece na provincia de Ourense, e con máis claridade na Coruñesa. O peso relativo desta provincia no total de pensións de Galicia provoca que a media galega tamén rexistre unha tendencia crecente na evolución do índice de feminización das pensións.


Gráfico 5.5. Índice de feminización do número de pensións. Galicia-Provincias (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

Un dato de particular interese é a análise do peso relativo do número de pensionistas respecto da poboación total, por canto é indicativo da porcentaxe de poboación dependente que reside nun territorio. Neste contexto, os datos reflicten unha situación máis desfavorable para a comunidade galega que no conxunto do Estado. Así, a porcentaxe de poboación galega beneficiaria do sistema en 2018 (25 %) é notablemente superior á porcentaxe total no conxunto do Estado (18,7 %). Ademais, a dita *ratio* ven aumentando proporcionalmente máis en Galicia durante todo o período de análise, ata o punto de que a fenda entre a porcentaxe de poboación pensionista en ambos contextos pasa de 5,4 puntos porcentuais en 2005 aos actuais 6,2. Este dato contrasta co anteriormente referido menor incremento do número de pensionistas galegos en relación co total nacional, pero se explica pola caída relativa da poboación galega (2,18 %) fronte ao incremento da poboación total nacional (5,92 %).


Gráfico 5.6. Porcentaxe de pensionistas sobre a poboación total. Galicia-España (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

A análise centrada na relación entre o número de pensionistas mulleres e o total da poboación feminina reflicte unhas conclusións similares, aínda que se poden destacar pequenas diferenzas. En primeiro lugar, as pensionistas galegas representan un 24 % da poboación feminina galega en 2018, fronte ao 17,7 % da porcentaxe das mulleres no total estatal. En segundo lugar, a fenda entre ambas taxas (6,3 puntos porcentuais en 2018) é levemente superior que a do conxunto das pensionistas, pero ten un menor crecemento. En concreto, pasou de 6,1 en 2005 aos actuais 6,3, dúas décimas. É dicir, que a porcentaxe de mulleres pensionistas sobre a poboación feminina en Galicia é notablemente superior á porcentaxe que supoñen as pensionistas sobre o total de poboación feminina na media estatal, e ademais esta maior representación en Galicia avanza co tempo.

Gráfico 5.7. Porcentaxe de pensionistas sobre a poboación total. Mulleres, Galicia-España (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

O comportamento diferencial das provincias de Lugo e Ourense fronte a Pontevedra e A Coruña, previamente comentado, se reflicte tamén na análise da participación relativa do número de pensionistas sobre o total da poboación provincial. Así, os pensionistas das provincias orientais representan en torno ao 30 % da poboación total destas, mentres que os residentes nas provincias atlánticas teñen unha representación menor que a media galega. Neste contexto, non se aprecian diferenzas significativas entre pensionistas homes e mulleres (22,7 % e 21,7 % para A Coruña e Pontevedra, respectivamente).

Táboa 5.5. % Pensionistas sobre poboación. Poboación total e feminina. Galicia e provincias, (2005-2018)

Ano	PENSIONISTAS TOTAIS					MULLERES				
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.
2005	22,0%	20,5%	28,6%	27,9%	19,2%	21,8%	19,9%	29,3%	27,7%	19,2%
2006	22,2%	20,7%	28,7%	28,0%	19,4%	21,9%	20,0%	29,3%	27,7%	19,3%
2007	22,3%	20,9%	28,7%	28,0%	19,5%	22,0%	20,2%	29,4%	27,8%	19,4%
2008	22,4%	21,0%	28,6%	28,0%	19,7%	22,1%	20,3%	29,2%	27,8%	19,5%
2009	22,5%	21,2%	28,5%	28,1%	19,8%	22,1%	20,4%	29,1%	27,8%	19,6%
2010	22,7%	21,4%	28,5%	28,2%	20,1%	22,2%	20,6%	29,0%	27,8%	19,8%
2011	22,9%	21,7%	28,6%	28,4%	20,4%	22,4%	20,7%	29,1%	27,9%	19,9%
2012	23,2%	22,0%	28,7%	28,6%	20,8%	22,6%	21,0%	29,1%	28,1%	20,2%
2013	23,6%	22,4%	28,9%	29,0%	21,2%	22,8%	21,3%	29,2%	28,4%	20,4%
2014	23,9%	22,8%	29,2%	29,5%	21,6%	23,1%	21,6%	29,4%	28,9%	20,7%
2015	24,3%	23,1%	29,4%	29,9%	21,9%	23,4%	21,9%	29,5%	29,2%	21,0%
2016	24,5%	23,4%	29,5%	30,3%	22,2%	23,6%	22,2%	29,5%	29,6%	21,2%
2017	24,8%	23,6%	29,6%	30,6%	22,5%	23,9%	22,5%	29,5%	29,9%	21,5%
2018	25,0%	23,8%	29,8%	30,8%	22,7%	24,0%	22,7%	29,6%	30,0%	21,7%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

A táboa seguinte presenta a desagregación do número de pensionistas atendendo aos estratos de idade da poboación, diferenciando entre as persoas que teñen 65 anos ou máis e as menores desa idade. A información se recolle para Galicia e para o conxunto do Estado. Estes datos reflicten o grado de cobertura da poboación, sinalando as persoas nun determinado rango de idade que son beneficiarias do sistema de pensións.

Táboa 5.6. Cobertura do sistema por estratos de poboación. Galicia e España (2005-2018)

		POBOACIÓN		PENSIONISTAS			
		65 anos ou máis	% Total	65 anos ou máis	% Poboación 65 anos o máis	64 anos ou menos	% Poboación 64 anos ou menos
Galicia	2.015	655.907	24,01%	524.305	79,94%	138.527	6,67%
	2.016	661.310	24,33%	528.246	79,88%	138.764	6,75%
	2.017	665.939	24,59%	531.852	79,86%	138.983	6,80%
	2.018	672.930	24,91%	536.004	79,65%	138.162	6,81%
España	2.015	8.573.985	18,39%	6.516.587	76,00%	1.942.055	5,10%
	2.016	8.657.705	18,60%	6.607.422	76,32%	1.944.448	5,13%
	2.017	8.764.204	18,82%	6.699.115	76,44%	1.946.945	5,15%
	2.018	8.908.151	19,07%	6.798.314	76,32%	1.943.364	5,14%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

Na análise destes datos se constata que case o 80 % das persoas de 65 ou máis anos na comunidade galega son beneficiarias do sistema de pensións en 2018. Este dato supón unha taxa de cobertura superior á media do Estado, onde o dato fica no 76,32 %. Diferenzas similares

danse na cobertura mediante pensións á poboación de 64 anos ou menos, con índices do 6,81 % e 5,14 % respectivamente en Galicia e en España en 2018. A análise da evolución dende o ano 2015 amosa que ditas diferencias son estables no tempo.

A análise da taxa de cobertura desagregada por provincias revela que as catro provincias galegas están por enriba da media nacional. Na liña das diferencias interprovinciais previamente comentadas, Lugo e Ourense presentan taxas superiores ás rexistradas en A Coruña e Pontevedra (en torno a dous puntos superiores).


Táboa 5.7. Cobertura do sistema para poboación de 65 anos ou máis. Galicia e provincias (2005-2018)

Ano	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.
2005	76,45%	80,70%	78,16%	85,91%	81,33%	80,72%
2006	75,87%	80,36%	77,98%	85,67%	81,01%	80,14%
2007	75,91%	80,15%	77,77%	85,38%	80,75%	80,03%
2008	75,82%	80,13%	77,89%	85,18%	80,63%	80,03%
2009	75,62%	79,87%	77,57%	84,84%	80,50%	79,86%
2010	75,53%	79,83%	77,67%	84,73%	80,41%	79,78%
2011	75,34%	79,68%	77,63%	84,49%	80,38%	79,49%
2012	75,12%	79,57%	77,60%	84,05%	80,39%	79,46%
2013	75,63%	80,00%	77,91%	84,31%	80,89%	80,13%
2014	76,15%	80,14%	78,06%	84,15%	81,35%	80,30%
2015	75,99%	79,92%	78,00%	83,84%	81,21%	79,92%
2016	76,30%	79,87%	78,13%	83,64%	81,21%	79,70%
2017	76,44%	79,86%	78,21%	83,46%	81,22%	79,71%
2018	76,32%	79,65%	77,97%	83,25%	80,98%	79,58%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

Finalmente, a análise da cobertura do sistema para as mulleres de 65 anos ou máis, avanza dúas conclusións de interese. En primeiro lugar, a cobertura das mulleres nese segmento de idade é inferior á media galega, polo que se infire que é menor que a dos homes. En segundo, o 71,76 % das mulleres en Galicia nesa franxa de idade en 2018 teñen cobertura do sistema de pensións, fronte ao 66,30 % no conxunto do Estado. Dende 2005, a fenda entre ambas taxas de cobertura é en media 7 puntos favorable ás mulleres galegas, aínda que a diferenza tende a diminuír co tempo. Tal e como se constata no gráfico, se reduciu dende 8,61 puntos porcentuais en 2005 aos actuais 5,5.

Gráfico 5.8. Porcentaxe de pensionistas sobre a poboación de 65 anos ou máis. Mulleres, Galicia-España (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS e INE.

5.3 Tipoloxía e réximes das pensións

No relativo á distribución do número de pensións atendendo á súa diferente tipoloxía, a meirande parte das pensións en Galicia en 2018 correspóndense coas de xubilación, que representan o 62,3 % do total, seguidas das pensións de viuvez, que supoñen o 24,5 %, e as de incapacidade permanente, co 9,2 %, tendo unha importancia marxinal as de orfandade, co 3,1 %, e as outorgadas a favor de familiares, co 0,8 %.

Táboa 5.8. Número de pensións por tipo. Galicia (2005-2018)

Ano	Incapacidade	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiares	Total
2005	62.629	428.529	173.040	20.354	5.191	689.744
2006	64.082	432.566	175.462	20.100	5.288	697.498
2007	65.833	433.815	177.650	19.873	5.274	702.445
2008	67.504	436.037	179.795	19.870	5.333	708.539
2009	68.332	439.972	181.196	19.987	5.434	714.922
2010	69.142	443.556	182.628	20.140	5.526	720.992
2011	69.793	448.089	183.847	20.197	5.626	727.552
2012	69.947	451.333	184.920	20.797	5.720	732.717
2013	69.563	456.136	185.773	21.947	5.695	739.114
2014	68.936	461.602	186.565	23.144	5.784	746.031
2015	68.546	465.515	186.813	23.931	5.922	750.727
2016	69.021	468.636	187.075	24.074	6.068	754.873
2017	69.760	471.471	187.296	23.975	6.205	758.708
2018	70.014	474.809	186.987	23.747	6.406	761.963

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Polo que respecta á evolución durante o período de 2005 a 2018, destaca o estancamento, e incluso diminución, nos últimos anos do número das pensións correspondentes á incapacidade permanente, debido as crecentes restricións para o acceso que se teñen imposto por mor dos desequilibrios económicos do sistema. Igualmente destacable é o incremento significativo das pensións de orfandade, que no período 2012-2015 teñen medrado moi por riba da media do total de pensións, aínda que a dita expansión se frea a partir des ano. As pensións de xubilación e viuvez manifestan un comportamento de certa estabilidade, con variacións pouco significativas no período de análise. Pola súa banda, as pensións a favor de familiares son as que máis aumentan relativamente entre 2005 e 2018.

Táboa 5.9. Variacións interanuais das pensións por tipo. Galicia (2015-2018)

Ano	Incapacidade	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiares	Total
2006	2,3%	0,9%	1,4%	-1,2%	1,9%	1,1%
2007	2,7%	0,3%	1,2%	-1,1%	-0,3%	0,7%
2008	2,5%	0,5%	1,2%	0,0%	1,1%	0,9%
2009	1,2%	0,9%	0,8%	0,6%	1,9%	0,9%
2010	1,2%	0,8%	0,8%	0,8%	1,7%	0,8%
2011	0,9%	1,0%	0,7%	0,3%	1,8%	0,9%
2012	0,2%	0,7%	0,6%	3,0%	1,7%	0,7%
2013	-0,5%	1,1%	0,5%	5,5%	-0,4%	0,9%
2014	-0,9%	1,2%	0,4%	5,5%	1,6%	0,9%
2015	-0,6%	0,8%	0,1%	3,4%	2,4%	0,6%
2016	0,7%	0,7%	0,1%	0,6%	2,5%	0,6%
2017	1,1%	0,6%	0,1%	-0,4%	2,3%	0,5%
2018	0,4%	0,7%	-0,2%	-1,0%	3,2%	0,4%


Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Este comportamento diferencial ten a súa repercusión nas variacións totais de cadanseu tipo de pensións no período completo de análise. O maior incremento se rexistra no total de pensións a favor de familiares, que aumentan un 23,4 % entre 2006 e 2018. A continuación están as pensións de orfandade (aumento do 16,7 %). As pensións de incapacidade e xubilación aumentan un 11,8 % e un 10,8 % respectivamente, mentres que as de viuvez son as que reflicten unha menor variación (8,1 %). En conxunto, o número total de pensións en Galicia en 2018 superan en nun 10,5 % as de 2006. Detrás destes aumentos hai un ritmo diferencial de expansión. Así, as pensións galegas aumentan a un ritmo medio anual do 0,77 % entre 2006 e 2018. Cabe destacar que o ritmo de crecemento do conxunto do Estado duplica o incremento medio anual en Galicia (taxas de incremento medio do 1,84 % nos últimos 13 anos).

En canto a distribución do número de pensións nas diferentes tipoloxías, a segregación en España segue unha tendencia similar á galega. Pese a que as diferencias non son significativas, se aprecia unha lixeira maior representación en Galicia das de xubilación e as outorgadas a favor de familiares, fronte as de incapacidade permanente, e orfandade, que presentan porcentaxes

levemente superiores no conxunto do sistema. A participación das pensións de viuvez, pola súa banda, é similar en ambos contextos.


Gráfico 5.9. Porcentaxe de pensións por categoría. Galicia-España (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A introdución da perspectiva de xénero na análise da tipoloxía das pensións revela que, no cómputo global, a maior parte delas teñen como perceptoras a mulleres. Esta maioría é lixeiramente máis ampla na comunidade galega (53,5 % da totalidade das pensións fronte ao 51,6 % do conxunto do Estado). A análise individualizada de cada categoría revela que a dita circunstancia se relaciona co importante peso que teñen as pensións de viuvez na nosa comunidade, sendo estas percibidas nunha ampla maioría por mulleres.

Gráfico 5.10. Índice de feminización das pensións por categorías. Galicia-España (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A outra categoría onde destaca a feminización das pensións en Galicia é nas de xubilación (42,3 % na comunidade galega fronte ao 38 % de media estatal), presentando ademais o número destas pensións un maior crecemento nas mulleres que nos homes.

Táboa 5.10. Número de pensións por tipo. Galicia- Mulleres (2005-2018)

Ano	Incapacidade	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiares	Total
2005	19.527	189.807	154.346	9.741	3.685	377.106
2006	20.241	191.425	156.664	9.594	3.736	381.660
2007	21.100	191.009	158.817	9.472	3.719	384.117
2008	21.956	191.076	161.087	9.458	3.722	387.299
2009	22.335	191.501	162.493	9.495	3.793	389.616
2010	22.612	191.938	163.881	9.545	3.829	391.805
2011	22.894	192.611	165.048	9.567	3.879	393.998
2012	22.839	193.037	166.053	9.859	3.908	395.696
2013	22.612	194.039	166.847	10.428	3.846	397.772
2014	22.361	195.651	167.545	10.978	3.869	400.405
2015	22.252	196.834	167.776	11.328	3.934	402.123
2016	22.604	198.031	168.046	11.323	3.980	403.985
2017	23.113	199.406	168.358	11.236	4.008	406.121
2018	23.404	201.255	168.122	11.084	4.081	407.945

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A análise da evolución das pensións femininas entre 2005 e 2013 por tipo non presenta grandes diferencias en relación coa evolución total previamente comentada, no que se refire as tendencias anuais ao incremento e diminución do número de cada de cada tipoloxía.


Táboa 5.11. Variacións interanuais das pensións por tipo. Mulleres, Galicia (2005-2018)

Ano	Incapacidade	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiares	Total
2006	3,7%	0,9%	1,5%	-1,5%	1,4%	1,2%
2007	4,2%	-0,2%	1,4%	-1,3%	-0,5%	0,6%
2008	4,1%	0,0%	1,4%	-0,2%	0,1%	0,8%
2009	1,7%	0,2%	0,9%	0,4%	1,9%	0,6%
2010	1,2%	0,2%	0,9%	0,5%	1,0%	0,6%
2011	1,2%	0,4%	0,7%	0,2%	1,3%	0,6%
2012	-0,2%	0,2%	0,6%	3,1%	0,8%	0,4%
2013	-1,0%	0,5%	0,5%	5,8%	-1,6%	0,5%
2014	-1,1%	0,8%	0,4%	5,3%	0,6%	0,7%
2015	-0,5%	0,6%	0,1%	3,2%	1,7%	0,4%
2016	1,6%	0,6%	0,2%	0,0%	1,2%	0,5%
2017	2,3%	0,7%	0,2%	-0,8%	0,7%	0,5%
2018	1,3%	0,9%	-0,1%	-1,4%	1,8%	0,4%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Sen embargo, a comparación entre como evolucionan as pensións en Galicia segundo o sexo dos perceptores si amosa resultados de interese. Así, se observa que as únicas categorías onde as pensións percibidas por mulleres aumentan máis que as que perciben os homes son as pensións de incapacidade e as de viuvez. Pola contra, se reflicte unha elevada desproporción nas pensións a favor de familiares, cun notable incremento diferencial no caso masculino. Dito isto, debe sinalarse que a cantidade absoluta nesta categoría é moi inferior ao resto, polo que calquera variación ten unha importante repercusión porcentual.


Gráfico 5.11. Variación relativa das pensións por tipoloxía e sexo. Galicia (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Este comportamento diferencial apenas ten repercusión na evolución do Índice de feminización das distintas pensións en Galicia. Nestes anos, o índice diminúe en algo máis dun punto porcentual, presentando descensos nas pensións de xubilación, orfandade e a favor de familiares. A feminización das pensións de incapacidade aumenta en algo máis que dos puntos, e a de viuvez en pouco menos de un punto porcentual dende 2005.

Gráfico 5.12. Evolución do Índice de feminización das pensións por tipos. Galicia (2005 vs 2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Na distribución e evolución do número de pensións por réximes aprécianse os cambios que nos últimos anos se teñen producido en Galicia no sistema, en correspondencia coa dinámica da súa

estrutura produtiva. A este respecto, debe terse en conta que o réxime especial agrario integrouse, tanto para os traballadores por conta propia como por conta allea, no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) e no Réxime Xeral (RX) a partir dos anos 2008 e 2012 respectivamente. En todo caso, o número de pensións en dito réxime especial tiña diminuído de forma significativa nos últimos anos dende os máximos de 1990, ano no que acadou os 271 mil pensionistas que representaban o 49 % do total das pensións en Galicia. En 2007, ano inmediatamente anterior á integración, as pensións deste réxime se tiñan reducido en preto dun 16 %, representando un 32,15 % do total.


Táboa 5.12. Número de pensións por Réxime. Galicia (2005-2018)

Año	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Minería	Fogar	Accidentes de traballo	Enferm. Profes.	SOVI	Total
2005	273.568	71.084	6.406	232.538	49.150	1.604	16.005	17.337	2.505	19.548	689.744
2006	281.473	73.382	6.343	227.576	49.990	1.616	16.151	17.500	2.551	20.915	697.498
2007	289.437	75.665	6.265	221.831	50.681	1.621	16.241	17.628	2.577	20.500	702.445
2008	298.126	294.663	6.178		51.289	1.610	16.378	17.799	2.600	19.895	708.539
2009	307.318	291.682	6.080		51.871	1.618	16.516	17.916	2.624	19.296	714.922
2010	316.286	288.667	5.979		52.451	1.599	16.633	18.012	2.692	18.673	720.992
2011	325.694	285.718	5.894		52.997	1.586	16.784	18.115	2.743	18.021	727.552
2012	340.696	281.881			53.568	1.596	16.800	18.118	2.789	17.270	732.717
2013	360.445	278.547			54.261	1.593	6.874	18.163	2.791	16.439	739.114
2014	377.576	275.579			54.699	1.589		18.140	2.796	15.652	746.031
2015	386.944	271.519			54.950	1.583		18.101	2.815	14.817	750.727
2016	395.792	267.592			55.012	1.574		18.073	2.868	13.961	754.873
2017	404.680	263.412			54.960	1.564		18.072	2.939	13.081	758.708
2018	413.381	259.031			54.680	1.571		18.041	3.013	12.245	761.963

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Esta modificación no sistema explica a maior porcentaxe de pensións do RETA en Galicia respecto da existente no conxunto do Estado (34 % fronte ao 20,3 %), compensado co menor peso relativo do RX (54,3 % fronte a 71,9 % en Galicia e España, respectivamente).

Gráfico 5.13. Peso relativo dos diferentes réximes de pensións. Galicia-España (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Como é lóxico, a importancia do Réxime Especial dos Traballadores do Mar é significativamente maior en Galicia, co 7,2 % do total de pensións fronte ao 1,3 % do total do sistema. O peso relativo do resto de réximes especiais é moito menor, presentando diferenzas lóxicas entre Galicia e o total do sistema, tanto no Réxime Especial da Minería como no antigo Seguro Obrigatorio de Vellez e Invalidez (SOVI), desaparecido como tal no ano 1967 o ser substituído polo actual sistema contributivo.

No tocante á evolución das pensións segundo os diferentes réximes, destaca a constante diminución nos últimos anos do número de pensións do RETA en Galicia, ao contrario do que acontece no conxunto do sistema. Ademais, esta diminución non se ve compensada co correspondente incremento de pensións no RX que, a pesar de crecer de media un 3,2 % durante o período analizado, ten un incremento menor ao do conxunto do Estado.

Táboa 5.13. Variación do número de pensións por réxime. Galicia (2005-2018)


Ano	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Minería	Fogar	Accidentes de traballo	Enferm. Profes.	SOVI	Total
2006	2,9%	3,2%	-1,0%	-2,1%	1,7%	0,7%	0,9%	0,9%	1,8%	7,0%	1,1%
2007	2,8%	3,1%	-1,2%	-2,5%	1,4%	0,3%	0,6%	0,7%	1,0%	-2,0%	0,7%
2008	3,0%	289,4%	-1,4%	--	1,2%	-0,7%	0,8%	1,0%	0,9%	-3,0%	0,9%
2009	3,1%	-1,0%	-1,6%	--	1,1%	0,5%	0,8%	0,7%	0,9%	-3,0%	0,9%
2010	2,9%	-1,0%	-1,7%	--	1,1%	-1,2%	0,7%	0,5%	2,6%	-3,2%	0,8%
2011	3,0%	-1,0%	-1,4%	--	1,0%	-0,8%	0,9%	0,6%	1,9%	-3,5%	0,9%
2012	4,6%	-1,3%	--	--	1,1%	0,6%	0,1%	0,0%	1,7%	-4,2%	0,7%
2013	5,8%	-1,2%	--	--	1,3%	-0,2%	-59,1%	0,2%	0,1%	-4,8%	0,9%
2014	4,8%	-1,1%	--	--	0,8%	-0,3%	--	-0,1%	0,2%	-4,8%	0,9%
2015	2,5%	-1,5%	--	--	0,5%	-0,4%	--	-0,2%	0,7%	-5,3%	0,6%
2016	2,3%	-1,4%	--	--	0,1%	-0,6%	--	-0,2%	1,9%	-5,8%	0,6%
2017	2,2%	-1,6%	--	--	-0,1%	-0,7%	--	0,0%	2,5%	-6,3%	0,5%
2018	2,2%	-1,7%	--	--	-0,5%	0,5%	--	-0,2%	2,5%	-6,4%	0,4%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Aínda que a menor ritmo, destaca tamén o crecemento do número de pensións en Galicia no Réxime Especial dos Traballadores do Mar, en contraste coa súa diminución no total do sistema, se ben nos dous últimos anos da análise a súa tendencia é decrecente. O resto de réximes especiais medran en liña coa totalidade das pensións, a excepción do SOVI que, como réxime a extinguir, diminúe de forma continuada.

O índice de feminización das pensións do RETA en Galicia é particularmente notable (63,2 %), dez puntos porcentuais superior á media do Estado. Ademais, debe destacarse que este réxime, pese a ter diminuído nos últimos anos, ten un peso relativo en Galicia moi superior á media nacional (34 % e 20,3 % en Galicia e España, respectivamente). No RX as mulleres teñen experimentado nos últimos anos un importante crecemento que favorece o equilibrio dende unha perspectiva de xénero, pero aínda presenta un peso relativo moi debaixo do acadado no conxunto do Estado.

Gráfico 5.14. Índice de feminización dos diferentes réximes de pensións. Galicia-España (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A evolución das pensións das mulleres permite constatar o importante aumento de presenza destas no réxime xeral e no RETA. Así, a variación experimentada nas pensións do primeiro dos réximes comentados (72 %) duplica a experimentada polas pensións masculinas (35 %). A incorporación das pensións de mulleres procedentes do réxime agrario por conta allea pode explicar en parte este maior incremento, aínda que debe sinalarse que só o 53% das pensións neste extinto réxime eran de mulleres.

Táboa 5.14. Número de pensións por Réxime. Galicia-Mulleres (2005-2018)

Año	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Minería	Fogar	Accidentes de traballo	Enferm. Profes.	SOVI	Total
2005	117.672	39.534	3.391	161.780	17.687	563	15.026	7.709	1.163	12.582	377.106
2006	121.755	40.693	3.398	158.879	18.201	578	15.124	7.738	1.164	14.129	381.660
2007	126.035	41.812	3.377	155.453	18.738	589	15.180	7.760	1.177	13.996	384.117
2008	130.730	195.089	3.342	--	19.517	603	15.291	7.783	1.186	13.757	387.299
2009	135.334	180.651	3.006	11.981	19.916	620	15.414	7.770	1.182	13.471	389.616
2010	139.919	190.131	3.232	--	20.296	620	15.494	7.731	1.212	13.169	391.805
2011	144.657	187.502	3.207	--	20.636	618	15.614	7.723	1.213	12.828	393.998
2012	152.838	184.261	--	--	21.072	620	15.617	7.683	1.212	12.393	395.696
2013	167.370	181.108	--	--	21.480	635	6.393	7.666	1.206	11.914	397.772
2014	179.632	177.995	--	--	21.870	637	--	7.650	1.191	11.431	400.405
2015	185.061	174.457	--	--	22.238	649	--	7.623	1.195	10.899	402.123
2016	190.534	171.127	--	--	22.512	654	--	7.590	1.207	10.361	403.985
2017	196.619	167.540	--	--	22.747	654	--	7.535	1.215	9.812	406.121
2018	202.644	163.815	--	--	22.824	675	--	7.492	1.221	9.274	407.945

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Máis clara é a influencia da incorporación de pensións procedentes do réxime de fogar (94 % de feminización en 2012). Pola súa banda, o incremento de pensións das mulleres no RETA está influído pola entrada de pensións procedentes do réxime agrario por conta propia (feminizadas

nun 70 % en 2009). Destaca tamén o crecemento do número de pensións femininas no Réxime Especial dos Traballadores do Mar (29 %).

Este Réxime de Mar, precisamente, constitúe a única diferenza na evolución recente das pensións femininas por réximes en comparación coa media estatal. Así, a variación interanual destas pensións é sempre positiva, fronte a diminución constante en ámbito nacional.


Táboa 5.15. Variación do número de pensións por réxime. Galicia-Mulleres (2005-2018)

Ano	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Minería	Fogar	Accidentes de traballo	Enferm. Profes.	SOVI	Total
2006	3,5%	2,9%	0,2%	-1,8%	2,9%	2,6%	0,7%	0,4%	0,1%	12,3%	1,2%
2007	3,5%	2,7%	-0,6%	-2,2%	2,9%	1,9%	0,4%	0,3%	1,1%	-0,9%	0,6%
2008	3,7%	366,6%	-1,0%	--	4,2%	2,3%	0,7%	0,3%	0,8%	-1,7%	0,8%
2009	3,5%	-7,4%	-10,1%	--	2,0%	2,9%	0,8%	-0,2%	-0,3%	-2,1%	0,6%
2010	3,4%	5,2%	7,5%	--	1,9%	0,0%	0,5%	-0,5%	2,6%	-2,2%	0,6%
2011	3,4%	-1,4%	-0,8%	--	1,7%	-0,3%	0,8%	-0,1%	0,0%	-2,6%	0,6%
2012	5,7%	-1,7%	--	--	2,1%	0,3%	0,0%	-0,5%	0,0%	-3,4%	0,4%
2013	9,5%	-1,7%	--	--	1,9%	2,5%	-59,1%	-0,2%	-0,5%	-3,9%	0,5%
2014	7,3%	-1,7%	--	--	1,8%	0,2%	--	-0,2%	-1,3%	-4,1%	0,7%
2015	3,0%	-2,0%	--	--	1,7%	2,0%	--	-0,4%	0,4%	-4,7%	0,4%
2016	3,0%	-1,9%	--	--	1,2%	0,8%	--	-0,4%	1,0%	-4,9%	0,5%
2017	3,2%	-2,1%	--	--	1,0%	-0,1%	--	-0,7%	0,6%	-5,3%	0,5%
2018	3,1%	-2,2%	--	--	0,3%	3,3%	--	-0,6%	0,5%	-5,5%	0,4%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Froito destas evolucións, en Galicia é particularmente importante a participación de mulleres no RETA e no réxime de traballadores do Mar. Porén, a feminización das pensións do RX é vinte puntos porcentuais inferior á rexistrada en media estatal.


Gráfico 5.15. Índice de feminización dos diferentes réximes de pensións. Galicia-España Mulleres (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

O aumento de mulleres pensionistas nos distintos réximes, superior ao crecemento experimentado polos pensionistas masculinos, salvo no caso do SOVI e nos accidentes profesionais, explica o avance do índice de feminización relativa entre 2005 e 2018. Porén, o comportamento diferencial nestes dous réximes orixina que, en conxunto, haxa un leve retroceso


Gráfico 5.16. Evolución do Índice de feminización das pensións por categorías. Galicia (2005 vs 2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Como xa se sinalou con anterioridade na análise das cifras de persoas beneficiarias e pensións do sistema, algunhas destas persoas son titulares de máis dunha pensión, o cal é posible sempre que a suma de ambas non supere a pensión máxima. A esta realidade se lle coñece como “concorrenza de pensións”. O gráfico seguinte reflicte as taxas de concorrenza para os diferentes tipos de pensións en Galicia e no conxunto do sistema para o ano 2018. Como se pode comprobar, a taxa de concorrenza en Galicia para o conxunto das pensións acada ao 13 % dos pensionistas, fronte ao 10 % no total do Estado.

Gráfico 5.17. Taxa de concorrenza das pensións. Galicia-España (2018)




Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Se temos en conta que a asignación das persoas pensionistas a unha ou outra modalidade de pensións realízase atendendo á pensión principal, conclúese que a concorrencia de pensións concéntrase de forma moi acusada nas de viuvez, en especial en Galicia, onde acada o 77 % fronte o 44 % do conxunto do sistema.

Esta realidade ten a súa orixe principalmente nas mulleres que causan unha pensión de xubilación e, asemade, adquiren o dereito a unha pensión de viuvez ao falecer o seu cónxuxe ou causahabiente, feito este que en Galicia cobra maior forza pola inscrición xeneralizada das mulleres no réxime especial agrario e pola maior proporción de mulleres maiores de 65 anos respecto da poboación total. Con todo, se nos centramos soamente nas mulleres, esa taxa de concorrencia diminúe debido a que os homes que teñen como principal unha pensión de viuvez contan normalmente con outra pensión nalgún dos outros réximes.

Gráfico 5.18. Taxa de concorrencia das pensións. Galicia-España Mulleres (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

5.4 A contía económica das pensións

O importe que cobran as persoas pensionistas está relacionado co tipo de pensión e o réxime no que son causadas, presentando diferenzas importantes segundo a categoría e as circunstancias de cotización de cada un deles. Con carácter xeral, o importe para o caso das pensións de xubilación e incapacidade permanente está ligado ás bases de cotización dos causantes, sendo a súa contía superior ás de viuvez, e estas, a súa vez, superiores ás de orfandade.

Na táboa seguinte recóllese o importe e a evolución das pensións medias en Galicia por categorías que, no seu conxunto, tan só representan o 84,6 % da media nacional, observándose certa converxencia en termos porcentuais nos últimos anos pese a aumentar as diferenzas en magnitudes absolutas. A súa vez, se ben a contía en euros correntes presenta un incremento constante ó longo do período analizado, este foise reducindo ata ser inferior ao 2 % entre o 2014

e o 2017, medrando de novo a ritmos normais no ano 2018 co retorno da actualización das pensións. A este respecto, debe terse en conta que na evolución da pensión media incide non so a porcentaxe de revalorización anual -limitada nos últimos anos ao 0,25 %-, senón tamén a diferenza entre as pensións que se incorporan ao sistema e as que saen del, cuestión que será obxecto de análise posterior.

Táboa 5.16. Evolución da pensión media por tipo de pensión. Galicia (2005-2018)


Ano	Incapacidade	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiares	Todas		
						Euros	Increment.	Galicia/España
2005	595,85	557,66	381,05	257,23	328,03	506,23	--	83,0%
2006	626,26	590,74	399,76	277,46	348,33	535,10	5,7%	83,4%
2007	650,98	622,53	417,86	292,55	368,81	562,19	5,1%	83,4%
2008	686,41	667,65	443,69	317,31	395,51	600,73	6,9%	83,5%
2009	714,95	700,77	464,71	334,31	411,20	629,85	4,8%	83,5%
2010	735,55	726,29	480,26	345,72	420,66	651,88	3,5%	83,6%
2011	756,15	752,97	493,24	354,91	433,95	674,13	3,4%	83,7%
2012	775,46	780,30	506,51	362,07	448,37	696,28	3,3%	83,9%
2013	798,12	809,90	520,91	366,65	462,22	720,32	3,5%	84,1%
2014	807,10	828,53	526,93	364,40	466,44	733,92	1,9%	84,3%
2015	816,01	847,51	533,26	364,86	470,89	748,08	1,9%	84,4%
2016	825,41	866,17	540,15	368,49	475,88	762,64	1,9%	84,4%
2017	835,36	884,88	548,12	372,68	481,20	777,71	2,0%	84,5%
2018	849,08	910,57	563,25	381,00	489,15	799,64	4,9%	84,6%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A pensión media en Galicia situouse nos 799 euros no ano 2018, sendo as de xubilación as que presentan maior importe, con 910 euros de media. Aínda que as que seguen atendendo a súa contía son as de incapacidade permanente, cabe sinalar o importe das pensións de viuvez, sinaladas antes como de especial importancia polo seu peso relativo. Esta categoría ten un importe medio de 563 euros, o 61,8 % da contía das de xubilación.

O gráfico seguinte reflicte a evolución do importe medio das pensións en Galicia e España no período de análise. A pensión media en Galicia mantívose sempre por debaixo do importe no conxunto do Estado, sendo en media un 16 % inferior neste anos. O incremento experimentado pola contía media na comunidade galega (58 %) é superior ao da contía en España (55 %), e tamén o ritmo medio de crecemento das pensións galegas supera lixeiramente o rexistrado na media total das pensións (3,57 % e 3,43 % de crecemento medio anual para Galicia e España, respectivamente). En consecuencia, aínda que a diferenza entre ambos importes aumenta nestes anos en preto de 25 euros (un 40 %), a fenda entre as pensións medias tende a diminuír: se en 2005 os pensionistas galegos recibían, en media, un 83 % do importe medio das pensións totais, en 2018 perciben o 84 % destas pensións.

Gráfico 5.19. Evolución da pensión media. Galicia-España (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A análise da evolución das pensións correspondentes ás mulleres ofrece certos datos de interese:

- As contías medias das pensións femininas son inferiores ás masculinas en todo o período de análise. Ademais, o incremento reflectido neste período nas pensións das mulleres é cinco puntos porcentuais inferior ao dos homes (54,2 % fronte a 59,5 %).
- A fenda na contía das pensións segundo o sexo do perceptor aumenta nestes anos: se en 2005 as mulleres percibían o 65,9 % das percepcións dos homes, en 2018 pasan a percibir un 63,7 % destas contías.
- Atendendo á media de percepcións nestes anos por tipoloxía de pensión, as maiores diferencias se atopan nas contías de pensión de xubilación, onde as mulleres perciben un 62,8 % da cantidade que teñen recibido os homes. Pola contra, as pensións de viuvez, orfandade e a favor de familiares son superiores nas mulleres galegas.
- As pensións dos homes en Galicia presentan contías superiores á media estatal, incluíndo home e mulleres en todo o período, pero as das mulleres queda moi por debaixo deste valor. Así, as pensións medias femininas se sitúan en torno ao 66 % - 64 % da pensión media española, mentres que os pensionistas galegos homes perciben entre un 2 % - 5 % máis que a pensión media do Estado.
- As comparacións referenciadas ao grupo homoxéneo de sexo non son máis favorables. Así, as mulleres galegas perciben, en media, un 85,4 % das percepcións das mulleres pensionistas en España, mentres que no caso dos homes en Galicia esta contía se sitúa en torno ao 84,6 % da media de pensións masculinas.
- A análise da evolución referida no parágrafo anterior revela que as tendencias difiren para mulleres e homes. Así, se as pensionistas galegas percibían en 2005 un 87 % da pensión media das mulleres en España, en 2018 perciben unicamente un 85,4 %. Porén, os homes

ven como se reduce a fenda: no mesmo período, os galegos pasan de percibir un 82,6 % a un 85,4 % da pensión media estatal.


Táboa 5.17. Evolución da pensión media por tipo de pensión. Galicia-Mulleres (2005-2018)

Ano	Incapacidade	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiares	Todas		
						Euros	Increment.	Galicia/España
2005	472,55	429,28	390,24	257,62	334,54	410,18	--	87,4%
2006	504,43	452,29	409,71	278,78	355,76	432,27	5,4%	87,8%
2007	530,37	474,11	428,58	294,65	376,65	453,01	4,8%	87,7%
2008	566,91	504,93	455,52	319,59	404,74	482,40	6,5%	87,6%
2009	597,27	526,75	477,51	336,36	420,05	504,58	4,6%	87,4%
2010	618,40	543,02	493,77	346,85	429,27	520,88	3,2%	87,2%
2011	638,22	559,93	507,26	355,53	442,78	536,30	3,0%	87,1%
2012	657,62	578,74	521,19	362,82	458,63	552,58	3,0%	86,9%
2013	681,49	599,43	536,09	366,67	473,78	570,21	3,2%	86,7%
2014	693,85	612,06	542,39	364,50	477,79	579,39	1,6%	86,5%
2015	703,18	625,54	548,98	364,76	481,66	589,14	1,7%	86,2%
2016	714,44	639,43	556,19	368,36	487,40	599,91	1,8%	85,9%
2017	727,38	655,85	564,58	371,46	492,92	612,61	2,1%	85,6%
2018	742,48	679,20	580,62	380,34	500,46	632,30	5,4%	85,4%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

O gráfico seguinte resume as principais tendencias obtidas dos datos anteriores. Coma se pode comprobar, o menor incremento no tempo se corresponde coa evolución das pensións femininas, sexa en Galicia (a máis baixa) ou en España. A continuación aparece o incremento sostido no tempo das pensións masculinas, sendo as españolas as que reflicten un maior aumento. As diferenzas de pensións en contra das mulleres galegas, sexa en comparación coas españolas ou cos homes, van aumentando tamén consonte avanza os anos.


Gráfico 5.20. Evolución das pensións medias e diferenza por sexo. Galicia-España (2005-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Na análise comparativa por Comunidades Autónomas (incluídas as cidades de Ceuta e Melilla) se atopa que o País Vasco é o que ten maior pensión media, seguida de Madrid e Asturias. A comunidade galega presenta a segunda contía máis baixa, claramente por debaixo da renda media estatal. Como dato particularmente indicativo, o importe medio das pensións do País Vasco supera en preto dun 50 % os importes medios en Galicia.


Gráfico 5.21. Pensións medias por CCAA (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A situación non difire en demasía cando se analizan por separado as pensións de homes e mulleres. Como dato de particular interese, a comunidade galega presenta a pensión máis baixa entre as mulleres pensionistas do Estado. Para o caso dos homes, a pensión é a segunda máis baixa, só por debaixo das pensións masculinas de Extremadura.


Gráfico 5.22. Pensións medias por CCAA e sexo (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Resulta particularmente chamativo que o maior dos importes medios nas pensións das mulleres (878 euros, comunidade de Madrid) é inferior ao menor importe medio das pensións masculinas (889 euros, Extremadura), o que da idea das asimetrías entre as percepcións dunhas e outras. Estas desigualdades teñen a súa orixe nos diferentes pesos relativos e condicións das modalidades e réximes nos que se causan as pensións, estando tamén correlacionadas, como é lóxico, coas necesidades de complemento ata os mínimos legalmente establecidos. Así, constátase que os territorios con maior porcentaxe de pensións con complemento a mínimos son os que presentan menores contías medias nas pensións. En Galicia, o 30,6 % das pensións totais teñen complemento a mínimos fronte o 11,6 % de media no País Vasco.


Gráfico 5.23. % Pensións con complemento a mínimos por CCAA (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A comunidade galega figura entre as que teñen maior porcentaxe de pensión con complementos, por encima da media estatal tanto no caso dos homes (22,5 % das pensións) como, con máis claridade, no das mulleres (37,7 % das pensións complementadas). Para estas é a quinta comunidade que máis porcentaxe de pensións ten nesta categoría.


Gráfico 5.24. % Pensións con complemento a mínimos por CCAA e sexo (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

No que se refire ao importe medio das pensións por tipo, tal e como se comentou previamente, as máis altas son as de xubilación que, a súa vez, son as que maiores diferenzas presentan respecto da media nacional (preto dun 20 % inferiores). Igualmente, pola súa importancia relativa na participación no conxunto de pensións, cabe destacar que as pensións de viuvez son, en media, un 18 % inferiores en Galicia.


Gráfico 5.25. Pensións medias por tipo de pensións (€) (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Se nos fixamos nas pensións por réximes, as diferenzas son aínda máis significativas, correspondendo os maiores importes ao Réxime Especial da Minería (24 % inferiores), se ben o seu peso é moi pequeno no conxunto das pensións, tanto en Galicia como no total do sistema. A segunda diferenza a encontramos no réxime de autónomos, un 15,3 % inferiores na comunidade galega.


Gráfico 5.26. Pensións medias por réxime de pensións (€) (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Enfocando esta análise dende unha perspectiva de xénero, as diferenzas son evidentes tanto se avaliamos as pensións por rexímenes ou por tipos.. Atendendo a este segundo parámetro, a diferenza entre as pensións das mulleres galegas en relación coas mulleres no conxunto de Estado é superior ás fendas entre as pensións totais galegas e estatais nas pensións de incapacidade (17,4 % para as mulleres e 11,4 % en media total) e nas de viuvez (19,3 % nas mulleres fronte a 18 % total).

Gráfico 5.27. Pensións medias por tipo de pensións (€). Mulleres. (2018)




Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Pola contra, as diferencias entre pensións de mulleres son inferiores ás diferencias medias nas pensións de xubilación e a favor de familiares. Nas pensións de orfandade, pola súa banda, as pensións femininas en Galicia superan ás que perciben as mulleres na media estatal.

Cando a análise se centra nos réximes, as diferencias seguen sendo superiores si se fan unicamente entre grupos de mulleres. Neste caso, as fendas entre mulleres (galegas e media estatal) superan a diferenza media entre pensións galegas e estatais en todos os réximes agás o SOVI, con especial intensidade no caso da minería.

Gráfico 5.28. Pensións medias por réxime de pensións (€). Mulleres. (2018)




Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Ao analizar a evolución das contías medias das pensións, resulta moi clarificador comparar os importes das novas pensións que se incorporan ao sistema coas que causan baixa no mesmo. Este exercicio preséntase nos seguintes gráficos, que reflicten os importes medios para os diferentes tipos de pensións en Galicia e no conxunto do sistema.

A contía media das altas de novas pensións en Galicia (926,7 euros) supera en 127 euros a media de pensións galegas. Isto quere dicir que as pensións que se incorporan ao sistema superan nun 15,8 % a pensión media galega actual, un dato que permite introducir certo optimismo de cara á redución das diferencias observadas. Esta mellora é superior á media estatal, onde as novas pensións superan nun 12,7 % os importes medios das pensións. O avance ven, principalmente, da man das altas nas pensións de xubilación, que en Galicia superan nun 29 % o importe medio das pensións de xubilación actuais. Este aumento tamén é superior á media estatal para o dito tipo de pensións, que se sitúa nun 20,2 %. En menor medida melloran as pensións de viuvez, onde o aumento no importe das altas no conxunto do estado (8 % sobre a media actual) é superior ao rexistrado en Galicia (5, %). Estas diferenzas compensan con creces a caída nas contías das novas pensións de orfandade e a favor familiares, situándose as pensións de incapacidade permanente que entran no sistema practicamente na media do conxunto da súa categoría.


Gráfico 5.29. Pensións medias nas altas por tipo de pensións (€) (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A análise da contía das pensións que van saíndo do sistema revela, como é lóxico, que o seu importe é notablemente inferior a media de pensións. Esta diferenza se cifra en Galicia en 108 euros (é dicir, que as pensións que son baixa na comunidade galega son un 13,4 % inferiores a contía media das pensións galegas en 2018). En media estatal, as baixas teñen un importe un 11,3% inferior á pensión media. Estas diferenzas son máis ou menos similares entre as distintas categorías de pensións, aínda que destacan para o caso galego as baixas nas pensións de viuvez e xubilación (14,1 % e 12,2 % inferiores á pensión media galega, respectivamente). No caso das outorgadas a favor de familiares, se dobran estas porcentaxes; e as de incapacidade permanente se comportan de forma contraria o ser os importes medios das baixas superiores ós importes medios do total das pensións deste tipo.


Gráfico 5.30. Pensións medias nas baixas por tipo de pensións (€) (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A relación dos importes medios das novas pensións cos das que causan baixa no sistema revela unha mellora relativa superior en Galicia. Así, pódese constatar que a relación é maior de media en Galicia que no total do sistema, 134 % fronte o 127 %, concentrándose principalmente nas pensións de xubilación que, cunha proporción do 147 %, superan en 14 puntos a relación media nacional. Estas diferenzas teñen a súa orixe nas menores contías medias das pensións incorporadas en Galicia hai anos, principalmente por xerarse no réxime agrario, que agora se substitúen por pensións noutros réximes con maiores importes.


Gráfico 5.31. Relación pensións altas/baixas por tipo de pensións (€) (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Facendo a mesma análise exclusivamente para as mulleres se constata que os importes das novas pensións superan aos das pensións que causan baixa nunha porcentaxe moi superior á media do sistema, destacando as pensións de xubilación onde as novas incorporacións en Galicia acadan cifras dun 68 % superiores as pensións que causan baixa.

Gráfico 5.32. Relación pensións altas/baixas por tipo de pensións (€) (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Pese a que os datos galegos son aparentemente mellores, da análise global dos importes medios das novas pensións resulta salientable e preocupante, dende a perspectiva de Galicia, que no referente ás novas incorporacións o sistema, apenas se corríxan as diferenzas entre a media galega e a nacional, representando aquela, para o total de pensións novas, o 87,07 % desta. É por iso que parece oportuno analizar separadamente os tipos de pensións, para centrarnos nas de xubilación, individualizando así o efecto que as pensións de viuvez teñen sobre as medias totais. Este exercicio presenta resultados interesantes, sobre todo si se analiza a súa evolución nos últimos anos, información que se reflicte na táboa seguinte.

Táboa 5.18. Evolución da pensión media de xubilación. Galicia-España (2005-2018)

Ano	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Minería	Fogar	Accidentes de traballo	Enferm. Profes.	SOVI	Total
2005	86,1%	93,5%	96,8%	94,6%	88,1%	79,6%	99,1%	86,8%	62,7%	99,6%	81,2%
2006	86,1%	93,4%	96,9%	94,4%	88,1%	79,2%	99,2%	87,2%	63,6%	100,2%	81,7%
2007	86,2%	93,5%	96,9%	94,1%	88,3%	79,2%	99,2%	87,3%	63,9%	100,0%	81,9%
2008	86,2%	89,4%	96,9%		88,5%	78,7%	99,2%	87,4%	64,7%	100,0%	82,0%
2009	86,1%	88,7%	96,9%		88,6%	78,8%	99,0%	87,6%	66,1%	100,0%	82,0%
2010	86,1%	88,1%	97,0%		88,9%	79,2%	98,8%	88,1%	67,0%	100,3%	82,2%
2011	86,1%	87,6%	97,3%		89,1%	79,5%	98,6%	88,1%	68,8%	100,3%	82,3%
2012	90,0%	87,3%			89,2%	80,7%	98,5%	88,2%	70,4%	100,4%	82,5%
2013	89,4%	86,7%			89,4%	81,1%	98,3%	87,8%	71,8%	100,5%	82,7%
2014	89,1%	86,3%			89,5%	82,0%		88,1%	72,4%	100,7%	82,9%
2015	89,1%	86,0%			89,7%	82,7%		88,3%	73,6%	100,8%	83,0%
2016	89,1%	85,7%			89,8%	82,6%		88,3%	75,3%	100,9%	83,1%
2017	89,0%	85,5%			90,0%	83,2%		88,3%	77,0%	101,1%	83,2%
2018	89,1%	85,4%			90,1%	84,0%		88,5%	78,8%	101,3%	83,5%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS

Centrándonos na pensión media das novas incorporacións ao sistema, se pode constatar unha corrección significativa coas medias nacionais dende o ano 2005, diminuindo 6 puntos as diferencias no réxime xeral, ata acadar actualmente o 91,5 % da media nacional. A corrección alcanza tamén 3 puntos no RETA (do 91,8 % a 94,9 % da media nacional), e moi claramente ao Réxime Especial de Traballadores do Mar (oito puntos porcentuais dende 2005), que xa representan o 93,6 % da media nacional.

Táboa 5.19. Evolución da pensión media das altas de xubilación. Galicia-España (2005-2018)

Ano	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Minería	Fogar	SOVI	Total
2005	85,6%	91,8%	100,1%	92,5%	85,5%	77,4%	97,1%	100,9%	89,8%
2006	86,5%	94,3%	102,2%	92,8%	85,9%	82,9%	98,4%	99,2%	85,8%
2007	87,0%	94,3%	104,8%	92,1%	88,5%	89,0%	99,0%	97,4%	85,8%
2008	88,0%	88,4%	101,4%		89,5%	102,3%	97,0%	98,8%	87,5%
2009	87,6%	88,5%	109,6%		89,4%	101,3%	97,8%	99,8%	87,1%
2010	88,3%	88,9%	113,7%		92,1%	94,9%	96,1%	96,8%	87,6%
2011	87,7%	88,5%	101,8%		89,4%	102,6%	95,9%	93,9%	86,7%
2012	91,8%	90,4%			89,8%	105,1%	95,0%	93,8%	88,5%
2013	91,4%	89,2%			91,9%	104,0%	87,9%	94,8%	88,7%
2014	90,7%	89,0%			91,7%	99,5%		94,1%	87,8%
2015	89,8%	89,4%			91,9%	97,6%		97,4%	86,9%
2016	90,1%	92,9%			95,7%	103,7%		95,1%	87,9%
2017	90,5%	94,4%			93,8%	97,6%		89,0%	88,4%
2018	91,5%	94,9%			93,6%	99,5%		100,7%	89,5%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

A mesma conclusión se extrae ao analizar o importe medio das novas altas por xubilación centrándose soamente nas mulleres. Como se pode ver na táboa seguinte, aínda que con leves diferencias entre anos, constátase unha tendencia á converxencia respecto das medias do conxunto do Estado, situándose actualmente as altas das novas pensións de xubilación no 91 % e no 92,9 % da media nacional para os réximes xeral e de autónomos respectivamente. Esta evolución pon de manifesto a melloría, en termos relativos, das condicións laborais dos galegos nos últimos anos.

Táboa 5.20. Evolución da pensión media das altas de xubilación, Galicia-España. Mulleres. (2005-2018)

Ano	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Fogar	SOVI	Total
2005	89,2%	95,1%	101,1%	98,3%	100,2%	96,9%	101,4%	90,9%
2006	88,4%	97,0%	98,0%	99,2%	95,4%	98,8%	98,5%	91,0%
2007	89,8%	97,7%	106,5%	98,8%	101,3%	99,1%	97,9%	90,1%
2008	90,8%	94,0%	96,7%		89,3%	97,0%	98,4%	91,0%
2009	88,3%	93,0%	91,3%		84,3%	98,2%	100,7%	88,8%
2010	89,7%	92,7%	99,1%		91,8%	95,9%	98,2%	88,9%
2011	85,8%	92,5%	96,3%		89,0%	95,9%	97,7%	85,5%
2012	90,7%	92,0%			91,1%	94,9%	96,9%	85,6%
2013	89,6%	90,2%			88,5%	87,3%	98,2%	84,0%
2014	89,4%	89,4%			90,5%		93,8%	83,8%
2015	87,0%	89,6%			90,6%		101,2%	81,8%
2016	86,8%	92,3%			89,9%		100,5%	82,9%
2017	89,6%	93,2%			91,0%		101,5%	85,6%
2018	90,9%	92,9%			93,1%		99,1%	87,0%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Se cuantificamos as diferencias das pensións medias entre homes e mulleres, centrándonos nas novas pensións de xubilación -que son as que en mellor medida reflicten a realidade o mercado de traballo e a súa evolución en canto á diferenza entre homes e mulleres- observamos que durante o período analizado se teñen corrixido significativamente as diferencias entre as mulleres e os homes, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, aínda que as fendas aínda son importantes.

Táboa 5.21. Evolución da pensión media das altas de xubilación, Mulleres – Homes. Estado. (2005-2018)

Ano	Xeral	Autónomos	Agrario conta allea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Fogar	SOVI	Total
2005	66,8%	71,3%	83,2%	85,6%	45,8%	98,9%	97,2%	51,9%
2006	66,5%	71,9%	83,7%	85,1%	50,7%	101,2%	99,4%	53,3%
2007	66,6%	70,9%	83,6%	84,7%	48,0%	97,7%	101,3%	55,2%
2008	66,9%	73,8%	82,9%		48,7%	110,7%	101,3%	56,4%
2009	69,6%	73,6%	82,6%		53,8%	99,9%	101,4%	59,3%
2010	71,6%	74,3%	80,9%		53,3%	108,0%	109,3%	61,1%
2011	73,0%	73,9%	81,2%		51,0%	105,2%	113,2%	63,7%
2012	72,0%	75,0%			51,0%	107,2%	108,0%	67,4%
2013	74,1%	73,1%			49,1%		108,1%	72,7%
2014	73,3%	73,3%			51,3%		100,7%	72,4%
2015	74,9%	76,6%			54,5%		99,5%	74,5%
2016	76,7%	85,1%			59,4%		99,8%	77,5%
2017	76,5%	86,4%			63,1%		103,4%	77,9%
2018	77,1%	86,8%			63,7%		101,0%	79,0%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Con todo, non é menos importante sinalar que a tendencia á converxencia entre as pensións de mulleres e homes en Galicia avanza a menor ritmo que en media estatal, máxime cando esta diferenza se da en todos os tipos de pensións.

Táboa 5.22. Evolución da pensión media das altas de xubilación, Mulleres – Homes. Galicia. (2005-2018)

Ano	Xeral	Autónomos	Agrario conta aliea	Agrario conta propia	Trab. do Mar	Fogar	SOVI	Total
2005	70,4%	73,2%	85,7%	89,8%	52,8%	89,2%	102,6%	55,9%
2006	68,9%	73,8%	82,4%	91,4%	55,5%	128,1%	96,8%	57,2%
2007	69,8%	73,5%	89,2%	91,3%	54,0%	103,7%	103,1%	58,3%
2008	70,0%	75,9%	81,7%		47,1%	124,5%	98,8%	58,8%
2009	70,5%	74,4%	70,0%		49,4%	146,6%	104,6%	60,3%
2010	73,3%	74,4%	72,6%		51,6%	94,6%	109,3%	61,7%
2011	71,2%	74,9%	81,3%		48,5%	143,3%	119,3%	61,9%
2012	71,1%	72,7%			49,5%	105,7%	119,9%	63,8%
2013	72,5%	70,0%			45,3%		111,9%	67,0%
2014	71,7%	69,3%			47,9%		99,5%	66,9%
2015	71,7%	72,7%			51,0%		110,7%	67,6%
2016	72,4%	81,2%			53,5%		123,1%	70,3%
2017	75,4%	81,9%			59,0%		145,2%	73,8%
2018	76,5%	81,6%			61,1%		91,1%	75,3%

Fonte: Elaboración propia a partir MTMySS.

Estas diferenzas entre a contía e evolución das pensións medias de xubilación, así como da contía das novas altas das pensións deste tipo, son máis acusadas nas provincias de Lugo e Ourense, co 84 % e 77% da media estatal, fronte á Coruña e Pontevedra que, co 92 % e 93% respectivamente, se aproximan á dita media.

5.5 Outras prestacións

5.5.1 Prestacións non contributivas

Neste apartado recóllense outro tipo de prestacións que perciben as persoas ante determinadas circunstancias de carácter persoal. Nun primeiro momento centrámonos nas prestacións non contributivas, entre as que se poden diferenciar as seguintes categorías:

- **Pensións non contributivas da Seguridade Social**

Son aquelas prestacións que perciben as persoas que non teñen cotizacións, ou cuxo período de cotización non é suficiente para acadar o nivel requirido para acadar prestacións de carácter contributivo. A súa duración é vitalicia ou de carácter indeterminado. Teñen dúas modalidades de prestación, invalidez e xubilación.

- **Prestacións da LISMI**

O acrónimo LISMI fai referencia as prestacións da Lei de Integración Social dos Minusválidos. Trátase de prestacións sociais e económicas non contributivas dirixidas a persoas que se vexan

afectadas por unha minusvalía derivada dunha diminución de carácter previsiblemente permanente non comprendidas no campo de aplicación do sistema de SS. Comprende tamén a persoas afectadas por un proceso dexenerativo que puidera derivar en minusvalía. Para a percepción da LISMI, as persoas non deben estar comprendidas no campo de aplicación do sistema de Seguridade Social e non deben ser beneficiarias de prestacións de natureza análoga. Tampouco deben percibir recursos persoais que superen o 70 % do SMI en cómputo anual.

▪ **Prestacións do Fondo Nacional de Asistencia Social (FAS)**

O FAS inclúe prestacións asistenciais económicas individualizadas de carácter periódico dirixidas a persoas anciáns, enfermas ou afectadas dalgún tipo de invalidez con resultado de incapacidade para o traballo. Estas condicións implican que as persoas teñan cumpridos 65 anos para o caso de axudas por vellez, ou que estean incapacitadas para toda clase de traballo. Para a percepción desta prestación deben cumprirse unha serie de condicións:

- Carecer de medios económicos para a subsistencia. Enténdese como tales os que sexan inferiores ao importe mínimo anual destas pensións, sexa en forma de rendas, de pensións ou de calquera outro tipo de retribucións. Se inclúe nestes medios a propiedade ou condición de usufrutuario de bens e inmobles.
- Non ter familiares obrigados a atenderlles ou que carezan de posibilidades para facelo.
- Non pertencer a ningunha Institución que estea obrigada a prestarlles asistencia.
- Non ser propietarios ou usufrutuarios de bens e inmobles que indiquen a existencia de medios materiais suficientes para atender a súa subsistencia.

▪ **Prestacións familiares por fillo a cargo**

Estas prestacións outórganse nos supostos de rendas familiares inferiores a cantidade establecida con carácter anual, naqueles casos en que haxa menores a cargo que teñan menos de 18 anos (ou maiores, pero afectados por unha minusvalía igual ou superior ao 65%). Neste último caso non hai límite de ingresos.

▪ **Renda de integración social de Galicia. RISGA**

É unha prestación económica asistencial que se outorga co obxectivo de facilitar a reinserción sociolaboral das persoas. Trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a persoas de entre 25 e 65 anos, que non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes.

▪ **Prestacións por desemprego**

Estas prestacións protexen a situación por desemprego, diferenciándose distintos tipos:

- Nivel contributivo. Prestación por desemprego.
- Nivel asistencial. Subsidio por desemprego.
- Renda activa de inserción.

Neste apartado centrarémonos nas cinco primeiras tipoloxías, por canto as prestacións por desemprego son obxecto de análise noutro apartado deste informe.

A análise destas prestacións pon de manifestos dous aspectos sobresaíntes : en primeiro lugar, as pensións non contributivas da seguridade social , e, veñen acaparando nos últimos anos case oito de cada dez prestacións non contributivas: e, en segundo lugar, nos derradeiros exercicios veñen diminuindo constantemente, ata o punto de que as percepcións en 2018 son un 7 % inferiores as que había en 2010.

Táboa 5.23. Prestacións non contributivas. Galicia. (2010-2018)

	Pensións non contributivas da Seguridade Social	LISMI	FAS	RISGA	AIS
2010	46.511	1.516	33	4.989	3.041
2011	45.378	1.387	24	5.416	2.319
2012	44.448	1.118	15	6.718	2.595
2013	43.511	887	12	9.300	2.653
2014	42.732	750	12	9.175	2.814
2015	41.884	591	8	9.713	2.727
2016	40.871	437	9	10.761	2.879
2017	39.564	384	8	10.371	2.623
2018	38.802	332	7	10.163	2.913

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Como é lóxico, as diminucións en cada tipoloxía son acordes coas cantidades relativas de cada unha delas. Porén, na análise da súa evolución interanual obsérvase que as FAS e as LISMI son as que diminúen a maior ritmo, con decrecementos acumulados próximos ao 18 % cada ano. O decrecemento das pensións non contributivas (PNC) é menor, preto do 2,2 % con carácter anual, mentres que as AIS rexistran un comportamento máis estable. A única categoría que aumenta neste período é a RISGA.

A participación das mulleres nestas prestacións diminúe tamén ao longo destes anos, aínda que levemente. Así, se en 2010 percibían o 69 % do total, en 2018 son receptoras de pouco menos do 67 % da totalidade destas prestacións. Unha análise máis atenta revela que a participación no conxunto das prestacións non contributivas está fortemente influída polo importante peso que representan as mulleres nas pensións de xubilación, próximo ao 77 % en 2018. No caso das prestacións por invalidez, o reparto entre as percepcións entre homes e mulleres é máis equilibrado, sobre todo tendo en conta a diminución progresiva das mulleres nestas percepcións co paso do tempo.

Táboa 5.24. Prestacións non contributivas (PNC) por sexo. Galicia. (2010-2018)

		TOTAL PNC		% MULLERES	
		Invalidez	Xubilación	Invalidez	Xubilación
	2010	17.563	28.948	53,2%	78,9%
	2011	17.052	28.326	52,6%	78,7%
	2012	16.674	27.774	52,7%	78,3%
	2013	16.380	27.131	52,0%	78,1%
	2014	16.050	26.682	51,5%	78,0%
	2015	15.755	26.129	51,2%	77,8%
	2016	15.511	25.360	51,1%	77,6%
	2017	15.015	24.549	50,8%	77,1%
	2018	14.578	24.224	50,4%	76,7%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

As percepcións procedentes do Fondo Nacional de Asistencia Social (FAS) amosan un panorama igualmente feminizado, co 57 % das prestacións en 2018 titularidade de mulleres. Esta porcentaxe ten sufrido unha forte diminución dende 2010, próxima a vinte puntos porcentuais. Con todo, debe terse presente que o número de prestacións nesta categoría son poucas en valor absoluto, polo que calquera variación orixina un importante cambio porcentual.

Como xa se comentou previamente, as percepcións no FAS diminúen notablemente no que levamos de década, ata o punto de que en 2018 son unicamente sete. Dende 2015, todas as percepcións son por enfermidade, e todas dirixidas a mulleres.

Táboa 5.25. Fondo Nacional de Asistencia Social (FAS) por sexo. Galicia. (2010-2018)

		TOTAL FAS		% MULLERES	
		Vellez	Enfermidade	Vellez	Enfermidade
	2010	7	26	85,7%	65,4%
	2011	5	19	80,0%	63,2%
	2012	1	14	100,0%	64,3%
	2013	1	11	100,0%	54,5%
	2014	1	11	100,0%	54,5%
	2015	0	8		62,5%
	2016	0	9		66,7%
	2017	0	8		50,0%
	2018	0	7		57,1%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Finalmente, a Renda de Inclusión Social (RISGA) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) tamén son percibidas na súa maioría por mulleres. A RISGA é a única categoría, dentro destas prestacións non contributivas, que aumenta dende 2010, manténdose a porcentaxe de mulleres

perceptoras constante (seis de cada dez axudas). As AIS, pola súa banda, reflicten un aumento progresivo da participación das mulleres na totalidade das percepcións.


Táboa 5.26. RISGA e AIS. Galicia. (2010-2018)

		TOTAL		% MULLERES	
		RISGA	AIS	RISGA	AIS
	2010	4.989	3.041	62,5%	60,7%
	2011	5.416	2.319	60,1%	59,6%
	2012	6.718	2.595	58,6%	59,5%
	2013	9.300	2.653	58,2%	60,4%
	2014	9.175	2.814	59,6%	61,2%
	2015	9.713	2.727	60,5%	64,4%
	2016	10.761	2.879	60,3%	61,2%
	2017	10.371	2.623	61,4%	64,8%
	2018	10.163	2.913	62,3%	63,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

De todo o anterior pódese concluír que a análise conxunta destas prestacións non contributivas pon de manifesto un panorama claramente feminizado, con tendencia a estabilizarse co paso do tempo. Como revela o gráfico seguinte, en todos os casos as prestacións recollen unha participación maioritaria das perceptoras femininas, máis claro nas pensións de xubilación. Asemade, pódese detectar unha lixeira tendencia ao aumento da presenza das mulleres entre as perceptoras da RISGA.

Gráfico 5.33. Evolución das prestacións non contributivas. Galicia. (2010-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

5.6. Outras prestacións públicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero

Nesta parte do informe centrado nas prestacións que reciben as mulleres galegas, merece especial consideración a análise das axudas derivadas dunha das principais lacras coas que convivimos na actualidade, a violencia machista. O estudo destas axudas, e a súa evolución, non só serve como indicador do estado desta cruel realidade na comunidade galega, senón dos recursos empregados polo Estado e a Administración galega na loita e reversión desta realidade.

A ONU²¹ recoñece a violencia contra mulleres e nenas como unha das “violacións dos dereitos humanos máis estendidas, persistentes e devastadoras do mundo actual”, definida na “Declaración sobre a eliminación de la violencia contra la mujer” emitida pola Asamblea General da ONU no ano 1993: “todo acto de violencia que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na vida privada”.

Co obxectivo de remover as estruturas que causan e perpetúan esta situación, Galicia aprobou a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que garante ás mulleres unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica que debe ser integral e que prevé tamén, no seu artigo 39, a habilitación á Xunta de Galicia para lles establecer unha prestación económica ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Esta lei foi modificada na Lei 12/2016, do 22 de xullo, co obxectivo de incluír como forma de violencia de xénero a definición de trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual coherente coa do Código penal e as definicións internacionais, e para garantir a incorporación desta forma de violencia de xénero como beneficiaria da axuda periódica.

A Lexislación tamén incorpora a obrigatoriedade de emitir un informe anual, por parte do Goberno da Xunta de Galicia, que será remitido ao Parlamento de Galicia, sobre a situación da violencia de xénero de Galicia, sendo este, o informe de síntese máis completo que se pode atopar para a CC.AA., polo que o “Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero 2018” será a referencia tida en conta para a elaboración desta sección, ademais doutras fontes estatísticas do IGE, INE ou o Ministerio

Nesta sección recóllese información das axudas públicas destinadas as mulleres vítimas de violencia de xénero pero previamente analizaranse algúns datos para contextualizar as axudas. Así, en primeiro lugar realizarase unha análise da magnitude do problema para, en segundo lugar realizar un estudo das medidas de carácter económico adoptadas a partir das leis estatais e galon incluimos no estudo outras axudas galegas recollidas no “Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero 2018”

²¹ <https://www.un.org/es/events/endviolenceday/>

remitido ao Parlamento de Galicia o 2 de maio de 2019, que inclúen medidas que van dende a prevención da violencia de xénero (sensibilización, investigación, formativas e aquelas adoitadas no ámbito educativo), as de protección e asistencia fronte a violencia de xénero (no ámbito sanitario e psicolóxico, no ámbito xudicial ou na formación e no emprego).


5.6.1. Análise e magnitude da violencia de xénero

Nesta sección analizaranse algúns indicadores para visibilizar a magnitude da violencia de xénero en Galicia, en comparación coa media española, en concreto: o número de chamadas ao 016, o número de usuarias do servizo telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de Xénero (ATENPRO), o número de denuncias e o número de vítimas mortais.

Número de Chamadas ao servizo telefónico 016 de información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero.

Forma parte do Catálogo de Medidas Urxentes na Loita contra a Violencia de Xénero aprobado en Consello de Ministros o 15 de decembro de 2006 e que foi posto en funcionamento o 3 de setembro de 2007. Nesta variable contabilízanse o número de chamadas, non dispoñendo de datos (por razóns de confidencialidade) das persoas que chamaron máis dunha vez. O servizo púxose en marcha co obxectivo de facilitar información e asesoramento xurídico ás vítimas de violencia de xénero en todo o territorio español, con independencia do seu lugar de residencia.

Gráfico 5.34. Número de chamadas ao servizo telefónico 016



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Violencia de Xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España


O número de chamadas ao 016 en Galicia e España presentan unha tendencia semellante ao longo do período analizado. Se descontamos o ano 2007 (que corresponde a posta en marcha do servizo, no mes de setembro, polo que só recolle os datos de 4 meses dese ano), a evolución é, claramente desigual entre anos, diminuíndo claramente nos anos 2009, 2012, 2017 e 2018 (sobre todo no ano 2012, onde a caída do número de chamadas con relación ao ano anterior foi do -21 % en España e do -23 % en Galicia). Comparando o ano 2018 co acontecido no ano 2008, o número de chamadas que, en Galicia, ascende actualmente a 3.057, presenta unha maior

redución na comunidade galega que no conxunto do Estado. A media de diminución anual tamén é superior en Galicia que en España, con taxas de variación medias anuais do -0,6 % e -0,2 % respectivamente. Con relación a España, Galicia representa o 4,2 % das chamadas, polo que estaría por baixo da súa representación poboacional (5,8 %).

Usuaris do servizo telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de Xénero (ATENPRO)

Este Servizo creouse para cubrir unha das medidas contempladas no Plan de Medidas Urxentes para a Prevención da Violencia de Xénero, aprobado polo Consejo de Ministros de 7 de maio de 2004, que establece a cobertura dun servizo de teleasistencia móbil para as vítimas de violencia de xénero. Este servizo comeza a funcionar en decembro de 2005, sendo substituído polo actual ATENPRO dende o ano 2010. O servizo consiste en proporcionar as vítimas de violencia de xénero, mediante a tecnoloxía axeitadas, unha atención inmediata, ante as eventualidades que lles poidan sobreir, durante as 24 horas do día, os 365 días do ano, sexa cal sexa o lugar no que se atopen. Este servizo o poden solicitar as vítimas que cumpran unha serie de requisitos: non convivir coa persoa ou persoas que lles someteron a malos tratos e participar nos programas de atención especializada para vítimas da violencia de xénero ofertados no seu territorio autonómico.

Gráfico 5.35. Número de usuarias do servizo telefónico de Atención e Protección para Vítimas de Violencia de Xénero (ATENPRO) en Galicia e España



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Violencia de Xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España

Como se sinalou anteriormente o servizo ATENPRO, púxose en marcha no ano 2010, polo que analizaremos os resultados dende ese ano. A evolución do número de usuarias do servizo mostra unha tendencia crecente en Galicia e España, se ben, con algunhas alteracións, como se pode observar no caso de España no ano 2012 (que coincide coa baixada do número de chamadas ao 016) e en Galicia no ano 2014 (neste caso, produciuse un aumento do número de chamadas ao 016). Ao principio do período, o servizo en Galicia tiña 344 usuarias pasando a 534 no ano

2018. Neste ano, o número de usuarias totais en España foi de 13.360 polo que Galicia representou o 4 % das mesmas. Por termo medio o número de usuarias galegas representaron o 4,2 % do total, con pequenas oscilacións, como no ano 2012, xa que baixan as usuarias en España pero medran en Galicia.

Número de denuncias por violencia de xénero

Se recollen as denuncias por violencia presentadas pola vítima, ou familia, en xulgados ou policía, atestados policiais con denuncia da vítima ou familiares, atestados policiais con intervención directa, parte de lesións ou servizo de asistencia e terceiros, en xeral. Pode incluír, para unha mesma vítima, máis dunha denuncia interposta independentemente da orixe da mesma.

Táboa 5.27. Número de denuncias, por millón de mulleres, por violencia de xénero en Galicia e España

	Por millón de mulleres		Taxas de variación anual	
	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA
2007	5.521	3.641		
2008	6.119	4.173	10,8	14,6
2009	5.784	4.238	-5,5	1,6
2010	5.694	3.680	-1,6	-13,2
2011	5.663	3.600	-0,5	-2,2
2012	5.419	3.353	-4,3	-6,9
2013	5.279	3.639	-2,6	8,5
2014	5.367	3.681	1,7	1,2
2015	5.472	3.701	2,0	0,5
2016	6.071	4.054	10,9	9,5
2017	7.014	4.606	15,5	13,6
2018	7.010	4.683	-0,1	1,7
2007-2018	1.489	1.042		
Var relativa	27%	29%		
TCA 2008-2018	2,2	2,3		

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Datos das fontes dos Ministerios de Interior e Seguridade Social.

En 2018 presentáronse en España algo máis de 7.000 denuncias por violencia sexista por cada millón de mulleres. Na comunidade galega, pola súa banda, foron case 4.700. A análise de evolución relativa amosa un crecemento lixeiramente superior en Galicia, onde as denuncias en 2018 superaban nun 29 % as presentadas en 2007 (en España, un 27 %). Pese a detectarse lixeiras fases de decrecemento no período de análise, estas denuncias veñen aumentando dende 2007 a un ritmo medio do 2,3 % na comunidade galega, similar a media do Estado. O comportamento das denuncias en Galicia é similar ao producido en España, coa salvedade do importante crecemento observado en 2013.

Gráfico 5.36. Variación interanual do número de denuncias por Violencia de Xénero. Galicia- España (2007-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Violencia de Xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España


O número de denuncias en Galicia é inferior que o rexistrado en España e, ademais, a diferenza aumenta no período (1.880 denuncias menos, por cada millón de mulleres, no ano 2007 e 2.327 menos no 2018). En calquera caso, o número de denuncias segue a ser moi elevado en ambos casos, o que pon de relevancia a magnitude e gravidade do problema.

Número de vítimas mortais por violencia de xénero.

Nesta sección recóllense as vítimas mortais por violencia de xénero nos termos da “Lei Orgánica 1/2004, de 28 de **dicembre** **decembro**, de Medidas de Protección Integral contra **la** **a** Violencia de **Xénero** **Género**”. A información refírese, polo tanto, a casos de mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas, e os datos baséanse nos correspondentes informes individualizados.

No seguinte gráfico comparamos os datos das vítimas mortais por millón de mulleres en Galicia e España. A evolución é desigual ao longo do período. En Galicia o valor máximo o atopamos no ano 2015, con 5,6 vítimas por cada millón de mulleres, mentres que en España o atopamos no ano 2008, sendo de 3,3 vítimas por cada millón de mulleres, dato moi inferior ao caso galego. Nos últimos tres anos do período analizado detéctase en Galicia unha forte redución das mulleres asasinadas polas súas parellas ou ex-parellas, acadando valores menores que a media española no ano 2017 (1,4 fronte a 2,2) e practicamente igual que a media española no 2018 (en torno ao 2 %).

Gráfico 5.37. Vítimas mortais por violencia de xénero, por millón de mulleres



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Datos das fontes dos Ministerios de Interior e Seguridade Social.

En termos absolutos, en Galicia no ano 2018 foron asasinadas 3 mulleres vítimas da violencia de xénero, fronte as 47 asasinadas no conxunto español. No conxunto do período en Galicia producíronse 50 asasinatos, sendo esta cifra de 706 no total do Estado.

Táboa 5.28. Número de vítimas mortais por violencia de xénero en Galicia e España

	Mulleres Asasinadas	
	ESPAÑA	GALICIA
2007	71	5
2008	76	7
2009	56	3
2010	73	2
2011	62	3
2012	52	4
2013	54	3
2014	55	6
2015	60	8
2016	49	4
2017	51	2
2018	47	3

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Datos das fontes dos Ministerios de Interior e Seguridade Social.

5.6.2. Medidas de apoio de carácter económico

Neste apartado recolleemos todas as medidas de carácter económico establecidas para dar apoio as mulleres vítimas de violencias de xénero e que se derivan de leis do Estado como a Renda Activa de Inserción ou as Axudas económicas concedidas ao amparo do Artigo 27 da Lei Integral 2004, pero tamén as establecidas para mellorar a empregabilidade da vítima como son os contratos bonificados ou os de substitución.

Contratos bonificados de mulleres vítimas de violencia e contratos de substitución de vítimas de violencia de xénero.

A “Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero” garante ás mulleres vítimas de violencia de xénero unha serie de dereitos laborais e de Seguridade Social, coa finalidade de conciliar as súas obrigas laborais coas súas necesidades de protección e de recuperación integral. Así mesmo, o Real Decreto 197/2008, de 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción socio laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, contempla medidas activas de emprego para facilitar o acceso a un posto de traballo as vítimas e, así, incrementar a súa autonomía persoal. Nestas medidas atópanse os contratos bonificados para a súa contratación ou os de substitución de traballadoras vítimas de violencia de xénero.

Táboa 5.29. Número de contratos bonificados para vítimas de violencia de xénero en Galicia e España

	Número		Taxas de variación anual		%GA/ES
	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	
2007	362	20			5,5
2008	326	23	-9,9	15,0	7,1
2009	409	20	25,5	-13,0	4,9
2010	393	29	-3,9	45,0	7,4
2011	463	26	17,8	-10,3	5,6
2012	458	22	-1,1	-15,4	4,8
2013	626	17	36,7	-22,7	2,7
2014	723	26	15,5	52,9	3,6
2015	835	37	15,5	42,3	4,4
2016	799	42	-4,3	13,5	5,3
2017	808	54	1,1	28,6	6,7
2018	1.075	87	33,0	61,1	8,1
2018-07	713	67			
tva 2018/07	10,4	14,3			

Fonte: Elaboración propia a partir das Estadísticas de Violencia de Xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España

Os contratos bonificados para as vítimas de violencia de xénero en Galicia ascenderon a 87 no ano 2018, aumentando en 67 con relación ao ano 2007. Tanto en Galicia como en España no ano 2018 preséntase o valor máximo das bonificacións de contratos. O 8 % dos contratos bonificados en España son para vítimas galegas.

A evolución destes contratos ao longo do período foi desigual, non coincidindo coa evolución das denuncias analizada no apartado anterior. Tampouco coinciden as evolucións galega e estatal. Galicia presenta caídas nos contratos bonificados nos anos 2009 e no sub período 2011-13, mentres que en España as caídas atópanse nos anos 2008, 2010, 2012 e 2016.

No caso dos contratos de substitución de mulleres vítimas por violencia de xénero (que poden ser subscritos tanto por homes como por mulleres) acadan un valor de 17 en Galicia no ano 2018, aumentando en 13 os do ano 2007. Ao longo do período hai importantes variacións, acadando en Galicia o máximo número de contratos destas características no ano 2016, con 32 contratos. Galicia representa o 5,4 % do total de contratos do Estado no ano 2018, porén a media no período achégase ao 6 % e hai anos onde superaron o 14 % (2015).

Táboa 5.30. Número de contratos bonificados para vítimas de violencia de xénero en Galicia e España

	Número		Taxas de variación anual		%GA/ES
	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	
2007	86	4			4,7
2008	87	4	1,2	0,0	4,6
2009	96	0	10,3	-100,0	0,0
2010	126	3	31,3		2,4
2011	146	3	15,9	0,0	2,1
2012	374	5	156,2	66,7	1,3
2013	513	23	37,2	360,0	4,5
2014	143	16	-72,1	-30,4	11,2
2015	170	24	18,9	50,0	14,1
2016	239	32	40,6	33,3	13,4
2017	383	29	60,3	-9,4	7,6
2018	312	17	-18,5	-41,4	5,4
2018-07	226	13			
tva 2018/07	12,4	14,1			

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Violencia de Xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España

Renda Activa de Inserción (RAI)

Forma parte da acción protectora por desemprego do réxime público da Seguridade Social e inclúe non soamente o pago dunha prestación, senón accións específicas de formación, perfeccionamento, orientación, reconversión e inserción profesional. Está regulada polo Real Decreto 1369/2006, de 24 de novembro, polo que se regula o programa de Renda Activa de Inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para atopar emprego. Esta axuda ten limitacións, como que a muller non sexa receptora da Axuda Económica prevista no artigo 27 da Lei 1/2004, a súa contía é igual ao 80 % do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) e percibirase como máximo durante 11 meses.

En Galicia no ano 2018 hai 1.109 perceptoras da RAI, o que supón un aumento de 540 mulleres con relación ao ano 2007, presentando una taxa de variación media anual case un punto inferior

á media española (6,3 % fronte ao 7,6 %). Así, Galicia representa o 3,7 % das perceptoras da RAI no conxunto do Estado, sendo esta porcentaxe inferior a o seu peso na poboación.

Táboa 5.31. Número de perceptoras da Renda Activa de Inserción

	Número perceptoras		Taxas de variación anual		%GA/ES
	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	
2007	13.291	569			4,3
2008	16.883	641	27,0	12,7	3,8
2009	22.010	794	30,4	23,9	3,6
2010	25.512	921	15,9	16,0	3,6
2011	29.065	1.016	13,9	10,3	3,5
2012	30.065	1.063	3,4	4,6	3,5
2013	32.596	1.197	8,4	12,6	3,7
2014	34.550	1.311	6,0	9,5	3,8
2015	34.695	1.303	0,4	-0,6	3,8
2016	33.565	1.331	-3,3	2,1	4,0
2017	31.398	1.213	-6,5	-8,9	3,9
2018	29.802	1.109	-5,1	-8,6	3,7
2018-07	16.511	540			
tva 2018/07	7,6	6,3			

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Violencia de Xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España

Axuda económica prevista no artigo 27 da Lei 1/2004

Esta axuda está recollida no artigo 27 da “Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero”. Son axudas de carácter social que están previstas para mulleres vítimas de violencia de xénero que, dadas as súas circunstancias, teñan especiais dificultades para conseguir un emprego e, por elo, non participen nos programas establecidos para a súa inserción laboral (por exemplo, o RAI). Tamén está condicionada a unha obtención de rendas que, no cómputo mensual, non poden superar o 75 % do salario mínimo interprofesional.

A evolución das axudas económicas concedidas segundo o artigo 27 da Lei integral do 2004 é desigual en Galicia e España. Galicia presenta dúas caídas no número de perceptoras, no 2008 e no 2017, mentres que, no conxunto do Estado só se produciu unha, no ano 2010, sendo esta caída moi inferior as experimentadas na CC.AA.

No ano 2018 foron concedidas 90 axudas en Galicia, fronte as 817 do conxunto do Estado, o que supón que o 11 % do total destas axudas beneficiaron avítimas galegas. Con relación ao ano 2007 as axudas en Galicia aumentaron en 39, pero a taxa de variación media do período, sendo positiva, é inferior á media española (5,3 e 13,7 %, respectivamente).

Táboa 5.32. Número de axudas económicas concedidas polo artigo 27 da Lei Integral do 2004

			Taxas de variación anual		%GA/ES
	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA	
2007	199	51			25,6
2008	284	28	42,7	-45,1	9,9
2009	360	12	26,8	-57,1	3,3
2010	350	27	-2,8	125,0	7,7
2011	430	48	22,9	77,8	11,2
2012	463	51	7,7	6,3	11,0
2013	483	61	4,3	19,6	12,6
2014	606	65	25,5	6,6	10,7
2015	675	89	11,4	36,9	13,2
2016	724	96	7,3	7,9	13,3
2017	765	66	5,7	-31,3	8,6
2018	817	90	6,8	36,4	11,0
2018-07	618	39			
tva 2018/07	13,7	5,3			

Fonte: Elaboración propia a partir das Estatísticas de Violencia de Xénero do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade do Goberno de España

5.6.3. Axudas económicas específicas na CC. AA. galega

Nesta sección recolleemos un resumo das axudas galegas referidas no “Informe anual de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero 2018” remitido ao Parlamento de Galicia o 2 de maio de 2019. E que son as seguintes:

- Valoración das rendas dos ingresos do agresor aos efectos de determinar o dereito a percibir a Renda de Integración Social de Galicia e outras axudas previstas na Lei 11/2007.
- Prestacións periódicas: co obxectivo de: proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor ou da persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación. Estas axudas están condicionadas a un conxunto de requisitos de cese de convivencia, empadramento en Galicia, percibir uns ingresos mensuais iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM e non ter percibido esta axuda con anterioridade ou a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004. A contía por mes vai en función da relación renda/IPREM, número de fillos/as menores e graos de discapacidade, e oscila entre 300 e 800 euros/mes. No ano 2018 beneficiáronse destas axudas **583** vítimas da violencia de xénero.
- Axudas de pagamento único: coa finalidade de proporcionar apoio económico as mulleres que sofren violencia de xénero, a percepción da indemnización prevista na lei

galega e facer valer o dereito recoñecido por sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais con sede no territorio galego. As contías económicas recollidas nesta tipoloxía son: Percibir o importe do subsidio de desemprego por un período entre 6 e 24 meses en función das características da vítima e as súa situación familiar. Para percibir esta axuda hai unha serie de requisitos, como ter especiais dificultades para obter un emprego. O número de beneficiarias no ano 2018 foi de **91** mulleres.

- d) Procedemento abreviado para a percepción da Renda de Integración Social de Galicia e maior axilidade nos efectos económicos xa que prodúcese desde o día seguinte ao da data de recepción do informe de valoración social. No ano 2018 tramitáronse 39 expedientes dos que 29 presentaron a problemática da violencia de xénero.
- e) Axudas escolares. Para a determinación da renda per cápita da unidade familiar non se terán en conta os ingresos do agresor. No ano 2018 presentáronse 986 solicitudes.
- f) Fondo galego de garantía de indemnizacións. Indemnizacións fixadas mediante sentenza xudicial ditada por xulgados e tribunais no territorio galego, non satisfeitas por insolvencia por parte do obrigado a satisfacelas. No ano 2018 foron **9** mulleres as beneficiadas por esta axuda.
- g) Outras axudas relacionadas co acceso á vivenda: bono de alugueiro social ou adxudicación de vivendas de promoción pública.

5.7 Conclusións do capítulo 5

1. O sistema de pensións contributivas en Galicia presenta maiores taxas de cobertura (pensionistas sobre poboación) que no conxunto do Estado. Tanto para a poboación de 65 anos ou máis (79,65 % en Galicia fronte ao 76,32 % no conxunto do Estado) como na poboación menor desa idade (6,67 % fronte ao 5,14 % respectivamente).
2. Se nos centramos unicamente na cobertura do sistema para as mulleres de 65 anos ou máis, aínda que a cobertura está por debaixo da dos homes, as diferencias a favor de Galicia son superiores, o 71,76 % das mulleres en Galicia nesa franxa de idade son pensionistas fronte ao 66,30 % no conxunto do Estado.
3. En Galicia a taxa de concorrencia (persoas que contan con máis dunha pensión) acada o 13 % dos pensionistas fronte o 10 % no total do Estado. Esta concorrencia de pensións concéntrase de forma moi acusada nas de viuvez, en especial en Galicia, onde acada o 77 % fronte o 44 % do conxunto do sistema.
4. A porcentaxe de pensións que requiren de complementos a mínimos teñen diminuído considerablemente nos últimos anos, dado que estas representaban en Galicia o 34,5 % do total no 2005 e agora tan só son o 30,66 %. Con todo, no que ás mulleres se refire, a porcentaxe de pensións con complemento a mínimos supera o 37 %.
5. Aínda que as pensións medias en Galicia están entre as máis baixas do Estado, de feito son as máis baixas si se singulariza a realidade das mulleres, si se analizan as pensións medias das novas altas, centrándonos nas de xubilación, que son as máis correlacionadas coas condicións laborais previas, se constata unha importante aproximación á media nacional nos últimos anos. Se teñen corrixido 6 puntos as diferencias no réxime xeral, ata acadar actualmente o 91,5 % da media nacional, 3 puntos no RETA ata representar o 94,9% da media nacional, e 8 puntos no Réxime Especial de Traballadores do Mar que xa representan o 93,6 % da media nacional. Esta melloría é máis evidente cando se fai a análise a nivel provincial: no réximen xeral a media das novas pensións en A Coruña e Pontevedra se sitúan no 94-95 % da media nacional. Esta evolución pon de manifesto a melloría en termos relativos das condicións laborais dos galegos nos últimos anos.
6. Polo que respecta as diferenzas nas pensións entre homes e mulleres, centrándonos nas tamén nas altas en pensións por xubilación, se observa unha importante corrección das diferenzas nos últimos anos, de forma similar en Galicia e no conxunto do Estado, aínda que seguen a existir diferencias importantes.

En Galicia a pensión media deste tipo para as mulleres pasou de representar o 66,8 % e o 71,3 % da dos homes no ano 2005 a o 77,1 % e o 86,8% no ano 2018 para os réximes xeral e autónomo respectivamente.
7. A pesar das diferenzas na contía das pensións antes referidas, a taxa de reemprazo das pensións das mulleres en Galicia se sitúa na media nacional.
8. En relación coas prestacións non contributivas, a súa análise revela un panorama claramente feminizado, con tendencia a estabilizarse co paso do tempo. En todos os casos as prestacións recollen unha participación maioritaria das perceptoras femininas, que

maniféstase con maior claridade nas pensións de xubilación. Asemade, pódese detectar unha lixeira tendencia ao aumento da presenza das mulleres entre as perceptoras da RISGA.

9. En 2018 se presentaron en Galicia 4.683 denuncias por violencia sexista por cada millón de mulleres galegas. Este dato é inferior á media estatal, aínda que iso non debe introducir absolutamente ningunha visión positiva dunha cifra que ilustra a magnitude dun problema que constitúe unha das principais lacras sociais na actualidade.
10. Dentro das axudas estatais destinadas a mulleres vítimas de violencia sexista, as vítimas galegas perciben o 8 % dos contratos bonificados; o 3,7 % das percepcións da RAI e o 11 % das axudas económicas ao amparo do o artigo 27 da Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.
11. A comunidade galega ten un amplo catálogo de medidas complementarias as estatais, o que denota un compromiso coa creación dunha saída alternativa para as mulleres vítimas de violencia sexista. Con todo, o número de axudas non se corresponde coas vítimas identificadas, o que suxire a necesidade de flexibilizar o sistema de axudas e persistir na importancia da súa difusión entre as mulleres. Non se procede á valoración destas axudas, nin da súa cuantificación, por canto todo recurso empregado nesta loita é escaso mentres non se consiga a erradicación total desta lacra.

Capítulo 6 DESEMPREGO E PROTECCIÓN SOCIAL

6.1. O desemprego en Galicia

Iniciamos este capítulo centrado no desemprego en Galicia, a súa evolución e cobertura, analizando as demandas de emprego rexistradas. Segundo o IGE, inclúense neste concepto as solicitudes de postos de traballo que son rexistradas nas oficinas públicas de emprego. Estas solicitudes proceden de persoas en idade laboral que desexan traballar por conta allea. Comprenden, tanto a persoas que non teñen emprego (porque o perderon ou porque o buscan por primeira vez) como a de persoas que, estando na actualidade traballando, buscan emprego para substituír ou complementar o que teñen.

En 2018 se rexistraron en Galicia algo máis de 232.000 demandas de emprego, a gran maioría das cales proceden de persoas que non traballan (75,1 %). Case seis de cada dez demandas de emprego son de mulleres.


Táboa 6.1. Demandas de emprego rexistradas. Galicia (2008-2018)

	DEMANDAS DE EMPLEO PENDENTES			PARO REXISTRADO			DEMANDAS DE EMPLEO NON PARADOS		
	TOTAL	HOMBRES	MULLERES	TOTAL	HOMBRES	MULLERES	TOTAL	HOMBRES	MULLERES
2008	210.643	85.995	124.647	162.512	64.601	97.910	48.131	21.394	26.737
2009	266.861	122.059	144.802	206.245	92.395	113.851	60.616	29.665	30.951
2010	290.857	135.873	154.984	226.237	104.348	121.889	64.621	31.526	33.095
2011	310.551	147.771	162.780	241.323	113.627	127.697	69.228	34.145	35.083
2012	348.723	172.054	176.669	270.515	131.924	138.592	78.208	40.130	38.078
2013	353.800	173.890	179.910	276.007	134.699	141.308	77.793	39.191	38.602
2014	328.650	158.318	170.331	256.960	123.212	133.748	71.689	35.106	36.583
2015	300.245	139.839	160.407	233.449	107.932	125.517	66.796	31.907	34.890
2016	272.185	124.259	147.926	212.558	96.415	116.143	59.627	27.844	31.783
2017	251.728	111.386	140.342	194.428	85.380	109.048	57.300	26.006	31.294
2018	232.331	99.639	132.692	174.651	74.370	100.281	57.680	25.270	32.410

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

O número de demandas de emprego creceu nun 10,3 % dende 2008, sendo este crecemento moi superior nos parados masculinos (15,9 %) que nas mulleres (6,5 %). O incremento é menor nas persoas que non teñen traballo, sendo as súas demandas en 2018 superiores nun 7,5 % as rexistradas en 2008. Pola súa banda, o segmento de demandas que reflicte un maior crecemento é o procedente de persoas que están traballando, e que queren completar ou substituír o seu posto de traballo actual. Neste caso, o número de demandas en 2018 aumenta case un 20 % en relación coas rexistradas en 2008. Ademais, é precisamente neste grupo onde se rexistra unha maior expansión das demandas procedentes de mulleres, que medran un 21,2 % fronte ao 18 % de crecemento nas demandas masculinas.


Gráfico 6.1. Evolución das demandas de emprego por sexo. Galicia (2008-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Unha ollada máis atenta a evolución deste volume de demandas de emprego permite distinguir dúas etapas diferenciadas. En primeiro lugar, unha etapa de claro crecemento, entre 2008 e 2013, destacando o aumento producido entre as demandas de emprego masculinas entre persoas sen emprego actual (o sen primeira oportunidade de atopar emprego). En segundo lugar, unha etapa de recuperación, onde os descenso tamén son máis pronunciados no caso dos demandantes masculinos.


Gráfico 6.2. Evolución das demandas de emprego por etapas. Galicia (2008-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

O índice de feminización das demandas de emprego, e a súa evolución nos últimos dez anos, amosan unha interesante relación co ciclo económico. Como se pode observar no gráfico seguinte, nos anos de maior incidencia da crise económica (2009-2013) a participación das mulleres nas demandas rexistradas vai diminuindo progresivamente, pola maior presenza de homes na procura de emprego. Porén, a partir dese ano e coincidindo co inicio da etapa de recuperación, a feminización das demandas de emprego evoluciona positivamente. Ademais, esta progresiva feminización é máis notable no caso dos rexistros de demanda procedentes de persoas paradas.


Gráfico 6.3. Índice de feminización das demandas de emprego. Galicia (2008-2018).



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Os datos do IGE permiten analizar as causas subxacentes a procura de emprego por parte das persoas que están ocupadas. Neste sentido, as persoas que queren substituír ou completar o seu traballo presentaron máis destas demandas, en media, dende 2008.

Gráfico 6.4. Demandas de emprego procedentes de persoas non paradas. Galicia- Media (2008-2018).



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

A análise da evolución desta tipoloxía é de particular interese, por canto pode ser un indicador indirecto da percepción que as persoas traballadoras teñen do seu traballo actual. Así, se observa que as demandas procedentes de persoas ocupadas que queren completar o seu emprego (con relación laboral ou outros demandantes) se duplica practicamente nestes dez anos. Tamén se reflicte un incremento notable (42 %) das persoas que buscan emprego por ter dispoñibilidade horaria limitada.


Táboa 6.2. Demandas de emprego procedentes de non parados. Galicia (2008-2018)

	Con dispoñibilidade limitada			Con relación laboral			Ocupados			Demandan empregos específicos			Outros demandantes non ocupados		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2008	12.458	6.770	5.688	3.979	1.599	2.380	24.830	10.621	14.209	669	313	356	6.196	2.092	4.104
2009	13.785	7.922	5.863	11.193	6.816	4.377	26.929	11.493	15.435	2.241	999	1.242	6.468	2.436	4.033
2010	15.224	8.678	6.547	12.345	7.635	4.710	27.445	11.126	16.319	2.456	1.075	1.381	7.150	3.012	4.138
2011	15.981	9.124	6.858	14.753	9.083	5.670	24.915	9.775	15.140	2.411	1.076	1.334	11.168	5.087	6.081
2012	15.801	9.362	6.439	21.830	13.965	7.866	21.218	7.447	13.771	2.687	1.228	1.459	16.672	8.128	8.543
2013	15.845	9.161	6.684	20.626	12.317	8.310	21.857	7.879	13.978	2.422	1.078	1.344	17.043	8.757	8.286
2014	16.741	9.475	7.265	15.074	8.483	6.591	20.968	7.319	13.649	1.528	663	865	17.379	9.167	8.212
2015	15.931	9.067	6.864	11.479	5.825	5.654	20.788	7.180	13.608	1.186	487	698	17.413	9.347	8.066
2016	14.409	8.316	6.093	9.590	4.473	5.117	19.388	6.466	12.922	932	372	561	15.307	8.217	7.091
2017	14.999	8.487	6.511	8.459	3.629	4.831	19.472	6.408	13.065	789	307	481	13.581	7.175	6.407
2018	17.734	9.169	8.565	7.617	3.195	4.423	19.680	6.391	13.290	754	303	451	11.895	6.213	5.682

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

No que se refire á participación das mulleres nestas categorías, presentan unha clara maioría entre quen quere mellorar ou completar o seu traballo actual e as que demandan empregos específicos. Con todo, a evolución máis notable é o incremento das mulleres entre quen ten unha relación laboral e quere cambiar de posto de traballo.

Gráfico 6.5. Índice de feminización das demandas de emprego procedentes de persoas non paradas. Galicia (2008-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

As demandas de emprego entre 2008 e 2018 caen entre as persoas menores de 35 anos, mentres aumentan unha vez se supera a dita idade. A táboa seguinte reflicte as variacións relativas entre as demandas rexistradas en 2008 e as rexistradas en 2018, distribuídas por idades. Como se observa, o maior incremento relativo se produce nas mulleres entre 60 e 64 anos, que aumentan preto dun 71 % neste período. O maior decrecemento se rexistra entre os homes que demandan un emprego estando traballando, e que teñen menos de 20 anos.


Táboa 6.3. Variación relativa das demandas de emprego por idade. Galicia (2008-2018)

	TOTAL			NON PARADOS		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
de 16 a 19	-39,0%	-38,4%	-39,8%	-53,9%	-54,7%	-52,7%
de 20 a 24	-27,3%	-22,7%	-31,3%	-45,2%	-44,6%	-45,9%
de 25 a 29	-27,2%	-23,7%	-29,7%	-31,8%	-28,5%	-34,3%
de 30 a 34	-23,7%	-18,2%	-26,9%	-24,6%	-17,7%	-28,6%
de 35 a 39	3,6%	15,4%	-2,6%	2,7%	15,5%	-3,8%
de 40 a 44	27,8%	39,5%	21,4%	27,0%	38,4%	20,9%
de 45 a 49	35,8%	53,2%	26,1%	33,4%	52,0%	23,1%
de 50 a 54	39,9%	55,1%	29,9%	37,6%	59,4%	24,1%
de 55 a 59	35,3%	38,8%	32,4%	40,3%	61,9%	25,4%
de 60 a 64	55,4%	40,1%	70,8%	46,7%	36,5%	56,1%

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

A análise da evolución da presenza relativa das mulleres en cada grupo de idade dos demandantes de emprego avanza resultados de interese. Esta información se reflicte no gráfico seguinte:

Gráfico 6.6. Índice de feminización das demandas de emprego por idade. Galicia (2008-2018).



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

- Se observan dous grandes grupos de presenza feminina: un primeiro segmento de idade, onde a presenza de mulleres entre a totalidade de persoas que demandan emprego (persoas menores de vinte anos), e o resto, onde a presenza é paritaria ou maioritaria.
- A participación das mulleres entre os demandantes de emprego entre 35 e 39 anos é a máis alta entre os respectivos grupos de idade. Pola súa banda, o reparto máis equilibrado se observa entre quen demanda emprego e ten entre 20 e 24 anos.
- En correspondencia co anteriormente exposto, se observa unha relación entre o ciclo económico e a participación relativa das mulleres entre os demandantes de emprego nos respectivos segmentos de idade. Así, a partir de 2012 va aumentando a presenza de mulleres en todos os grupos de idade, salvo no segmento de menor idade.

Un aspecto no que interesa abondar en relación coas persoas que están no paro é o seu nivel de formación, por canto se presupón que as persoas con maior formación deben ter maior facilidade de inserción no mercado laboral. Neste sentido, unha ollada a evolución de demandantes de emprego clasificados por niveis de formación acadada parece suxerir que o paro rexistrado é inversamente proporcional ao nivel educativo. De feito, nos últimos anos aumenta desproporcionadamente entre as persoas analfabetas.


Táboa 6.4. Variación relativa das demandas de emprego por nivel de formación. Galicia (2008-2018)

	Total	Homes	Mulleres
Analfabetos	692,5%	672,5%	711,1%
Estudos primarios incompletos	36,3%	38,0%	34,8%
Estudos primarios completos	-12,6%	-3,2%	-19,4%
Estudos secundarios	-4,0%	3,7%	-9,4%
Estudos postsecundarios	31,3%	42,5%	26,7%

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Sen embargo, tal e como reflicte a táboa, o desemprego tamén aumenta entre as persoas que teñen estudos postsecundarios, e moi notablemente no caso masculino (15 puntos porcentuais sobre o incremento reflectido nas mulleres incluídas nesta categoría de estudos). Neste contexto, a desagregación en subcategorías deste grupo de estudos (técnico e profesional superior, primeiro, segundo, e terceiro ciclo de estudos postsecundarios) revela que esta situación aumenta en practicamente todas elas, salvo un pequeno retroceso do desemprego nas mulleres con estudos secundarios de primeiro ciclo. Sorprende en particular o incremento do paro rexistrado entre os que posúen estudos postsecundarios de segundo ciclo, máis notable no caso dos homes, que pode explicar o maior incremento xeral na categoría anteriormente referido.


Gráfico 6.7. Evolución do paro rexistrado por nivel de estudos secundarios. Galicia (2008-2018).



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

As mulleres presentan unha clara maioría no volume de demandantes de emprego con estudos postsecundarios, onde acadan valores próximos ao 70 %. No resto de categorías a tendencia é máis equilibrada, aínda que menos estable: así, a participación relativa das mulleres demandantes de emprego aumenta en cada categoría de estudos dende 2012, na liña do anteriormente exposto en relación coa evolución do ciclo económico. Neste sentido, cabe subliñar que as dúas categorías de estudos que inclúen maior participación relativa de mulleres son, precisamente, as de maior nivel de formación: estudos secundarios (valores próximos ao 55 %) e postsecundarios (o referido 70 %).

Gráfico 6.8. Índice de feminización do paro rexistrado por nivel de estudos secundarios. Galicia (2008-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

6.2 Desemprego e ocupación

A análise da evolución do desemprego por ocupación merece unha aclaración previa. No ano 2010 hai un cambio na clasificación nacional de ocupacións, CNAE, polo que as ocupacións anteriores e posteriores a este ano non son directamente comparables. A derivada, aos efectos deste traballo, é que a evolución se analiza dende 2011. Tal e como se referiu anteriormente, o paro rexistrado evoluciona de forma moi distinta antes e despois de 2013, polo que o estudo dende 2011 recolle basicamente a etapa de diminución. En consecuencia, todas as ocupacións reflicten importantes diminucións no número de desempregados.

Sen embargo, esta restrición non resta atractivo a análise. Como se pode constatar na táboa seguinte, na meirande parte de ocupacións o descenso producido nos demandantes masculinos é superior ao producido nas demandantes mulleres. As ocupacións vinculadas cos servizos (restauración e comercio, saúde e coidado, con persoal non cualificado, atención o público) e as ocupacións militares son a única excepción a este patrón de comportamento.

Táboa 6.5. Variación relativa das demandas de emprego por nivel de formación. Galicia (2008-2018)

	Total	Homes	Mulleres
A Directores e xerentes	-32,0%	-34,3%	-26,2%
B Técnicos e profesionais científicos e intelectuais da saúde e do ensino	-30,4%	-30,9%	-30,2%
C Outros técnicos e profesionais científicos e intelectuais	-24,3%	-26,5%	-22,6%
D Técnicos; profesionais de apoio	-31,0%	-32,9%	-28,6%
E Empregados de oficina que non atenden o público	-21,4%	-23,2%	-20,8%
F Empregados de oficina que atenden o público	-22,0%	-15,6%	-23,3%
G Traballadores dos servizos de restauración e comercio	-12,5%	-6,1%	-13,9%
H Traballadores dos servizos de saúde e o coidado de persoas	-23,0%	-20,5%	-23,2%
I Traballadores dos servizos de protección e seguranza	-41,2%	-41,2%	-41,6%
J Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro	-36,0%	-37,7%	-31,7%
K Traballadores cualificados da construción, salvo operadores de máquinas	-49,7%	-49,7%	-49,6%
L Traballadores cualificados das industrias manufactureiras, salvo operadores de instalacións e máquinas	-42,1%	-43,9%	-37,2%
M Operadores de instalacións e maquinaria fixas, e montadores	-38,0%	-40,7%	-36,8%
N Condutores e operadores de maquinaria móbil	-38,3%	-39,6%	-13,6%
O Traballadores non cualificados en servizos (salvo transportes)	-17,1%	-15,4%	-17,3%
P Peóns da agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes	-22,0%	-23,3%	-18,6%
Q Ocupacións militares	-56,6%	-55,9%	-65,0%

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

O índice de feminización das demandas de emprego clasificadas pola ocupación dos demandantes introduce información complementaria de interese. Así, pódese detectar a existencia de tres grupos diferenciados:

- Ocupacións con un nivel baixo de feminización das demandas de desemprego, que oscilan entre o 2 % das persoas traballadoras na construción e o 28 % do sector de

dirección e os peóns de agricultura, pesca, construción, industrias manufactureiras e transportes.

- b) Ocupacións cunha feminización do desemprego media, técnicos profesionais de diversos tipos e operadores de instalacións.
- c) O resto de ocupacións, unha clara maioría, onde o índice de feminización é moi elevado, superando o 90 % en algún dos grupos (servizos de saúde e coidado de persoas).

Con todo, a tendencia máis clara é a estabilidade nestas participacións relativas das mulleres desempregadas. A información que se inclúe no gráfico seguinte é a media dos índices de feminización respectivos de cadansúa categoría de ocupación entre 2011 e 2018, pero entre estes anos as oscilacións non superan ± 2 puntos porcentuais.

Gráfico 6.9. Índice de feminización do paro rexistrado por ocupacións. Galicia (2011-2018, media)




Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Como se infire destas agrupacións, da segregación das demandas de desemprego por sexo se desprende a persistencia de certo grao de segregación horizontal do mercado de traballo, coincidindo os sectores con menor feminización das demandas de desemprego con aqueles onde as mulleres están menos presentes, e a maior feminización relativa con sectores tamén tradicionalmente feminizados.

Porén, o estudo conxunto do paro total rexistrado en 2018 en cada sector e o índice de feminización relativo non permite acadar conclusións claras, aínda que nalgúns casos existe

coincidencia entre algo volume de paro e elevado índice de feminización (servizos de restauración ou persoas traballadoras con cualificación no sector servizos).


Gráfico 6.10. Paro rexistrado (2018) e índice de feminización das ocupacións. Galicia (2011-2018, media)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Esta relación se ve con maior claridade cando se analiza o índice de feminización do paro rexistrado nas respectivas ocupacións coa feminización relativa dos ditos grupos ocupacionais, recollido noutro apartado deste informe.

Gráfico 6.11. Índice de feminización das ocupacións vs paro rexistrado. Galicia (2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Neste caso, si se percibe unha clara vinculación entre a feminización relativa dos grupos ocupacionais e a feminización das demandas de emprego, coa excepción do caso do grupo de operadores de maquinaria (probablemente relacionado coa moi pequena presenza de mulleres nesta categoría) e do de persoas traballadoras no sector primario, que parece amosar unha mellor capacidade de integración laboral das mulleres.

6.3 Desemprego e duración das demandas

No que se refire a duración media das demandas de emprego, se detecta unha tendencia ao decrecemento nas demandas de duración inferior ao ano, de igual forma que o paro de longa duración (demandas de duración superior ao ano) aumenta nun 38 % entre 2008 e 2018. Tanto no caso das demandas inferiores ao mes coma no das que duran entre un e seis meses, o descenso das demandas de emprego é superior no caso dos homes (16 % e 12 % para homes e mulleres no primeiro caso; 14 % e 11 % no segundo). Para as demandas de entre seis meses e un ano, se reflicte un aumento das demandas de emprego masculinas (5 %) e un descenso das femininas (3 %). O referido aumento do paro de longa duración é moi superior no caso dos homes (84 % fronte a un 18 % nas mulleres).


Táboa 6.6. Evolución das demandas de emprego por duración. Galicia (2008-2018)

	Menos ou igual a 1 mes			Máis de 1 mes e menos ou igual a 6			Máis de 6 meses e menos ou igual a 1 ano			Superior a un ano		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2008	23.843	11.635	12.208	55.880	26.012	29.868	23.758	9.425	14.333	59.031	17.530	41.501
2009	26.002	13.275	12.728	74.450	38.153	36.297	38.200	18.415	19.784	67.594	22.552	45.042
2010	25.323	12.899	12.424	72.984	37.536	35.449	41.167	20.607	20.560	86.762	33.306	53.457
2011	26.701	13.684	13.017	76.079	39.435	36.644	41.348	20.944	20.404	97.196	39.564	57.632
2012	26.851	13.739	13.112	81.171	42.197	38.974	49.570	26.026	23.544	112.923	49.961	62.962
2013	26.142	13.437	12.705	75.970	38.794	37.175	45.717	23.289	22.428	128.179	59.178	69.001
2014	25.297	12.880	12.418	69.206	34.929	34.276	38.154	18.721	19.434	124.304	56.683	67.621
2015	23.808	11.894	11.914	64.057	31.284	32.773	33.334	15.324	18.010	112.250	49.430	62.820
2016	22.936	11.337	11.599	59.357	28.639	30.718	30.479	13.864	16.615	99.785	42.575	57.210
2017	21.937	10.589	11.348	54.941	25.696	29.245	27.514	11.809	15.705	90.036	37.286	52.750
2018	20.549	9.782	10.767	48.947	22.478	26.469	23.783	9.902	13.881	81.373	32.208	49.165

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Ao igual que en análises precedentes, se observa que o ano 2012 é un punto de inflexión, onde o forte aumento das demandas de emprego reflectido dende 2008 é compensando en parte por importantes caídas nos anos subseguintes.


Gráfico 6.12. Paro rexistrado segundo duración da demanda, por etapas. Galicia (2011-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

En termos xerais, a maior duración da demanda de emprego, maior presenza relativa de mulleres entre os demandantes. Como se observa no gráfico seguinte, a feminización relativa das demandas clasificadas polo seu tempo de permanencia amosa unha maioría de mulleres entre as persoas paradas de longa duración, cun forte decrecemento nos anos anteriores a 2013 (lembramos que neste período este paro aumentou nos homes nun 185 %) e certo incremento a partir dese ano.

Gráfico 6.13. Índice de feminización do paro rexistrado segundo duración da demanda. Galicia (2011-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

6.4. A cobertura do desemprego e o sistema de protección social

A segunda parte deste capítulo se dedica a análise do sistema de cobertura da continxencia de desemprego, que forma parte da acción protectora do Sistema de Seguridade Social na súas modalidades contributiva e asistencial (tamén denominada non contributiva), tal e como o define o art. 42.1.c) da LGSS²². Esta protección, na súa vertinte de concesión, xestión, pago, suspensión e extinción das prestacións por desemprego corresponde ao *Servizo Público de Empleo Estatal*, entidade xestora do *Sistema Nacional de Empleo*, que se completa con outras estruturas encamiñadas a intermediación entre a oferta e demanda de traballo, como o son os servizos públicos de emprego das CC.AA. e, en particular o Servizo Público de Emprego de Galicia.

A protección por desemprego do nivel contributivo, que se focaliza nunha única prestación, denominada “prestación por desemprego”, é a que acada un importe máis elevado e variable. Máis elevado por ser o resultado da liquidación dunha porcentaxe (60 % durante os 180 primeiros días, e a partir desda data o 50 %) sobre a base reguladora; e máis variable porque esa base reguladora determínase en función da media dos salarios dos últimos 180 días da persoa beneficiaria. É interesante aportar que durante a percepción da prestación (un mínimo de 4 meses e un máximo de 24, segundo o tempo de cotización previo ou período de carencia) subsiste a obriga de cotizar principalmente polo Servizo Público de Emprego Estatal, colaborando así na “carreira” de cotización da persoa desempregada.

Contrariamente ao anterior, a protección por desemprego do nivel asistencial bifúrcase nunha variedade de prestacións, identificadas co nome de “subsídios”, cuxo obxectivo non é tanto substituír a falla de rendas (que é o que intenta facer a prestación por desemprego), senón asistir as situacións de necesidade derivadas dun desemprego de longa duración, dunha carencia de rendas básicas, das cargas familiares ou doutras situacións que, en bastantes ocasións, lindan coa exclusión social, ou dunha combinación de todas elas. A contía dos subsidios se determina sobre o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples -IPREM-, que no 2018 alcanzaba os 537,84 euros/mes, e a súa duración reviste unha grande variabilidade consonte as circunstancias económicas e familiares, a meirande parte das veces da persoa beneficiaria e en outras unidade familiar, estando nun mínimo de 3 meses (subsidio de paro contributivo, ex. art. 274.3 LGSS) e un máximo a fixar segundo a idade de xubilación (subsidio de prexubilación ou de maiores de 52 anos, ex. art. 274.4 LGSS).

O “Programa de renda activa de inserción” e o “Programa de activación para o emprego” (PAE) corresponden ao grupo de medidas de protección fronte ao desemprego que combinan as axudas pecuniarias para persoas desempregadas con dificultades para encontrar un novo emprego que xa esgotaron a protección do nivel contributivo e/ou do nivel asistencial, coas destinadas a incrementar as oportunidades de seu retorno ao mercado de traballo. A diferenza principal entre os citados programas estriba en o segundo deles, o “Programa de activación para o emprego”, vai exclusivamente dirixido a persoas paradas de longa duración.

²² Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social.

Ambos programas teñen un carácter extraordinario, aínda que o índice de pobreza, situado segundo o “IX Informe anual de seguimiento del indicador de pobreza y exclusión social el España 2008-2019” -Informe AROPE²³- nun 21,5 % da poboación española (preto de 10 millóns de persoas) e o índice de privación material severa, que está no 5,4 %²⁴, aconsellan o seu mantemento. Especificando na comunidade galega, o Instituto Galego de Estatística sinalou unha taxa de pobreza no ano 2017 do 15,87 %, dous puntos por encima da rexistrada en 2008 pero en claro retroceso dende o seu valor máximo, próximo ao 17 % en 2015²⁵.

Como é habitual nos estudos estatísticos, os datos de distintos segmentos de poboación difiren lixeiramente en función das fontes consultadas. Así, os datos de mulleres paradas en Galicia son lixeiramente superiores cando a fonte usada é o Servizo Público de Empleo Estatal -SEPE-, ou os procedentes da Enquisa de Poboación Activa (EPA), realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE) e tratados e publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE). A este respecto, un cambio no tratamento de datos da EPA producido en 2010 aconsella limitar a este ano o período de análise.

Táboa 6.7. Persoas en situación de desemprego (paro rexistrado vs poboación parada). Galicia (2010-2018)

		PARO REXISTRADO (SEPE) (miles)			POBOACIÓN PARADA (EPA) (miles)		
		TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES
	2010	226,24	104,35	121,89	199,90	103,00	96,90
	2011	241,32	113,63	127,70	227,20	116,40	110,80
	2012	270,52	131,92	138,59	270,50	145,60	124,90
	2013	276,01	134,70	141,31	284,60	152,50	132,10
	2014	256,96	123,21	133,75	275,80	144,60	131,20
	2015	233,45	107,93	125,52	243,40	123,40	120,00
	2016	212,56	96,42	116,14	215,40	108,80	106,60
	2017	194,43	85,38	109,05	195,60	97,30	98,30
	2018	174,65	74,37	100,28	165,90	79,50	86,40

Fonte: Elaboración propia con datos do IGE e o SEPE


Con todo, ambas fontes amosan unha clara feminización da poboación parada ou inscrita no paro, máis clara neste segundo caso. Ademais, en ambos casos se observa o cambio de tendencia acaecido en 2012, previamente comentado. Con independencia da fonte de datos utilizada, o índice de feminización das persoas en situación de desemprego aumentan en seis puntos porcentuais entre 2012 e 2018.

²³https://www.eapn.es/estadodepobreza/ARCHIVO/documentos/Informe_AROPE_2019_Resumen_Ejecutivo.pdf

²⁴ A cifra é un 50% superior á rexistrada no 2008.

²⁵ Datos subtraídos da “Enquisa estrutural a fogares”

Gráfico 6.14. Índice de feminización do paro rexistrado e a poboación parada. Galicia (2010-2018)




Fonte: Elaboración propia con datos do IGE e o SEPE

Os últimos datos dispoñibles (EPA do terceiro trimestre de 2019) indican que a taxa de paro en Galicia (11,49 %) é dous puntos porcentuais inferior a española (13,92 %). Estas diferencias se aprecian tamén na análise desagregada por sexo, sendo a taxa de desemprego das mulleres galegas (13,27 %) inferior a das españolas (15,92 %) e igualmente inferior no caso dos homes galegos (12,17 % e 9,84 % para Galicia e España, respectivamente). Cabe destacar que estas taxas se obteñen sobre o total de poboación. Se se procede a diferenciación da parte da dita poboación que ten máis de 16 anos, se manteñen as diferencias. Así, a taxa de paro en Galicia calculada sobre esta base se sitúa no 11,6 % (9,9 % os homes e 13,3 % as mulleres) e a española no 14,2 % (16,4 % os homes e 12,3 % as mulleres).

Segundo os datos do IGE, en 2018 en Galicia había máis de 86.000 beneficiarios de prestacións por desemprego, cun gasto próximo a 72 millóns de euros. O número de beneficiarios ven diminuindo a un ritmo medio do 7,4 % anual, ata o punto de que en 2018 os beneficiarios de prestacións de desemprego eran un 41 % inferiores aos perceptores rexistrados en 2011. A diminución na partida de gasto é superior, un 45 % nun ritmo medio de decrecemento do 8,26 % anual.


Gráfico 6.15. Beneficiarios de prestación de desempleo e gasto total. Galicia (2011-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

Con todo, a evolución da poboación parada non rexistra os mesmos ritmos de contracción. Polo tanto, o grado de cobertura da poboación desempregada vai diminuíndo progresivamente ata 2017, onde se observa unha leve recuperación.

Gráfico 6.16. Cobertura das prestacións de desempleo e gasto total. Galicia (2011-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE


Tal e como se comentou anteriormente, o volume de poboación desempregada oscila en función da fonte de consulta. Porén, a taxa de cobertura en 2018 queda entre un máximo do 52,8 % (sobre poboación parada) e non chega ao 49 % sobre a poboación inscrita como demandante de emprego.


Os datos recollidos no IGE e o INE permiten analizar distintos tipos de prestacións entre as que protexen a situación por desemprego, como antes se referiu. Segundo as definicións proporcionadas polos institutos estatísticos, trátase de:

- Nivel contributivo. Prestación por desemprego. Dirixida a persoas que, querendo e podendo traballar, perdan o seu traballo de forma temporal ou definitiva ou vexan reducida, temporalmente polo menos, nunha terceira parte a súa xornada laboral, por expediente de regulación de emprego, coa correspondente perda ou redución análoga de salarios, por algunhas das causas establecidas como situacións legais de desemprego.
- Nivel asistencial. Subsidio por desemprego. Dirixido a persoas paradas que, figurando inscritas como demandantes de emprego, sen teren rexeitado oferta de emprego adecuada nin terse negado a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais, e carecendo de rendas de calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ao 75 % do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias, se encontren nalgunha das situación contempladas para o dito subsidio.
- Renda activa de inserción: o obxectivo do programa é incrementar as oportunidades de retorno ao mercado de traballo dos traballadores desempregados con especiais necesidades económicas e dificultades para atopar emprego.

A distribución das persoas beneficiarias en Galicia segundo esta tipoloxía de prestacións non presenta grandes diferencias en relación coa estatal, coa salvedade de que na comunidade galega non se inclúen datos de subsidios agrarios. Como se pode constatar, en 2018 as prestacións contributivas por desemprego e o subsidio de desemprego de nivel asistencial acaparan oito de cada dez axudas, con independencia do contexto de análise. Igualmente, para o caso da distribución do gasto, acaparan máis do 90 % do gasto total en prestacións.

Gráfico 6.17. Distribución das prestacións de desemprego e gasto total. Galicia e España (2018)






Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

A evolución das respectivas categorías tamén é similar entre Galicia e España. A partir de 2015, se detecta coma as pensións de nivel asistencial van gañando importancia relativa en relación co resto de subsidios. Sen embargo, este incremento progresivo é relativamente menor na comunidade galega: en 2011, as prestacións de nivel asistencial acaparan un 41,1 % do total de prestacións, pasando a representar un 43,8 % en 2018. Pola súa banda, as prestacións de nivel contributivo perden unha presenza relativa de case oito puntos porcentuais, ao pasar do 52,2 % do total ao recente 44,8 % de 2018. Na media estatal, pola súa banda, o incremento da participación das prestacións asistenciais (do 42,7 % ao 47,3 % do total) duplica o aumento reflectido na comunidade galega, mentres que a perda de representatividade das prestacións contributivas (preto de nove puntos porcentuais, do 50,2 % ao 41,6 %) é similar ao reflectido en Galicia. As rendas activas de inserción, pola súa banda, reflicten unha maior expansión na comunidade galega (tres puntos porcentuais dende 2011, fronte aos dous puntos en promedio estatal). En 2018, as RAI supuñan preto do 10 % das prestacións totais na comunidade galega, mentres que na media estatal superan apenas o 9 % do total.

Gráfico 6.18. Distribución das prestacións de desemprego e gasto total. Galicia e España (2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do IGE

6.5 Prestacións por categoría

A información estatística do SEPE permite facer unha contextualización das percepcións dos respectivos subsidios no marco das diferentes comunidades autónomas. A efectos de favorecer esta comparabilidade, se omiten da dita comparación os datos de rendas agrarias, que non se perciben en todas as comunidades autónomas, así coma as cidades autónomas (Ceuta e Melilla) polo seu escaso valor absoluto. Ademais, se aporta o último dato dispoñible (información media a outubro de 2019).

Táboa 6.8. Subsidios por categoría e Comunidades Autónomas (2018)

	TOTAL	Prestación Contributiva	Subsidio por Desemprego	Renda Activa de Inserción	Programa de Activación para o emprego
Andalucía	532.469	148.659	179.347	42.654	60
Aragón	35.642	20.613	12.951	2.076	2
Asturias	31.974	15.962	13.339	2.672	1
Baleares	41.279	24.010	16.035	1.234	1
Canarias	109.992	47.613	50.330	12.039	9
Cantabria	18.335	9.208	7.867	1.260	1
Castela A Mancha	85.613	32.418	44.306	8.880	10
Castela e León	72.415	34.673	32.272	5.464	6
Cataluña	236.267	131.828	91.115	13.309	14
Valencia	197.319	88.401	89.708	19.192	18
Extremadura	78.649	18.727	30.295	5.265	7
Galicia	87.212	39.736	40.420	7.051	6
Madrid	175.679	105.709	58.784	11.179	7
Murcia	55.869	28.349	21.861	5.650	9
Navarra	15.817	9.400	5.743	673	0
País Vasco	50.057	30.872	17.096	2.089	0
A Ríoxa	8.588	4.990	3.167	431	0
TOTAL	1.840.489	792.881	719.118	142.234	151

Fonte: SEPE

A comunidade galega aporta o 5 % do total dos subsidios, unha cantidade lixeiramente inferior a que lle correspondería segundo a súa aportación poboacional (próxima ao 6 %). As pensións contributivas e a renda activa de inserción coinciden na dita porcentaxe, mentres que as pensións contributivas quedan lixeiramente por encima (6 % do total) e os subsidios do programa de activación para o emprego (PAE) lixeiramente por debaixo (4 % dos subsidios totais no Estado con este fin).

Andalucía é a comunidade que percibe máis axudas, con independencia do tipo concreto. Cabe sinalar que seis de cada dez axudas teñen como destino Andalucía, Cataluña, Valencia e Madrid, en correspondencia co seu maior peso poboacional. Galicia, pola súa banda, ocupa o sexto posto no cómputo total de axudas, así coma nas pensións non contributivas. E a sétima comunidade

perceptora de subsidios por desemprego e renda activa de inserción, e a novena no programa de activación de emprego.

A análise desagregada por provincias revela unha relativa concentración nas provincias atlánticas, en correspondencia co seu maior peso poboacional.

Táboa 6.9. Subsidios por categoría. Galicia e provincias (2019)

	TOTAL	Prestación Contributiva	Subsidio por Desemprego	Renda Activa de Inserción	Programa de Activación para o emprego
A Coruña	34.243	16.460	14.852	2.928	2
Lugo	9.014	4.058	4.254	702	0
Ourense	9.911	4.036	5.063	812	0
Pontevedra	34.044	15.181	16.251	2.608	3

Fonte: SEPE

Con carácter xeral, as mulleres son maioría nas receptoras das axudas, con independencia do contexto e a tipoloxía. Os índices de feminización das respectivas percepcións na comunidade galega están lixeiramente por debaixo da media estatal no seu cómputo global. As percepcións de prestacións contributivas e do PAE superan esta media, mentres que a renda activa de inserción e o subsidio por desemprego son lixeiramente inferiores.

Táboa 6.10. Índice de feminización das axudas. Galicia e Comunidades Autónomas (2018)

	TOTAL	Prestación Contributiva	Subsidio por Desemprego	Renda Activa de Inserción	Programa de Activación para o emprego
Andalucía	56%	49%	52%	61%	50%
Aragón	57%	55%	59%	60%	58%
Asturias	51%	53%	48%	57%	20%
Baleares	54%	51%	59%	64%	100%
Canarias	53%	52%	52%	61%	67%
Cantabria	52%	54%	50%	59%	17%
Castela A Mancha	56%	51%	57%	70%	52%
Castela e León	52%	53%	50%	59%	55%
Cataluña	55%	52%	58%	58%	56%
Valencia	55%	52%	56%	64%	61%
Extremadura	55%	53%	57%	66%	59%
Galicia	53%	54%	52%	55%	81%
Madrid	55%	54%	56%	61%	61%
Murcia	52%	47%	57%	66%	60%
Navarra	57%	55%	60%	60%	100%
País Vasco	55%	55%	55%	49%	
A Ríoxa	57%	54%	60%	60%	
TOTAL	55%	52%	54%	62%	56%

Fonte: SEPE

A análise dos grupos de perceptores segundo a súa idade poden ser indicativos dunha radiografía do mercado de traballo. Nese sentido, destaca que o número de persoas de entre 16 e 19 anos é o máis reducido de todos, o que pode obedecer, a que esta parte da poboación está aínda estudando e, en consecuencia, non devengan as condicións necesarias para determinar o dereito de percepción destas prestacións.

Táboa 6.11. Perceptores de prestación por grupos de idade. CCAA (2018)

	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
Andalucía	532.469	1.343	15.228	40.681	51.963	58.007	61.151	72.030	78.743	84.283	69.040
Aragón	35.642	111	1.285	2.902	3.517	3.752	3.891	4.054	4.154	5.816	6.162
Asturias	31.974	57	670	1.945	2.837	3.458	3.838	4.373	4.401	5.097	5.300
Baleares	41.279	287	2.347	4.016	4.698	5.243	5.192	4.643	4.359	4.971	5.524
Canarias	109.992	279	3.816	8.613	11.103	12.052	12.597	15.957	15.000	16.487	14.088
Cantabria	18.335	34	500	1.366	1.791	2.152	2.288	2.236	2.422	2.826	2.720
Castela A Mancha	85.613	234	2.575	6.337	8.511	9.662	10.221	11.695	11.706	13.251	11.422
Castela e León	72.415	145	2.142	5.131	6.504	7.164	7.607	8.539	9.460	13.017	12.706
Cataluña	236.267	780	10.095	19.426	23.265	26.276	27.908	26.090	25.564	34.486	42.376
Valencia	197.319	596	5.832	14.110	17.735	20.481	22.522	25.070	25.243	33.067	32.663
Estremadura	78.649	217	2.405	5.634	7.023	7.655	8.403	10.324	12.342	14.198	10.450
Galicia	87.212	147	2.166	6.030	8.053	9.487	10.112	10.347	10.605	14.338	15.928
Madrid	175.679	316	5.323	13.874	18.018	20.013	21.169	20.932	21.152	27.060	27.823
Murcia	55.869	172	2.083	4.821	6.146	7.147	7.206	7.491	6.758	7.192	6.854
Navarra	15.817	33	606	1.246	1.565	1.730	1.805	1.704	1.726	2.482	2.921
País Vasco	50.057	80	1.426	3.840	4.785	5.302	5.703	5.497	5.696	7.919	9.809
A Ríoxa	8.588	24	275	632	796	906	942	954	983	1.462	1.616
TOTAL	1.840.489	4.883	59.059	141.360	179.145	201.354	213.367	233.101	241.295	288.794	278.131

Fonte: SEPE

De facto, o “Anuario Estadístico de España 2018”, elaborado por el INE²⁶ e referido ao curso 2015-2016, indica que hai 695.557 persoas que estudan o Bacharelato, 61.909 Ciclos formativos de FP básica, 327.134 Ciclos formativos de FP Grado, e 22.497 Medio Ciclos formativos de Grado medio a distancia. Probablemente algún dos 1.869.283 da Educación Secundaria Obrigatoria se atopan na franxa de idade analizada, que supoñen menos dun 0,5 % do total de persoas prestadoras en España e Galicia. O número de persoas que reciben prestacións vai aumentando conforme avanza a idade, para acadar a súa maior presenza en ambos contextos a partir dos 50 anos de idade. En Galicia, en particular, teñen importante participación os maiores de 60 anos, que supoñen un 18,3 % do total de persoas perceptoras de prestacións (tres puntos porcentuais por riba da media estatal).

²⁶ https://www.ine.es/prodyser/pubweb/anuario18/anu18_completo.pdf

As provincias galegas reproducen o mesmo perfil, concentrando o maior número de perceptores na última franxa de idade.


Táboa 6.12. Perceptores de prestación por grupos de idade. Galicia-provincias (2018)

	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
A Coruña	34.243	58	794	2.325	3.088	3.639	3.978	4.085	4.167	5.645	6.464
Lugo	9.014	13	249	635	862	1.012	989	994	1.072	1.523	1.666
Ourense	9.911	19	279	676	875	983	1.016	1.097	1.168	1.732	2.067
Pontevedra	34.044	57	845	2.393	3.228	3.854	4.130	4.172	4.197	5.438	5.730

Fonte: SEPE

Tal e como se sinalou antes, o 55 % das percepcións son destinadas a mulleres. Isto ofrece un panorama de feminización que se traslada a todos os grupos de idade, con excepción das persoas menores de 20 anos. A feminización é particularmente notable entre os 30 e os 44 anos, onde as mulleres perciben seis de cada dez prestacións, unha concentración relativa lixeiramente superior á media estatal. Igualmente, se observa que o nivel de feminización en Galicia das persoas perceptoras menores de 20 anos e maiores de 50 é inferior á media estatal. Pola contra, entre os 20 e os 45 anos a feminización das percepcións en Galicia é lixeiramente superior á media estatal.

Gráfico 6.19. Distribución das prestacións por sexo. Galicia e España (2018)



Fonte: SEPE

6.5.1 Prestacións contributivas

A análise das prestacións contributivas (é dicir, as relacionadas coa prestación por desemprego) pode contribuír a explicar os datos de feminización previamente avanzados. A táboa seguinte reflicte a cantidade de prestacións desta categoría en cada comunidade autónoma.

Táboa 6.13. Prestacións contributivas por CCAA (2018)

	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
Andalucía	148.659	257	7.261	20.166	23.956	24.046	22.257	18.078	14.400	10.705	7.534
Aragón	20.613	37	1.007	2.344	2.691	2.811	2.808	2.637	2.246	2.189	1.844
Asturias	15.962	10	425	1.448	2.082	2.415	2.568	2.374	1.972	1.429	1.239
Baleares	24.010	86	1.483	2.881	3.307	3.603	3.392	2.936	2.445	2.138	1.739
Canarias	47.613	75	2.426	5.809	6.856	7.215	7.062	6.562	5.216	3.858	2.534
Cantabria	9.208	7	313	988	1.307	1.434	1.429	1.206	1.042	810	672
Castela A Mancha	32.418	77	1.563	3.909	4.789	4.937	4.782	3.928	3.528	2.761	2.144
Castela e León	34.673	50	1.488	3.869	4.638	4.824	4.816	4.344	3.821	3.746	3.079
Cataluña	131.828	351	7.806	15.541	17.472	18.942	19.392	15.981	13.074	11.526	11.744
Valencia	88.401	170	4.110	10.349	11.911	12.809	13.266	11.234	9.658	8.443	6.450
Extremadura	18.727	28	821	2.316	2.835	2.717	2.533	2.343	2.170	1.812	1.152
Galicia	39.736	46	1.485	4.493	5.640	6.187	6.147	4.859	4.145	3.516	3.218
Madrid	105.709	105	4.208	11.500	14.247	15.206	15.662	13.515	11.389	10.713	9.165
Murcia	28.349	49	1.475	3.444	4.181	4.673	4.493	3.562	2.708	2.121	1.642
Navarra	9.400	13	488	1.022	1.248	1.318	1.341	1.183	1.011	939	837
País Vasco	30.872	31	1.182	3.386	4.048	4.247	4.419	3.836	3.406	3.100	3.215
A Rioxa	4.990	7	220	528	627	700	676	664	553	532	483
TOTAL	792.881	1.401	37.855	94.250	112.122	118.339	117.255	99.469	82.951	70.450	58.791

Fonte: SEPE

Na práctica totalidade de comunidades autónomas a prestación por desemprego constitúe a maior parte das prestacións totais, coa notable excepción de Extremadura e Andalucía, onde só representan un 24 % e 28 % do total de prestacións dirixidas a habitantes desas comunidades; e de Castela A Mancha, onde non chegan ao 40 %. Na comunidade galega estas prestacións acadan un 48 % do total. Como se pode observar na táboa seguinte, aqueles casos destacados anteriormente como tramos de idade particularmente feminizados nas prestacións coinciden cos tramos onde as prestacións por desemprego presentan unha clara maioría sobre o total de prestacións, o que permite intuír que esta maior presenza das mulleres se debe a unha maior participación nas percepcións por desemprego.

Táboa 6.14. Participación relativa das prestación por desemprego no total de prestacións por CCAA (2018)

	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
Andalucía	28%	19%	48%	50%	46%	41%	36%	25%	18%	13%	11%
Aragón	58%	33%	78%	81%	77%	75%	72%	65%	54%	38%	30%
Asturias	50%	17%	63%	74%	73%	70%	67%	54%	45%	28%	23%
Baleares	58%	30%	63%	72%	70%	69%	65%	63%	56%	43%	31%
Canarias	43%	27%	64%	67%	62%	60%	56%	41%	35%	23%	18%
Cantabria	50%	22%	63%	72%	73%	67%	62%	54%	43%	29%	25%
Castela A Mancha	38%	33%	61%	62%	56%	51%	47%	34%	30%	21%	19%
Castela e León	48%	34%	69%	75%	71%	67%	63%	51%	40%	29%	24%
Cataluña	56%	45%	77%	80%	75%	72%	69%	61%	51%	33%	28%
Valencia	45%	28%	70%	73%	67%	63%	59%	45%	38%	26%	20%
Extremadura	24%	13%	34%	41%	40%	35%	30%	23%	18%	13%	11%
Galicia	46%	32%	69%	75%	70%	65%	61%	47%	39%	25%	20%
Madrid	60%	33%	79%	83%	79%	76%	74%	65%	54%	40%	33%
Murcia	51%	29%	71%	71%	68%	65%	62%	48%	40%	29%	24%
Navarra	59%	40%	81%	82%	80%	76%	74%	69%	59%	38%	29%
País Vasco	62%	39%	83%	88%	85%	80%	77%	70%	60%	39%	33%
A Ríoxa	58%	31%	80%	83%	79%	77%	72%	70%	56%	36%	30%
TOTAL	43%	29%	64%	67%	63%	59%	55%	43%	34%	24%	21%

Fonte: SEPE

Este vínculo entre a feminización das prestacións e as percepcións de desemprego analízase con máis detalle a partir dos datos da táboa seguinte, que reflicte o total de prestacións contributivas en Galicia e España e a parte desas percepcións dirixidas a mulleres.

Táboa 6.15. Prestacións contributivas. Galicia-España, total e mulleres (2018)

		TOTAL	Tramos de idade									
			16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
TOTAL	Galicia	39.736	46	1.485	4.493	5.640	6.187	6.147	4.859	4.145	3.516	3.218
	TOTAL	792.881	1.401	37.855	94.250	112.122	118.339	117.255	99.469	82.951	70.450	58.791
MULLERES	Galicia	21.410	18	713	2.429	3.200	3.554	3.471	2.669	2.168	1.764	1.424
	TOTAL	411.551	536	17.811	49.860	61.632	63.706	61.091	51.429	42.975	34.905	27.606

Fonte: SEPE

Como se pode constatar, as percepcións contributivas acadan o seu valor máximo entre os 35 e os 39 anos, coincidindo coa maior feminización en Galicia e España (superior ao 55 %). O maior número de mulleres beneficiarias da protección por desemprego se concentra entre os 35 e 39 anos. A partir desa franxa diminúen as diferencias entre homes e mulleres perceptores, ata o punto que no tramo de maior idade a maior parte das percepcións son para os varóns (56 %). Ademais do anteriormente exposto en relación coas condicións do mercado de traballo para as mulleres, o importante incremento da feminización das prestacións por desemprego entre os 35

e os 50 anos (superior ao 55 %) pode ser relacionado coa maternidade, as cargas familiares e o desenvolvemento do tradicional rol de xénero.

6.5.2 Prestacións non contributivas

Baixo este epígrafe ofrécense os datos conxuntos dos diferentes tipos de subsidios por desemprego do nivel asistencial que nos subepígrafes seguintes desenvólvense máis polo miúdo. Trátase de (art. 274 LGSS):

- Persoas desempregadas que esgotasen a prestación por desemprego do nivel contributivo, e teñan cargas familiares, coas seguintes modalidades:
 - a) Persoas desempregadas de idade madura, é dicir, maiores de corenta e cinco anos que esgotasen unha prestación por desemprego do nivel contributivo de, polo menos, catro meses.
 - b) Persoas desempregadas de longa duración, ou sexa, maiores de corenta e cinco anos que esgotasen unha prestación por desemprego do nivel contributivo de, polo menos, seis mensualidades.
 - c) Persoas desempregadas menores de corenta e cinco anos que esgotasen unha prestación por desemprego de, polo menos, seis meses.
- Persoas desempregadas que non puideron acceder á protección do nivel contributivo por incumprimento do período de cotización de 360 días, tamén coñecido por “subsidio contributivo” aínda que pertenza ao nivel asistencial²⁷.
- Persoas desempregadas maiores de corenta e cinco anos, que esgotaran unha prestación por desemprego do nivel contributivo e non teñan responsabilidades familiares.
- Persoas desempregadas maiores de 52 anos ou en réxime de prexubilación.
- Persoas traballadoras fixas descontinuas durante os períodos de inactividade.
- Emigrantes retornados de países non pertencentes ao espazo económico europeo ou cos que non exista convenio internacional sobre protección por desemprego.
- Liberados de prisión, si a privación de liberdade supero os seis meses de duración.
- Persoas declaradas plenamente capaces o cunha incapacidade permanente parcial, isto é, persoas que foron titulares dunha incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez

²⁷ O seu nome contradictorio, “subsidio contributivo”, por pertencer ao nivel asistencial obedece a que, segundo o cotizado pola persoa beneficiaria (que é insuficiente para acadar unha prestación por desemprego do nivel contributivo), é diferente a súa duración. Así, se o titular non ten cargas familiares por seis meses de cotización concédenselle seis meses de subsidio contributivo. Pero se o titular ten cargas, a duración responde á seguinte progresión:

- Por tres meses de cotización, tres de subsidio.
- Por catro meses de cotización, catro de subsidio.
- Por cinco meses de cotización, cinco de subsidio.
- Por seis meses de cotización, vinte e un meses de subsidio.

e que, despois do procedemento administrativo de revisión, foron declarados aptos para o traballo ou incapaces permanentes parciais.

En Galicia se perciben, en xaneiro de 2018, un total de 40.420 prestacións non contributivas. Como se constata no gráfico, a medida que avanza os tramos de idade, aumenta o número de persoas perceptoras, que acada o seu valor máximo no tramo de 60 anos ou máis. Precisamente neste tramo preséntase a realidade diferencial da comunidade galega en relación coa media estatal. Así, se en Galicia os maiores de 60 anos concentran o 30 % das prestacións non contributivas, no conxunto do estado ascenden ao 24 %, seis puntos porcentuais menos.

Táboa 6.16. Prestacións non contributivas. CCAA (2018)

	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
Andalucía	179.347	590	4.299	12.118	17.378	19.789	21.024	17.604	21.971	32.806	31.769
Aragón	12.951	44	225	494	742	856	990	848	1.391	3.251	4.110
Asturias	13.339	28	192	424	672	927	1.143	1.206	1.711	3.213	3.823
Baleares	16.035	185	828	1.095	1.340	1.584	1.734	1.449	1.608	2.584	3.628
Canarias	50.330	146	1.230	2.635	4.005	4.540	5.213	4.899	6.465	10.639	10.559
Cantabria	7.867	18	167	347	456	669	782	687	1.032	1.803	1.907
Castela A Mancha	44.306	117	883	2.270	3.531	4.467	5.167	4.575	5.849	9.029	8.417
Castela e León	32.272	68	562	1.168	1.730	2.183	2.594	2.575	4.117	8.222	9.052
Cataluña	91.115	374	2.060	3.564	5.309	6.762	7.879	6.721	8.959	20.409	29.079
Valencia	89.708	262	1.339	3.371	5.361	7.099	8.549	7.607	10.475	21.304	24.342
Extremadura	30.295	114	860	1.785	2.486	3.063	3.447	3.184	4.149	6.232	4.975
Galicia	40.420	86	607	1.428	2.284	3.078	3.693	3.266	4.441	9.499	12.038
Madrid	58.784	148	910	2.142	3.451	4.402	5.087	4.430	6.696	14.124	17.395
Murcia	21.861	79	490	1.259	1.799	2.260	2.466	2.041	2.594	4.174	4.701
Navarra	5.743	15	90	196	289	373	422	360	543	1.424	2.032
País Vasco	17.096	38	188	392	670	974	1.176	1.102	1.743	4.408	6.406
A Ríoxa	3.167	11	41	92	156	185	240	194	305	856	1.089
TOTAL	719.118	2.346	15.140	35.245	52.168	63.792	72.171	63.256	84.572	154.550	175.877

Fonte: SEPE

Na liña do comentado previamente en relación coa relación entre a feminización das prestacións e a situación laboral da muller, tamén neste caso se atopa que os tramos de idade na prestación non contributiva están particularmente feminizados entre os 25 e os 45 anos.

Táboa 6.17. Feminización das prestacións non contributivas. CCAA (2018)

	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
Andalucía	52%	30%	62%	70%	70%	68%	63%	59%	47%	33%	34%
Aragón	59%	34%	56%	69%	74%	71%	66%	57%	52%	51%	60%
Asturias	48%	26%	52%	62%	67%	66%	57%	45%	41%	37%	49%
Baleares	59%	47%	57%	64%	69%	68%	64%	62%	56%	51%	54%
Canarias	52%	35%	61%	68%	68%	66%	63%	57%	48%	39%	42%
Cantabria	50%	49%	51%	59%	65%	65%	60%	56%	46%	37%	46%
Castela A Mancha	57%	34%	62%	71%	76%	76%	71%	68%	55%	40%	41%
Castela e León	50%	36%	54%	65%	68%	70%	65%	55%	44%	39%	45%
Cataluña	58%	43%	59%	69%	70%	65%	58%	53%	48%	53%	61%
Valencia	56%	29%	59%	70%	72%	70%	65%	60%	52%	47%	52%
Extremadura	57%	49%	62%	71%	75%	75%	72%	68%	56%	38%	38%
Galicia	52%	28%	58%	68%	72%	70%	66%	60%	48%	41%	46%
Madrid	56%	33%	57%	71%	72%	70%	64%	57%	53%	49%	53%
Murcia	57%	32%	63%	74%	74%	72%	68%	63%	53%	43%	43%
Navarra	60%	41%	58%	69%	71%	68%	60%	56%	51%	53%	65%
País Vasco	55%	22%	51%	63%	67%	63%	54%	48%	44%	46%	61%
A Rioxa	60%	24%	56%	76%	74%	71%	66%	60%	57%	53%	62%
TOTAL	54%	35%	60%	69%	71%	69%	64%	59%	49%	43%	48%

Fonte: SEPE

Como se observa, a partir dos 50 anos as pensións non contributivas presentan maioría masculina. Cabe sinalar que entre estes subsidios se atopa o de “prexubilación” ou de maiores de 52 anos, dirixido as persoas cunha consolidada carreira de cotización que vese interrompida polo paro a unha idade madura e a dificultade de contar un novo traballo. Esta situación é máis propia dos varóns de idade incorporados dende sempre ao mercado de traballo ou, cando menos, ao mercado oficial de traballo.

No que se refire a tipoloxía desta prestacións, unha ampla maioría (52 % en Galicia e 44 % en España) son dirixidas, precisamente, a maiores de 52 anos. As mulleres galegas son destinatarias do 42,7 % destas axudas. Neste contexto, faise necesaria unha primeira precisión relativa a que se utiliza a expresión subsidio de maiores de “52 anos” porque recuperou a súa denominación primixenia dende a promulgación do *Real Decreto-ley 8/2019, de 8 de marzo, de medidas urgentes de protección social y lucha contra la precariedad laboral en la jornada de trabajo*, e que se refire a idade a partir da cal pode ser solicitado. Non obstante, a expresión xeralmente utilizada é a de subsidio de maiores de “55 anos”, o que é debido ás reformas introducidas durante a crise de 2008 e dirixidas a recortar o gasto público, incluído o social. De este xeito, correspondeu ao *Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad*, o incremento da idade de acceso a este subsidio, dos 52 aos 55 anos, e permaneceu así ata o citado *Real Decreto-ley 8/2019*.,

Por outra banda, chama a atención a elevada participación feminina (70 %) no caso de percepcións por esgotamento da prestación contributiva. As estatísticas procedentes do SEPE non distinguen os dous tipos de situación de necesidade cubertas por este grupo de subsidio. Trátase da que reflicten unha situación de desemprego prolongada no tempo por terse esgotado a prestación por desemprego do nivel contributivo e contar con cargas familiares; e da que atinxe as persoas máis de corenta e cinco anos que carecen de esas cargas familiares. A provisión de datos por separado podería aportar unha lectura máis precisa do xogo dos roles de xénero no traballo e no momento da súa perda; sería unha provisión de datos que amosaría como inflúen as cargas familiares no acceso a protección por desemprego.

Táboa 6.18. Tipoloxía das prestacións non contributivas. Galicia-España (2018)

	TOTAL	Esgotamento Prestación Contributiva	Maiores de 52 anos	Período cotizado insuficiente para acceder a Prestación Contributiva			Emigrantes retornados	Liberados de prisión	Traballadores declarados plenamente capaces ou inválidos parciais	Fixos descontínuos	Subsidio extraordinario por desemprego (SED)
				Dereito de 3 a 5 meses	Dereito de 6 meses	Dereito de 21 meses					
Galicia	40.420	8.150	21.164	253	2.670	3.921	1.042	514	83	215	2.408
España	719.118	161.595	318.620	6.165	51.339	103.142	6.043	9.998	811	12.111	49.294
Galicia (mulleres)	21.118	5.623	9.029	157	1.275	2.568	589	54	45	144	1.635
España (mulleres)	391.223	105.548	139.803	3.909	26.161	68.334	3.428	1.063	438	7.955	34.585

Fonte: SEPE

No en tanto, hai que entender que as persoas beneficiarias maiores de corenta e cinco anos sen cargas familiares comparten os datos coas persoas beneficiarias maiores ou menores de corenta e cinco anos con cargas familiares. Así as cousas, interesa precisar que se entende por tales cargas ao cónxuxe, os fillos menores de vinte e seis anos ou maiores desa idade incapacitados, os menores acollidos, sempre que as rendas de cada un deles no superen o 75 % do salario mínimo interprofesional con exclusión da parte proporcional das pagas extraordinarias (art. 275.3 LGSS).

Dito o anterior, a protección por desemprego do nivel asistencial bifúrcase en dous diferentes tipos de subsidios, a saber:


- Os das persoas que esgotaran unha prestación por desemprego do nivel contributivo e teñen corenta e cinco ou máis anos (desempregados de idade madura ou de longa duración) e os menores desa idade, con o sen cargas familiares.
- Os das persoas que non cotizaran na súa última prestación de servizos o tempo suficiente (360 días) para acadar unha prestación por desemprego (“subsidio contributivo”). Neste caso, a duración do subsidio acadará os 3, 4 ou 5 meses se cotizou o mesmo número de meses antes da extinción do contrato; en cambio, esa duración amplíase a 21 meses se cotizou 6 ou máis antes da extinción do contrato.

Segundo a descrición dos dous diferentes tipos de subsidios por desemprego do nivel asistencial recollidos neste epígrafe, quizais a situación de menor rendas económicas dáse nas persoas

beneficiarias dos subsidio “contributivo”, é dicir, os máis pretos dos limiares da pobreza. Neste contexto, as estatísticas non permiten obter a desagregación por comunidades autónomas en canto os segmentos de idade das persoas beneficiarias das prestacións, pero a análise dos datos estatais pode perfilar un panorama xeral de utilidade aos efectos deste informe.

Así, no que se refire as prestacións por esgotamento da prestación contributiva, en media estatal as diferencias entre mulleres e homes van aumentando consonte a idade ata acadar a maior no segmento de idade entre 35 e 39 anos, onde as mulleres perceptoras superan en case 13.000 aos homes. A partir dese punto, descende ata practicamente igualarse na franxa de idade dos que superan os 60 anos, probablemente por razóns xa adiantadas, coma ser a etapa de máis profunda crise do emprego masculino (retribucións elevadas e preferencia para seren substituídos polos novos menos esixentes nalgúns condicións de traballo) ou o maior número de homes incorporados nesas idades ao mercado de traballo.

Gráfico 6.20 Distribución das prestacións non contributivas por esgotamento da prestación contributiva, por sexo. España (2019)



Fonte: SEPE

No que se refire as prestacións como consecuencia do traballo fixo discontinuo, a singularidade deste suposto non se atopa na modalidade de subsidio de desemprego, máis no tipo de traballo que o xera. Trátase de persoas que prestan servizos cun contrato de duración indefinida e, por conseguinte, son fixos, aínda que tal prestación é efectiva en determinadas épocas do ano, non dun xeito continuado (art. 16 ET)²⁸, épocas previsibles incluso sen coñecerse exactamente a súa data de inicio.

O seu dereito á protección por desemprego acontece tanto cando se extingue a súa relación de prestación de servizos e tamén nos períodos de inactividade entre tempadas. Esta última opción é a que aquí interesa, por cuanto en cada período de actividade non se alcanza o dereito a percepción da prestación por desemprego do nivel contributivo que é de 360 días.

²⁸ Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores.


Baixo estas consideracións, o subsidio por desemprego do nivel asistencial para persoas con contratos de traballo fixo discontinuo resulta, en verdade, unha refundición doutros tipos de subsidio por desemprego asistenciais que xa foron analizados co resto de persoas traballadoras. En consecuencia, as persoas fixas discontinuas terán dereito á protección por desemprego do nivel asistencial nas tempadas de non actividade e nas seguintes situacións [arts. 274.1.a), b) y 3, y 277.4 LGSS]:

- Ter esgotado unha prestación por desemprego contributiva e contar cos responsabilidades familiares.
- Ter esgotado unha prestación por desemprego contributiva, non contar con responsabilidades familiares e ter cumpridos os 45 anos.
- Carecer de dereito a prestación por desemprego contributiva por incumprimento do período previo de carencia de 360 días cotizados, contando ou non con cargas familiares. É a transposición á situación das persoas fixas discontinuas do chamado “subsidio contributivo”.

As estatísticas non reflicten estes matices, isto é, non amosan datos sobre as tres modalidades de subsidio por desemprego asistenciais refundidas no subsidio dos fixos discontinuos. De todas formas, ningúna mingua a importancia deste colectivo, en especial en Galicia, no sectores da hostaleira, o transporte escolar e o conserveiro, este último moi feminizado.

Así, usando de novo como marco de análise o contexto estatal, das 7735 persoas beneficiarias desta prestación o 62% son mulleres. Ao igual que o reflectido no caso anterior, as diferenzas de participación entre ámbolos dous sexos acrecéntanse coa idade.

Gráfico 6.21. Distribución das prestacións non contributivas por contratos fixos discontinuos, por sexo. Galicia (2019)



Fonte: SEPE

6.5.3 Renda Activa de Inserción

En outubro de 2019 o número de beneficiarios da Renda Activa de Inserción (RAI) en Galicia foi de 7.051 persoas, que representa o 5 % do total de España (142.234). Por idades, Galicia presenta a menor representación de beneficiarios no tramo de 16 a 19 anos, con 15 persoas

perceptoras fronte as 803 totais no Estado, o que representa o 1,8 %. O maior número de beneficiarios, sobre o total de España, atópase no tramo de idade de 55 a 59, 1.321 beneficiarios sobre os 23.761 totais, que representaría o 5,6 %. En calquera caso, o número de beneficiarios galegos de esta renda está por debaixo do seu peso poboacional, que non chega ao 6 %.

A maior concentración de beneficiarios destas axudas atópase nos tramos de idade comprendidos entre os 45 e os 64 anos que representan o 60 % do total de axudas en Galicia, sendo esta distribución similar por termo medio en España.

Táboa 6.19. Número de beneficiarios da Renda Activa de Inserción por CC.AA. Outubro 2019

	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 e máis anos
Andalucía	42.654	208	690	802	1.009	1.188	1.330	16.281	12.127	6.050	2.969
Aragón	2.076	30	54	64	82	84	92	569	516	376	209
Asturias	2.672	19	53	73	83	116	127	792	718	454	237
Baleares	1.234	16	36	40	50	55	66	258	306	249	157
Canarias	12.039	58	161	169	241	296	322	4.493	3.318	1.989	994
Cantabria	1.260	9	20	32	28	49	77	343	348	212	142
Castela A Mancha	8.880	41	129	156	190	256	272	3.190	2.328	1.460	860
Castela e León	5.464	27	92	93	135	156	196	1.619	1.522	1.048	575
Cataluña	13.309	54	230	321	483	569	635	3.386	3.529	2.550	1.553
Valencia	19.192	165	383	389	461	569	705	6.225	5.107	3.319	1.870
Extremadura	5.265	29	90	95	97	115	153	1.767	1.608	854	456
Galicia	7.051	15	74	108	128	221	272	2.222	2.018	1.321	671
Madrid	11.179	63	204	233	320	404	419	2.985	3.066	2.222	1.263
Murcia	5.650	43	118	116	165	213	247	1.888	1.454	896	509
Navarra	673	5	28	28	29	39	42	161	172	119	52
País Vasco	2.089	11	56	62	66	81	107	559	547	412	188
A Rioxa	431	6	13	13	13	21	25	96	126	74	44
TOTAL	142.234	803	2.451	2.828	3.623	4.463	5.119	47.264	39.099	23.761	12.825

Fonte: SEPE

Destas axudas, en outubro de 2019 había 3.880 estaban destinadas a mulleres galegas, o que supón un 4,4 % do total nacional (87.519) e un 65 % da totalidade de RAI na comunidade galega. Por tramos de idade, Galicia é unha das CC.AA. que menos porcentaxe de beneficiarias ten no tramo de idade comprendido entre os 16 e os 19 anos (1,8 %), xunto con A Rioxa (0,7 %), Navarra (0,6 %), Cantabria (1 %) ou País Vasco (1,4 %). Ao igual que acontece cando analizamos os datos conxuntos, a maior porcentaxe de beneficiarias destas axudas, concéntranse nos tramos de idade de 45 a 49 anos (31,3 %) e de 50 a 54 (25,7 %).

Táboa 6.20 Número de beneficiarias da Renda Activa de Inserción por CC.AA. Outubro 2019


	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 e máis anos
Andalucía	26.180	196	641	677	805	907	962	9.858	6.804	3.543	1.788
Aragón	1.238	29	52	61	60	65	67	321	251	212	120
Asturias	1.525	19	53	67	71	86	90	395	349	245	150
Baleares	785	16	34	35	42	47	50	153	162	149	97
Canarias	7.395	56	154	155	207	245	253	2.609	1.923	1.176	618
Cantabria	740	8	19	28	25	39	53	183	181	124	82
Castela A Mancha	6.185	40	118	126	151	192	195	2.257	1.508	991	608
Castela e León	3.234	26	90	83	106	119	140	934	780	600	355
Cataluña	7.703	52	215	288	389	445	457	1.797	1.835	1.368	857
Valencia	12.299	156	372	360	393	491	561	3.789	2.935	2.056	1.186
Extremadura	3.483	29	77	72	70	95	94	1.158	991	564	334
Galicia	3.880	14	70	91	89	157	170	1.214	996	700	379
Madrid	6.840	59	199	217	288	327	330	1.753	1.684	1.233	749
Murcia	3.714	42	115	101	132	161	169	1.238	891	549	318
Navarra	403	5	26	27	22	33	37	90	79	56	29
País Vasco	1.020	11	55	57	61	66	77	242	206	159	87
A Ríoxa	257	5	13	13	12	15	20	50	68	39	22
TOTAL	87.519	766	2.318	2.479	2.952	3.510	3.743	28.310	21.798	13.836	7.808

Fonte: SEPE

O índice de feminización da RAI na comunidade galega é lixeiramente inferior a media estatal (61,5 %). Ademais, se observa que a presenza de mulleres entre as persoas beneficiarias da RAI é inversamente proporcional a idade: os valores máis altos de feminización, que case alcanzan o 100 % das percepcións, se concentran nos tramos máis baixos de idade, ata os 24 anos. A este respecto, debe terse en conta que estes tramos son os que presentan un menor número de persoas beneficiarias en valores absolutos, o que orixina unha alta volatilidade nos cálculos da participación porcentual relativa. De feito, as persoas galegas receptoras da RAI que se atopan entre 45 e 59 anos de idade concentran case 8 de cada dez prestacións desta categoría, e a feminización destas prestacións queda no 52 %. Estes datos revelan unha menor concentración relativa nas mulleres galegas que a existente na media estatal, onde este tramo de idade concentra o 72 % das axudas cunha participación de mulleres do 58 %.

Con todo, o único tramo que presenta certo equilibrio é o das persoas que teñen entre 50 e 54 anos, cunha feminización do 49 %. En todos os tramos de idade, o índice de feminización galego é menor que a media española, sendo o maior diferencial nas percepcións de persoas entre 30 e 34 anos (doce puntos porcentuais).


Gráfico 6.22. Índice de feminización da RAI por tramos de idade. Galicia e España (2018)



Fonte: SEPE

Estes datos sitúan a comunidade galega coma a segunda con menor índice de feminización da RAI, só por diante do País Vasco, que conta cun reparto case igualitario destas axudas. A media de feminización en Galicia queda sete puntos por debaixo da media estatal.

Gráfico 6.23. Índice de feminización da Renda Activa de Inserción por CC.AA (2019)



Fonte: SEPE

Os datos proporcionados polo SEPE permiten realizar unha análise atendendo a tipoloxía de axudas incluídas nesta categoría. Das 7.051 RAI que se perciben na comunidade galega, 5.520 (un 78 %) son para persoas de máis de 45 anos. A continuación, pero con moita menor presenza (13 %) figuran as axudas para persoas con discapacidade e vítimas de violencia sexista (8 %).

As RAI para persoas emigrantes e vítimas de violencia doméstica, pola súa banda, non achegan nin un 1% das RAI na comunidade galega.

Táboa 6.21. Número de beneficiarios da Renda Activa de Inserción por CC.AA. e tipo de axuda (2019)

	TOTAL	> 45 anos	Persoas con discapacidade	Emigrantes	Vítimas violencia xénero	Vítimas violencia doméstica
Andalucía	42.654	34.123	4.300	16	4.091	125
Aragón	2.076	1.447	250	1	363	15
Asturias	2.672	1.901	342	3	415	12
Baleares	1.234	818	167	0	244	5
Canarias	12.039	9.972	858	11	1.164	34
Cantabria	1.260	855	220	0	181	4
Castela A Mancha	8.880	7.093	1.054	1	698	33
Castela e León	5.464	4.221	645	5	571	22
Cataluña	13.309	9.369	2.069	7	1.798	66
Valencia	19.192	14.947	1.616	15	2.536	78
Extremadura	5.265	4.214	631	1	398	21
Galicia	7.051	5.520	901	30	575	25
Madrid	11.179	8.294	1.272	21	1.540	52
Murcia	5.650	4.114	819	2	696	18
Navarra	673	425	86	0	160	2
País Vasco	2.089	1.479	227	2	360	20
A Rioxa	431	299	54	1	74	4
TOTAL	142.234	109.979	15.659	115	15.941	541

Fonte: SEPE

Esta distribución relativa das RAI en Galicia é similar a existente na media estatal. A porcentaxe de axudas destinadas a maiores de 45 anos na comunidade galega é lixeiramente superior á media do Estado (77,3 %), como tamén ocorre coas axudas para persoas con discapacidade (12,8 % en Galicia e 11 % en media estatal). As axudas para vítimas de violencia sexista teñen unha presenza relativa tres puntos inferior en Galicia á media estatal (11,2 % das axudas). Porén, se analizamos a porcentaxe que as axudas percibidas na comunidade galega supoñen nas axudas totais estatais de cada categoría, chaman a atención as 30 axudas a emigrantes que residen en Galicia, que supoñen un 26 % das axudas estatais deste tipo, nunha comunidade no que a poboación emigrante non é tan significativa como en outras.

Como cabía esperar, as categorías que presentan un maior índice de feminización son as RAI para vítimas de violencia sexista (100 % das axudas) e de violencia doméstica (90 %). A distribución relativa no resto das categorías presenta máis equilibrio, sendo as RAI para persoas con capacidades diferentes as que teñen unha menor participación relativa de mulleres (45 %).


Táboa 6.22. Número de beneficiarias da Renda Activa de Inserción por CC.AA. e tipo de axuda (2019)

	TOTAL	> 45 anos	Persoas con discapacidade	Emigrantes	Vítimas violencia xénero	Vítimas violencia doméstica
Andalucía	26.180	19.973	2.017	10	4.091	89
Aragón	1.238	752	110	1	363	13
Asturias	1.525	951	145	1	415	12
Baleares	785	464	75	0	244	3
Canarias	7.395	5.743	457	6	1.164	24
Cantabria	740	448	109	0	181	3
Castela A Mancha	6.185	4.872	585	0	698	29
Castela e León	3.234	2.340	301	2	571	20
Cataluña	7.703	4.782	1.067	4	1.798	53
Valencia	12.299	8.859	836	4	2.536	63
Extremadura	3.483	2.768	301	0	398	16
Galicia	3.880	2.864	403	15	575	22
Madrid	6.840	4.569	680	12	1.540	39
Murcia	3.714	2.587	416	1	696	13
Navarra	403	199	42	0	160	2
País Vasco	1.020	555	88	1	360	16
A Ríoxa	257	154	26	0	74	3
TOTAL	87.519	63.364	7.734	56	15.941	423

Fonte: SEPE

A distribución relativa das RAI percibidas por mulleres na comunidade galega é similar á existente no contexto español, aínda que chama a atención o elevado índice de feminización na comunidade galega das axudas por violencia doméstica, doce puntos superior ao estatal. DE feito, Galicia, xunto con Navarra, Asturias e Castela e León, son as comunidades onde maior é a presenza das mulleres entre estas RAI. En todas as comunidades autónomas, por outra banda, as axudas por violencia sexista son exclusivamente para mulleres. As RAI para persoas maiores de 45 anos e para persoas con discapacidade, pola súa banda, presentan unha concentración en Galicia relativamente inferior á media estatal.

Gráfico 6.24. Índice de feminización da Renda Activa de Inserción por categoría. Galicia-España (2019).



Fonte: SEPE

6.5.4 Programa de Activación para o Emprego

A comunidade galega é destinataria de 5²⁹ programas de activación do emprego (PAE), un 4% dos 151 existentes en España.

Táboa 6.23. Número de beneficiarios de Programas de Activación de Empleo por CC.AA. (2019)


	TOTAL	Tramos de idade									
		16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
Andalucía	60	0	0	4	8	11	9	10	11	5	2
Aragón	2	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0
Asturias	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Baleares	1	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0
Canarias	9	0	0	1	1	2	1	3	1	1	0
Cantabria	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Castela A Mancha	10	0	0	1	1	2	1	3	2	1	0
Castela e León	6	0	0	1	1	1	1	1	0	1	0
Cataluña	14	0	0	1	0	3	3	2	2	2	1
Valencia	18	0	0	0	2	4	2	4	3	2	1
Extremadura	7	0	1	0	1	0	2	1	2	1	0
Galicia	6	0	0	0	0	1	2	1	0	1	0
Madrid	7	0	0	0	1	1	1	2	1	1	0
Murcia	9	0	0	1	1	1	1	1	2	1	1
Navarra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
País Vasco	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A Rioxa	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL	151	0	1	8	16	26	24	27	26	17	6

Fonte: SEPE

²⁹ Segundo os datos incluídos na propia táboa, o número total debería ser 5. O resto de segmentacións proporcionadas polo SEPE coincide neste valor (5), non 6, como figura na táboa xeral.

A análise destes datos desagregados por comunidades autónomas revela unha alta concentración destas axudas nunha comunidade, Andalucía, receptora de 60 dos 151 programas (case un 40 %). No outro extremo, ningunha destas axudas ten como destino o País Vasco, A Rioja ou Navarra.

Gráfico 6.25 Distribución dos PAE por CCAA (2019)



Fonte: SEPE

Das PAE recibidas en Galicia, só dous son para mulleres, ambas no tramo de idade entre 40 e 44 anos.

6.5.5 Cobertura do sistema

A análise conxunta da totalidade de percepcións indica que a cobertura na comunidade galega pola situación de desemprego acada o 58,6 % dos desempregados, algo inferior a media estatal (61,9 %). Tamén por debaixo da media está a cobertura de desempregados varóns e mulleres. Ademais, se observa que a cobertura masculina é superior á feminina en todas as comunidades autónomas, sendo a fenda en Galicia de nove puntos porcentuais (similar a do conxunto do Estado).

Táboa 6.24. Taxa de cobertura de prestacións por CC.AA. (2019)

	TOTAL	HOMES	MULLERES
Andalucía	67,9	75,0	63,1
Aragón	61,7	65,7	58,9
Asturias	50,3	56,1	45,8
Baleares	95,0	97,9	92,6
Canarias	57,9	62,2	54,5
Cantabria	56,0	59,9	52,9
Castela A Mancha	55,5	67,8	48,6
Castela e León	57,2	64,6	51,7
Cataluña	67,0	69,2	65,3
Valencia	58,0	64,2	53,8
Estremadura	74,9	86,1	67,6
Galicia	58,6	64,2	54,5
Madrid	54,7	58,9	51,6
Murcia	61,9	73,4	54,2
Navarra	54,2	56,0	53,0
País Vasco	49,3	50,6	48,3
A Ríoxa	58,7	62,0	56,4
TOTAL	61,9	67,7	57,8

Fonte: SEPE

6.6 Prestacións por cese de actividade de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas

Segundo os datos proporcionados polo Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social a 30 de setembro de 2019 había preto de 3.260.000 persoas afiliadas por conta propia na Seguridade Social e pouco menos de dous millóns de persoas físicas, non integradas en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades, nin sendo colaboradores familiares nin figurar inscritos como parte dun colectivo especial de traballadores. O 99,6 % das persoas afiliadas por conta propia figura no Réxime Especial de Traballadores Autónomos.

A comunidade galega, pola súa banda, ten case 220.000 persoas inscritas por conta propia, das cales un 95,8 % figura no RETA (a menor porcentaxe estatal de inscricións no RETA sobre o total de inscritos por conta propia), e máis de 136.000 persoas físicas, case un 7 % do total nacional superior á participación da comunidade galega no conxunto de empresas do Estado (6 %) e a súa participación na poboación (5,8 %).


Táboa 6.25. Número de traballadores autónomos por CCAA. (2019)

	CUENTA PROPIA	PERSONAS FISICAS
ESPAÑA	3.259.431	1.978.541
Andalucía	533.477	353.205
Aragón	101.698	60.615
Asturias	73.616	46.126
Baleares	98.163	56.587
Canarias	126.565	86.000
Cantabria	41.904	26.733
Castela A Mancha	148.297	91.733
Castela e León	194.086	121.822
Cataluña	546.940	324.524
Valencia	348.618	195.626
Extremadura	80.409	55.663
Galicia	219.369	136.340
Madrid	396.983	237.399
Murcia	99.117	58.469
Navarra	46.975	26.376
Pais Vasco	169.465	79.766
A Ríoxa	25.674	15.861

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

A distribución dos traballadores e traballadoras autónomas por sectores revela que a concentración no sector servizos en Galicia é inferior á media estatal en dez puntos porcentuais, compensados por unha maior presenza relativa no sector primario. Tamén é lixeiramente superior a porcentaxe de autónomos galegos no sector da construción.


Gráfico 6.26. Distribución de autónomos por sectores. Galicia-España (2019)



Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Pero se nalgún aspecto resulta diferencial a comunidade galega é na participación das mulleres entre a forza de traballo autónoma, un 42,2 % que a coloca como a primeira en canto a esta aportación (sete puntos por riba da media estatal). Así, Galicia aporta o 8,2 % do total de mulleres autónomas do Estado.

Gráfico 6.27. Distribución de autónomos por Comunidades Autónomas (2019)



Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Constitúen, pois, un sector importante na economía e, ao mesmo tempo, vulnerable xa que son eles mesmos o que asumen o risco da súa propia actividade e, ata este mesmo ano, da súa propia protección social. Esta foi mellorada trala promulgación da *Ley 32/2010, de 5 de agosto, por la que se establece un sistema específico de protección por cese de actividad de los trabajadores autónomos*, que introduce a citada prestación equivalente a protección por desemprego das persoas traballadoras por conta allea. Non obstante, houbo de esperarse a publicación do *Real Decreto-ley 28/2018, de 28 de diciembre, para la revalorización de las pensiones públicas y otras medidas urgentes en materia social, laboral y de empleo*, para que esa protección resultase obrigatoria e de aplicación xeral a tódolos autónomos. Máis como a obrigatoriedade de cotizar por esta prestación non se impuxo ata o 1 de xaneiro de 2019, os datos que se presentan non son ilustrativos do número de persoas traballadoras autónomas que perderon a súa actividade debido ao impacto das novas tecnoloxías, sobre todo no caso do comercio.

A táboa seguinte figuran os datos das persoas beneficiarias da prestación de cese de actividade inmediatamente antes de que tivera cobertura obrigatoria (ano 2018) e trala súa imposición (ano 2019). Vese que neste último o número reduciuse no total do ámbito nacional en 1.022 persoas,

un 29,3 %. A minoración en Galicia máis que duplica dita redución, con especial incidencia en Pontevedra (case un 85 % de minoración) e A Coruña (57,6 %).

Táboa 6.26. Prestacións para autónomos, Galicia e España (2018-2019)

	Prestacións concedidas	
	2018	2019
Galicia	520	143
A Coruña	139	59
Lugo	31	24
Ourense	36	12
Pontevedra	314	48
Total nacional	3.491	2.469

Fonte: Elaboración propia con datos da Seguridade Social

6.7 Conclusións do capítulo 6

A vista das diferentes análises efectuadas en relación coas demandas de emprego, cabe sinalar tres grandes conclusións:

- a) A existencia de dúas etapas claramente diferenciadas, onde 2012 presenta un claro punto de inflexión na evolución das demandas de emprego. Como resulta obvio, isto é dependente do ciclo económico, destacando 2013 como o inicio do período de recuperación que se reflicte na evolución das demandas de emprego.
- b) O papel diferencial das mulleres nas demandas de emprego nestas etapas. Tal e como reflectiuse, a presenza relativa de mulleres nas demandas de emprego (con independencia do corte de análise) vai decrecendo no período 2008-2012, e aumentando entre ese ano e 2018. A análise dos datos masculinos suxire que a perda de presenza relativa na primeira etapa non se debe tanto á mellora da situación das mulleres coma a claramente peor evolución dos datos masculinos.
- c) A análise das demandas por ocupación reflicten a persistencia de segregación horizontal no mercado laboral galego, con ocupacións claramente feminizadas.

No que se refire ao sistema de cobertura do desemprego, e prestacións non contributivas, as conclusións parten da síntese de prestacións reflectidas neste capítulo, que se resumen na táboa seguinte.

Táboa 6.27. Resume de prestacións. Galicia (total e mulleres, segmentos de idade, 2019)

		TOTAL	Tramos de idade									
			16 - 19 anos	20 - 24 anos	25 - 29 anos	30 - 34 anos	35 - 39 anos	40 - 44 anos	45 - 49 anos	50 - 54 anos	55 - 59 anos	60 y más anos
CONTRIBUTIVA	Galicia	39.736	46	1.485	4.493	5.640	6.187	6.147	4.859	4.145	3.516	3.218
NON CONTRIBUTIVA	Galicia	40.420	86	607	1.428	2.284	3.078	3.693	3.266	4.441	9.499	12.038
RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN	Galicia	7.051	15	74	108	128	221	272	2.222	2.018	1.321	671
PAE	Galicia	5	0	0	0	0	1	2	1	0	1	0
TOTAL		87.212	147	2.166	6.030	8.053	9.487	10.112	10.347	10.605	14.338	15.928
% sobre total		100,0%	0,2%	2,5%	6,9%	9,2%	10,9%	11,6%	11,9%	12,2%	16,4%	18,3%
CONTRIBUTIVA	Mulleres	21.410	18	713	2.429	3.200	3.554	3.471	2.669	2.168	1.764	1.424
NO CONTRIBUTIVA	Mulleres	21.118	24	353	965	1.646	2.154	2.452	1.955	2.124	3.896	5.550
RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN	Mulleres	3.880	14	70	91	89	157	170	1.214	996	700	379
PAE	Mulleres	4	0	0	0	0	1	1	1	0	1	0
TOTAL		46.412	55	1.136	3.485	4.935	5.866	6.094	5.838	5.288	6.361	7.353
% sobre total		100,0%	0,1%	2,4%	7,5%	10,6%	12,6%	13,1%	12,6%	11,4%	13,7%	15,8%
Índice de Feminización		53,2%	37,6%	52,5%	57,8%	61,3%	61,8%	60,3%	56,4%	49,9%	44,4%	46,2%


Fonte: SEPE

1. A menor cantidade de axudas se atopa entre as persoas con menos de 30 anos, probablemente relacionado coa inclusión neste grupo de homes e mulleres que se atopan aínda en idade de estudos. O feito de que menos do 38 % das persoas incluídas nas distintas axudas sexan mulleres reforza este argumento explicativo, pola súa tradicional maior presenza nos estudos e menor taxa de abandono educativo³⁰. Con todo, no cómputo global de axudas dirixidas a persoas menores de 30 anos o índice de feminización global ascende ata o 56 %, o que pode ser indicativo dunha maior inestabilidade e precariedade das relacións laborais entre as mulleres. De feito, o 72 % das axudas dirixidas a este segmento de idade son prestacións contributivas (dirixidas á cobertura da situación de desemprego), e as mulleres son maioría de receptoras destas axudas (52,4 %).
2. Na franxa situada entre os 35 e os 44 anos aumenta considerablemente o número de persoas receptoras da prestación por desemprego, sumando un 31 % do total de prestacións nesta categoría. As mulleres, pola súa banda, son receptoras de preto do 55 % destas prestacións, o que suxire novamente a maior vulnerabilidade de emprego feminino e tamén a concorrencia neste segmento de idade de certas barreiras ao emprego (vinculadas con tarefas de coidado e reprodución). A este respecto, cabe sinalar que a feminización do total das axudas descende progresivamente a partir dos 45 anos, para acadar o 46,2 % do total a partir dos 60 anos de idade.

³⁰ A este respecto, a maior presenza nos estudos pode relacionarse directamente coa maior tardanza no acceso ao mercado de traballo das mulleres. Esta circunstancia nótase en particular nos estudos universitarios. Así, como recolleemos no capítulo 2, o número de mulleres que cursaban bacharelato no curso 2015-2016 supoñe o 52,1 % do total en Galicia e o 52,4 % en España, e estes estudos son, precisamente, os que conducen directamente a sinalada formación universitaria. Esta hipótese queda reforzada polos datos proporcionados polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, analizados no capítulo 2, que se recollen un maior número relativo de mulleres matriculadas nos títulos de grao e de máster.

3. A relación entre pensións contributivas e non contributivas é inversamente proporcional á idade. Así, ata 54 anos as pensións contributivas (derivadas da situación de desemprego) superan ás prestacións non contributivas, mentres que a partir desa idade se produce a situación inversa.

Gráfico 6.28. Prestación contributiva vs non contributiva. Galicia (2019)




Fonte: SEPE

Isto suxire a concorrencia de dúas posibles explicacións: por unha banda, a aparición dun sector da poboación activa sen traballo coñecida como *parados de idade madura ou de longa duración*, con dificultades para atopar un novo emprego derivadas da falta de formación continua e adaptación as novas demandas do mercado ou dos prexuízos velados na contratación por existir unha preferencia teórica en favor de persoas máis novas cuxas esixencias nas condicións de traballo se entenden son menores. Pola outra, a existencia de perceptores do subsidio de prexubilación ou de maiores de 52 anos que descorre ata a idade de xubilación na que se pasa a percibir a correspondente pensión. Convén destacar, asemade, o punto de inflexión situado a partir dos 45 anos. O transvase percibido entre prestacións contributivas e non contributivas neste punto ilustra un dato relevante relacionado co risco de perda de traballo por parte dese semento poboacional, ao tratarse de persoas que traballaron, máis ou menos de forma estable, viron extinguirse o seu contrato e están a percibir a prestación por desemprego contributiva inmediata antes de acceder aos subsidios asistenciais ou de encontrar outro traballo.

4. A relación entre prestacións contributivas e non contributivas segregada por sexo ofrece resultados de interese. Como se observa na gráfica, entre os 20 e os 49 anos as prestacións non contributivas das mulleres supoñen unha porcentaxe que oscila entre un mínimo do 40 % (25-29 anos) e un máximo do 73 % das contributivas. No caso dos homes, a dita relación oscila entre o 22 % e o 60 % das pensións contributivas masculinas. Dito en outras palabras,

o peso relativo das prestacións contributivas sobre o total de prestacións de desemprego é moi superior nos homes que nas mulleres, o que ven suxerir novamente unha desigualdade nas condicións de desenvolvemento da traxectoria profesional que se estende a cobertura que o sistema proporciona unha vez rematada a dita traxectoria. Neste sentido, cabe destacar que as condicións de devengo da prestación contributiva esixen un marco temporal superior aos tres meses que require a non contributiva. En concreto, a prestación por desemprego, dado o seu carácter contributivo, esixe un período previo de carencia de como mínimo 360 días, mentres que un subsidio de paro, por exemplo o do nivel asistencial coñecido como “subsidio contributivo”, se concede a partires dos tres meses de cotización.

Gráfico 6.29. Relación contributiva vs non contributiva por sexo. Galicia (2019)




Fonte: SEPE

Por outra banda, se observa tamén que a partir dos 50 anos a situación se inverte, gañando peso relativo as prestacións non contributivas dos homes. A vista do exposto no punto anterior, é probable que as prexubilacións estean máis presentes nos homes, ademais de causas menos explícitas como a maior probabilidade de percepción de subsidios para traballadores de empregos industriais, que requirirían dunha análise máis profunda. Finalmente, a inversión da tendencia nas persoas de maior idade pode ser relacionada coa maior lonxevidade feminina.

5. As mulleres son as maiores beneficiarias dos programas de “renda activa de inserción” (RAI) (55 %) e de “activación para o emprego” (PAE) (90 %), aínda que este último dato debe ser tomado con precaución por canto no período de análise só se computan 5 PAE, polo que calquera variación absoluta terá unha importante repercusión porcentual. Isto suxire un certo maior risco relativo de exclusión social e pobreza para as mulleres. En relación con este punto, o anteriormente citado Informe AROPE afirma que a pobreza afecta máis a mulleres que a homes: en 2018, e por segundo ano consecutivo, un 22,2 % das mulleres residentes

en España situáronse nos limiares de pobreza, o que significa que medio millón de mulleres máis que homes se atopan nesta situación.

Gráfico 6.30. Renda de inserción social por sexo. Galicia (2019)



Fonte: SEPE

Tal e como indica a gráfica, as mulleres son as principais receptoras da RAI coa única excepción do segmento de idade entre 50 e 54 anos, onde os homes as superan en 29 percepcións. Ademais, a fenda entre as percepcións femininas e masculinas (sempre a favor da muller) é particularmente notable nos segmentos de menor idade, aínda que novamente debe facerse notar que os valores absolutos son pouco significativos polo que as variacións porcentuais están, ate certo punto, sobredimensionadas. Dito isto, a partir dos 55 anos (cando o número de RAI xa é máis importante) volve a aumentar de xeito significativo, o que volve a poñer de manifesto a maior situación de vulnerabilidade feminina.

- Os datos proporcionados polo SEPE non permiten obter a información desagregada por Comunidades Autónomas sobre a causa que determina a percepción da prestación contributiva. Porén, os datos estatais permiten achegar unha visión xenérica destas causas. Entre elas, destaca a finalización da relación temporal como primeiro determinante do orixe da prestación de desemprego, o que serve como indicador da alta temporalidade das relacións laborais no marco estatal. Como se observa na táboa, non se aprecian diferencias significativas entre homes e mulleres.

Táboa 6.28. Tipoloxía de despidos. España (2019)

		Despidos individuais	Resolución voluntaria	Despidos colectivos	Finalización período de proba	Finalización relación temporal	Causas específicas de reanudación	Outras causas de dereito
Total	792.881	232.376	6.957	21.346	23.091	407.978	85.742	15.392
Homes	381.330	112.646	2.565	12.408	12.549	196.461	39.232	5.470
Mulleres	411.551	119.729	4.392	8.938	10.542	211.517	46.510	9.922
Total	100,0%	29,3%	0,9%	2,7%	2,9%	51,5%	10,8%	1,9%
Homes	100,0%	29,5%	0,7%	3,3%	3,3%	51,5%	10,3%	1,4%
Mulleres	100,0%	29,1%	1,1%	2,2%	2,6%	51,4%	11,3%	2,4%

Fonte: SEPE

O despedido individual achega a segunda fonte de inicio da prestación contributiva. Neste contexto, sorprende a preferencia das persoas beneficiarias por percibir a prestación por desemprego inmediatamente despois da perda do traballo, sen esperar a recorrer o despedimento: un 62,5 % do total de solicitudes proveñen de persoas que non recorreron o despedido. As mulleres presentan unha certa maior predisposición ao recurso: a porcentaxe masculina entre solicitantes con despedido non recorrido é do 63,5 %, fronte ao 61,6 % das mulleres.

A meirande parte dos despidos son por causas obxectivas, onde a participación da muller é cinco puntos superior á masculina. Este despedido, que xera preto de 7.500 persoas perceptoras da prestación por desemprego, maniféstase coma a causa máis dúctil de extinción dos contratos de duración indefinida, non en vano a indemnización a pagar (vinte días de salario por ano de servizos ata un máximo de doce mensualidades) é sensiblemente menor que no despedimento disciplinario (trinta e tres días de salario por ano de servizo ata un máximo de 24 mensualidades). Isto o leva a ser a terceira causa de acceso a esta modalidade de protección por desemprego. Igualmente, a muller ten unha lixeira maior representación nos procesos de conciliación que os homes, compensada por unha leve menor presenza relativa nos despidos improcedentes. Exprésase, así, a idea positiva de resolver os conflitos individuais ao marxe da Administración de Xustiza e sen sobrecargala. Máis agocha, por unha banda, a dúbida da certeza e proba da causa alegada para o despedimento e, pola outra, a preferencia de aprehender de inmediato por parte da persoa traballadora a indemnización ante un posible risco de falta de liquidez ou de insolvencia da empresa, hábito que se intensificou coa crise de 2008.

Táboa 6.29. Causas despidos individuais. España (2019)

	Despidos individuais							
	Despido non recorrido no momento de solicitar a prestación	Causas obxectivas	Acta de conciliación	Sentencia Xulgado do Social				
				Total	Conciliación	Improcedente	Nulo	Procedente
TOTAL	145.228	78.481	6.973	1.693	575	659	26	434
HOMES	71.486	37.021	3.387	753	250	299	9	195
MULLERES	73.742	41.461	3.586	940	325	360	17	239
TOTAL	62,5%	90,1%	8,0%	1,2%	34,0%	38,9%	1,5%	25,6%
HOMES	63,5%	89,9%	8,2%	1,1%	33,3%	39,7%	1,2%	25,9%
MULLERES	61.6%	90.2%	7.8%	1.3%	34.5%	38.3%	1.8%	25.4%

Fonte: SEPE

Finalmente, as mulleres teñen menos presenza na medidas colectivas de regulación de emprego, compensadas por unha maior participación nos acordos vinculados coa redución de xornada. Igualmente, nas terminacións temporais teñen unha presenza entre os fixos descontinuos notablemente superior a masculina, acorde coa súa maior participación nesta tipoloxía contractual.

Táboa 6.30. Outras causas de devengo de prestación contributiva. España (2019)

	Medidas colectivas de regulación de emprego				Finalización da relación de carácter temporal			
	Total	Despido colectivo	Suspensión de contrato	Redución de xornada	Total	De contratos temporais	De fixos descontinuos	De tipo administrativo
TOTAL	21.346	17.362	985	2.999	407.978	338.145	55.112	14.721
HOMES	12.408	10.510	571	1.327	196.461	174.692	18.345	3.424
MULLERES	8.938	6.852	414	1.672	211.517	163.453	36.767	11.297
TOTAL	100,0%	81,3%	4,6%	14,0%	100,0%	82,9%	13,5%	3,6%
HOMES	100,0%	84,7%	4,6%	10,7%	100,0%	88,9%	9,3%	1,7%
MULLERES	100,0%	76,7%	4,6%	18,7%	100,0%	77,3%	17,4%	5,3%

Fonte: SEPE

Capítulo 7 UNHA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN TRANSFORMADA NUNHA SOCIEDADE DO COÑECEMENTO

Baixo a expresión *sociedade da información* estase a aludir a unha transformación profunda da vida das persoas nos eidos privado, profesional e nas súas interaccións cos outros e coas institucións, así como na mesma transformación da forma de actuación dos poderes públicos e dos organismos internacionais, baseada no uso maioritario das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) que permiten a creación de diferentes realidades (a tanxible e a virtual), a súa distribución e, se fose o caso, a manipulación, incidindo, condicionando o producindo políticas económicas, sociais, culturais, e da contorna absolutamente inéditas. Máis ca nunca a realidade non se constrúe dende feitos reais obxectivos, senón dende o que interesa considerar real e obxectivo, como unha sorte de post empirismo.

Estas transformacións conforman unha nova realidade contextual, que identificamos coa expresión “sociedade da información”, termo cuxa autoría atribúese a Yoneji Masuda. En termos xerais, identifícase co período de tempo onde ten lugar unha innovación da tecnoloxía que “se *convirte na forza latente da transformación social, capaz de fornecer unha expansión de calidade de información e un incremento a gran escala do almacenamento da información*”³¹.

Esta sociedade da información constitúe unha manifestación da Terceira Revolución Industrial, consistente na incorporación na vida do cotiá do Internet e do resto das TIC. Merece esas imponentes cualificacións de “revolución” e de “industrial” por introducir transformacións económicas, sociais, culturais e tecnolóxicas, comparables no seus respectivos contextos coas referidas ao acceso dunha organización rural a outra de corte urbana e mecanizada (a Primeira Revolución Industrial), e na incorporación das novas enerxías, novos medios de transporte e, tamén, de comunicación (Segunda revolución Industrial).

O feito de que a maior información, maior coñecemento, está a expresar unha antepenúltima evolución coñecida: a da sociedade do coñecemento. Así o sinala o informe da UNESCO, “Cara ás sociedades do coñecemento”³², do 2005, que as define como o estadio onde se posúe “os *medios que permitan o acceso igual e universal ao coñecemento, ademais dun auténtico aproveitamento compartido deste*”. Enuncia que “*esta debe ser a pedra de toque das sociedades de coñecemento auténticas, que sexan fontes dun desenvolvemento humano e sustentable*”. Dende esta perspectiva, a sociedade de coñecemento é a Cuarta Revolución Industrial, a do uso masivo de bens e servizos e da contratación de prestacións de servizos e obras a través de máquinas intelixentes (intelixencia artificial) capaces da toma de decisións automatizadas (*smart contrats*), o que a sociedade da información ten sido a Terceira Revolución Industrial.

Non impide o dito que esa Cuarta Revolución Industrial se considere a penúltima, pois o progreso exponencial da intelixencia artificial, do cálculo cuántico e da computación cognitiva permitirán non moi lonxe que os sistemas podan resolver problemas cunha análise masiva de datos en tempo real e executen funcións máis complexas que se espera non substitúan a determinación do ser humano. En definitiva, unha Quinta, e ata o momento, última Revolución Industrial, que esixe a preparación intensa da cidadanía e o reforzo da súa capacidade de reacción e

³¹ *La sociedad informatizada como sociedad post-industrial*, Tecnos (Madrid, 1984).

³² Vid. En pág. web: <https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000141908>

adaptación, non en vano ela soportou as tres primeiras con certa cadencia, a mesma coa que se foron producindo, cadencia que non rexe fronte a avalancha dos cambios que se describen na Cuarta e na que está por vir.

Neste contexto, da sociedade da información a sociedade do coñecemento cómpre unha aproximación a situación da poboación residente en Galicia entorno a unha serie de indicadores (uso de internet, fogares e distribución, formación e cohesión territorial), alén de determinar cal é a fenda dixital resultado desta aproximación.

7.1 Uso das TIC pola poboación

A Comisión Europea aprobou no 2010 a “Estratexia Europa 2010”, actualizada e convertida na “Estratexia Europa 2020” e orientada ao logro dun crecemento intelixente e integrador no seo da economía do coñecemento e da innovación nun mercado dixital único. De aí nace a “Axenda Dixital para Europa”, onde se adoptan medidas concretas traducidas en vantaxes económicas, arancelarias e sociais para a consecución do devandito obxectivo.

A obrigada reacción do Goberno de España sobrevén coa aprobación, no Consello de Ministros do 15 de febreiro de 2013, da “Axenda Dixital para España”. O seu preámbulo anuncia o conxunto de accións definidas en materia de telecomunicacións e de sociedade da información. Entre os cinco obxectivos que persegue, atópanse mellorar a administración electrónica e os servizos públicos dixitais; promover a inclusión e alfabetización dixital e a formación de novos profesionais TIC; fomentar o despregamento de redes e servizos para garantir a conectividade dixital³³.

Moi resumidamente, trátase de que as novas tecnoloxías se incorporen na nosa vida cotiá como nosa única forma de comunicación, de traballo e de establecer relacións. Dende esta perspectiva, a decisiva intervención dos Poderes Públicos, á parte da inxerencia na economía, estriba en impeler a relación cos seus cidadáns mediante a administración electrónica, para o cal a alfabetización dixital é un instrumento.

O primeiro deles inténtase acadar coa promulgación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que consolida os principios e instrumentos dunha administración electrónica; e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, que recoñece os dereitos do afectado no que atinxe ao acceso, información e transparencia dos seus datos, para instaurar en termos xurídicos a confianza necesaria a favor do emprego das novas tecnoloxías.

Sobre o segundo dos obxectivos, promover a inclusión e alfabetización dixital e a formación de novos profesionais TIC, cómpre apreciar os datos que figuran na táboa seguinte e que, referidos a todo o Estado no ano 2019, son fornecidos pola “*Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares*” do INE (2019, referidos ao 2018)³⁴, onde se reflicte unha caída nos fogares do equipamento da banda ancha, cuxa velocidade na

³³ Os outros son: reforzar a confianza no ámbito dixital; desenvolver a economía dixital para o crecemento, a competitividade e a internacionalización da empresa española; e impulsar a I+D+i nas industrias de futuro, en particular a intelixencia artificial.

³⁴ https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/categoria.htm?c=Estadistica_P&cid=1254735976151

transmisión da información e no acceso a ela é *condicio sine qua non* para poder desenvolver un traballo *on line* ou acceder electronicamente aos procedementos das Administracións públicas.

Táboa 7.1. Persoas usuarias das TIC sobre o conxunto de poboación (2018)

	Poboación total			Persoas usuarias		
	TOTAL	MULLERES	HOMES	TOTAL	MULLERES	HOMES
Estado	46.934.632	23.926.770	23.007.862	34.910.798	17.594.476	17.316.322
Galicia	2.700.330	1.396.867	1.303.463	1.988.284	1.009.307	978.977
Cataluña	7.600.267	3.879.194	3.721.073	5.599.000	2.831.485	2.767.515
Castela-León	2.408.083	1.219.065	1.189.018	1.747.285	883.037	864.248


Fonte: Elaboración propia con datos do INE

Tal e como pódese observar na táboa, en 2018 houbo 34.910.798 persoas usuarias das TIC no total do Estado, o que constitúe o 74,3 % da poboación, dos que 17.316.322 eran varóns e 17.594.476 mulleres, unha diferenza de 278.154 en favor das mulleres. A participación relativa das mulleres na poboación usuaria de internet (50,3 %) é moi similar á súa presenza no total de poboación (51 %), o que suxire que a súa lixeira maior aportación sobre os homes (49,6 %) entre estes usuarios poida relacionarse coa superior poboación feminina. Porén, se tomamos como referencia os diferentes grupos poboacionais segregados por sexo, a lectura é diferente. Neste senso, o 73 % das mulleres son usuarias de TIC, fronte ao 75 % dos homes.

O gráfico seguinte permite situar a comunidade galega nun marco comparativo no conxunto do Estado e de dúas comunidades autónomas usadas coma referencia para dita comparación: Cataluña, comunidade referencia no desenvolvemento das TIC e da intelixencia artificial, e Castela e León, próxima a Galicia no que se refire á súa aportación e composición demográfica. Como se constata no gráfico, non se aprecian grandes diferencias en función do contexto xeográfico de comparación:

- A porcentaxe de mulleres é lixeiramente superior a dos homes (supera o 50 % en todos os casos.
- Tres de cada catro habitantes son usuarios de internet.
- A porcentaxe feminina sobre o total de usuarios é lixeiramente superior nos catro escenarios propostos.

Gráfico.7.1. Poboación usuaria de TIC por sexo (2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

En Galicia, preto de dous millóns de persoas (73,6 % do total de habitantes) empregaron as TIC en 2018, das cales o 50,8 % eran mulleres. Estes datos son similares aos obtidos en Cataluña, lixeiramente superiores atendendo a porcentaxe de poboación feminina sobre a usuaria de TIC (73,7 % de poboación usuaria, 50,6 % feminina) e superiores aos de Castela e León (72,6 % e 50,5 % respectivamente). Os resultados sitúan a Galicia lixeiramente por debaixo da media de España en cuanto á porcentaxe da poboación usuaria das novas tecnoloxías, pero algo por encima atendendo ao peso relativo das mulleres sobre estes usuarios.

Igualmente, se consideramos a poboación usuaria de TIC como grupo poboacional individualizado, podemos estimar a participación relativa que ten sobre o total de poboación de cada territorio.

Gráfico 7.2. Participación relativa da poboación usuaria de TIC sobre o total, por sexo (2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

En Galicia, o 37,4 % dos habitantes son mulleres usuarias de TIC, un punto por riba da representación dos homes usuarios de TIC (36,3 %). Estes datos son similares aos obtidos para o resto de comunidades obxecto de comparación, e están na liña da media estatal. Como pódese constatar, en todos os casos os datos son lixeiramente superiores para a poboación feminina.

7.2 Análise por tipo de tecnoloxía utilizada

Unha variable que interesa é o tipo de tecnoloxía empregada, determinante da posibilidade dun desenvolvemento de traballo *on line*. Tendo en conta que o obxectivo desta análise é poder detectar a parte de poboación que está en disposición de traballar cun dispositivo móbil, cómpre diferenciar a parte de poboación susceptible de ser analizada, maiores de 16 anos polo tanto. No conxunto da poboación de España, esta poboación acada 34.910.798 millóns de persoas. Neste contexto, no total nacional o 86,2 % son persoas usuarias da telefonía móbil, o 90,7 % de internet, o 77,6 % usa internet diariamente (semana referenciada a cinco días) e o 46,9 % usa compra electrónica. Neste sentido, as estatísticas do INE amosan que, en xeral, non hai diferencias relevantes no conxunto de España fronte a cada unha das Comunidades Autónomas. Os datos da comunidade galega están próximos a ditas medias, aínda que lixeiramente por debaixo en todos os parámetros: 84 % no uso de internet nos últimos tres meses, 67 % en uso diario, e 39 % en compra electrónica. A maior fenda, en consecuencia, está na habitualidade de uso de internet, inferior en Galicia (en media) dez puntos en relación coa media estatal.


Gráfico 7.3. Padróns de uso de TICs. Galicia-España (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

A análise da evolución recente destes usos amosa que a comunidade galega ven progresando notablemente no que levamos de década, a unha taxa de crecemento medio anual superior a media española. O maior progreso tense producido no uso xenérico de internet, que ven crecendo a un ritmo do 5,36 % en media anual dende 2010. De feito, a comunidade galega é a segunda que máis progresou neste parámetro, por detrás de Canarias. O ritmo de avance é menor no caso do uso diario e, sobre todo, na compra a través de internet. Nestes casos, Galicia é a décima comunidade en ritmo de avance.

Gráfico 7.4. Evolución nos patróns de uso de TICs. Galicia-España. TCA (2010-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Con todo, a comunidade galega é a que presenta unha menor taxa no uso de internet nos últimos tres meses (84 %), tres puntos porcentuais por debaixo de Castela e León (que foi antes destacada como similar en canto a volume de poboación), seis por debaixo da media nacional e a unha distancia de once puntos porcentuais da comunidade que lidera o ranking, Navarra.

Igualmente, tamén é a que recolle unha menor taxa de uso diario de internet (67 % dos usuarios), dez menos que a media nacional e 16 por debaixo da comunidade líder neste parámetro (Madrid).

Finalmente, no que atinxe a compra por internet está entre as catro (incluíndo cidades autónomas) con menor uso, menos da metade da media nacional (23,8 % e 46,9 % respectivamente). Madrid é tamén a comunidade líder neste parámetro, cun 55,6 % da poboación que manifesta comprar a través de TIC.

Táboa 7.2. Porcentaxes de persoas usuarias clasificadas segundo a TIC utilizada (2019)

	Persoas usuarias de telefonía móbil %	Persoas usuarias de internet nos últimos 3 meses %	Persoas usuarias de internet diario (5 veces/semana) %	Persoas usuarias da compra electrónica %
Estado	96,9	90,7	77,6	46,9
Galicia	94,2	84,0	67,1	39,2
C.A. Valenciana	97,6	89,7	75,5	47,9
Castela e León	96,0	88,6	73,1	44,1

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

No ámbito estatal, as mulleres empregan a telefonía móbil nun 97,1 % case dous puntos máis que os homes (96,7 %); fan igual uso cos homes de internet nos últimos tres meses (90,7 %); e superan en algo máis dun punto aos homes no uso diario do internet (78,2 % fronte ao 77 %); por último, están 2,2 puntos por debaixo destes na compra electrónica (45,8 % fronte ao 48 %). Galicia mantén unhas *ratios* algo inferiores que as que se presentan na media española, coas seguintes características: homes e mulleres empregan por igual o móbil (94,2 %); elas usan máis o internet nos últimos tres meses, 85 % fronte ao 82,9%; non obstante, no uso diario do internet os homes, superan en 1,4 puntos as mulleres (67,8 % fronte ao 66,4%) e, na compra electrónica tamén, o 40,9 % mentres que as mulleres non chegan ao 38 %. Estas diferenzas se aprecian cos datos procedentes das CC.AA. de Castela-León e Valenciana, no caso da compra electrónica, aínda que as diferenzas son menores que no caso galego. No caso do uso da telefonía móbil, as mulleres en Castela e León superan en máis dun punto a media de usuarias españolas e no uso de internet a diario as valencianas superan en tres puntos á media española.

Táboa 7.3.. Porcentaxes de persoas usuarias clasificadas segundo as TIC utilizada e segregadas por sexos (2019)

	Mulleres usuarias da telefonía móbil	Homes usuarios da telefonía móbil	Mulleres usuarias de internet nos últimos 3 meses %	Homes usuarios de internet nos últimos 3 meses %	Mulleres usuarias de internet (diario, %)	Homes usuarios de internet diario %	Mulleres usuarias do comercio electrónico	Homes usuarios do comercio electrónico
Estado	97,1	96,7	90,7	90,7	78,2	77,0	45,8	48,0
Galicia	94,2	94,2	85,0	82,9	66,4	67,8	37,6	40,9
C.A. Valenciana	97,6	97,5	89,5	89,8	77,0	74,0	46,7	49,1
Castela e León	96,7	95,4	87,5	89,7	74,3	72,0	42,6	45,5

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

7.3 Uso das TIC segundo o tipo de traballo

Se os datos se asocian a situación laboral e económica da poboación, no ámbito estatal, se aprecia que o 86,7 % das persoas activas con ocupación usan internet de forma cotiá, as asalariadas (traballadoras/es por conta allea) nun 83 % e as autónomas (traballadores por conta

propia) nun 85,3 %. A porcentaxe descende no caso das persoas activas paradas, xa que usan internet habitualmente nun 76,4 % e descende, en moita maior medida, nos pensionistas que so acadan o 47,1 %.

Galicia presenta menores usos para todos os grupos analizados, coa excepción das persoas traballadoras por conta allea, as cales usan as tecnoloxías nun 83,1 %, superando neste caso a porcentaxe de Castela e León, pero estando a máis de 7 puntos en comparación con Cataluña. A maior diferenza no uso das TIC en Galicia a atopamos no caso dos pensionistas, xa que só o 32 % da poboación pensionista galega as utiliza.

Táboa 7.4. Porcentaxe de persoas usuarias de internet a diario segundo a súa situación laboral (2019)

	Persoas activas ocupadas	Traballadoras/es por conta allea	Traballadores/as por conta propia	Persoas activas paradas	Pensionistas
Estado	86,7	83,0	85,3	76,4	47,1
Galicia	81,1	83,1	74,1	73,1	32,4
Cataluña	90,6	90,5	91,2	79,1	50,1
Castela e León	80,7	82,2	74,1	75,7	39,8

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

No ámbito nacional, se os datos se segregan por sexos, os resultados mostran que das persoas ocupadas usan internet de forma cotiá o 85,8 % dos homes o 87,9 % das mulleres. Das persoas activas asalariadas (traballadoras/es por conta allea) usan o internet o 85,6 % dos homes e 85,5 % das mulleres; e dos que son autónomos (traballadores por conta propia), o 85,3 % no caso dos homes e o 83,4 % no das mulleres. Coas persoas activas paradas se aprecia unha maior diferenza entre homes e mulleres: o 82 % das mulleres o consumen fronte ao 69,3 % dos homes. Cos pensionistas a diferenza non é tanto entre homes, cun 45,8 % de usuarios, e mulleres, cun 50,3 %, senón entre o colectivo e o resto dos analizados.

Como se pode apreciar, Galicia confirma a súa distancia por debaixo da media do Estado cunhas diferenzas menores de 1 punto (nas traballadoras por conta allea) e, ata, case 18 puntos (no caso das mulleres pensionistas), diferenzas que crecen na comparación coa CC.AA. de Cataluña. Salvo no caso das traballadoras por conta propia, tanto en Galicia como en Cataluña, os datos arrojan un maior porcentaxe de mulleres usuarias que de homes. En Castela e León e na media española, os homes presentan maiores porcentaxes no uso de internet que as mulleres no caso das persoas que traballan por conta allea.

Táboa 7.5. Porcentaxe de persoas usuarias de internet a diario segundo a súa situación laboral segregados por sexos (2019)

	Traballadoras por conta allea	Traballadores por conta allea	Traballadoras por conta propia	Traballadores por conta propia	Mulleres activas paradas	Homes activos parados	Mulleres pensionistas	Homes pensionistas
Estado	85,5	85,6	83,4	85,3	82,0	69,3	50,3	45,8
Galicia	84,8	81,6	72,7	74,9	75,4	70,9	32,5	32,4
Cataluña	90,7	90,4	82,7	97,0	85,9	65,1	52,4	50,0
Castela e León	81,4	84,2	85	74,5	79,4	70,0	53,9	44,5

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

7.3.1 Análise segundo o nivel de ingresos nos fogares

Se analizamos o uso de internet semanal segundo os ingresos netos mensuais dos fogares, pódese observar como este aumenta coa renda. Así, por termo medio, en España, o uso de internet semanal cae ao 58,6 % no caso das familias con ingresos inferiores aos 900 euros netos ao mes. En Galicia, neste tramo de renda obsérvase a maior diferenza na comparativa coa media, ao ser a porcentaxe 11 puntos inferior (47,6 %). No outro extremo, temos as familias con rendas superiores (máis de 2.500 euros netos ao mes) onde o uso de internet incrementábase ata o 90,5 % na media española e ao 87,1 % no caso galego, sendo a diferenza co dato Estatal a máis baixa de todos os tramos analizados (-3,4 puntos). Na Comunidade Valenciana a diferenza é negativa, con relación á media española, só nos tramos de rendas máis baixas. En Castela e León, só no último tramo de renda a poboación fai un uso de internet superior a media española. En calquera dos casos, o diferencial galego é superior ao que atopamos nas outras CC.AA.

Táboa 7.6. Porcentaxe de persoas usuarias de internet semanalmente segundo os ingresos netos mensuais dos fogares (2019)

	Menos de 900 euros netos/mes	Entre 901 e 1.600 euros netos/mes	Entre 1.601 e 2.500 euros netos/mes	Máis de 2.500 euros netos/mes
Estado	58,6	72,1	83,2	90,5
Galicia	47,6	65,4	75,4	87,1
C.A. Valenciana	52,3	71,6	88,3	95,6
Castela e León	58,3	71,0	76,5	91,7

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

Galicia, salvo nos usuarios varóns do tramo alto de renda, está por debaixo das medias estatais cunha oscilación de entre os 5,5 e os 17,9 puntos. A maior diferenza coa media estatal prodúcese no caso das mulleres con rendas máis baixas xa que só o 48,2 % das galegas con rendas menores de 900 euros/mes son usuarias de internet de forma semanal. Na media española esta porcentaxe elévase ao 66,1 %.

Na comparativa muller/home no conxunto do Estado as mulleres presentan maiores valores de uso de internet que os homes, o que acontece tamén na Comunidade Valenciana. Porén, en

Galicia, as mulleres utilizan internet semanalmente en maior porcentaxe que os homes nos dous tramos de renda máis baixos. No tramo de renda comprendido entre os 1.601 e os 2.500 euros/mes a fenda no uso de internet das mulleres galegas é de -3,3 puntos, elevándose ao -7,6 puntos no tramo de renda superior.

Táboa 7.7. Porcentaxe de persoas usuarias de internet semanalmente segregadas por sexos e segundo os ingresos netos mensuais dos fogares (2019)

	Usuarios en fogares con menos de 900 euros netos/mes %	Usuarios en fogares con menos de 900 euros netos /mes %	Usuarios en fogares entre 901 e 1.600 euros netos/mes %	Usuarios en fogares entre 901 e 1.600 euros netos/mes %	Usuarios en fogares entre 1.601 e 2.500 euros netos/mes %	Usuarios en fogares entre 1.601 e 2.500 euros netos/mes %	Usuarios en fogares con máis de 2.500 euros netos/mes %	Usuarios en fogares con máis de 2.500 euros netos/mes %
Estado	66,1	58,6	74,6	72,1	83,5	83,2	91,5	90,5
Galicia	48,2	46,7	69,1	61,7	73,7	77,0	83,1	90,7
C.A. Valenciana	53,9	50,4	72,1	71,2	91,1	85,2	96,1	95,2
Castela e León	59	57,5	70,3	71,7	80,3	72,1	96,9	87,9

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

É relevante comparar o anterior cos datos relativos ao uso da telefonía móbil, xa que constitúe tamén unha vía de acceso a internet. A distancia de Galicia fronte a media estatal persiste e, tamén, fronte a Castela-León e Valencia, especialmente con esta última, cuxas medias superan ás estatais. Esa diferenza, sen embargo, non é tan ampla coma a referida ao uso da internet, xa que se está entre -0,6 e -4,2 puntos, sendo maior a brecha na comparativa con España, nos fogares con rendas comprendidas entre os 1.601 e 2.500 euros/mes, que utilizan internet no 94,4 % dos fogares galegos fronte ao 98,6 % da media española. Pola contra, a menor diferenza a atopamos no tramo máis alto de renda, onde o 98,6 % das persoas son usuarias de telefonía móbil en Galicia, fronte ao 99,2 % estatal.

Táboa 7.8. Porcentaxe de persoas usuarias da telefonía móbil nos últimos tres meses segundo os ingresos netos mensuais dos fogares (2019)

	Menos de 900 euros netos/mes %	Entre 901 e 1.600 euros netos/mes %	Entre 1.601 e 2.500 euros netos/mes %	Máis de 2.500 euros netos/mes %
Estado	92,7	96,6	98,6	99,2
Galicia	88,9	95,7	94,4	98,6
C.A. Valenciana	92,8	98,3	99,2	100
Castela e León	92,5	96,5	96,9	98,1

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

É reiterado xa que os datos de uso da telefonía móbil indiquen unhas porcentaxes inferiores a media estatal tanto sexan usuarias as mulleres coma os homes, e con independencia dos ingresos netos mensuais dos fogares, salvo no tramo de renda máxima, no que os galegos

presentan unha maior porcentaxe de uso que na media española. En calquera caso, o diferencial é sensiblemente inferior ao que se presentaba noutros indicadores analizados anteriormente, como o uso de internet, estando todas as porcentaxes de uso de teléfono móbil por riba do 88 %.

As diferenzas no uso da telefonía móbil entre mulleres e homes tamén se reducen. Na media española o uso entre as mulleres é superior nos dous tramos inferiores de renda, sendo o diferencial de uso de case dous puntos por riba dos homes. No caso galego, os diferenciais son todos negativos, só no caso das mulleres con rendas comprendidas entre os 901 e os 1.600 euros/mes, superan aos homes no uso do móbil (96,5 fronte ao 94,8 %).

Táboa 7.9. Porcentaxe de persoas usuarias de telefonía móbil nos últimos tres meses segregadas por sexos e segundo os ingresos netos mensuais dos fogares (2019)

	Menos de 900 euros netos/mes %		Entre 901 e 1.600 euros netos/mes %		Entre 1.601 e 2.500 euros netos/mes %		Máis de 2.500 euros netos/mes %	
	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
Estado	93,5	91,7	97,3	95,9	98,6	98,7	99,1	99,3
Galicia	88,3	89,9	96,5	94,8	94,3	94,4	97,7	99,4
C.A. Valenciana	89,4	96,8	98,6	97,8	99,6	98,8	100	100
Castela e León	93,9	91	96,8	96,2	96,1	97,7	100	96,8


Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

7.3.2 Análise segundo a idade dos membros dos fogares

Ao relacionar o uso da internet coa idade dos usuarios, constatase que a maior idade menor emprego das TIC. Por iso e no ámbito estatal, os homes entre 65 e 74 anos utilizan internet nun 63,7 % e o fan de forma habitual (como mínimo 5 veces por semana) un 42,8%. No caso das mulleres na mesma franxa de idade, utilizan internet nun 63,5% e habitualmente nun 42,8%. En Galicia, os varóns o utilizan o 40,3 % e habitualmente o 22,6 %. As mulleres galegas o usan 50,5 % e un 24,8 %, respectivamente.

As mulleres en Galicia sitúanse por enriba dos homes tanto no uso de internet nos últimos tres meses e no habitual. Persiste unha destacada diferenza de 23,7 puntos entre a media do Estado e a dos varóns residentes en Galicia no uso da internet a tres meses e de 22,2 puntos, no uso habitual, repetíndose o fenómeno nas mulleres residentes en Galicia, aínda que con menores diferenzas, ao estar 13 e 18 puntos por debaixo da media estatal no uso nos últimos tres meses e no habitual de internet.

Gráfico 7.5. Porcentaxes de poboación entre 65 e 74 anos usuaria da internet segregada por sexos (2019)




Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

Como xa se sinalou, o uso de internet diario aumenta coa idade da persoa. Así, en Galicia o 95,7 % das mulleres con idade comprendida entre os 16 e 24 anos fai un uso diario de internet fronte ao 93,3 % dos homes, sendo o diferencial tamén positivo na comparativa coas mulleres do conxunto do Estado, de 2,4 puntos. Porén, en España, neste tramo de idade, os homes fan un maior uso de internet diario, un 93,8 % fronte ao 93,3 %.

No tramo de idade seguinte, de 45 a 54 anos, en Galicia, o 74,9 % das mulleres fan uso a diario de internet fronte ao 77,9 % dos homes. Este diferencial tamén é negativo na comparativa coa media estatal xa que en España as usuarias acadan o 81,3 % do total de mulleres. Pola contra, os homes galegos nese tramo de idade avantaxan en 7,2 puntos á media española, acadando unha porcentaxe do 77,9 %.

Gráfico 7.6. Porcentaxe de poboación usuaria de internet de entre 45 e 54 anos e 16 e 25 segregada por sexo (2019)



Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

7.3.3 Análise segundo a formación dos membros dos fogares

Tanto na media estatal como na de Galicia e das outras CC.AA. analizadas, a maior formación, maior emprego das TIC, de modo que en toda a secuencia de indicadores as porcentaxes de persoas usuarias se incrementan consonte a maior formación, independentemente do sexo de ditas persoas. Galicia presenta os maiores diferenciais coa media estatal no caso das mulleres con estudos de Formación profesional que cunha porcentaxe do 84,3 % é 5,6 puntos inferior á media española. Neste tramo de estudos, sen embargo, os homes galegos presentan unha maior porcentaxe de uso de internet a diario, 87,5 %, 1,4 puntos superior á media española. O mesmo se produce no caso da poboación galega que té estudos de licenciatura e máster: as galegas estarían 2,5 puntos por abaixo da media española, mentres que os galegos o están por riba, na mesma proporción.

Táboa 7.10. Porcentaxe de mulleres usuarias de internet diario segundo a súa formación (2019)

	Analfabetas e primaria incompleta	Segunda etapa de educación secundaria	Formación profesional	Licenciatura e máster	Doutoramento
Estado	23,5	83,7	89,9	93,7	98,4
Galicia	19,3	76,7	84,3	91,2	100
Cataluña	33,2	79,7	95,7	98,1	100

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

No caso dos galegos e galegas con estudos de doutoramento, o 100 % usa internet a diario, ao igual que acontece en Cataluña, polo que, en ambos casos, superarían o, xa elevado, 98,4 % de media estatal. Analizando as porcentaxes das persoas con estudos de segunda etapa de Educación Secundaria, o maior gap, no uso de internet a diario dáse no caso das galegas que cunha porcentaxe do 76,7 % está a 7 puntos da media das mulleres en España e a 5 puntos da media dos galegos con estes estudos.

A maior diferenza no uso de internet a diario entre mulleres e homes, tanto en Galicia como en España, o atopamos na poboación analfabeta ou con estudos primarios incompletos, en torno a 6 puntos de diferenza. Así, só o 19 % das mulleres con estes estudos en Galicia utilizan internet a diario, sendo a porcentaxe de españolas do 23,5 %. No caso dos homes, o 25,3 % dos galegos, con estes estudos, son usuarios habituais de internet fronte ao 29,8 % da media estatal.

Táboa 7.11. Porcentaxe de homes usuarios de internet diario segundo a súa formación (2019)

	Analfabetos e primaria incompleta	Segunda etapa de educación secundaria	Formación profesional	Licenciatura e máster	Doutoramento
Estado	29,8	82,7	86,1	92,8	98,4
Galicia	25,3	81,7	87,5	95,3	100
Cataluña	23,9	85,2	92,9	87	100

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

No uso da telefonía móbil, a media estatal de mulleres usuarias de telefonía móbil é menor que a dos homes nos colectivos de sen estudos ou con educación primaria incompleta (79,6 % e 82,9 %) o contrario que no caso galego onde elas o usan nun 63,3 % e eles nun 57,1 %. É neste tramo de estudos onde son maiores as diferenzas entre mulleres e homes, nos outros tramos, practicamente non se perciben diferenzas significativas entre mulleres e homes.

Táboa 7.12. Porcentaxe de mulleres usuarias de telefonía móbil segundo a súa formación (2019)

	Analfabetas e primaria incompleta	Segunda etapa de educación secundaria	Formación profesional	Licenciatura e máster	Doutoramento
Estado	79,6	99,3	99,8	99,6	100
Galicia	63,3	99,0	100	100	100
Cataluña	65,7	99,1	100	100	100

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

Táboa 7.13. Porcentaxe de homes usuarios de telefonía móbil segundo a súa formación (2019)

	Analfabetos e primaria incompleta	Segunda etapa de educación secundaria	Formación profesional	Licenciatura e máster	Doutoramento
Estado	82,9	98,4	99	99,4	100
Galicia	57,1	100,0	100	99,2	100
Cataluña	92,6	99	100	100	100

Fonte: Elaboración propia a partir do INE. Encuesta sobre equipamiento y uso de tecnologías de información y comunicación en los hogares

7.4 O acceso a banda ancha e a tenencia de ordenador nos fogares

No que atinxe ao uso da conexión a internet con banda ancha dende os fogares, imprescindible para as xestión coa administración electrónica e as prestacións de servizos de teletraballo ou similares, os datos fornecidos polo INE e postos en relación con o uso doutras conexións a internet e outras tecnoloxías reflicten un nivel relativamente razoable de dotación de medios nos fogares españois, aínda que a dotación de banda ancha é sensiblemente inferior:

Táboa 7.14. Dotación dos fogares galegos e persoas usuarias (%)

	TOTAL (%)
Fogares con conexión a internet	91
Fogares con conexión de banda ancha	85
Persoas usuarias de internet (últimos 3 meses)	91
Usuarios frecuentes (unha vez por semana)	88
Persoas que compran por internet	47

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Máis esclarecedor é procurar o nivel de desenvolvemento da banda ancha segundo a porcentaxe de vivendas que a ten, tendo en conta o número de habitantes da poboación onde se enclava e o poder adquisitivo. Con isto, poderase afondar na cohesión territorial e o acceso as novas tecnoloxías, en concreto o internet, vista a maior extensión da telefonía móbil.

Táboa 7.15. Vivendas con acceso a internet segundo tamaño de poboación e nivel de renda

	Nº de vivendas con acceso a internet e % banda ancha	POBOACION		RENDA	
		De 100.000 ou máis habitantes e capitais de provincia	De menos de 10.000 habitantes	Desde 2.500 euros netos/mes	De 900 euros netos/mes ou menos
Estado	16.451.384 91,20%	92	85,6	91,1	77,4
Galicia	967.269 88,10%	93,6	79,1	96,4	74,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Como se constata na táboa, o 91,2 % das vivendas teñen acceso a internet e banda ancha, se ben a porcentaxe con esta dotación entre poboacións de 100.000 e máis habitantes (92 %) é superior a dos núcleos máis pequenos, cunha redución de 7,6 puntos porcentuais. Tamén se observa unha relación asimétrica en canto a renda dispoñible. Os fogares cuxa renda supera os 2.500€ mensuais teñen maior participación entre as vivendas con banda ancha (91,1 % fronte a 77,4 %).

En Galicia, as diferencias en función destes parámetros de poboación e renda son sensiblemente superiores. Así, a dotación xeral de vivendas con banda ancha é do 88,1% do total, aumentando nas vilas con 100.000 ou máis habitantes e nas capitais de provincia ata o 93,6% e descendo ata o 79,1% nos núcleos de poboación de 10.000 ou menos habitantes. A fenda detectada na comunidade galega atendendo o tamaño de poboación, por tanto, duplica a fenda media estatal (14 puntos porcentuais). A diferenza é máis notable segundo o poder adquisitivo. Así, nas vivendas con 2.500 euros ou máis por mes o 96,4 % conta con tal acceso, polo contrario nas que os ingresos son de 900 euros ou menos por mes a porcentaxe é de 74,4 %, 18 puntos menos. Tamén neste caso a fenda no caso galego é superior á media estatal.

Igualmente, na comunidade galega se detecta unha relación inversamente proporcional entre o núcleo de poboación e o número de ordenadores.

Táboa 7.16. Porcentaxe de fogares con ordenador segundo o número de habitantes da poboación. Galicia (2017-2018)

	2017	2018
TOTAL	64,73%	64,89%
Menos de 5.000 habitantes	45,98	42,56
Entre 5.000 e 10.000 habitantes	45,98	58,81
Entre 20.000 e 50.000	70,09	68,4
Máis de 50.000	73,07	73,93

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Introducindo na análise a idade dos membros do fogar, obsérvase que a tenencia de ordenadores incrementa conforme diminúe a idade das persoas que integran os fogares. Así, a porcentaxe de vivendas que teñen ordenadores cando están formadas exclusivamente por maiores de 65 anos non chega a o 20 %. Sen embargo, cando a idade dos compoñentes do fogar se reduce ata situarse entre 35 e 64 acada case o 80 %. Se ademais algún dos membros é menor de 16 anos, os fogares suben ata superar o 92 %. Ademais, se observa que a posesión de equipos informáticos en fogares con menores de 16 anos vai gañando presenza conforme avanza o tempo, o que suxire un uso cada vez máis precoz destes dispositivos. Outro cambio interesante é a diminución de fogares onde todos os membros son menores de 35 anos que teñen ordenador (pero non menores de 16), que podería relacionarse co menor uso relativo por parte das mulleres ou pola preferencia dos mozos entre 16 e 35 anos por outro tipo de dispositivos.

Táboa 7.17. Porcentaxe de fogares con ordenador segundo a idade dos residentes en fogares. Galicia (2017-2018)

	2017	2018
Total	64,73	64,89
Todos maiores de 65 anos	19,53	19,38
Todos menores de 35 anos	89,8	85,9
Con algunha persoa entre 35 e 64 anos	77,04	77,9
Con algunha persoa entre 35 e 64 anos e algún menor de 16 anos	90,42	92,24
Con algunha persoa entre 35 e 64 anos e ningún menor de 16 anos	71,82	71,82

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Na análise desagregada por provincias, se observa que a tenencia de ordenador e internet nos fogares galegos incrementou en tres das provincias galegas, pese a que o número de habitantes decreceu en todas elas. Porén, en Ourense diminuíron ambos indicadores, o que podería indicar un maior descenso relativo da mocidade ou das persoas adultas.

Táboa 7.18. Porcentaxe de fogares con ordenador e internet por provincias. Galicia (2017-2018)

	Poboación		Ordenador e internet	
	2017	2018	2017	2018
A Coruña	1.120.294	1.119.351	68,59	78,73
Lugo	333.634	331.327	70,91	73,49
Ourense	311.680	309.293	67,18	65,73
Pontevedra	942.731	941.772	78,58	80,06

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Ante estes datos, unha análise complementaria de interese é detectar onde se atopan estes fogares que contan con ordenador e dispositivos de acceso a internet, no seo da propia provincia. Esta información se recolle na táboa seguinte, que presenta as principais áreas intraprovinciais que se poden identificar en cada unha das provincias galegas. Unha primeira lectura xeral permite observar un comportamento diferencial entre as provincias atlánticas e as orientais: no primeiro caso, as áreas situadas nos núcleos vinculados ás grandes urbes van perdendo peso relativo en favor das áreas rurais, que gañan presenza na distribución de fogares con dispositivos electrónicos entre 2017 e 2018. Sen embargo, tanto na provincia de Lugo coma na de Ourense o cambio prodúcese na dirección contraria, gañando peso relativo nesta distribución os fogares localizados en torno as grandes áreas de poboación.

Táboa 7.19. Distribución de ordenadores nos fogares por áreas xeográficas. Galicia (2017-2018)

A CORUÑA	2017	2018	PONTEVEDRA	2017	2018
A Coruña suroriental	55,69	53,73	Pontevedra nororiental	57,67	59,66
Ferrol-Eume-Ortega	64,78	67,53	Pontevedra sur	59,05	56,05
Costa da Morte	58,9	52,61	Caldas-O Salnés	67,73	69,24
A Barbanza-Noia	63,02	61,97	O Morrazo	64,9	69,25
Área da Coruña	73,02	71,69	Pontevedra	66,26	66,66
Área de Santiago	75,24	75,71	Vigo	70,35	69,66
LUGO	2017	2018	OURENSE	2017	2018
Lugo sur	50,24	47,05	O Carballiño-O Ribeiro	50,54	46,46
Lugo oriental	46,94	51,62	Ourense central	56,5	50,31
Lugo central	59,72	64,4	Ourense sur	38,83	44,54
A Mariña	62,27	61,24	Área de Ourense	61,9	64,64

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

- Na provincia coruñesa, a área de A Coruña suroriental, situada no interior, é a que presenta unha menor porcentaxe de ordenadores nos fogares na comparación conxunta dos dous anos, observándose ademais un decrecemento en 1,8 puntos dende o 2017 (55,69 %) ao 2018 (53,73 %). Non obstante, para o ano 2018 a menor porcentaxe relativa se atopa na Costa da Morte (52,61%). A redución da porcentaxe tamén se aprecia en

tódalas restantes áreas, agás Ferrol-Eume-Ortega e Santiago (sendo neste caso a participación estable).

- En canto a Lugo, a parte oriental e central gañan importancia relativa fronte ao descenso de A Mariña e Lugo Sur. Esta última área é a que amosa no 2018 unha menor porcentaxe de fogares con ordenadores (47,05 %) é, alén diso, a reduce en comparación co 2017 (50,24). A outra área que decrece sensiblemente é A Mariña, pasando do 62,27% no 2017 a 61,24% no 2018, 1,03 puntos menos.
- Na provincia ourensá, como se apuntou, ás áreas máis poboadas (central e sur) son as que máis melloran a súa participación na distribución intraprovincial de fogares con internet. En concreto, Ourense Sur é a que rexistra un maior incremento, aínda que persiste na última posición en canto a dita distribución.
- Finalmente, como se apuntou, na provincia pontevedresa as áreas situadas no contorno nas grandes cidades (Vigo e Pontevedra) perden importancia relativa no número de fogares que teñen ordenador, en favor dunha maior implantación en áreas periurbanas e rurais.

Da lectura dos datos anteriores se desprende que, cando se analiza a localización dos fogares que teñen ordenadores e acceso a internet de banda ancha, as áreas urbanas e periurbanas son as que contan con maior representación nas catro provincias galegas. Esta situación se detecta especialmente en Lugo e Ourense, onde ademais as ditas áreas gañan presenza entre 2017 e 2018 (a diferenza do que pasa nas provincias atlánticas). Esta relativa concentración non é menor, posto que estas provincias contan cunha poboación máis illada e espallada e un maior número de núcleos de menos de 10.000 habitantes. Nestes núcleos, os datos suxiren unha maior dificultade de acceso a conexión internet con banda ancha, que é a necesaria para o desenvolvemento do traballo con ordenador e o acceso, por exemplo, a Administración electrónica. Destes datos se desprende a existencia dunha fenda dixital vinculada a ordenación da poboación no territorio. Neste sentido, a teórica dificultade para estender a banda ancha a estas localizacións podería ter coma consecuencia a dificultade de prestacións de servizos mediante novas tecnoloxías.

7.5 TIC e sector empresarial

7.5.1 Datos xerais no ámbito estatal e en Galicia

Para comezar este epígrafe dedicado a importancia nas TIC no sector empresarial, convén estimar o volume que supón tal sector na comunidade galega. Para elo, se utiliza como dato de partida o número de empresas activas que figuran no DIRCE (Directorio Central de Empresas, segundo explotación de datos proporcionada polo INE) a 1 de xaneiro de 2018. Segundo estes datos, en España rexistrábanse 3.337.646 empresas, 55.300 máis que as que figuraban como activas a 1 de

xaneiro de 2017, o que supón un incremento do 1,76 %. A participación relativa das empresas de cada sector indica un claro predominio do sector servizos (81,45 %) sobre as empresa do sector da construción (2,41 %) e industrial (6,19 %). Como ven acontecendo nos últimos anos, Cataluña (18,53%), Madrid (16,15%), Andalucía (15,25%) e a Comunidade Valenciana (10,68%) son as comunidades autónomas que rexistran un maior número de empresas, achegando no seu conxunto o 60,61% do total de empresas rexistradas en España. Galicia, pola súa banda, mantense na quinta posición cunha aportación do 6,02% ao total de empresas do Estado con 200.801 empresas rexistradas en 2018. Destas empresas, un 6,46% se atopan no sector industrial, un 14,78% no sector da construción e os servizos (en conxunto) aglutinan o 78,76%. Tendo en conta os datos antes comentados da distribución de empresas no total do Estado, as empresas industriais e de construción en Galicia están por riba da media estatal, a costa da menor participación relativa das empresas de servizos (case tres puntos porcentuais menos que a media do Estado).

Dito o anterior, existe unha coincidencia lóxica no maior número de empresas en Galicia, Cataluña e Madrid, que atinxe aos sectores de “comercio, transporte e hostaleira” e “actividades profesionais e técnicas”; e un menor número dos referidos a “información e comunicacións” e “actividades financeiras e de seguros”. Con relación a Castela-León, escollida como xa se ten dito por ocupar o posto seguinte (sexto) ao de Galicia (quinto) en número de habitantes, o matiz se atopa en que conta cun número maior de empresas no sector da “construción” en detrimento doutro sector con maior presenza en Galicia que é o de “actividades profesionais e técnicas”.

Táboa 7.20. Distribución de empresas por sectores. Galicia e CCAA, (2018).


	Galicia	Castela-León	Cataluña	Madrid
Total	200.801	161.986	618.366	538.917
Industria	12.970	11.976	37.605	23.519
Construción	29.686	23.627	74.420	58.926
Comercio, transporte e hostalaría	79.292	64.747	211.222	158.079
Total servizos	78.853	61.636	295.119	298.393
Información e comunicacións	2.509	1.650	15.133	20.833
Actividades financeiras e de seguros	5.118	3.699	13.221	15.132
Actividades inmobiliarias	7.318	5.562	44.792	32.621
Actividades profesionais e técnicas	31.004	23.084	116.856	132.824
Educación, sanidade e servizos sociais	14.800	11.476	52.645	52.009
Outros servizos persoais	18.104	16.165	52.292	44.974

Fonte: Elaboración propia con datos do DIRCE

O gráfico seguinte permite poñer en contexto a estrutura empresarial galega con outras comunidades. Nomeadamente, se utilizan como base de comparación as dúas con maior dinamismo empresarial (Madrid e Barcelona) e Castela e León, pola súa proximidade en características socio demográficas. Como se pode comprobar, o sector servizos acapara unha maior representación no conxunto empresarial aínda que con máis intensidade en Cataluña e, sobre todo, Madrid. Non obstante, se observa que as maiores diferencias están no peso relativo

que teñen tanto en Galicia coma en Castela e León o comercio, transporte e hostalería. Realmente, se unificamos a totalidade dos servizos, a participación é similar en todas as comunidades, próxima ao 80 % (lixeiramente menor en Galicia e Castela e León pola maior presenza do sector da construción).

Gráfico 7.7. Distribución relativa dos sectores industriais. Galicia-CCAA (2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do DIRCE

No que se refire a composición do grupo “outros servizos”, Galicia e Castela e León teñen unha lixeira sobre representación das empresas de información e comunicacións, actividades financeiras e de seguros, e outros servizos persoais (sempre en relación coa distribución en Cataluña e Madrid). Esta maior participación relativa se contrapón cunha menor participación das actividades inmobiliarias.

Tendo en conta o ritmo de avance da tecnoloxía e as ciencias, interesa estimar o nivel e grao de innovacións para a adaptación das empresas e o mantemento da competitividade nun mercado globalizado. Deseguido figura unha táboa simplemente indiciaria, pois corresponde ao ano 2007 (únicos datos dispoñibles) sobre xestión e organización da innovación da empresa en Galicia, na que vese a porcentaxe de empresas deses sectores tradicionais que estaban nese momento inxeridas nun proceso de evolución e adaptación. Como se pode comprobar, a distribución en

Galicia é similar a do resto de comunidades introducidas para a comparativa, coas leves diferenzas relacionadas co peso relativo de cada sector na economía.

Táboa 7.21.. Xestión e organización da innovación na empresa. Galicia (2018).

	Galicia	Castela-León	Cataluña	Madrid
Información e comunicacións	3,2%	2,7%	5,1%	7,0%
Actividades financeiras e de seguros	6,5%	6,0%	4,5%	5,1%
Actividades inmobiliarias	9,3%	9,0%	15,2%	10,9%
Actividades profesionais e técnicas	39,3%	37,5%	39,6%	44,5%
Educación, sanidade e servizos sociais	18,8%	18,6%	17,8%	17,4%
Outros servizos persoais	23,0%	26,2%	17,7%	15,1%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Visto que tódolos sectores empresariais están afectados pola dixitalización da sociedade e da economía, é certo que algúns se encargan do desenvolvemento, produción, comercialización e uso intensivo das TIC (sector das TIC). Neste senso, a táboa seguinte amosa o peso relativo deste sector no conxunto da economía, reflectindo o número de empresas inxeridas no sector TIC en España e o total de persoas que ocupan (por conta allea ou por conta propia). Este sector aglutina máis de 200.000 empresas, e da emprego a preto de 1.300.000 persoas.

- a) O sector da “industria manufactureira TIC” se encarga do desenvolvemento e produción das TIC.
- b) Os sectores de “servizos”, “industrias de servizos TIC” e “programación, consultoría e outras actividades relacionadas ca informática” realizan as actividades de programación informática, consultoría informática, xestión de recursos informáticos, e outras actividades relacionadas coas tecnoloxías da información e da informática.
- c) O sector de “edición de programas informáticos” trata dos programas informáticos e dos videoxogos.
- d) O sector de “portais web, procesamentos de datos, *hosting* e actividades relacionadas” asume o procesamento de datos, aloxamento (*hosting*), portais web e actividades relacionadas.
- e) O sector “telecomunicacións” traballa nas telecomunicacións por cable, sen fíos, por satélite e outras próximas.
- f) O sector de “reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico” se encarga da reparación de ordenadores, de equipos periféricos e de equipos de comunicación.


Táboa 7.22. Principais subsectores empresariais das TIC no ámbito estatal

SUBSECTORES	NÚMERO		%	
	Empresas	Ocupación	Empresas	Ocupación
Industria manufacturera TIC	1.479	15.806	0,7%	1,2%
Servizos	68.342	454.029	34,1%	35,7%
Industrias comerciais TIC	6.320	59.519	3,2%	4,7%
Industrias de servizos TIC	62.022	349.509	31,0%	27,4%
Edición de programas informáticos	3.441	10.049	1,7%	0,8%
Programación, consultoría e outras actividades relacionadas ca informática	37.778	274.274	18,9%	21,5%
Portais web, procesamentos de datos, <i>hosting</i> e actividades relacionadas	5.965	23.140	3,0%	1,8%
Reparación de ordenadores equipos de comunicación	8.060	20.025	4,0%	1,6%
Telecomunicacións	6.778	67.021	3,4%	5,3%
Total	200.185	1.273.372	100,0%	100,0%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

Trátase dun sector claramente dominado polos servizos TIC, sexan de tipo xeral ou industrial. Se engadimos a actividade de programación auxiliar (con consultoría), oito de cada dez empresas operan en ditos sectores. Dito sector, segundo os datos da patronal AMETIC, ven crecendo na súa facturación nos últimos anos, e particularmente de forma sostida dende 2016.


Gráfico 7.8. Distribución relativa dos sectores industriais. España (2014-2018)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do informe “Las tecnologías de la información en España, 2018”, AEMETIC

En concordancia co anteriormente exposto en relación cos datos relativos de cada subsector, a meirande parte deste da facturación procede dos servizos TIC, responsable dun 70 % da facturación total do sector en 2018. Ademais, é o subsector que reflicte un maior crecemento, cunha mellora do 32 % nos últimos cinco anos fronte ao 21 % do software e o 10 % do hardware. En conxunto, o sector rexistra un crecemento superior ao 26 %, a un ritmo medio anual do 6 %.

Gráfico 7.9. Crecemento dos subsectores industriais nas TIC. España (2014-2018)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do informe “Las tecnologías de la información en España, 2018”, AEMETIC

Alén do dito, cómpre distinguir as empresas propias do sector TIC, que se encargan do desenvolvemento, produción, comercialización e uso intensivo das TIC, das empresas innovadoras, polo uso das TIC. Tamén interesa destacar as empresas con actividades innovadoras, ora porque o seu obxecto social é o I+D ou introducen novos sistemas no seu proceso de selección ou de organización das súas condicións de traballo (horario flexible, traballo online, multidisciplinariade dos equipos, flexibilidade operativa), ora por desenvolver fenómenos disruptivos. Estes consisten en facilitar o acceso a un produto ou servizo concreto aos clientes que antes non o utilizaban por carecer de poder adquisitivo suficiente, o que se coñece como “tecnoloxías de baixas prestacións” (*lower-end*); ou en procurar o acceso a tal produto ou servizo polo emprego das novas tecnoloxías cuxa inexistencia anterior impedía contar con clientes (por exemplo, da telefonía móbil á fixa) ou ofrecer un produto ou un servizo de outra forma, eficiente ou máis atractiva que a utilizada polos produtos ou servizos preexistentes, ao que se denomina “tecnoloxías de novo mercado”.

A distribución do gasto de I+D por comunidades autónomas revela un escenario descompensado no conxunto do Estado, con tres comunidades (Madrid, Cataluña e País Vasco) que concentran o 70 % do gasto total en I+D en 2018. Galicia dedicou case 527.000 euros a I+D en 2018, case un 1 % do seu PIB neste ano. Esta dotación coloca a comunidade galega no sexto lugar entre as comunidades españolas, cunha aportación do 3,8 % ao gasto total en I+D.


Gráfico 7.10. Gasto total en I+D por CCAA. España (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

A concentración antes referida se observa tamén no que atinxe as empresas innovadoras, aínda que con menor intensidade e cunha variación nas comunidades autónomas que lideran o ranking. Así, Cataluña, Madrid e Valencia (substituíndo ao País Vasco) concentran o 50 % das empresas. Galicia, con 853 empresas, ocupa igualmente o sexto lugar. A participación das empresas galegas no total de empresas con actividades de I+D, un 5,2 %, é inferior á participación do total de empresas de Galicia no conxunto de empresas de España, próxima ao 6 %.


Gráfico 7.11. Empresas con actividades innovadoras en I+D por CCAA. España (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

No que se refire ás empresas netamente innovadoras, a comunidade galega, con pouco menos que 2.000, mantén esa sexta posición. O INE proporciona unha estimación da participación destas empresas no total de cada comunidade autónoma e no conxunto de empresas en España. Atendendo a dita estimación, a participación das empresas innovadoras no tecido empresarial galego é do 26,3 %, lixeiramente inferior a media estatal (28,2 %).

Gráfico 7.12. Empresas innovadoras por CCAA. España (2017)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

De igual forma, Galicia se mantén entre o sexto e sétimo lugar no que se refire ás empresas que teñen innovacións tecnolóxicas e non tecnolóxicas. Como se pode constatar na táboa, a porcentaxe de empresas con innovacións de tipo non tecnolóxico é moi superior ás do primeiro tipo.

Táboa 7.23. Empresas con innovacións tecnolóxicas e non tecnolóxicas nas CC.AA.

	Empresas con innovacións tecnolóxicas		Empresas con innovacións non tecnolóxicas	
	Total	%	Total	%
Total Nacional	19.411	13,29	34.190	23,41
Andalucía	2.099	9,62	4.628	21,21
Aragón	660	15,07	1.024	23,37
Asturias	319	12,79	431	17,24
Baleares	256	5,71	775	17,31
Canarias	641	9,94	1.293	20,05
Cantabria	157	9,99	242	15,33
Castela e León	619	10,36	1.267	21,21
Castela A Mancha	593	11,64	881	17,30
Cataluña	4.092	14,31	7.609	26,61
Valencia	2.305	14,90	4.058	26,23
Extremadura	301	12,01	467	18,65
Galicia	903	12,07	1.644	21,98
Madrid	3.601	14,28	6.291	24,95
Murcia	606	11,87	1.041	20,39
Navarra	380	16,01	470	19,83
País Vasco	1.634	20,07	1.792	22,02
A Ríoxa	224	17,95	238	19,03

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE

7.5.2 As mulleres no sector TIC

Nesta sección faremos un resumo do informe “As mulleres no sector TIC. Edición 2018” da Xunta de Galicia xa que é o estudo que recolle os datos máis actualizados sobre a presenza das galegas no Hipersector TIC en xeral e nos sectores TIC e contidos, a partir da “Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas” e outras fontes estatísticas.

O Hipersector TIC³⁵ pode definirse como “o conxunto de actividades de investigación, desenvolvemento, fabricación, integración, instalación, comercialización e mantemento de compoñentes, subconxuntos, produtos e sistemas físicos e lóxicos, fundamentados na tecnoloxía electrónica así como a explotación de servizos baseados nas devanditas tecnoloxías, a produción e difusión de contidos soportados electronicamente e as aplicacións da internet” que xurde a partir do chamado fenómeno da converxencia tecnolóxica entre os sectores tradicionalmente diferenciados e o concepto da Sociedade da Información.

Táboa 7.24. Afiliacións á Seguridade Social nos sectores TIC. 2017-2018 .

		Homes		Mulleres	
		2017	2018	2017	2018
Sector TIC	Número	11.458	12.429	5.408	5.734
	%	67,9	68,4	32,1	31,6
	Fenda de xénero			35,9	36,9
	Variación 18-17	971		326	
Sector Contidos	Número	2.978	2.988	2.129	2.157
	%	58,3	58,1	41,7	41,9
	Fenda de xénero			16,6	16,2
	Variación 18-17	10		28	
Hipersector TIC	Número	14.436	15.417	7.537	7.891
	%	65,7	66,1	34,3	33,9
	Fenda de xénero			31,4	32,3
	Variación 18-17	981		354	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do OSIMGA³⁶, datos do IGE procedentes das afiliacións e contas de cotización da Seguridade Social

No ano 2018 no Hipersector TIC empregaba a 21.973 persoas das que o 33,9 % son mulleres e o 66,1 % homes polo que a fenda de xénero ascende a 32,2 puntos incrementándose lixeiramente (0,9 puntos) sobre o ano 2017, xa que no 2018 hai un maior aumento do emprego masculino (981, 6,8 %) que o feminino (354, 4,7 %).

Se analizamos os datos relativos ao sector TIC a presenza da muller é menor. No ano 2018 dos 18.163 empregos do sector, 5.734 son de mulleres, representando o 31,6 % do total, polo que a fenda de xénero se eleva a 36,9 puntos. O aumento de emprego masculino con relación ao ano 2018 foi de 971 fronte aos 326 femininos (8,5 e 6 %), polo que a fenda aumenta en un punto.

³⁵ <http://mcaugt.org/documentos/0/doc2362.pdf>

³⁶ OSIGMA. Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia.

Táboa 7.25. Distribución do emprego TIC por sectores 2018 .

2018	Número		Porcentaxe		Fenda de xénero
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	
Manufacturas TIC	545	179	75,3	24,7	50,6
Telecomunicacións	2.167	1.359	61,5	38,5	22,9
Actividades informáticas	7.423	3.287	69,3	30,7	38,6
Comerciais TIC	950	369	72,0	28,0	44,0
Outros servizos TIC	1.345	539	71,4	28,6	42,8
Total sector TIC	12.430	5.733	68,4	31,6	36,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do OSIMGA, datos do IGE procedentes das afiliacións e contas de cotización da Seguridade Social

No sector de contidos as diferencias recórtanse. No ano 2018 dos 5.145 empregos, 2.157 son ocupados por mulleres, representando o 41,9 % do total polo que a fenda neste sector baixa a 16,2 puntos. O incremento do emprego foi menor que no das TIC, pero foi maior no caso das mulleres (1,3 % fronte ao 0,3 %) co que a fenda redúcese en medio punto.

O sector onde se concentra a maior parte do emprego das TIC é o de actividades informáticas (59 %), 10.710 empregos que ocupan a 7.423 homes e a 3.287 mulleres. Neste sector a fenda de xénero acada 38,6 puntos ao representar o emprego feminino o 30,7 % da poboación empregada.

7.6 Prestacións de servizos en novas tecnoloxías

No informe da Comisión Europea “*Platform Workers in Europe. Evidence from the COLLEEM Survey*” (2018)³⁷, afirmase que os tipos de prestacións de servizos ao carón das novas tecnoloxías son ambiguas porque as súas condicións de execución non encaixan directamente na normativa existente en cada Estado membro da UE, cualificándoas tamén coma opacas agás para os clientes demandantes dun resultado, obra ou servizo. É certo que este informe se centra na modalidade máis coñecida de prestacións de servizos atípicas -plataformas dixitais colaborativas- pero pode trasladarse en moitas das súas aseveración a outras formas de traballo atípico.

Neste sentido, se emprega a expresión “*traballo atípico*” para abranguer a tódalas prestacións de servizos efectuadas dentro dunhas condicións de tempo e/ou de lugar diferentes das habituais e sempre co uso das novas tecnoloxías, preferentemente do internet con banda ancha, aínda que tamén doutos dispositivos como os teléfonos móbiles conectados a unha plataforma que emite as ordes dos servizos. A maioría dos prestadores destes servizos non se recoñecen dentro das categorías de traballadores asalariados, máis ben están incluídos dentro do que no ordenamento xurídico español denominase autónomos economicamente dependentes ou,

³⁷ Elaborado por Pesole, A., Urzì Brancati, M.C., Fernández-Macías, E., Biagi, F. e González Vázquez, I. Vid. en: https://publications.jrc.ec.europa.eu/repository/bitstream/JRC112157/jrc112157_pubsy_platform_workers_in_europe_science_for_policy.pdf

simplemente, aquelas persoas cuxa actividade permanece escondida no ámbito da economía non oficial ou “somerxida”.

Exemplo deles é la “*gig-economy*” ou “*gig-working*”, unha forma de traballo na que a persoa que presta os servizos efectúa traballos temporais sen sucesión de continuidade, fornecidos por unha plataforma ou auto-procurados, tendo liberdade para organizar a súa axenda; ou realiza traballos simultáneos para diferentes clientes igualmente fornecidos por plataformas ou obtidos directamente. Tanto no caso de actuar sobre unha plataforma, coma no caso de non facelo, a transparencia e seguridade xurídica obriga a introducir un mecanismo de verificación e confirmación das competencias e cualidades do prestador de servizos polo seus clientes. Neste caso, para proceder a dita verificación se aplica a tecnoloxía *blockchain*.

Outro exemplo son os “*smarts contracts*”, é dicir, un código informático intelixente, tamén apiado na tecnoloxía, polo que unha persoa se compromete a efectuar unha prestación de servizos, de modo que a parte contratante, probablemente de orixe descoñecido, é segura e executa ás súas obrigas de forma automática grazas de novo a tecnoloxía *blockchain*: se presta un servizo pero se descoñece a quen, aínda que se presume a fiabilidade desta persoa.

Finalmente está o teletraballo, a modalidade que conta con maior transparencia de todas, porque a súa peculiaridade é o instrumento a través do cal se produce a prestación de servizos: exclusivamente o ordenador. O teletraballo pode ser propio dun traballador por conta allea (moitas empresas e Administracións teñen un réxime de teletraballo, total ou parcial) ou por conta propia, mediante plataformas colaborativas ou directamente; pode tamén ser o instrumento de desenvolvemento dun “*smart contrat*” ou o seu propio obxecto contractual, o mesmo que nos “*gig-working*”.

Estas modalidades de prestacións de servizos ou de traballo atípico producen como efecto indesexable a segmentación do mercado de traballo, no sentido de que as persoas que prestan os servizos afrontan unhas condicións de traballo inferiores, una unha maior inestabilidade e, en caso de desemprego, teñen unha inferior protección social en comparación cos traballadores que efectúan o mesmo traballo mediante as formas tradicionais de prestacións de servizos. Aínda máis, e como destaca o informe de la OIT “*El empleo atípico en el mundo. Retos y perspectivas*” (2016)³⁸, xeran unha “segunda” segmentación entre o emprego temporal atípico e o emprego indefinido típico, co que se incrementa a volatilidade do primeiro.

Pois ben, Eslovaquia é un dos escasos países que publica estatísticas sobre “os falsos traballadores por conta propia”, moitos dos cales serían en España traballadores autónomos economicamente dependentes. A principios de 2015, uns 86.500 traballadores eslovacos, o 3,6 % da man de obra total, respondían a dita modalidade. Tamén nalgúns Estados de EE.UU., grazas as auditorías laborais, detectouse que na década do 2000 no sector da construción se clasificaran erroneamente como traballadores por conta propia entre un 8 e un 13% do total³⁹.

Os únicos datos que se refiren ao noso país, sen referencia explícita á comunidade autónoma de Galicia, proceden do citado informe da Comisión Europea “*Platform Workers in Europe*”.

³⁸ https://www.ilo.org/wcmsp5/groups/public/---dgreports/---dcomm/---publ/documents/publication/wcms_534518.pdf

³⁹ Datos procedentes do informe de la OIT “*El empleo atípico en el mundo. Retos y perspectivas*” (2016)

Evidence from the COLLEEM Survey" (2018). O informe parte dunha enquisa deseñada para intentar proporcionar datos sobre as persoas que traballan a través de diferentes plataformas, incluíndo unha medida directa sobre a dita prestación de servizos. Para elo, pregunta as persoas participantes se obtiveron ingresos procedentes de fontes diferentes a través de plataformas on-line, incluíndo dúas categorías vinculadas con servizos laborais:

- Servizos prestados a través de plataformas on line, onde cliente e prestador de servizos coinciden dixitalmente, o pago se realiza vía dixital, e o traballo é independente da localización.
- Servizos prestados a través de plataformas on line, onde cliente e prestador de servizos coinciden dixitalmente, o pago se realiza vía dixital, e o traballo está vinculado á localización.

Os principais resultados deste informe son os seguintes:

- Un 10 % das persoas usaron algunha vez plataformas para a prestación de servizos laborais. Porén, o uso frecuente é menor (8 %).
- Menos dun 6 % obtiveron a través destes medios unha cantidade significativa de ingresos (25 % do total).
- As persoas traballadoras de plataformas non chegan ao 2 % da totalidade de participantes. Defínense como tales as que obteñen un 50 % o máis dos seus ingresos a través de plataformas, ou ocupan traballando nelas máis de 20 horas semanais.
- España figura entre os países con maiores traballadores de plataforma, xunto co Reino Unido, Alemaña, Holanda, Portugal e Italia.

Táboa 7.26. Estimación persoas traballadoras de plataforma na UE (2017)

	Uso de Internet (%)			Uso de Plataformas	
	Diario	Semanal	Menor	%	% Axustado
Reino Unido	93	5	2	12,9	12
España	87	10	3	15,1	11,6
Alemaña	87	10	3	12	10,4
Holanda	92	6	1	10,6	9,7
Portugal	94	4	2	15,6	10,6
Italia	96	1	2	13,3	8,9
Lituania	91	7	2	12,9	9,1
Romanía	92	7	1	14,4	8,1
Francia	85	11	4	8,6	7
Croacia	92	7	1	11,6	8,1
Suecia	92	6	2	7,9	7,2
Hungría	91	8	1	8,5	6,7
Eslovaquia	87	11	2	8,7	6,9
Finlandia	91	6	3	6,6	6
TOTAL	90	8	3	11,9	9,7

Fonte: Adaptado da Enquisa COLLEEM (UE)

No primeiro grupo da táboa, se indican as porcentaxes de persoas adultas que contan con internet nos seus fogares ou a través dos móbiles e o tipo de uso que fan, empregando datos obtidos polos elaboradores do informe (datos COLEEM). Alí, España ocupa o penúltimo posto, só por diante de Francia, nunha clasificación que encabeza Italia (96 %). O segundo grupo recolle a porcentaxe estimada de persoas traballadoras que prestan servizos en plataformas colaborativas. Nesta clasificación, España ocupa o segundo posto (15,1%), resultado da enquisa aos usuarios diarios con internet no fogar ou nos móbiles, e Portugal o primeiro (11,6 % en porcentaxe axustada tendo en conta a participación relativa na mostra), por detrás do Reino Unido, nunha clasificación que deixa en último lugar a Finlandia cun 6 %). Esta porcentaxe queda claramente sobre a media europea en presenza deste tipo de servizos a través de plataformas colaborativas, inferior ao 10 %.

O mesmo informe alerta sobre as condicións de prestación dos servizos dende un aspecto laboral. O 68 % das persoas traballadoras de plataforma din ser empregados, e un 7,6 % autónomos. O volume de traballadores que se inclúen no primeiro caso pode estar relacionado co feito de que teñan un traballo regular, como empregados por conta allea ou independentes, e polo tanto estean amparados pola lexislación laboral. Tamén pode significar que non teñen seguridade na súa relación laboral, e por iso se cualifiquen como empregados polo feito de prestar un servizo con regularidade. Isto reflicte, en certo modo, a situación de incerteza que rodea este sector: o seu status laboral non é claro nin para eles mesmos.

Tendo en conta este resultado do informe, o volume de persoas nesta situación en España (15 %) pode ser xulgado negativamente, e iso é o que procede dende o punto de vista da segmentación no mercado laboral producida polas formas de traballo atípico, é difícil non afrontar a realidade: a existencia de tal traballo e a súa permanencia é inherente ao avance das novas tecnoloxías. Cómpre a promulgación dunha norma que regule os dereitos dos prestadores de servizos en igualdade cos das prestacións de traballo típicas.

Nese marco, Galicia podería reverter este risco en vantaxe, utilizando os traballos efectuados con novas tecnoloxías ou derivados delas como unha forma de cohesión social e territorial, especialmente para evitar a despoboación da parte central oriental y suroriental e fornecer traballo na da Costa da morte. Para iso, ten que reducir a diferenza co resto do Estado no emprego das novas tecnoloxía (entre 5 e 10 puntos porcentuais). En particular, no uso diario de internet nos fogares cuns ingresos netos mensuais por debaixo dos 900 euros. É necesario, entón, promover a educación en novas tecnoloxías de toda a poboación e, en particular, das mulleres cuxa formación inferior lévaas ao uso do móbil en detrimento do internet como ferramenta de traballo, así como estender a implantación da banda ancha nas áreas territoriais xa sinaladas.

Para o emprego no ámbito das TIC se necesita mellorar a formación da cidadanía. A percepción que ela ten da súa propia e persoal formación, segunda a *Encuesta de percepción Social de la Ciencia y Tecnología 2018*⁴⁰, apunta a un “déficit” máis acusado nas mulleres que aumenta

⁴⁰ Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT), Observatorio Español de I+D+i (ICONO), Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades
https://icono.fecyt.es/sites/default/files/filepublicaciones/18/epscyt2018_informe_0.pdf

consonte o fai a súa idade, aínda que a situación é moito mellor nelas entre 15 e 24 anos que nos homes maiores de 55 anos. Tomando homes e mulleres no seu conxunto, a percepción do “déficit” descende entre as mulleres, as persoas de 15 a 24 anos, de 35 a 44 anos e entre 55 e 64 anos, aos que se engaden os que teñen un nivel formativo de estudos primarios incompleto ou menor.

Unha nova positiva é que a *"Encuesta de percepción Social de la Ciencia y Tecnología 2018"* subliña que o interese das mulleres na tecnoloxía creceu 4 puntos dende o ano 2014 -era do 9,9%- , mais esa subida debe tomarse cautamente pois unicamente é 2 décimas dende 2017, situándose no 2018 en 13,9%. Este dato pode suxerir un estancamento. Porén, no caso masculino a porcentaxe toca o 18,9 %, cun incremento de 4 décimas os dous últimos anos. A maior abastanza, unicamente o 12 % das mulleres elixen carreiras vinculadas ás novas tecnoloxías, en concreto a taxa de gradación en ciencias, informática, enxeñaría, industria e construción no 2016 era do 30,1 % dos homes fronte ao 13,0 % das mulleres. Estas porcentaxes son aínda máis notables sobre a base dun contexto de titulación universitaria onde as mulleres acadan o 60 % dos títulos de grao e o 50 % dos de doutoramento.

7.7 Conclusións do capítulo 7

1. O emprego das novas tecnoloxías (internet, telefonía móbil e compra electrónica) é menor en Galicia que no conxunto do Estado, cunha diferenza entre 2,5 e case 12 puntos porcentuais. Tanto en contexto estatal como galego, as mulleres gardan unha estreita diferenza ao seu favor fronte aos homes no acceso as TIC, excepto no acceso o recurso da compra ou comercio electrónico onde eles se sitúan por enriba. No caso galego, as mulleres usuarias de internet a diario son, tamén, menores que os homes, mentres que no uso de internet nos últimos tres meses, as galegas superan en máis de 2 puntos aos homes. Esta diferenza, ademais, é a maior entre sexos con relación ao Estado e as outras comunidades autónomas.
2. O uso de internet diario é menor en Galicia que no conxunto do Estado. As maiores diferenzas atópanse no caso das persoas pensionistas, sobre todo nas mulleres, xa que na media do Estado o 50 % deste segmento de poboación é usuario de internet a diario mentres que no caso galego esta porcentaxe non chega ao 33 %. A fenda entre os homes galegos e a media española tamén é considerable, pero lixeiramente inferior á que se produce no caso das galegas (13 puntos fronte a case 18). Salvo no caso das persoas que traballan por conta propia, as mulleres galegas fan un maior uso de internet que os homes. Esta característica é compartida con Cataluña, aínda que o uso en Cataluña é sensiblemente superior que no caso galego.
3. Galicia sitúase por debaixo da media estatal no uso de internet diario, sendo máis elevada a diferenza nos fogares con menos de 900 euros netos/mes, que chega ata 11 puntos por debaixo da media estatal. No caso da telefonía móbil, a diferenza entre a porcentaxe de uso

en Galicia e a Estatal redúcese ata os -3,8 puntos. Neste caso, a maior diferenza a atopamos no caso das persoas con rendas comprendidas entre os 1.601 e os 2.500 euros/mes, sendo o diferencial coa media española de 4,2 puntos.

As mulleres superan aos homes no acceso a internet diario, no caso estatal, cunhas diferenzas de 7,5 puntos fronte aos varóns nos fogares entre 901 e 1.600 euros netos/mes. No caso galego, as mulleres avantaxan aos homes nos tramos de renda máis baixos, pero os homes fan máis uso destas tecnoloxías nos tramos altos.

No caso da telefonía móbil, no caso estatal, as mulleres só superan aos homes nos tramos inferiores de renda. En Galicia, só no tramo de renda comprendido entre os 901 e os 1.600 euros/mes as mulleres presentan unha maior porcentaxe do móbil (96,5 % fronte ao 9,8 %). Na comparativa con España só atopamos unha porcentaxe lixeiramente maior no caso dos galegos de rendas máis elevadas (0,1 puntos).

4. As importantes diferenzas atopadas do colectivo de persoas usuarias do internet diario con idades comprendidas entre os 65 e os 74 anos coinciden co resultado acadado na análise do uso do internet diario segundo a situación laboral das persoas usuarias, correspondendo as mulleres e homes pensionistas as porcentaxes máis baixas, que foron 32,5 e 32,4, respectivamente. En Galicia, a maior porcentaxe de uso o atopamos nas mulleres con idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos mentres que, no conxunto do Estado, a maior porcentaxe de uso diario de internet se presenta nos homes do mesmo tramo de idade.
5. En Galicia as mulleres son máis usuarias en proporción, que os homes, da telefonía móbil cando carecen de estudos o contan con estudos de primaria incompletos. En calquera caso, neste tramo de educación preséntanse as maiores diferenzas coa media española, diferenzas que van diminuindo a medida que aumenta o nivel educativo. No uso de internet a diario, a maior diferenza entre galegas e o conxunto de españolas prodúcese nos tramos intermedios de estudos, nos que, ademais, as galegas fan un menor uso que os homes galegos.
6. No uso diario de internet (5 días por semana, como mínimo) e nas compras electrónicas apréciase a maior diferenza entre o Estado e Galicia (77,6 % e 67,1 % respectivamente). Ademais, en Galicia as mulleres (66,4 %) o empregan 1,4 puntos menos que os homes (67,8 %), a inversa que no Estado, onde as mulleres (78,2 %) obteñen 1,2 puntos máis que os homes (77 %). Posibles causas son a extensión da banda ancha a todo o territorio autonómico; a maior dispersión da poboación en núcleos rurais; e o acceso da muller a postos de traballo máis tradicionais.

Este dato é de particular interese porque o uso diario de internet pode ser de utilidade para a poboación traballadora, asalariada o autónoma, activa o parada, ben como ferramenta de traballo, ben con outros fins máis lúdicos, pero tres cuestións requiren atención:

- a) Está condicionado polos ingresos netos dos fogares: os menores ingresos (900 euros o menos por mes) xeran unha caída de 28,2 puntos con relación aos maiores ingresos (2.500 euros ou máis por mes).

- b) As mulleres activas paradas usan internet habitualmente nun 76,4 %, 7,1 puntos máis que os homes. Destas mulleres, un 43,7 % fan compra electrónica (fronte a un 38 % para o caso dos homes parados), unha fenda notablemente superior á do conxunto do Estado (dous puntos porcentuais). Isto podería suxerir a existencia dun niño de economía somerxida.
 - c) Se detecta unha posible fenda dixital en detrimento da muller na franxa de idade contemplada entre os 25 e 34 anos, pois os varón empregan habitualmente o internet nun 100 % e as mulleres nun 85,8 %, case 15 puntos, que non se repiten noutras franxas, como por exemplo, as rapazas entre 16 e 24 anos usan habitualmente internet (95,7 % e 93,3 % para mulleres e homes, respectivamente); as mulleres entre 55 e 64 (51,7 % e 53,1 %) e entre 65 e 74 anos (24,8 % e 22,6 %).
7. En principio, Galicia se sitúa no punto medio entre as comunidades autónomas no que atinxe ao número de empresas innovadoras e empresas con actividades de innovación, pero descende no gasto de innovación das empresas I+D+i e gasto en innovación en empresas con actividades innovadoras, o que fai que non teña un bo retorno económico. A intensidade da inversión nos sectores das novas tecnoloxías e do I+D+i ou da súa aplicación a empresas preexistentes non so constitúe situarse en posición competitiva no mercado, senón que pode procurar un crecemento sostible e pode ser unha ferramenta para a cohesión socio-territorial, se os dispositivos necesarios teñen alcancen nas áreas máis illadas de Galicia.
8. A ausencia de datos sobre as formas atípicas de emprego non permite coñecer obxectivamente a situación deste en Galicia e no ámbito estatal. Sen embargo, as estatísticas dispoñibles referidas ao uso das novas tecnoloxías pola cidadanía e a súa implantación nos fogares apuntan a unha diferenza de entre 5 e 10 puntos porcentuais entre a comunidade galega e a media estatal. Esta modalidade de emprego pode ser unha oportunidade a aproveitar en Galicia, usada para fornecer a cohesión territorial e reverter as disfuncións da nosa situación demográfica. Para elo resultan imprescindibles actuacións inmediatas dende un punto de vista institucional e educativo. No primeiro caso, debe proporcionarse un marco legal axeitado que garanta as condicións de prestación dos servizos, e que debe comezar pola identificación e caracterización deste grupo das persoas susceptibles de traballar a través de plataformas. En segundo lugar, debe fornecerse a accesibilidade a banda ancha na totalidade do territorio galego. No grupo de accións formativas, é necesario promover a educación en novas tecnoloxías de toda a poboación e, en particular, das mulleres, que parecen ter preferencia polo uso do móbil en detrimento do internet como ferramenta de traballo.
9. España ocupa o segundo posto (15,1%) na porcentaxe de usuarios diarios de internet que prestan servizos no eido da economía dixital a través de plataformas colaborativas. Cómpre determinar os sectores de actividade onde prestan tales servizos, introducindo nas enquisas sobre modalidades contractuais as das prestacións de servizos atípicas, segregando os datos entre homes e mulleres, idade e formación, dentro do conxunto estatal e de cada unha das comunidades autónomas.

10. A evolución do emprego no sector TIC no conxunto do Estado e no período 2014-2018 é positiva, cun crecemento medio do 7 %. Para a correcta explotación deste niño de emprego, se necesita formación específica. A "*Encuesta de percepción Social de la Ciencia y Tecnología 2018*" subliña que o interese nas mulleres subiu en 4 puntos dende o ano 2014, pero unicamente o 12 % das mulleres elixen carreiras vinculadas ás novas tecnoloxías. Neste sentido, débese fomentar a igualdade de xénero na escolla dos coñecementos e das carreiras profesionais dende a infancia.

Capítulo 8 . AS MULLERES NA TOMA DE DECISIÓNS

Este informe sobre a situación da mulleres en Galicia se pecha cun capítulo, último pero non menos importante, sobre o papel que xogan as mulleres en diferentes eidos da vida social, económica e empresarial da comunidade galega. Como é ben sabido, nos últimos anos existe unha crecente presión en todos os ámbitos socioeconómicos e culturais, moi directamente vencellado ás demandas e expectativas da sociedade civil, en relación co recoñecemento do dereito a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Na liña destas expectativas, a Axenda 2030 da ONU, onde figuran os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), sitúa a Igualdade de Xénero e o Empoderamento Feminino como un obxectivo individual, que contribúa a frear a ralentización do progreso social. Porén, a propia introdución deste obxectivo significa que, pese aos continuos recoñecementos e recomendacións procedentes de diferentes niveis institucionais, a igualdade de oportunidades segue a ser unha tarefa pendente. Esta é a razón subxacente do paradoxo frecuentemente citado en relación co binomio igualdade legal/igualdade real: fronte as profusión de normas e regulamentos concatenados na última década, aínda queda recorrido pendente para acadar a igualdade real.


Como proba desta diferenza entre a expectativa e a realidade, neste apartado merece especial atención a relación de fontes empregadas na súa elaboración. Así, mentres a teoría indica a necesidade de elaborar estatísticas rigorosas con perspectiva de xénero, a realidade é que a dispoñibilidade de datos oficiais, a lo menos desagregados por comunidades autónomas, é limitada. Neste sentido, xunto coas fontes estatísticas habituais (INE, IGE), para elaborar este capítulo cóntase con información secundaria proporcionada por diferentes consultoras, que son as que habitualmente teñen acceso directo ás empresas e, en consecuencia, poden proporcionar información directa do estado de situación nelas. Nomeadamente, se trata a información do estudo *Women in Business 2019: hacia un avance real*, elaborado pola consultora Grant Thornton. Na procura de información máis próxima sobre a situación da comunidade galega, se usa tamén o informe *La presencia de la mujer en la empresa española*, da consultora Informa. Igualmente, se revisan as páxinas web de diversas institucións de ámbito estatal e autonómico, para a obtención de datos da composición dos distintos organismos analizados neste capítulo. Finalmente, se utilizan os datos do Informe Económico e de Competitividade do Consorcio da Zona Franca de Vigo (2019).

8.1 A muller nos poderes do Estado e na Autonomía. Poder executivo, lexislativo e xudicial

A aprobación en 2007 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, *para a igualdade efectiva de mulleres e homes* ou Lei de Igualdade (LOIMH), que establece entre outras cuestións a necesidade de avanzar na paridade nos órganos de administración do Estado, reflicte o inicio dunha senda de avance no número de mulleres que ocupan postos de Ministras no Goberno de España. Porén, esta senda se interrompe en 2011, e ata 2015 a porcentaxe de ministras non acada o 30 %. A partir de 2016 a participación da muller na primeira liña de goberno volve a

aumentar, para acadar en 2018 o máximo da serie -un 61,1 %-, sendo a primeira vez que as mulleres son maioría no Goberno. Non obstante, cabe sinalar que o número de Ministerios se incrementa nun 29 % sobre os existentes o ano anterior.

Gráfico 8.1. Mulleres en posto de Goberno. España/Galicia (2006-2018)




Fonte: Elaboración propia con datos do Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (IMIO) a partir dos datos publicados na web do Goberno de España e datos do IGE

A Comunidade Galega, pola súa banda, presenta unha participación das mulleres nos primeiros niveis de decisión do goberno autonómico sempre superior ao 36 %. O valor máximo se acada en 2014, co 62,5 % de mulleres ao fronte das Consellerías. A partir dese momento, diminúe lixeiramente, ata o 45,5 % actual. Cabe sinalar que a porcentaxe feminina no goberno galego supera a estatal en toda a serie a partir de 2010, salvo na última lexislatura da nación. Ademais, en Galicia non se detectan os cambios no número de consellerías comentados no marco do Goberno de España. A representación das mulleres no goberno galego cobra maior visibilidade na consideración dos datos medios do conxunto de comunidades autónomas. Como se pode comprobar, a feminización do goberno galego supera a media dos gobernos autonómicos na meirande parte dos anos incluídos na análise.

No que se refire á composición dos diferentes parlamentos autonómicos, o da comunidade galega ven de avanzar notablemente nos últimos anos, ata acadar na última lexislatura o valor medio de feminización do resto de parlamentos das diferentes comunidades autónomas.


Gráfico 8.2. Mulleres nos Parlamentos. España/Galicia (2006-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (IMIO) a partir dos datos publicados na web do Goberno de España e datos do IGE

A composición dos diferentes parlamentos autonómicos reflicte o avance das mulleres na participación no poder político nos últimos anos

Gráfico 8.3. Mulleres nos Parlamentos Autonómicos (2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (IMIO)

A LOIMH insiste na necesidade de fomentar o principio de presenza equilibrada, segundo o cal a presenza de persoas de cada sexo non debe superar o 60 % nin ser inferior ao 40 %. Tomando estas cifras como referencia, todos os parlamentos autonómicos salvo o da Rexión de Murcia e Cantabria teñen unha participación feminina igual o superior ao 40 % en 2018. Este dato cobra especial importancia tendo presente que a media de representación das mulleres nos parlamentos dos países incluídos na UE-28 era neste mesmo ano do 30 %.

A táboa seguinte permite ampliar esta información, proporcionando os valores medios estatais e na comunidade autónoma en función de diferentes niveis de poder institucional. Como se pode constatar, o único nivel de decisión no que Galicia está en 2018 por debaixo da media estatal é no número de alcaldesas, superando esta media en canto ao número de concelleiros na Administración Local, e presidentas de Deputación Provincial. Neste sentido, cabe sinalar que dende 2007 a porcentaxe de alcaldesas na comunidade galega ten mellorado en catro puntos porcentuais.

Táboa 8.1. Participación das mulleres en institucións executiva e lexislativas. Galicia-España (2007- 2018)

	ESPAÑA									
	Deputados/as do parlamento autonómico		Conselleiros/as do goberno autonómico		Alcaldes/as		Concelleiros/as da administración local		Presidentes/as das deputacións provinciais	
	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres
2007	1.260	41,11	208	39,93	8.075	14,6	66.115	30,5	37	2,7
2008	1.260	41,67	228	39,91	8.075	14,6	66.115	30,5	37	10,81
2009	1.260	41,67	218	41,74	8.075	14,6	66.115	30,5	37	10,81
2010	1.260	42,22	..	..	8.075	14,6	66.115	30,5	37	10,81
2011	1.268	43,14	167	34,13	8.078	16,77	59.136	34,95	37	10,81
2012	1.268	43,38	..	..	..	..	..	..	37	16,22
2013	..	..	161	34,16	8.115	17,17	59.993	35,17	37	18,92
2014	..	..	..	..	8.110	17,42	59.996	35,24	38	13,16
2015	1.249	44,52	170	44,12	8.124	19,09	67.460	35,57	38	15,79
2016	1.249	45,08	177	42,94	..	..	..	..	38	15,79
2017	1.248	45,43	..	..	..	..	..	..	38	15,79
2018	..	..	183	43,17	..	..	..	..	..	..

	GALICIA									
	Deputados/as do parlamento autonómico		Conselleiros/as do goberno autonómico		Alcaldes/as		Concelleiros/as da administración local		Presidentes/as das deputacións provinciais	
	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres	Total	Porcentaxe de mulleres
2007	75	33,33	14	42,86	314	7,96	3.343	31,83	4	0
2008	75	33,33	14	42,86	314	7,96	3.343	31,83	4	0
2009	75	40	11	36,36	314	7,96	3.343	31,83	4	0
2010	75	40	11	36,36	314	7,96	3.343	31,83	4	0
2011	75	40	10	40	315	7,62	3.410	36,54	4	0
2012	75	40	..	..	..	..	..	..	4	0
2013	..	..	8	50	315	9,52	3.472	37,21	4	0
2014	75	37,33	8	62,5	314	9,87	3.468	37,75	4	0
2015	75	40	8	50	314	11,78	3.759	36,69	4	25
2016	75	45,33	10	40	..	..	..	..	4	25
2017	75	45,33	10	40	..	..	..	..	4	25
2018	..	..	11	45,5	..	..	..	..	4	25

Fonte: Elaboración propia con datos do Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (IMIO) a partir dos datos publicados na web do Goberno de España e datos do IGE

No que se refire a presenza da muller na Xustiza, se procede á análise de diferentes institucións xudiciais de carácter estatal con datos actualizados a setembro de 2019. A información resultante se reflicte na táboa seguinte.

Da análise os datos, cabe realizar as seguintes apreciacións:

- A situación máis equilibrada se atopa na Audiencia Nacional (42,6 % de mulleres), mentres que no Tribunal Supremo a muller non acada unha nin o 18 % de representación.
- O avance das mulleres nestas institucións de xustiza se debe máis a presenza de maxistradas que ás mulleres en postos de vicepresidencia ou presidencia de Sala. Só 24 dos 127 postos nestas categorías (19 %) son ocupados por mulleres. Pola contra, a porcentaxe de maxistradas duplica esta cifra (38 %).
- Unha análise máis individualizada revela que as salas con maior presenza de mulleres son as do Social, o que podería suxerir a existencia de certo estereotipo de xénero.

Táboa 8.2. Participación das mulleres en institucións xudiciais. España (2019)

TRIBUNAL SUPREMO	Homes	Mulleres	% Mulleres
Vicepresidencia	1	0	0,0
Presidencias de Sala	5	0	0,0
Sala Civil	7	1	12,5
Sala Penal	12	3	20,0
Sala Contencio-Administrativo	31	4	11,4
Sala Social	4	5	55,6
Sala Militar	6	1	14,3
TOTAL	66	14	17,5
AUDIENCIA NACIONAL	Homes	Mulleres	% Mulleres
Presidencia	1	0	0,0
Presidencia Sala do Penal	0	1	100,0
Presidencia Sala do Contenc-Admin	1	0	0,0
Presidencia Sala do Social	1	0	0,0
Resto de Maxistrados/as	36	28	43,8
TOTAL	39	29	42,6
TRIBUNAIS SUPERIORES DE XUSTIZA	Homes	Mulleres	% Mulleres
Presidencias	15	1	6,3
Presidencias Salas Civil e Penal	15	1	6,3
Presidencias Salas Contenc. Admin.	15	5	25,0
Presidencias Salas Social	10	8	44,4
Resto de Maxistrados/as	282	167	37,2
TOTAL	337	182	35,1
AUDIENCIAS PROVINCIAIS	Homes	Mulleres	% Mulleres
Presidencias	39	8	17,0
Resto de Maxistrados/as	550	360	39,6
TOTAL	589	368	38,5

Fonte: Consejo General del Poder Judicial

No que se refire ao órgano principal de goberno dos xuíces, o Consejo General del Poder Judicial, a participación total das mulleres en 2017 acada o 44 %, sendo lixeiramente máis elevada nas comisións (45 %) que no consello reitor.


Táboa 8.3. Participación das mulleres no Consello Xeral do Poder Xudicial. España (2019)

CONSEJO GENERAL DEL PODER JUDICIAL			
CONSELLO REITOR	Homes	Mulleres	% Mulleres
Presidencia	1	0	0,0
20 vocais	11	9	45,0
TOTAL	12	9	42,9
COMISIONS	Homes	Mulleres	% Mulleres
Permanente	4	3	42,9
Disciplinaria	3	4	57,1
Asuntos Económicos	3	0	0,0
Igualdad	1	2	66,7
TOTAL	11	9	45,0

Fonte: Informe de impacto de xénero aos Orzamentos do CGPJ para 2017

Con todo, a representación das mulleres nas institucións xudiciais non é representativa da súa presenza na carreira xudicial. Neste contexto, as mulleres xuíces maxistradas son maioría na práctica totalidade das comunidades autónomas. Galicia se atopa entre as tres comunidades con maior presenza feminina na xudicatura en 2019, tan só unha décima por debaixo da segunda (Madrid).


Gráfico 8.4. Mulleres na xudicatura. CCAA (2019)



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

Ademais, cabe sinalar que a comunidade galega foi quen de mellorar trece puntos porcentuais este indicador dende 2006. Este dato supón un avance na muller na xudicatura notablemente superior á media de incremento estatal.

Gráfico 8.5. Variación da participación das mulleres na xudicatura. Galicia/España (2006-2019)



Fonte: Consejo General del Poder Judicial

A táboa seguinte recolle as porcentaxes de participación da muller en diferentes organismos estatais. Se inclúe, para aqueles casos nos que é posible facer a comparación, os datos para os organismos autonómicos equivalentes.

Táboa 8.4. Participación das mulleres en diversas institucións. España (2009-2018)

	2009	2010	2011	2012	2013	2015	2016	2017	2018	GALICIA
Consejo de Estado	19,23	17,86	19,23	23,33	21,90	23,33	24,14	20,69	34,48	0,00
Consejo General del Poder Judicial	33,33	35,00	33,33	35,00	33,30	42,86	42,86	42,86	42,86	
Tribunal de Cuentas	7,14	7,14	7,14	6,67	41,70	41,67	38,46	38,46	41,67	60,00
Defensor/a del Pueblo	0,00	0,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	0,00	100,00
Junta Electoral Central	7,69	15,38	8,33	14,29	14,30	14,29	15,38	20,00	35,71	10,00
Consejo Económico y Social	17,24	22,95	21,31	25,00	19,70	22,95	22,95	22,95	25,00	42,00
Consello da Cultura de Galicia										36,00

Fonte: Elaboración propia con datos do Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (IMIO) a partir dos datos publicados na web do Goberno de España e datos obtidos da web dos distintos organismos

Os datos reflectidos nesta táboa deben ser analizados con precaución, por canto os organismos non son directamente comparables e, ademais, algúns deles teñen parte dos membros incluídos en razón do seu cargo. A análise pormenorizada dalgunha institución revela datos de certo interese. Así, as presidencias recaen en homes, salvo no caso do Consello da Cultura de Galicia. Ademais, os datos medios de feminización (que é o que se reflicte nesta táboa) poden ocultar algún elemento que suxire certa reflexión.

Por exemplo, na análise da composición do CES en Galicia, a presenza de mulleres (42 %) é moi superior ao CES de España. Sen embargo, a diferenciación entre membros titulares e suplentes revela que a presenza das mulleres é moito máis elevada nas suplencias (59,4 %, fronte ao 29,3 % nas titularidades). Particularmente ilustrativo é o caso de representantes da Confederación Empresarial de Galicia (CEG): dos 24 nomeados, 10 son mulleres (42 %). Porén, a muller non chega ao 10 % de representación entre os membros titulares, aportando o 75 % das suplencias. Con todo, o dato máis notable é a aportación das tres Universidades galegas: seis membros (tres titulares, tres suplentes), ningunha muller. Como é obvio, esta representación non se axusta en absoluto á representación das mulleres na Universidade.

Feita esta prevención, a situación en Galicia só é menos favorable na participación feminina na Xunta Electoral Central da comunidade. Este caso tamén resulta paradigmático, por canto entre os membros deste organismo hai catro maxistrados pero só unha muller, o cal non resposta á demografía da xudicatura previamente comentada.

8.2 As mulleres na Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Segundo os datos recollidos no Ministerio de Hacienda y Función Pública (base de datos do Rexistro de Persoal), a muller é maioría no persoal ao servizo das distintas Administracións. A maior representación se atopa no persoal ao servizo da Comunidade Autónoma, onde acada case o 71 % dos postos. A continuación, aparecen as mulleres na Administración de Xustiza (64 %) e nas Axencias Estatais (55 %). Pola contra, están claramente infrarepresentadas no persoal de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e nas Forzas Armadas, onde oito de cada dez persoas traballadoras son homes.

Táboa 8.5. Participación das mulleres na Administración. Galicia (2008-2018)

GALICIA	2008/Xullo			2018/Xullo		
	Homes	Mulleres	% Mulleres	Homes	Mulleres	% Mulleres
Total	68.446	82.916	55	62.359	85.424	57,8
Administración pública estatal	21.507	8.169	28	19.272	7.991	29,3
Administración xeral do estado	..	..		4.941	5.404	52,2
Ministerios OO.AA e Áreas vinculadas	..	..		4.769	5.195	52,1
Axencias Estatais (Lei 28/2006)	..	..		172	209	54,9
Institucións Sanitarias S.S/Defensa	..	..		0	0	
Outros Administración pública estatal	..	..		14.331	2.587	15,3
Forzas e Corpos Seguridade Estado	..	..		6.922	782	10,2
Forzas Armadas	..	..		5.950	982	14,2
Administración de Xustiza	..	..		312	551	63,8
Entes Públicos	..	..		1.147	272	19,2
Comunidades autónomas	28.725	59.312	67	25.167	61.013	70,8
Administración local	15.905	13.951	47	13.914	12.813	47,9
Universidades	2.309	1.484	39	4.006	3.607	47,4

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Hacienda y Función Pública. Registro central de personal

Como se pode constatar na táboa anterior, ademais, nas categorías susceptibles de análise a muller acada unha participación crecente dende o ano 2008.

A táboa seguinte permite ampliar a información, actualizando os datos a 2019 e ofrecendo a análise segregada por sexo. Como se constata na táboa, en todas as provincias galegas as mulleres son maioría nos postos de traballo das diferentes administracións. Con índices de feminización similares, próximos ao 58 %, a maior presenza se detecta na provincia lucense (59,5 %), e a menor na pontevedresa (57,8 %).


Táboa 8.6. Participación das mulleres na Administración. Galicia (2019)

	Total			Administración pública estatal			Comunidades autónomas			Administración local			Universidades		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Galicia	146.953	61.366	85.587	26.889	18.963	7.926	85.612	24.681	60.931	26.870	13.751	13.119	7.582	3.971	3.611
A Coruña	64.086	26.836	37.250	12.464	8.862	3.602	36.891	10.598	26.293	9.964	4.871	5.093	4.767	2.505	2.262
Lugo	19.741	7.994	11.747	2.763	1.990	773	12.093	3.586	8.507	4.276	2.094	2.182	609	324	285
Ourense	18.456	7.686	10.770	2.583	1.703	880	10.859	3.424	7.435	4.585	2.336	2.249	429	223	206
Pontevedra	44.670	18.850	25.820	9.079	6.408	2.671	25.769	7.073	18.696	8.045	4.450	3.595	1.777	919	858

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Hacienda y Función Pública. Registro central de personal publicados polo IGE

Os perfís de feminización das distintas administracións son similares nas catro provincias galegas. En todas elas, a menor participación relativa na Administración Xeral do Estado se compensa coa elevada feminización do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma. As porcentaxes de empregadas na Administración Local e Universidades, pola súa banda, presentan máis equilibrio.

Gráfico 8.6. Índice de feminización das Administracións por provincia. Galicia (2019)



Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Hacienda y Función Pública. Registro central de personal publicados polo IGE

8.3 As mulleres no sector empresarial

Para comezar este apartado adicado ao papel das mulleres na empresa galega, parece oportuno realizar unha pequena análise da demografía empresarial da comunidade autónoma. Neste sentido, segundo os datos contidos no Directorio Central de Empresas (DIRCE), en xaneiro de 2018 estaban inscritas en Galicia 200.792 empresas. Destas organizacións, unha clara maioría non tiña ningún asalariado (54 % do total) ou tiña menos de dez persoas contratadas (42 %). En consecuencia, menos do 4 % das empresas rexistradas tiñan dez ou máis persoas contratadas, o que caracteriza o tecido empresarial galego como conformado principalmente por PEMES ou micro PEMES. Cabe destacar, ademais, que das empresas que teñen persoal asalariado, un 64,1 % (isto é, o 29 % do total de empresas rexistradas) teñen contratadas unicamente unha ou dúas persoas, o que profunda nesta caracterización do pequeno tamaño das unidades empresariais galegas.

Táboa 8.7. Empresas segundo estrato de persoas asalariadas. Galicia (2018)

ASALARIADOS	TOTAL
Sen Asalariados	108.380
1 a 9	84.789
10 a 19	4.139
20 a 49	2.331
50 a 99	651
100 a 199	296
200 a 499	143
500 a 999	36
Máis de 1000	27
Máis de 5000	9

Fonte: Elaboración propia con datos do Directorio Central de Empresas (DIRCE) publicados polo INE

A explotación de datos procedentes do Boletín do Rexistro Mercantil (BORME) permite completar a información anterior, reflectindo a tipoloxía de empresas que se está a constituír. Neste sentido, as sociedades limitadas teñen unha ampla maioría: máis do 97 % das sociedades inscritas nos últimos anos o fan baixo a dita forma societaria.

Táboa 8.8. Empresas segundo figura societaria. Galicia (2012-2018)

	Total Sociedades	Sociedades Anónimas (SA)	Sociedades Limitadas	Outras sociedades
2012	4.228	21	4.024	183
2013	4.285	17	4.111	157
2014	4.246	13	4.134	99
2015	3.944	14	3.921	9
2016	4.571	13	4.402	156
2017	4.156	15	4.100	41
2018	4.062	13	4.014	35

Fonte: Elaboración propia con datos do Boletín do Rexistro Mercantil (BORME) publicados polo IGE

A mesma fonte de datos proporciona unha información especialmente ilustrativa baixo unha perspectiva de xénero, diferenciando o sexo dos socios fundadores. Estes datos suxiren unha iniciativa emprendedora claramente masculinizada: das 28.340 sociedades constituídas dende 2012, máis do 68 % están fundadas exclusivamente por homes. Se se engade as sociedades que contan con maioría de homes entre os seus fundadores, atopamos que o 70 % das sociedades inscritas nos últimos sete anos están fundadas basicamente por homes. Destaca, ademais, que ningunha das sociedades anónimas inscritas dende 2013 contan con maioría de mulleres fundadoras.


Táboa 8.9. Sociedades mercantís segundo forma societaria e sexo das persoas fundadoras. Galicia (2012-2018)

		Total Sociedades	Sociedades Anónimas (SA)	Sociedades Limitadas	Outras sociedades
Exclusivamente homes	2012	63,6	42,9	64,4	50,3
	2013	64,9	64,7	65,3	55,4
	2014	66,4	46,2	66,7	56,6
	2015	66,1	64,3	66,2	44,4
	2016	65,6	38,5	66,3	48,7
	2017	66,2	53,3	66,7	24,4
	2018	66,1	53,8	66,3	48,6
Exclusivamente mulleres	2012	21,8	0	21,9	20,2
	2013	21,5	5,9	21,7	17,8
	2014	20,9	15,4	20,9	19,2
	2015	20,2	14,3	20,2	11,1
	2016	18,9	15,4	18,8	21,2
	2017	19,1	0	19,1	24,4
	2018	19,8	7,7	19,8	22,9
Maioría homes	2012	1,6	14,3	1,3	6,6
	2013	1,6	5,9	1,4	6,4
	2014	1,1	15,4	1	5,1
	2015	1,6	7,1	1,6	0
	2016	1,6	0	1,5	5,8
	2017	1,4	0	1,4	4,9
	2018	1,1	0	1	8,6
Maioría mulleres	2012	0,4	4,8	0,3	3,3
	2013	0,6	0,0	0,5	3,2
	2014	0,5	0	0,4	5,1
	2015	0,4	0	0,3	22,2
	2016	0,7	0	0,5	3,8
	2017	0,4	0	0,4	0
	2018	0,5	0	0,5	5,7
Composición equilibrada	2012	8,4	4,8	8,2	14,2
	2013	8	11,8	7,8	14
	2014	7,6	0	7,5	11,1
	2015	7,7	0,0	7,7	22,2
	2016	10,2	0	9,9	19,9
	2017	8,6	6,7	8,3	36,6
	2018	7,3	0	7,3	14,3

Fonte: Elaboración propia con datos do Boletín do Rexistro Mercantil (BORME) publicados polo IGE

Esta tendencia se mantén estable no tempo, e ademais cabe sinalar que se observa un lixeiro decrecemento das sociedades que se fundan con presenza equilibrada de homes e mulleres entre os seus fundadores, cunha caída de un punto porcentual dende 2012.

Gráfico 8.7. Total sociedades mercantís inscritas segundo sexo das persoas fundadoras. Galicia (2012-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do Boletín do Rexistro Mercantil (BORME) publicados polo IGE

A análise en función do sector de actividade destas empresas non permite detectar diferencias significativas entre eles.

Táboa 8.10. Distribución das persoas fundadoras segundo sexo e sector de actividade. Galicia (2012-2018)

	Agricultura		Industria e enerxía		Construción		Comercio e reparación		Hostalería	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2012	76,1	23,9	75,3	24,7	79,6	20,4	72,9	27,1	72,5	27,5
2013	78,5	21,5	75	25	78,3	21,7	72,8	27,2	70,3	29,7
2014	79,5	20,5	75,4	24,6	81,2	18,8	73,4	26,6	72,5	27,5
2015	82,0	18	71,0	29	85,3	14,7	73,2	26,8	69,8	30,2
2016	76	24	79,4	20,6	87,3	12,7	72,9	27,1	69,8	30,2
2017	80	20,0	74,9	25,1	87,9	12,1	74,2	25,8	71,1	28,9
2018	81,5	18,5	79,2	20,8	83,9	16,1	72,6	27,4	69,2	30,8

	Transporte e comunicacións		Banca e seguros		Actividade inmobiliaria		Servizos a empresas e outras actividades de servizos	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
2012	80,1	19,9	65,2	34,8	68,3	31,7	66,4	33,6
2013	80,6	19,4	74,4	25,6	67,5	32,5	67,5	32,5
2014	81,3	18,7	75	25	69,3	30,7	65,7	34,3
2015	81,3	18,7	71,7	28,3	74,2	25,8	68,3	31,7
2016	83,3	16,7	74,4	25,6	74,9	25,1	62,9	37,1
2017	81,7	18,3	78,9	21,1	74,9	25,1	67,1	32,9
2018	80,1	19,9	78,2	21,8	75,8	24,2	68,6	31,4

Fonte: Elaboración propia con datos do Boletín do Rexistro Mercantil (BORME) publicados polo IGE

O sector servizos é o que acapara unha maior porcentaxe entre as persoas fundadoras das empresas, tanto no que se refire a Hostalería como nos servizos a empresas e outras actividades

deste sector. Se destaca, ademais, que co paso do tempo as mulleres van perdendo representatividade entre os socios fundadores en todos os sectores, agás nas empresas de Hostalería e en comercio, onde se detecta un leve aumento.

8.4 As mulleres en postos de dirección

A continuación, se analiza o posto que teñen as mulleres nas empresas de Galicia. A táboa seguinte reflicte as porcentaxes de mulleres en postos de dirección, xerencia de empresas e outros niveis técnicos. Como se pode comprobar, a presenza de mulleres en postos de dirección e xerencia na comunidade galega é inferior ao 32 %, porcentaxe lixeiramente superior en segunda liña directiva (35 %). Pola contra, as mulleres teñen presenza maioritaria entre o persoal técnico, intelectual e científico nos sectores de saúde e ensino.

Táboa 8.11. Porcentaxe de mulleres ocupadas na dirección, xerencia de empresas e en actividades profesionais segundo o sexo. Galicia (2012-2018)

	A1	A2	B	C	D
2010	27,1	24,3	65,8	44,2	42,9
2011	31,1	25,7	67,3	44,9	38,0
2012	26,8	25,0	67,1	46,0	38,0
2013	29,8	29,9	66,2	45,4	37,2
2014	32,8	33,9	69,0	41,6	37,2
2015	31,6	33,0	68,1	43,9	34,0
2016	27,7	31,9	69,3	46,7	35,2
2017	30,2	35,1	69,3	44,9	37,3
2018	31,3	34,7	68,6	44,2	39,1

A1 Dirección e xerencia

A2 Dirección de departamentos administrativos e de produción de operacións

B Persoal técnico e profesionais científicos e intelectuais da saúde e do ensino


C Outro persoal técnico e profesionais científicos e intelectuais

D Persoal técnico; profesionais de apoio

Fonte: elaboración propia con datos da Enquisa de poboación activa (INE) publicados polo IGE.

A comparación cos datos a nivel estatal precisan unha transformación previa, posto que a base de datos do INE presenta un nivel de desagregación da ocupación diferente. Por elo, se unifican as categorías A1 e A2 da clasificación do IGE, recollendo un único nivel de dirección. Igualmente, se prescinde da desagregación sectorial do persoal técnico e profesional que realiza o IGE, unindo os grupos B e C nunha única categoría. Feitas a ditas transformacións, pódese constatar que a participación das mulleres galegas en postos directivos está na media estatal, ocupando en torno ao 31 %. O dato máis recente, de 2018, sitúa a comunidade galega lixeiramente por encima desta media (32,41 % fronte a 32,13 %). No que se refire as mulleres ocupadas en postos técnicos e profesionais, Galicia está lixeiramente por encima da media estatal, superando esta en tres puntos porcentuais (en media) dende 2012. Estas tendencias, tal e como se pode comprobar no gráfico, permanecen nun marco de estabilidade.


Gráfico 8.8. Mulleres en postos de dirección, técnicas e profesionais (%). Galicia-España (2012-2018)



Fonte: elaboración propia con datos da Enquisa de poboación activa (INE).

Para poder valorar estes datos, resulta de interese a análise do informe *Women in Business 2019: hacia un avance real*⁴¹, elaborado pola consultora Grant Thornton. Neste documento se reflicte que a porcentaxe de empresas con mulleres en postos directivos en España ven aumentando progresivamente dende o ano 2015, cun notable incremento de 18 puntos porcentuais no quinquenio. Pola súa banda, segundo os mesmos datos, a porcentaxe de mulleres en postos de dirección ascende en media estatal ao 30 %. Na comparativa cos datos galegos antes reflectidos, a comunidade galega ten unha porcentaxe superior a esta media (32,41 %).

Gráfico 8.9. % de Mulleres en postos de dirección e % de empresas con algunha muller directiva. España (2015-2019)




Fonte: elaboración propia con datos da do Informe *Women in Business 2019* (Grant Thornton).

⁴¹ <https://www.grantthornton.es/perspectivas/women-in-business-2019/>

O ámbito mundial da empresa permite situar os datos estatais e autonómicos en comparación coas grandes áreas xeográficas incluídas no estudo. Como se comproba no gráfico seguinte, tanto a media estatal coma a autonómica de porcentaxe de participación das mulleres na dirección superan a media das áreas diferenciadas no informe, incluída a UE-28.


Gráfico 8.10. % de Mulleres en postos de dirección e % de empresas con algunha muller directiva.
Comparativa mundial



Fonte: elaboración propia con datos da do Informe Women in Business 2019 (Grant Thornton).

A este respecto, cabe sinalar que o informe tamén individualiza resultados para un grupo de seis comunidades autónomas. Nesta clasificación, Galicia é a comunidade que ten máis empresas con algunha muller en niveis directivos.

Gráfico 8.11. % de Mulleres en postos de dirección e % de empresas con algunha muller directiva.
Comparativa autonómica




Fonte: elaboración propia con datos da do Informe Women in Business 2019 (Grant Thornton).

A porcentaxe de empresas galegas nesta situación acada o 92 %, cinco puntos sobre a media estatal (87 %). Igualmente, é a segunda (despois de Madrid) no que se refire a porcentaxe de mulleres en postos de dirección. Porén, cabe sinalar que se utilizamos o dato extraído das fontes do INE anteriormente referido (32,4 %), a comunidade galega lideraría tamén esta clasificación.

8.5 As mulleres nos Consellos de Administración

Neste epígrafe ponse o foco no papel que representan as mulleres nos consellos de Administración das sociedades. Unha primeira aproximación neste sentido pódese facer a partir da análise das empresas incluídas no IBEX35. Neste contexto, debe facerse a prevención de que só cinco empresas galegas (Inditex, Grupo San José, Pescanova, Adolfo Domínguez e Pharmamar) inclúense neste grupo. Ademais das obrigas derivadas da LOIMH, estas empresa están comprometidas co cumprimento do Código de Buen Gobierno das sociedades cotizadas⁴², que recomenda introducir obxectivos específicos para mellorar a presenza das mulleres nos órganos de xestión das sociedades (px. 26). En concreto, recomenda a implantación dunha política de selección de conselleiros que favoreza a diversidade -e, nomeadamente, a de xénero-, para que en 2020 a porcentaxe de participación das mulleres nestes órganos sexa como mínimo do 30 %.

Gráfico 8.12. Mulleres en Consellos de Administración de Sociedades Cotizadas. España (2005-2018)



Fonte: elaboración propia con datos dos Informes de Gobierno Corporativo das sociedades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados regulados, facilitados pola CNMV.


A información a este respecto facilitada polo Instituto de la Mujer y la Igualdad de Oportunidades (IMIO) do Goberno de España, pola súa banda, presenta pequenas diferencias en relación coa información anterior, probablemente debidas a extracción doutra fonte de datos (Instituto

42

http://www.mitramiss.gob.es/ficheros/rse/documentos/cnmv/Codigo_Buen_Gobierno_Sociedad_es_Cotizadas.pdf

Europeo para la Igualdad de género (EIGE), neste caso). Segundo esta segunda aproximación, entre as mulleres presentes nos Consellos de Administración das Sociedades Cotizadas, a porcentaxe de presidentas non acada o 10 %.

Gráfico 8.13. Mulleres en Consellos de Administración de Sociedades Cotizadas. España (2012-2018)



Fonte: Elaboración propia con datos do Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades (IMIO) a partir dos datos publicados polo Instituto Europeo para la Igualdad de Género (EIGE)

Outra aproximación á participación das mulleres nos órganos de xestión das sociedades pódese obter da revisión dos Consellos de Administración das sociedades que cotizan no Mercado Alternativo Bursátil⁴³ (MAB). A revisión destes informes, neste caso, se limita ás cinco sociedades galegas que cotizan no MAB: Altia, Greenalia, Euroespes, Commcenter, e Netex, e a información dispoñible se limita aos datos das memorias de 2017. Segundo estes datos, a presenza de mulleres nos Consellos de Administración é dun 22,7 %, inferior á media do IBEX. Cabe destacar que dúas destas empresas non teñen mulleres no máximo órgano de representación das sociedades. Igualmente, as empresas reflicten a existencia de catro mulleres en postos de alta dirección, unha porcentaxe inferior ao 14 %.

8.6 A percepción da empresa galega sobre a igualdade de oportunidades

Na consecución dunha plena incorporación da muller na empresa, e o deseño e implantación dunha carreira profesional en igualdade de oportunidades cos varóns, resulta determinante o compromiso da empresa e, nomeadamente, do seu persoal directivo. Entre estes compromisos, resulta de particular interese a análise do grao de cumprimento das obrigas da empresa en materia de igualdade de oportunidades, segundo o disposto na LOIMH. Para intentar estimar este grao de cumprimento de obrigas, neste apartado se resumen os principais datos obtidos do

⁴³ <https://www.bolsasymercados.es/mab/esp/Home.aspx>

informe *La presencia de la mujer en la empresa española*⁴⁴, elaborado pola consultora Informa. Este informe, de marzo de 2019, diferencia tres grupos de empresas na súa análise da participación feminina nos consellos de administración:

- Empresas de máis de 250 persoas traballadoras, que están obrigadas a elaborar un Plan de Igualdade de Oportunidades (art. 45 LOIMH). Cómpre recordar que o *Real Decreto Ley 6/209 de 1 de marzo de medidas urgentes para garantía de la igualdad de trato y oportunidades entre mujeres y hombres en el empleo y la ocupación* estende esta obriga a empresas con máis de 50 persoas traballadoras (cunha moratoria de tres anos).
- Empresas que non presentan contas abreviadas, que deben ter unha presenza equilibrada entre homes e mulleres nos seus Consellos de Administración (art. 75 LOIMH). Cabe sinalar que o prazo establecido no texto normativo para o cumprimento desta obriga (oito anos) rematou en 2015.
- Resto de empresas.

Para o caso galego, analízanse case 51.000 empresas. Delas, se identifican 127 suxeitas as obrigas do art. 45 (elaboración do plan de igualdade de oportunidades nas empresas) e 876 no ámbito de aplicación do art. 75 (obriga de ter unha presenza equilibrada no Consello de Administración), por canto se supón que deben ser as máis concienciadas coa consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Para ambos grupos de empresas, se identifica a porcentaxe que ten unha presenza feminina con Consello de Administración superior ao 40 % .

Con todas as precaucións derivadas do feito de estar traballando cunha mostra de empresas, os resultados do informe proporcionan un marco de comparación que permite individualizar a situación da comunidade galega no marco de cumprimento do conxunto das autonomías. Nesta clasificación, Galicia ocupa un lugar relevante en canto a súa porcentaxe de empresas con máis dun 40 % de mulleres no Consello de Administración nos tres grupos de empresas consideradas. No que se refire ao grupo de empresas obrigadas a ter un Plan de Igualdade, o 13,39 % das empresas incluídas supera esta porcentaxe de representación feminina no CA (quinta autonomía con maior participación). No grupo de empresas que non presentan contas abreviadas, o 14,5 % cumpre con dita representación (tamén quinto posto no ranking de autonomías). En canto o resto de empresas galegas incluídas no estudo, o 27,53 % das empresas supera a dita porcentaxe de participación, sendo a segunda autonomía (por detrás de Asturias) con maior participación feminina nos Consellos.

44

https://cdn.informa.es/sites/5c1a2fd74c7cb3612da076ea/content_entry5c5021510fa1c000c25b51f0/5c92140fabf38c00b68c1b50/files/mujeres2019_V3.pdf?1553154969


Táboa 8.12. % de empresas que contan con máis dun 40 % de mulleres no seu Consello de Administración. CCAA (2018)

	ART 45	ART 75	RS
Andalucía	11,89	13,08	23,88
Aragón	8	9,25	24,56
Asturias	16,28	13,14	28,22
Baleares	19,2	16,73	25,4
Canarias	12,38	15,51	26,92
Cantabria	3,7	14,9	27,25
Castela e León	5,8	12,07	25,31
Castela-A Mancha	9,76	13,2	22,98
Cataluña	13,55	12,3	26,08
Valencia	7,46	13,3	24,27
Extremadura	22,73	20	20,08
Galicia	13,39	14,5	27,53
Madrid	12	13,59	26,75
Murcia	10,45	11,3	21,9
Navarra	9,52	10,55	25,41
País Vasco	8,78	10,17	24,86
ESPAÑA	11,73	12,89	25,35

Fonte: elaboración propia con datos do Informe La presencia de la mujer en la empresa española 2019 (Informa).

Polo tanto, a Comunidade Galega queda por encima da media española en canto ao número de mulleres presentes nos Consellos de Administración das empresas. Porén, estes datos nin poden nin deben inducir á compracencia, tendo presente que o 100 % das empresas incluídas no grupo suxeito ao art. 75 tiñan que ter acadada esa porcentaxe de participación hai catro anos.


Gráfico 8.14. % de empresas que contan con máis dun 40 % de mulleres no seu Consello de Administración. Galicia-España (2018)



Fonte: elaboración propia con datos do Informe La presencia de la mujer en la empresa española 2019 (Informa).

O informe da consultora inclúe unha análise de empresariado autónomo. Segundo estes datos, Galicia é a segunda autonomía en porcentaxe de mulleres autónomas, 3 puntos porcentuais sobre a media estatal.

Gráfico 8.15. % de mulleres entre traballadores autónomos. CCAA (2018)



Fonte: elaboración propia con datos do Informe La presencia de la mujer en la empresa española 2019 (Informa).

Como complemento a este apartado, cómpre facer referencia aos resultados do Índice de Igualdade na empresa incluído no Informe Económico e de Competitividade do Consorcio da Zona Franca de Vigo (2019) (capítulo 7). Este índice, elaborado por un grupo de investigadoras da Universidade de Vigo, posibilita a medición e clasificación da igualdade laboral a nivel microeconómico, nas empresas polo tanto, nunha clasificación de entre 0 e 1000 puntos. A información utilizada para a determinación da puntuación provén dun cuestionario especificamente deseñado para profundar nos aspectos da igualdade, clasificando as cuestións en torno a tres categorías: funcións, retribucións e actuacións (formación, promoción, contratación, avaliación do desempeño, etc.).

O resultado obtido polas empresas participantes (426 puntos) indica un nivel medio en sensibilización e compromiso en materia de igualdade. Por sectores, Turismo, viaxe e ocio; produtos químicos e derivados; automoción e equipo e artigos de consumo quedan por encima desta media, mentres que o resto (rocas e minerais, construción, naval, saúde e asistencia sanitaria e téxtil) non acadan a puntuación media das empresas da mostra. As empresas con máis de 50 persoas traballadoras presentan mellores resultado que as de menor tamaño; e a análise da localización das empresas participantes amosa un mellor nivel de igualdade nas

domiciliadas en Lugo, seguidas das provincias atlánticas. Pola súa banda, as que obteñen menor puntuación son as empresas localizadas en Ourense.

Estes datos confirman o argumento anteriormente referido en relación coa posición relativa da empresa galega en materia de igualdade que, sendo bos, deixan ampla marxe de mellora.

8.7 As mulleres na Economía Social. O cooperativismo.

Para rematar con este apartado das mulleres no panorama socioeconómico, dedicamos un apartado ao papel que as mulleres xogan na Economía Social da comunidade autónoma de Galicia, e nomeadamente, no cooperativismo.

Nos últimos anos, e moi claramente a partir da grave crise económica da última década, os gobernos e institucións incrementan a súa preocupación pola identificación de modelos económicos sustentables e responsables. Neste contexto, resulta determinante a aprobación da Resolución sobre a Economía Social (ES) aprobada polo Parlamento Europeo o 19 de febreiro de 2009 (DOUE 25.03.2010), que insta aos Estados membro a recoñecer a ES como unha realidade diferencial de empresa centrada nestas persoas.

O ámbito da Economía Social (ES) ven delimitado por un conxunto de organizacións privadas, creadas para fins sociais, que operan tanto no sector mercado como no de non-mercado. No seu funcionamento existen unha serie de principios e valores subxacentes a súa cultura organizativa, como a priorización das persoas sobre os resultados financeiros, a gobernanza democrática e participativa, a solidariedade, a sustentabilidade ou o compromiso medioambiental. A adscrición a estas sociedades é libre, e o excedente que se poida xerar non pode ser apropiado polos axentes que as crean, controlan ou financian. Polo tanto, estamos ante un conxunto de empresas e entidades que se caracterizan por unha vía diferencial de actividade económica, guiada por obxectivos e principios diferentes aos das empresas guiadas exclusivamente pola maximización de beneficios.


A ES ten visto recoñecido o seu valor vehicular para o fomento do tecido empresarial en zonas rurais, fomentando o desenvolvemento e a cohesión nos territorios. Ademais, tense destacado a súa vinculación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) comprometidos na Axenda 2030 da ONU. Polo xeral, enténdese que a ES desenvolve un papel fundamental na xeración de riqueza e emprego de calidade no territorio no que se asenta, favorecendo a xeración de beneficios de natureza económica e social.

A comunidade galega ten unha ampla tradición en materia de apoio e desenvolvemento a ES, moi especialmente no ámbito do cooperativismo. O sector da ES galega, analizado dende a perspectiva das catro familias con maior actividade na comunidade autónoma -cooperativas, sociedades, empresas de inserción e centros especiais de emprego- achega preto do 4,67 % do PIB de Galicia en 2018, e emprega a máis do 1,32 % da poboación ocupada neste ano. Os membros das entidades cooperativas, traballadores ou non, son socios e, polo tanto, as mulleres

cooperativistas merecen un espazo diferenciado neste traballo en tanto que socias de entidades empresariais e emprendedoras *per se*, máxime cando se trata dunha realidade transcendente para a actividade económica galega.

Neste contexto, o número de entidades cooperativas ven aumentando de forma constante na última década, salvo un lixeiro retroceso no bienio 2016-2017. En concreto, as inscricións de novas cooperativas en 2019 triplican as existentes ao principio da década, dato particularmente interesante ademais tendo en conta que os datos neste ano unicamente comprenden ata o mes de agosto. A análise da localización das cooperativas galegas revela que están presentes en 240 dos concellos galegos (un 77 % do total de municipios en Galicia). Na comunidade galega hai sete grandes cidades de máis de 50.000 habitantes, en cuxa área de influencia sitúanse 391 das 1.104 cooperativas activas en 2019. Deste dato infírese o potencial de redistribución da actividade económica desta fórmula societaria, co 65 % das actividades localizadas en espazos rurais.

Gráfico 8.16. Inscricións de novas cooperativas en Galicia (2011-2019*)



Fonte: elaboración propia con datos do Inventario de Cooperativas Galegas.

(*) Datos ata agosto de 2019.

Unha análise máis pormenorizada destas sociedades, baseado na súa tipoloxía, permite constatar que 354 destas cooperativas (77 %) son as que teñen un maior potencial para a xeración de emprego directo, cooperativas de traballo asociado.

Táboa 8.13. Evolución das sociedades cooperativas en Galicia por tipo (2011-2018)

Clase de cooperativa	NÚMERO DE COOPERATIVAS									
	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	Total
Cooperativa agraria	7	5	7	5	4	5	4	2	6	45
Cooperativa de 2º grao			1			1				2
Cooperativa de consumidores e usuarios			5	2	1		1			9
Cooperativa de crédito										0
Cooperativa de ensino			1					1		2
Cooperativa de explotación comunitaria da terra		1	1	1	1	2			2	8
Cooperativa de servizos	2				1					3
Cooperativa de servizos sociais		1		1						2
Cooperativa de traballo asociado	14	33	32	43	46	37	31	61	57	354
Cooperativa de transportistas		1	1		2	1	1	2	1	9
Cooperativa de vivenda	3	1		1	3	2	2	5	8	25
Cooperativa do mar			1						1	2

Fonte: elaboración propia con datos do Inventario de Cooperativas Galegas.

Estas entidades xeraron case 7.500 empregos entre socios e persoas traballadores por conta allea. Como é obvio, estas cifras son moi dependentes do tipo concreto de sociedade cooperativa. Así, por exemplo, a aparición de cooperativas de consumidores e usuarios achega un número importante de socios. Non entanto, as cooperativas agrarias e as de traballo asociado achegan o 52,25 % dos empregos directos xerados polas sociedades cooperativas no que levamos de década, participación que ascende ata o 80 % se se exclúen as cooperativas de consumidores e usuarios.

Táboa 8.14. Empregos directos en sociedades cooperativas en Galicia (2011-2018*)

Clase de cooperativa	2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018		Total	
	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS
Cooperativa agraria	1.139	25	178	5	105	1	134	6	24		135	1	34	1	10		1.759	39
Cooperativa de 2º grao					6						3	246					9	246
Cooperativa de consumidores e usuarios					2.178	42	321	2	11				24				2.534	44
Cooperativa de crédito																	0	0
Cooperativa de ensino					4	4									3		7	4
Cooperativa de explotación comunitaria da terra			72		10		12		4		9	7					107	7
Cooperativa de servizos	106								4								110	0
Cooperativa de servizos sociais			5				2										7	0
Cooperativa de traballo asociado	53	43	273	451	116	69	164	81	213	68	210	40	121	21	170	6	1.320	779
Cooperativa de transportistas			5	1	13	3			46	1	4				7		75	5
Cooperativa de vivenda	100		15				100		87		18		15		54		389	0
Cooperativa do mar					17												17	0
TOTAL	1.398	68	548	457	2.449	119	733	89	389	69	379	294	194	22	244	6	6.334	1.124

S: socios; AS: traballadores asalariados. (*) Os datos correspondentes a 2019 non están dispoñibles.

Fonte: elaboración propia con datos do Inventario de Cooperativas Galegas.

As mulleres socias de cooperativas supoñen, en total, máis do 37 % e preto do 44 % das persoas traballadoras por conta allea nas sociedades cooperativas. Pondo o foco nas sociedades antes destacadas como potenciais xeradoras de emprego, superan amplamente a media tanto no caso das cooperativas agrarias como nas de traballo asociado, nas que o número de socias supón o 42,9 % e 41,5 %, respectivamente.

Táboa 8.15. Participación das mulleres en sociedades cooperativas en Galicia (2011-2018*)

Clase de cooperativa	2011		2012		2013		2014		2015		2016		2017		2018		Total	
	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS	S	AS
Cooperativa agraria	54%	24%	33%		8%		25%	67%	46%		14%		24%		60%		43%	26%
Cooperativa de 2º grao	68%																68%	
Cooperativa de consumidores e usuarios					33%	67%	36%	50%	73%				58%				33%	66%
Cooperativa de crédito																		
Cooperativa de ensino					100%												57%	
Cooperativa de explotación comunitaria da terra			36%		50%				50%		33%						34%	57%
Cooperativa de servizos	36%								25%								35%	
Cooperativa de servizos sociais	100%																29%	
Cooperativa de traballo asociado	17%	33%	34%	31%	28%	32%	43%	47%	52%	60%	48%	43%	36%	29%	53%	33%	42%	36%
Cooperativa de transportistas				100%	8%	67%			9%	100%	0%						7%	80%
Cooperativa de vivenda	19%		53%				15%		46%		28%		53%		37%		30%	
Cooperativa do mar	29%																29%	
TOTAL	48%	29%	34%	31%	31%	44%	32%	53%	45%	61%	34%	63%	38%	27%	48%	33%	37%	44%


S: socios; AS: traballadores asalariados. (*) Os datos correspondentes a 2019 non están dispoñibles.

Fonte: elaboración propia con datos do Inventario de Cooperativas Galegas.

Como dato de particular interese, obsérvase que o número medio de socios fundadores das cooperativas reduciuse á metade no tres últimos anos. Así, se en 2016 era de 8 persoas, en 2019 é de pouco máis de 3. Este dato é particularmente rechamante, se se teñen en conta que do global do período a media de socios fundadores supera as 13 persoas. Se se considera que, desde 2017, autorizouse a creación de microcooperativas con 2 socios, haberá que esperar resultados para detectar se esta redución consolídase como tendencia. Igual forma, esta tendencia pode restar potencial de xeración de emprego directamente vinculado a sociedades cooperativas, á vez que facilitar a súa implantación. En consecuencia, en futuros exercicios haberá que analizar a evolución dos datos de emprego asociado a estas microcooperativas, particularmente o emprego por conta allea.

Os datos obtidos neste apartado proporcionan un escenario axeitado para establecer unha comparación da presenza de mulleres nas sociedades cooperativas e no resto de figuras societarias. Neste sentido, convén insistir en que as socias destas sociedades deben ser consideradas mulleres propietarias e, consecuentemente, en relación coa análise da súa presenza en comparación coas anteriormente reflectidas neste traballo que as inherentes a selección dunha modalidade de empresa determinada.


Gráfico 8.17. % Participación mulleres en empresa (2012-2018)



Fonte: elaboración propia (distintas fontes de datos)

Como se constata no gráfico, a porcentaxe de mulleres en sociedades cooperativas é moi superior á presenza de mulleres nos órganos de decisión das empresas do IBEX35. Máis clara resulta a fenda entre o emprendemento cooperativo feminino e a súa presenza en outros tipos de iniciativa empresarial, nomeadamente a ratio de creación de empresas galegas fundadas exclusivamente por mulleres ou de organizacións onde a maioría das persoas fundadoras son mulleres. Ademais, debe terse presente que os datos das cooperativas refírense, precisamente, a socias fundadoras.

Gráfico 8.18. % Participación mulleres en distintos tipos societarios. Galicia (2018)



Fonte: elaboración propia (distintas fontes de datos)

A análise comparativa con diferentes tipoloxías societarias amosa que esta maior presenza de mulleres nas sociedades cooperativas fronte a outros tipos societarios é extensible á práctica totalidade dos tipos de cooperativas, cunha lixeira diminución nas cooperativas do mar e de servizos sociais. Dous casos merecen un comentario aparte, por canto suxiren que o sector cooperativo non queda exento de certa segregación horizontal: a notable diminución de representación feminina nas cooperativas de transportistas (relacionado, probablemente, con certa masculinización do sector) e, no extremo oposto, a sobre representación das mulleres nas cooperativas de ensino (feminización).

Finalmente, cabe sinalar que se espera unha mellora dos indicadores anteriores para os próximos anos. Así a Xunta de Galicia (2019) na presentación da primeira Estratexia Galega de Economía Social sinalou que espera xerar 3.000 empregos e 300 novas entidades. Para iso buscarase unha maior cohesión territorial e social. O obxectivo final será incrementar nun 10% as entidades de ES, chegando ás 3.300 e aumentar nun 20% os empregos, ata chegar aos 17.500. Ademais, sinálase como reto potenciar a presenza feminina, de forma que a metade das persoas que promovan novas cooperativas e sociedades laborais sexan mulleres. Os datos reflectidos neste apartado suxiren que estes obxectivos poden favorecer especialmente a iniciativa emprendedora feminina, baixo formato de microemprendemento cooperativo.

8.8 Conclusións

1. As mulleres gañan progresivamente importancia no poder executivo galego. A súa participación acada un 45,5 % nos postos de primeira liña de goberno. Esta tendencia mantense nun marco de progresión estable dende 2010, data a partir da que porcentaxe feminina no goberno galego supera a estatal coa excepción da última lexislatura da nación. Igualmente, esta representación supera a media dos gobernos autonómicos na meirande parte dos anos incluídos na análise.
2. A presenza no poder lexislativo é igualmente crecente. O actual 45,30 % de parlamentarias iguala a media española, sendo en ambos casos moi superior a representación media das mulleres nos parlamentos dos países incluídos na UE-28 (30 %).
3. En canto ao poder xudicial, Galicia se atopa entre as tres comunidades con maior presenza feminina na xudicatura en 2019 (58 %), tan só unha décima por debaixo da segunda (Madrid) e catro puntos porcentuais sobre a media estatal (54 %). O avance feminino na xudicatura é notablemente superior á media estatal, acadando un incremento de trece puntos porcentuais dende 2006.
4. As mulleres galegas son maioría no persoal ao servizo das distintas Administracións presentes na comunidade autónoma. A maior representación se atopa no persoal ao servizo da Comunidade Autónoma (71 % dos postos), seguida da Administración de Xustiza (64 %)

- e as Axencias Estatais (55 %). Pola contra, no persoal de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e nas Forzas Armadas, onde oito de cada dez persoas traballadoras son homes.
5. A iniciativa emprendedora é claramente masculinizada: sete de cada dez sociedades inscritas nos últimos sete anos están fundadas basicamente por homes. Ningunha das sociedades anónimas inscritas dende 2013 contan con maioría de mulleres fundadoras.
 6. Pola contra, a participación das mulleres galegas en postos directivos supera lixeiramente en 2018 a media estatal (32,41 % fronte a 32,13 %). Igualmente, a comunidade galega supera en tres puntos porcentuais a media de mulleres ocupadas en postos técnicos e profesionais.
 7. Galicia é a comunidade que ten máis empresas con algunha muller en niveis directivos. é a segunda (despois de Madrid) no que se refire a porcentaxe de mulleres en postos de dirección. Na comparativa co resto de autonomías, ocupa un lugar relevante en canto a súa porcentaxe de empresas con máis dun 40 % de mulleres no Consello de Administración: o 13,39 % das empresas con máis de 250 persoas traballadoras, 14,5 % das que non presentan contas abreviadas, e o 27,53 % do resto de empresas supera a dita porcentaxe de participación, sendo a segunda autonomía (por detrás de Asturias) con maior participación feminina nos Consellos.
 8. Igualmente, é a segunda autonomía en porcentaxe de mulleres autónomas, 3 puntos porcentuais sobre a media estatal (35 %).
 9. As mulleres socias de cooperativas supoñen, en total, máis do 37 % e preto do 44 % das persoas traballadoras por conta allea nas sociedades cooperativas creadas dende 2011. En particular, destaca a porcentaxe de socias fundadoras de cooperativas agrarias (42 %) e de traballo asociado (43 %).

Capítulo 9 CONCLUSIÓN FINAIS E RECOMENDACIÓN

A revisión dos datos e resultados dos apartados anteriores permite sintetizar un conxunto de conclusións a modo de resumo xeral. Porén, proporcionar un catálogo de deficiencias ou disfuncións subliñando os aspectos máis negativos que penalizan as oportunidades das mulleres galegas suporía adoitar unha visión reduccionista e simplista do contido deste traballo, limitando a súa utilidade. En consecuencia, acompañamos esta síntese de certas recomendacións e suxestións de mellora co ánimo de fornecer estratexias coadxuvantes na mellora da situación descrita.

1. Tres características sobresaen na demografía galega: decrecemento, envellecemento progresivo e hiper urbanización.
 - A evolución recente da poboación inxire a nosa comunidade nunha senda de redución progresiva e constante. As estimacións a curto prazo non suxiren que a dita tendencia vaia reverter. Os datos de persoas inmigrantes non conseguen, polo de agora, contrarrestar esta tendencia.
 - A caída de poboación e o crecemento vexetativo negativo orixinan un envellecemento progresivo. A redución é particularmente importante no grupo de persoas menores de 35 anos, e o segmento de idade que máis aumenta é o de poboación maior de 64 anos. Este segmento, ademais, está particularmente feminizado: as mulleres galegas teñen unha maior taxa de envellecemento, sobreenvelleemento e dependencia senil.
 - A poboación galega se concentra nas provincias atlánticas, e moi concretamente nas áreas urbanas. Paralelamente se detecta unha importante dispersión, máis notable nas áreas próximas á costa que no interior. En consecuencia, coexisten zonas con elevada densidade e poboación dispersa, con zoas de poboación máis concentrada e menor número de núcleos de poboación. O fenómeno de transvase de poboación cara a núcleos urbanos o periurbanos afecta na actualidade a todos os núcleos rurais, que adoecen dun abandono progresivo manifestado en maiores taxas de emigración interna. Porén, estas áreas concentran preto do 37 % da poboación de maior idade, situación que cabe esperar empeore por canto só o 25 % da poboación entre 16 e 64 anos reside nestas zonas. Ademais, obsérvase unha maior redución da poboación feminina.

En consecuencia, parece urxente deseñar accións efectivas de intervención da demografía, para consolidar unha vía de sustentabilidade a medio prazo da comunidade galega. Entre as posibles actuacións, convén reforzar aquelas que deriven nunha mellora do atractivo da comunidade para posibles inmigrantes, posto que na actualidade a meirande parte dos fluxos migratorios son internos, no seo da propia comunidade autónoma, e dirixidos dende as zoas rurais as grandes cidades. Igualmente, a clara vinculación dos fluxos migratorios externos co ciclo económico suxire que a consolidación dun tecido empresarial competitivo pode coadxuvar nesta mellora da capacidade de atracción de potenciais habitantes.

Este contexto, ademais, pon de manifesto a necesidade de garantir a plena incorporación das mulleres á vida laboral, contrarrestando os posibles problemas que puideran aparecer como consecuencia da escaseza de poboación activa a medio prazo.

2. A comunidade galega ten un importante volume de poboación con idade superior aos 64 anos, e con tendencia a aumentar. Neste contexto, convén insistir en que o prolongamento da esperanza de vida ten que ser necesariamente entendido como un logro conxunto da sociedade, unha posición radicalmente distinta a tradicional connotación negativa do propio termo envellecemento. Galicia duplicou a súa esperanza media de vida no último século, o que sitúa a nosa comunidade coma un dos lugares máis saudables para vivir.

Para isto, considérase importante o progreso na abordaxe en positivo desta característica da poboación, centrada na adopción de medidas que favorezan o envellecemento activo e saudable.

3. Os movementos da poboación, e concretamente os fluxos interiores, asentan un modelo territorial asimétrico con elevada concentración de poboación nas provincias atlánticas, e máis concretamente en torno a grandes cidades. Ademais, se observa unha participación relativamente maior das mulleres nestes transvases internos. En consecuencia, se suxire a articulación dunha serie de medidas orientadas a mellora das condicións económicas e o atractivo competitivo diferencial das zoas rurais, acompañado dunha mellora da dotación de servizos que favoreza o asentamento da poboación. En particular, a vista dos esforzos dirixidos ao fomento do emprendemento feminino, estas iniciativas deberían incluír unha discriminación positiva que modere ou reverta a teórica preferencia das mulleres para desenvolver os seus proxectos vitais nas cidades.
4. A análise do contexto educativo revela que Galicia presenta menor taxa de abandono educativo temperán que a media española, o que é unha oportunidade ante a necesidade das empresas de contar cunha mano de obra cualificada.

A situación relativa das mulleres é particularmente positiva: presentan unha menor taxa de abandono, mellores resultados académicos en todos os niveis educativos, e maior taxa de matriculación e rendemento nos estudos universitarios. Con todo, a unha análise máis atenta revela a existencia de dúas eivas que puideran frear a potencial mellor situación relativa das mulleres respecto do seu futuro:

- a) As mulleres galegas teñen unha presenza limitada nos estudos de Ciencia e Tecnoloxía, tanto en niveis universitarios coma en estudos de Bacharelato e Formación Profesional.
- b) Igualmente, teñen unha menor presenza relativa nos estudos de Formación Profesional. Malia o crecemento reflectido nos últimos anos na matrícula nestes estudos, aínda é relativamente menor que a participación masculina nestes. Ademais, se detecta unha clara segregación nas familias profesionais. Así, pese a citada maior presenza relativa dos homes nos estudos profesionais, hai ramas fortemente feminizadas (Sanidade ou imaxe persoal) ou onde a presenza das mulleres é moi superior (comercio e marketing, ou comunicación, por exemplo). En contraste, os homes son clara maioría nos estudos en Electricidade e electrónica ou en actividades físicas.

Parece obvio que esta segregación non pode relacionarse con barreiras que freen a libre elección de formación por parte das persoas, polo que estes resultados manifestan a necesidade de progresar no coñecemento dos factores que favorecen a selección de certas especialidades entre as mulleres, reproducindo estereotipos e roles de xénero nos itinerarios curriculares. Na mesma liña, deben implantarse accións de difusión da oferta formativa introducindo nestas a perspectiva de xénero. Igualmente, debe continuarse na consolidación dos estudos de Formación Profesional, e en particular da Formación Profesional Dual, axeitados a demanda real do tecido empresarial, fomentando explicitamente a incorporación das mulleres aos ámbitos científicos e tecnolóxicos.

5. O profesorado pode actuar como unha potente ferramenta de visibilización e mentorización do alumnado. Neste sentido, cabe sinalar que nos niveis superiores de educación, a presenza de mulleres na escala máis alta do corpo de funcionariado universitario é moi inferior a dos homes. Isto suxire a existencia de certas barreiras para o progreso das mulleres na carreira académica, e non debe minusvalorarse o seu impacto nas expectativas das futuras xeracións.
6. As mulleres galegas seguen tendo unha participación na poboación activa inferior a dos homes. Pechar esta fenda é fundamental no contexto demográfico actual, evitando as potenciais dificultades do sistema vinculadas coa escaseza de man de obra dispoñible. Esta cuestión cobra máis importancia á luz de dous resultados obtidos con este informe:
 - A maior cualificación formativa das mulleres, combinado co incremento da necesidade de persoal cualificado nas empresas.
 - A persistencia de patróns culturais que fan que as mulleres se encarguen, de xeito case exclusivo, do coidado de persoas dependentes no fogar. Neste sentido, as medidas destinadas a mellora da capacidade de incorporación das mulleres á poboación activa deben considerar explicitamente este factor, posto que o contrario significa incorrer no risco de desaproveitar o talento e cualificación de mulleres cuxas condicións persoais impiden a súa incorporación laboral.
7. Malia o progreso das mulleres na poboación ocupada, os datos máis recentes apuntan a unha ralentización da súa participación en favor da incorporación dos varóns aos postos de traballo. Este dato, combinado co menor decrecemento relativo do desemprego entre as mulleres, suxire a necesidade de reforzar os mecanismos de vixilancia e control sobre estes parámetros, así como o deseño de políticas de intervención que eviten que a recuperación económica beneficie a ambos sexos de xeito diferencial. Esta situación é máis urxente a vista da relación entre a ocupación e o nivel de formación: o 53,7 % das persoas ocupadas con estudos superiores son mulleres, sendo a taxa de emprego similar que a dos homes. Se infire que a fenda de xénero prodúcese nas persoas traballadoras con menor formación, polo que a referida recuperación diferencial podería afectar máis a mulleres menos cualificadas con maior risco de exclusión social.

8. Obsérvase a persistencia de altos niveles de segregación horizontal, concentrándose a ocupación feminina no sector servizos –especialmente nos de comercio, actividades sanitarias, servizos sociais, hostalaría e educación. Neste sentido, mentres os cambios e transformacións culturais non permitan romper esta anclaxe estereotipada, esta realidade diferencial debe ser explicitamente considerada no deseño de políticas de intervención no mercado laboral.
9. Igualmente, persiste a segregación vertical, que frea o acceso a postos de responsabilidade para as mulleres. A formación, pedagogía, e visibilización de modelos femininos de éxito revélase como estratexias pertinentes para mudar esta realidade.
10. A porcentaxe de asalariadas con contrato indefinido é lixeiramente inferior a de asalariados masculinos (48,8 % de mulleres). Igualmente, o crecemento de contratos con mulleres nos centros de traballo situados en Galicia se relaciona cos contratos iniciais (con duración temporal). As mulleres ademais perden peso, con relación aos homes, na conversión a contratos indefinidos. Novamente xorde a necesidade de deseño de políticas de fomento especificamente deseñadas co obxectivo da mellora da contratación indefinida entre as mulleres.
11. A parcialidade segue a ter nome de muller. Pese a que dita opción pode ser atractiva nalgún caso particular, debe ponderarse este atractivo a lo menos con tres realidades asociadas:
 - A posible segregación sexual asociada á asunción estereotipada de roles.
 - A cuantificación e valoración daquelas parcialidades non desexadas, é dicir, a vixilancia e control daqueles casos que se relacionan coa imposibilidade de acadar un emprego a tempo completo.
 - A existencia de posibles abusos por parte das persoas empregadoras, relacionadas co binomio parcialidade real versus parcialidade legal. É dicir, a existencia de contratos parciais cuxa duración se estende de facto por riba da xornada contratualmente pactada.

As recentes iniciativas de control da xornada de traballo poden resultar insuficientes, tanto polo seu limitado alcance a efectos de detección de irregularidades coma pola súa inadecuación a certos sectores profesionais. Neste sentido, convén reforzar os sistemas de control, e establecer canles de diálogo coas organizacións sindicais para consensuar medidas realmente eficaces de confrontar este reto. A título de exemplo, pode sinalarse a creación do *Observatorio para la lucha contra el fraude a la Seguridad Social* pola Orde TMS/667/2019, de 5 de xuño. Órgano colexiado e foro de encontro de organismos e axentes sociais, persigue obxectivos comúns na loita contra a fraude, extendendo as súas competencias á análise, avaliación e aportación de suxestións.

12. As rixideces e deficiencias detectadas no mercado de traballo feminino suxiren a necesidade de proseguir na procura de fórmulas axeitadas de reparto e ordenación dos tempos de traballo, así coma a pertinencia de elevar o rol protagonista da negociación sindical na busca de consensos e modelos innovadores de conciliación. Asemade, a negociación de Plans de Igualdade na empresa, e o control e vixilancia do cumprimento

das obrigas empresariais en relación cos seus contidos ocupa un espazo prioritario na mellora do equilibrio de oportunidades para as mulleres. Igualmente, resulta convinte mellorar a concreción, forma de implantación e dotación orzamentaria específica dos ditos plans.

13. O emprendemento feminino é una tarefa pendente, xa que só o 17% das mulleres ocupadas son traballadoras por conta propia. Dúas de cada tres son traballadoras independentes ou empresarias sen persoal asalariado, e o 29% empresarias con asalariados. Este dato manifesta a necesidade de persistir na formación e empoderamento das mulleres máis novas, de cara a potenciar este trazo. Igualmente, convén reforzar os programas de emprendemento feminino, e moi especialmente a difusión destas iniciativas, para garantir que todas as mulleres sexan coñecedoras das posibles axudas coas que podan contar en caso de optar por esta saída profesional.
14. A fenda salarial segue sendo unha realidade. O salario medio anual das mulleres galegas en 2017 foi de 18.834 euros, o que representou o 77,4 % do salario medio dos homes, sendo a fenda salarial de xénero do 22,6 %. As diferenzas entre mulleres e homes aumentan a medida que diminúen os salarios percibidos e a desigualdade tende a crecer co tempo. As medidas deseñadas para reverter este foco de desigualdade deben ser complementadas con outras de vixilancia e control por parte das administracións públicas, organismos competentes e organizacións sindicais.
15. O sistema de pensións contributivas inclúe certas penalizacións para as mulleres galegas. Así, pese que as pensións contributivas presentan en Galicia maiores taxas de cobertura que no conxunto do Estado, a cobertura do sistema para as mulleres é inferior que para os homes. A porcentaxe de pensións que requiren de complementos a mínimos supera o 37 % no caso das galegas, que reciben as pensións medias máis baixas do Estado. Pese a que as altas das novas pensións parecen tender a corrixir algunha destas deficiencias, convén establecer un sistema de control sobre as posibilidades e condicións de vida nas que se sitúan as pensionistas en Galicia.
16. As prestacións non contributivas presentan un panorama claramente feminizado, con tendencia a estabilizarse co paso do tempo. En todos os casos as prestacións recollen unha participación maioritaria das perceptoras femininas, que maniféstase con maior claridade nas pensións de xubilación. Asemade, pódese detectar unha lixeira tendencia ao aumento da presenza das mulleres entre as perceptoras da RISGA.
17. En 2018 se presentaron en Galicia 4.683 denuncias por violencia sexista por cada millón de mulleres galegas. As vítimas galegas perciben o 8 % dos contratos bonificados; o 3,7 % das percepcións da RAI e o 11 % das axudas económicas ao amparo do o artigo 27 da Ley Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. Estas porcentaxes son inferiores á media estatal, o non diminúe a magnitude dun problema que constitúe unha das principais lacras sociais na actualidade. Non hai espazo para a autocomplacencia.

18. Galicia ten un amplo catálogo de medidas complementarias as estatais, o que denota un compromiso coa creación dunha saída alternativa para as mulleres vítimas de violencia sexista. Con todo, o número de axudas non se corresponde coas vítimas identificadas, o que suxire a necesidade de flexibilizar o sistema de axudas e persistir na importancia da súa difusión entre as mulleres.
19. As mulleres están sendo menos beneficiadas pola recuperación económica, sobre todo en termos de incorporación ao emprego. A análise das prestacións contributivas por desemprego revela unha maior precariedade e inestabilidade das condicións laborais das mulleres. As mulleres son receptoras de preto do 55 % destas prestacións no segmento entre 35 e 45 anos, o que suxire a maior vulnerabilidade do emprego feminino e tamén a concorrencia de certas barreiras ao emprego (vinculadas con tarefas de coidado e reprodución). Todo elo volve a poñer de manifesto a necesidade de introducir as condicións persoais no deseño das políticas activas de emprego, reforzando a introdución da perspectiva de xénero como paso previo a dita fase de deseño.
20. O peso relativo das prestacións contributivas sobre o total de prestacións de desemprego é moi inferior para as mulleres, o que manifesta unha desigualdade nas condicións de desenvolvemento da traxectoria profesional que se estende a cobertura que o sistema proporciona unha vez rematada a dita traxectoria. Ademais, a feminización dos subsidios da RAI enfatiza o maior risco de exclusión e pobreza das mulleres, o que engade urxencia a toma de decisións para reverter as disfuncións do mercado laboral na procura de maiores opcións de independencia económica e autonomía persoal.
21. As mulleres galegas están plenamente integradas no uso de dispositivos electrónicos e nas TIC. Con todo, manifestan unha certa preferencia polo uso do móbil, que pode limitar a súa proxección nestas tecnoloxías. A formación parece determinante neste uso, polo que convén reforzar as accións neste sentido e introducir plenamente as novas tecnoloxías nos niveis de estudos inferiores.
